

---

## O mar e a poesía galega. Singraduras na construción da patria da lingua

---

*Francisco Fernández Rei*  
*Instituto da Lingua Galega.*  
*Universidade de Santiago de Compostela*

*A meus pais, vivas testemuñas  
dunha Galicia mariñeira en devalo.*

*Ás mariscadoras e ós mariñeiros  
que coas súas mans salvaron as rías  
cando o mar choraba bágoas negras.*

**Resumo:**

Neste artigo estúdase a presenza do mar e do léxico relacionado co mar na poesía galega. Despois dunha breves consideracións sobre o mar na lírica galega medieval, fanse calas no vocabulario marítimo da poesía de Pondal, Manuel Antonio, Avilés de Taramancos e outros autores contemporáneos. O obxectivo fundamental é ver como se foi introducindo e propagando no galego literario moderno diverso léxico do mar, popular e culto, que hoxe forma parte do galego común nos seus diversos rexistros.

**Palabras chave:**

Lingua galega – estandarización – poesía galega – vocabulario marítimo

**Abstract:**

*This article considers the presence of the sea and maritime vocabulary in Galician poetry. After brief considerations of the sea in medieval Galician poetry, special attention is paid to the maritime content in the poetry of Pondal, Manuel Antonio, Avilés de Taramancos and other 20<sup>th</sup> century writers, with reference to the most recent maritime poetry. The fundamental aim is to analyse the introduction and the diffusion into modern literary Galician of a number of terms that are currently used in the different linguistic registers.*

**Key words:**

*Galician language – standardization – Galician poetry – maritime vocabulary.*

Este artigo é o resultado de mergullarse a bucío no mar da poesía galega, de onte e de hoxe, para tratar de ver como se foron introducindo e propagando no galego escrito termos relacionados co mar, populares e cultos. Moito dese léxico hoxe xa forma parte da patria da lingua dos galegofalantes, ben na acepción mariñeira, ben noutras acepcións por ampliación semántica, como ocorreu con formas populares

como *ronsel* ou *laño*. Outras veces son formas cultas como *áncora* ou *rocha*, moi usadas na lingua literaria, en concorrencia coas populares *risón*<sup>1</sup>, que é un tipo de áncora, e *cón* (ou *pena*).

Despois dunhas notas sobre o mar medieval e o seu *ronsel* na poesía moderna, fanse mergullos no léxico do mar en 110 anos de tradición literaria, dos *Queixumes dos pinos* de Pondal, de 1886, a *Contra Mar* de Xesús Franco e *Fascinio* de Chus Pato, poemarios de 1995. Ademais destas obras, fanse calas no vocabulario relacionado co mar na poesía de Leiras Pulpeiro, Cabanillas, Manuel Antonio, Bouza-Brey, Cunqueiro, Zapata García, Cuña Novás, Bernardino Graña, Méndez Ferrín, Xohana Torres, Avilés de Taramancos e Luísa Castro. E no final da singradura fanse referencias a diversos poemarios con sal e mar moi recentes, e en especial á obra de Alexandre Nerium.

O artigo é, fundamentalmente, unha ampliación do mar na poesía galega que analicei en dous traballos, un édito (Fernández Rei 2000) e outro inédito (Fernández Rei 2003a). Incluíu novos autores e reviso algunhas documentacións do galego escrito presentadas en Fernández Rei (1999), unhas veces retrasando primeiras documentacións, e outras completando a documentación existente na Base de Datos Lexicográfica do ILG<sup>2</sup> (en adiante Base-ILG) por ter consultado obras con mar dos anos 70 e 80 do séc. XX e outras dos últimos anos que aínda non foron lematizadas e concordadas nesa Base-ILG.

## 1. O mar da poesía medieval

Mar, ondas e navíos forman parte da paisaxe de diferentes cantigas de amigo medievais, á vez que o mar está presente noutras composicións poéticas galego-portuguesas<sup>3</sup>. Segundo Tavani (1989: s. p.) na poesía galega medieval son “sobre todo as augas do mar as que asumen para a namorada un aspecto hostil, contrario

<sup>1</sup> No *Vocabulario ortográfico da lingua galega (Versión provisional)* (1989) do Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega a forma codificada é *rizón*; pero tendo en conta que nos portos galegos, tanto seseantes como non seseantes, a áncora pequena de catro brazos (*fateixa* en portugués) ten como denominación xeral *risón* (Alvar 2, 1985: 1002) e que *risón* é a forma do galego eo-naviego (Barriuso 2002: 128), como o é de toda a costa de Asturias, das Figueiras-Castropol a Llanes, considero que a forma do galego estándar debería ser *risón* e non o moi probable castellanismo *rizón*.

<sup>2</sup> A Base-ILG en abril do 2003 contaba con algo máis de 1.000 obras concordadas e lematizadas, cuns doce millóns de rexistros. Son textos literarios, ensaísticos e científicos en lingua galega desde os Séculos Escuros á actualidade, xunto con diversas escolmas de textos orais, a maior parte recollidos *in situ* por investigadores do ILG, moitos deles aínda inéditos.

<sup>3</sup> Filgueira Valverde (1927) estudou a paisaxe no Cancioneiro da Vaticana e Cotarelo Valledor (1970) analizou a presenza do mar neste mesmo *Cancioneiro*, mentres que Guerra da Cal (1958) glosou o tema do mar na nosa lírica medieval.

á relación amorosa”, á vez que considera que o mar é elemento separador por definición e “é sempre o inimigo, o rival co que a rapaza tenta competir en balde”.

### 1.1. As *ondas* e as *ribeiras*

En Roi Fernández de Santiago hai *ondas* e *altas ribas*. Atrapada entre esas ondas e os esgrevios cantís da costa, “a *velida* non ten escapatoria, a súa tristeira sorte levanta vagas de amargura que afogan o corazón do poeta aínda antes de que as ondas do mar selen o destino da *fremosa*”, como sinalou Tavani (1989: s. p.)<sup>4</sup>

Quand’eu vejo las ondas  
e las muit’altas ribas,  
logo mi veen ondas  
al cor pola velida:  
maldito seja’l mare,  
que mi faz tanto male!

(...)

Se eu vejo las ondas  
e vejo las costeiras,  
logo mi veen ondas  
al cor pola ben feita:  
maldito seja’l mare,  
que mi faz tanto male!

A namorada da fermosísima cantiga de Mendinho ve angustiada como as *ondas grandes do mar* cercan a illa de S. Simón, “a illa da morte de amor máis fermosa do mundo” para Anxo Angueira, a illa onde estiveron moitos presos da guerra civil de 1936. A amiga non sabe *remar* e non aparece o *barqueiro* e *remador* que a poida zafar dunha case segura morte nese *mar maior* (e *alto mar*). Segundo Tavani (1989 s. p.), nesta xoia poética, exprésase “cunha parsimonia torturante a soidade da dona que (abandonada de todos) contempla con anguriada lucidez a progresión das *ondas, que grandes son*, e que a asulagarán ineluctablemente, e sen embargo ela pregúntase, ata o final, se o amigo virá salvala”:

Sedia-m’eu na ermida de San Simion  
e cercaron-mi as ondas, que grandes son.  
Eu atendend’o meu amigo. E verrá?

Estando na ermida ant’o altar,  
cercaron-mi as ondas grandes do mar.  
Eu atendend’o meu amigo. E verrá?

(...)

<sup>4</sup> O texto desta cantiga e o das de Mendinho e Martín Códax están tirados de Tavani (1989).

No ei barqueiro, nen remador:  
morrerei fremosa no mar maior.  
Eu atendend' o meu amigo. E verrá?

Non ei barqueiro, nen sei remar:  
morrerei fremosa no alto mar.  
Eu atendend' o meu amigo. E verrá?

As *ondas* e o *mar levado* (e o *mar salido*) de Vigo bañan as sete cantigas de Martín Códax. Para Tavani (1989: s. p.) o mar destas cantigas é unha divindade masculina adversa e violenta, que se pode identificar co rei, “que a dona de Martin Codax tenta exorcizar, subdivíndoo nos seus compoñentes femininos, as *ondas*”:

Ondas do mar de Vigo,  
se vistes meu amigo?  
E, ai Deus, se verrá cedo!

Ondas do mar levado,  
se vistes meu amado?  
E, ai Deus, se verrá cedo!  
(...)

Estas cantigas coas ondas e illas do mar de Vigo tratan “da interminable historia do amor e reúnen fragmentos de múltiples historias eróticas recollidas das voces múltiples das vellas cantadeiras” (Blanco 1998: 83), que na literatura galega de finais do séc. XX están presentes en textos poéticos de diferentes autores.

Nunha das cantigas de romaría de Johan de Cangas a amiga suspira polo seu namorado *nas ribeiras do mar*. E nas moi fermosas mariñas de Johan Zorro a paisaxe é a *ribeyra do río* (e do *rio salido*) e a *ribeyra do alto*.

## 1.2. As *barcas* e os *navíos*

En Nuno Fernández Torneol a amiga ve andar *barcas eno mar*. En Johan Zorro hai *barcas* que o rei mete “no río forte” e *barcas* que andan polo río, mais tamén hai as *barcas* desta coñecida mariña<sup>5</sup>:

En Lixboa sôbre lo mar  
barcas novas mandey lavrar.  
*ay mya senhor velida!*

<sup>5</sup> O texto está tirado de Brea (1996, II: 572).

En Lixboa sôbre lo lez  
barcas novas mandey fazer,  
*ay mya senhor velida!*

Barcas novas mandey lavrar  
e no mar as mandey deytar,  
*ay mya senhor velida!*

Barcas novas mandey fazer  
e no mar as mandey meter,  
*ay mya senhor velida!*

E nunha non menos coñecida mariña de Pai Gomez Charinho as flores do amigo van no poético *navío* e no popular *barco*, denominación xenérica do galego moderno para as embarcacións do mar e as *barcas* do río<sup>6</sup>:

As ffroles do meu amigo  
briosas van no navyo.  
*E vans'as frores*  
*d'aquí ben con meus amores,*  
*idas som as frores*  
*d'aquí ben con meus amores.*

As ffroles do meu amado  
briosas van no barco.  
*E vans'as frores*  
*d'aquí ben con meus amores,*  
*idas som as frores*  
*d'aquí ben con meus amores.*

(...)

O mar protagoniza o sirventés de Gonçal'Eanes do Vinhal sobre a viaxe de Pero d'Ambroa a Ultramar, se cadra en compañía de María Balteira. Nesta viaxe, celebra “com galhofa e até contestada por muitos, Pero d'Ambroa não teria ido mais além de Mompilher, no sul de França, com medo das tormentas do mar” (Lapa 1970: 268).

Na primeira estrofa aparece o *mar* e estados do mar (*bon tempo, mao [tempo]* e *bõaça*, o tempo calmo e sen vento) e no verso final das tres estrofas do sirventés está o sintagma *tormenta de mar*. Na segunda estrofa, aquí reproducida, figuran as formas mariñeiras *nave, mar, frota* e *sota* (parte baixa do barco):

---

<sup>6</sup> O texto está tirado de Brea (1996, II: 711-712).

E des i, já pola nave quebrar,  
 aquí non dades vós ren polo mar  
 come os outros que i van enton;  
 poren tẽẽ que tamanho perdon  
 non avedes come os que na frota  
 van, e se deitan, con medo, na sota,  
 sol que entenden tormenta do mar.

E na terceira estrofa, ademais de *mar*, hai dous animais mariños, un peixe escualiforme (o *caçon*) e un crustáceo decápodo (o *lobaganto*):

E nunca oímos doutr’ome falar  
 que non temesse mal tempo do mar;  
 e poren cuidan quantos aquí son  
 que vossa madre con algun caçon  
 vos fez, sen falha, ou con lobaganto;  
 e todos esto cuidamos, por quanto  
 non dades ren por tormenta do mar.

Na cantiga moral “Non me posso pagar tanto” de Afonso X, onde o rei con sinceridade, “que não exclui uma atitude de auto-ironia, confessa o seu repúdio pela guerra, o seu gosto do mar e o seu amor da aventura pacífica e lucrativa” (Lapa 1970: 13), hai dúas embarcacións, o *galeon* co que quereda fuxir (“que mi alongue muit’ aginha/ deste demo da campinha/ u os alacrães son”) e o *dormon*, co que o rei quereda ir comerciar pola *marinha*, pola beiramar:

E juro par Deus lo santo  
 que manto  
 non tragerei nen granhon  
 nen terrei d’amor razon  
 nen d’armas, por que quebranto  
 e chanto  
 ven delas toda sazon;  
 mais tragerei un dormon,  
 e irei pela marinha  
 vendend’ azeit’ e farinha;  
 e fugirei do poçon  
 do alacran, ca eu non  
 lhi sei outra meezinha.

(...)

ca mais me pago do mar  
 que de seer cavaleiro;  
 ca eu foi já marinhoiro  
 e quero-m’ôi-mais guardar  
 do alacran, e tornar  
 ao que me foi primeiro.

(...)

O *dormon* desta cantiga de Afonso X pode ser un helenismo, *drómon* ‘navío de carga’; pero tamén podería tratarse, segundo Lapa (1970: 14) de “uma forma *dor-non*, aumentativo de *dorno* ou *dorna*, forma esta aínda usual em galego, com o significado de ‘embarcação pequena’”.

### 1.3. O ronsel do mar medieval: a mareta de Mendinho e Martín Códax

Á obra de Cunqueiro, Luz Pozo Garza, Darío Xohán Cabana e moitos outros poetas do séc. XX chegan versos e referencias dos trobadores do mar de Vigo. É o *ronsel* do mar medieval, ese fío de auga que vai deixando o barco pola popa do barco, como din os mariñeiros de Rianxo; pero ás veces máis ben parece estarmos ante unha simple *mareta*, termo tamén da xente do mar da Arousa (e de Manuel Antonio), esas ondiñas que produce o barco e que van chegando cara á costa cada vez máis febles.

No poema “En Vigo, no sagrado”, primeiro do poemario *Concerto de outono* (1981), Luz Pozo Garza (Ribadeo 1922) poetiza o amor a xeito de cantiga medieval nesas augas da badía viguesa, recreando Códax e Mendinho e tamén Fernandes Torneol:

En Vigo no sagrado navegar da badía  
as ondas non me furten o amor en Vigo  
navegar mar maior no segredo e tería  
que chorar na friaxe da ausencia polo amigo.

En Vigo no segredo  
dunha vela de liño asiñalar a ría  
bicar os castiñeiros meu amor  
dende a Guía  
i os remos se apousasen coma no río Miño  
velas de blanco liño  
que meu amor dormía.

(...)

no sagrado segredo  
de Vigo.

E no *Códice Calixtino* (1986), na “Cantiga para ler en tempo de penumbra” Luz Pozo reproduce e adapta ó galego actual versos de cantigas de Martín Códax:

Axiña pasa o tempo da total transparencia  
as verbas que deslizan un tránsito de soles  
ondas do mar levado  
unhas mans que circundan  
como un stradivarius os labios e a cintura  
nese momento a sombra perdeuse para sempre:  
E ai Deus se virá cedo!

(...)

En Bernardino Graña hai algunha referencia ó *mar sagrado* de Martín Codax, no final do poema “Irei a Darbo” de *Se o noso amor e os peixes Sar arriba andasen* (1980):

Cheirarei erbas puras. Limpareime  
de vós, alá, en Liméns,  
no mar sagrado.

As mesmas ondas e o mesmo mar de Vigo aparecen nalgún dos sonetos de *Patria do mar* (1989) de Darío Xohán Cabana (Cospeito-Terra Cha 1952). “Ondas do mar de Vigo...” é o título dunha composición que se repite no verso inicial de cada estrofa do soneto que nos leva ó medievo, a Martín Códax. Nese poemario Darío canta noutro soneto as “Casitérides”, illas da boca da ría de Vigo onde “achaban os antigos comerciantes/ despois de ter mil mares mareado,/ un porto contra os ventos ben gardado”. Esas illas –que salvaron a ría do piche da marea negra do Prestige a finais do 2002– e as medievais ondas aparecen en “Illas Cíes” de *Prometo a flor de loto* (1992), de Luz Pozo:

Nas Cíes descubrimos a pericia das aves  
e a medida celeste onde reside a luz

Bañámonos nas ondas  
a compartir sulagos con dóciles palmípedas  
e cunchiñas de nacre

(...)

No poema “Contrabando de amigo” de Antón Reixa (Vigo 1957), de *Viva Galicia Beibe* (1994), a namorada da cantiga de Mendinho segue “atendendo seu amigo” nesa illa de San Simón, preto da ponte de Rande, mentres o namorado presuntamente andaba nunha marea no Grande Sole:

Sentada estou na illa de San Simón  
esperando, meu amigo, aí, que volvas do Gran Sol  
e pola ponte de Rande van e veñen sen parar  
moitos coches, meu amigo, que non veñen do Gran Sol.

Mais no texto de Reixa o amigo non andaba a pescar no mar de Irlanda, senón que, como tanta xente das rías que sofre a continua reconversión da flota, andaba ó “contrabando de tabaco e de drogas de drogar”, polo que a namorada decide deixar de agardar para non se converter nunha estatua de sal.

Na literatura galega do séc. XX hai outras moitas referencias e citas textuais de versos con mar da lírica medieval. En *Nao senlleira* (1933) de Bouza Brey, despois da



dedicatoria “A meu pai/ que aforcou âs musas” figuran dous versos da cantiga de Mendinho como encabezamento deste poemario fundacional do neotrobadorismo:

Cercáronme as ondas que grandes son  
e nen hei barqueiro nen remador.

E o mesmo no final dun poema de *Contra Mar* (1995) de Xesús Franco:

a galerna deixa os beixos agres  
e unha prez que é canto  
“morrerei fremosa  
no MAR maior”

Meendiño

Nos poemarios do Avilés de Taramancos retornado de Colombia hai referencias ó mar medieval. O poema 4 de “Nemo”, de “O cántico das naves. Elexías do mar” de *As torres no ar* (1989) está encabezado co dístico da mariña de Johan Zorro citada:

En Lixboa sobre lo mar  
barcas novas mandei lavrar.

E no poema “Que rio conmove, segrel, que chuvia antiga”, de *Última fuxida a Harar* (1992) hai referencias ó mar das mariñas de D. Dinís e Johan Zorro:

Lenes viñan as ondas e tamén na ribeira  
cantaban os barqueiros, os cegos  
trascrevian os seu desígnio (...)

El Rei manda lavrar  
sobre lo mar as barcas e entra a primavera  
nos reinos de occidente (...)

## 2. Os baixos e as furnas de Pondal

Na obra de Eduardo Pondal (Ponteceso 1835 – A Coruña 1917) conviven a gándara, a veiga e o mar. Ás veces a terra vese desde o mar, pero o normal é que se describa o mar desde a costa, o mar da batida Costa da Morte. Fóra dos mariñeiros que desde o mar ven a terra, non hai xente nas salgadas augas pondalianas. Carballo Calero (1981: 281) sintetiza nestas palabras o mar dos *Queixumes dos pinos* (1886):

Propiamente, o que se describe é a costa. É unha costa brava. Os fachos teñen a escura grandeza titánica de Adamastor, e amosan o calco do raio vengativo. Á hora do luceiro, que loce tímido sobre o cabo, as breves píllaras recóllense piando á negra furna, e o raposo sai da súa manida a caza de escarabellos. A fror da caramiña coroa o cabo esgrevío. Os piñeiros da beiramar son aleixoados polo vento. Tras deles escóitase o canto do mazarico. A gaivota, en bandadas, percura o reparo das illas, enchendo o vento co seu chfó. O mariñeiro que entra pola Barra ou sortea os baixos de Camelle, contempra ista ribeira penascosa. Longas e vougas praias; e os esteiros onde os ríos de puras augas achan doce morrer. Fora dos mareantes que ven a terra dende o mar, non hai figuras humás nistas mariñas. Tan só o esquivo cazador a quen é anunciada a primavera pola fror da caramiña.

No poema 4 de *Queixumes dos pinos* o bardo bergantiñán manifesta o desexo de ser libre como as “aves aquelas/ do pico tamaño” que se van refuxiar nas illas Sisargas. Tal como indica Manuel Ferreiro (Pondal 1995: 199), o bardo bergantiñán, sen dúbida, debe referirse ós mazaricos, aves acuáticas de longo peteiro obxecto de amplo tratamento na obra pondaliana. Nos versos finais deste poema hai, entre outro léxico do mar, termos populares como *baixos* e *furnas* e cultos como *sirtes*:

¡Quen poidera vivir coma elas,  
nas praias e bancos,  
nos baixos e furnas,  
nas sirtes e fachos,  
nos seos esquivos  
dos feros peñascos!

O curto poema 9 ten como tema os *baixos* de Camelle, que o *pescador* desde lonxe, debuzado na *proa* do barco, “está vendo branquear”. No poema 85 é o bardo, que soña á beira do *facho*, quen “os baixos contempra/ que rompendo están”. *Baixo* é un termo moi popular nas falas mariñeiras para se referir a elevacións do fondo que poden impedi-la navegación. E no caso da sempre batida Costa da Morte, cando hai mar de fondo, nos baixos rompen os tombos, como tamén van romper ás praias.

Nos versos 11-26 do poema 25 “Dous rapaces, non sei onde”, Pondal uso o termo *pescador* (e no v. 71 *mariñeiros*) e termos mariñeiros referidos a aves acuáticas (*gaivota*), a barcos (*lancha*) e a partes e aparellos do barco, como *courel*, o listón de madeira do exterior da borda dos barcos de pesca que forma a parte máis alta do costado, a *vela* e a *escota*, que é o cabo con que se goberna a vela. E usa a expresión *de bolina*, que se di cando se velea en zig-zag para colle-lo vento, non directamente pola proa, senón de costado na amura, de xeito que o barco ofrezca menor resistencia á forza do vento:

Dunha lancha a branca vela,  
da negra altura ó tornar,  
parece, toda encurvada  
da virazón jogoral,  
unh'ala dunha gaivota  
que máis alta qu'outra vai.  
¡Que garrida é a branca vela  
cando se ve bandear...!

De bolina, tesa a escota  
que os ventos subíar fan,  
o courel debaixo da auga...,  
¡que gusto vela avanzar!,  
¡que garrida vai a lancha  
c'a espuma que ó redor fai...!  
¡Que dicha é ser pescador  
que ten por seu todo o mar!

Segundo os datos da Base-ILG, Pondal introduciu no galego escrito a expresión *de bolina*<sup>7</sup> e formas como *furna* e *courel*<sup>8</sup>. Outras veces trátase de segundas documentacións como *escota* e *naufraxio*, ou terceiras como no caso de *vogar*<sup>9</sup>, formas que se rexistran en versos de *Queixumes*.

Nos poemas manuscritos recentemente editados por Ferreiro (Pondal 2002) hai versos con ese mar e, sobre todo, con esa costa brava de que falaba Carballo Calero. Nos poemas autógrafos, no 86 “Escura está a noite” hai *gaivotas* e altas *furnas* e a *costa* da areosa Arou (“costa longal”, “costa pirata”) onde unha “branca vela” é feita naufragar nos *baixos*. O poema 87 “Os baixos de Camelle” é un diálogo entre estes baixos e o Cabo Tosto, a Punta do Boi de Camariñas, con formas do mar como *brétomas*, *baxeles*, *rompentas*, *velas*, moluscos como *mexillóns* e *percebes* e o tan mariñeiro *aparellar*. E usa o termo *areas* ‘praias’ no poema 88 “A costa do morte”.

Polo que respecta ós poemas apógrafos, a costa brava está no poema 24 “O petrelo”, onde Pondal manifesta a súa admiración por este “páxaro ousado/ que na gran liber-

<sup>7</sup> Cabanillas introduciu o verbo *bolinar* no soneto “A ribeira de Cambados” de *No desterro* (1913). Castelao empregou en 1944 a variante *bolineando* en *Sempre en Galiza* (“e se o vento se pón de proa e temos que perder moito tempo bolineando, entón cumprirá baixar a vela e botar man dos remos”).

<sup>8</sup> A forma estándar *cairel* ten na prosa teatral de *Beiramar* (1931) de Cotarelo a súa 1ª documentación.

<sup>9</sup> A 1ª documentación de *escota* na Base-ILG está en Martínez González (*Poemas Gallegos* 1883) e *naufraxio* en Fernández Morales (*Ensaíos poéticos en dialecto berciano* 1861). As primeiras documentacións de *vogar* están en Pintos (*Contos da aldea...* 1858) e Pérez Ballesteros (*Versos en dialecto gallego...* 1878).

tade voando/ desprecia dos homes o pérfido trato” e que vive solitario “nos ingentes penedos marítimos/ e na punta deserta dos cabos/ saüdando as esquivas tormentas”.

### 3. Os *salseiros* e as *vagas* de Leiras Pulpeiro

En varios dos *Cantares gallegos* o mindoniense Leiras Pulpeiro (1854-1912) presenta unha idealizada Mariña lucense, onde todo parece frescura e bondade fronte á “maldade” da Montaña:

Pra palique, as d’ a Montaña;  
Pra ferver logo, as valecas;  
Pra frescura, as d’ Mariña;  
Pra querer ben, as vilegas.  
(...)  
Unha peniña do cabo  
Que cobre o mar n-as marzadas,  
¡Val máis que todol-os cotos,  
Y-as veigas que hai n-a Montaña!

A maior idealización da Mariña verbo da Montaña faina no longo poema de 1903 “Pousadoiro”, dedicado “Á Mariña”, onde, como sinalou Franco Grande (Leiras Pulpeiro 1970: 90), realizou un grande esforzo para converter unha lingua coloquial nunha lingua de cultura nos comezos do séc. XX. Na estancia 3ª están a *ría* e a *barra* de Foz e as *nordesías* de Cantábrico:

Nin sabe o que son congostras  
De trabo e lirios vistidas,  
Su cerdeiras e loureiros  
Que as gardan das nordesías;  
Nin o que é, acarón dun souto,  
Sentarse a mirar pra a ría,  
Ou como a escuma da barra  
Vai e ven, sube e rebrinca,  
Mentras as mariñas soltan  
Os bois e as vacas alindan  
Nas pumaregas, cantando  
Cantares que repinican;  
Nin sabe o que é o serán doce  
Dunha Mariña.

E na estancia 4ª hai *ondas*, *fúrneas* e un mar que bate na *pena*<sup>10</sup>:

<sup>10</sup> Estas estancias están tiradas de Leiras Pulpeiro (1970: 270-272).

Nin ao que chega en feitizos  
Cando a tarde vai caída,  
E as patas collen pra as fúrneas,  
Ao rás das augas, en ringras,  
Co arder do bico das ondas,  
Coas figuras que, nas cimbras  
dos cotos, fan os piñeiros  
Que desmestou a cobiza,  
E co rebruar do mare  
Batuido na pena viva,  
Cal si, pra escornarse, o diancho  
Cando el alí se batira;  
Nin sabe o que a lúa crara  
Fai da Mariña.

Un dos escasos poemas mariñeiros de Leiras é a composición “Engalanada, no porto”, referida a unha lancha que fora a mellor e a máis feita, pero que agora podrece “arrumbada,/ No areal, ao pé das penas,/ Sin amarras e esquencida... / Hastra que unha baga veña/ E a esbandalle, e co ela arrample/ Sabe Deus pra que ribeira”). Leiras usa neste poema a forma *vaga*<sup>11</sup>, que introduciu no galego escrito, como tamén introduciu voces tan mareiras (e tan literarias) como *nordesías*<sup>12</sup>, *salseiros*<sup>13</sup> e *escamallo*<sup>14</sup>.

#### 4. A *marusía* e os *cons* de Cabanillas<sup>15</sup>

Nas primeiras obras de Cabanillas os escasos poemas de tema mariñeiro parecen cadros paisaxísticos da ría da Arousa ou ben son cantos de embarcacións da Arousa, como o poema “A trainera” de *No desterro* (1913), barco que en 1904 arribou desde Colindres-Cantabria a Cambados, quince anos despois de que aparece na ría de Vigo. As veloces traíneiras, que representaban o progreso fronte ás tra-

<sup>11</sup> Na Base-ILG, despois de Leiras, *vaga* aparece en Lisardo Barreiro (*Escumas e brétemas* 1923), en Filgueira Valverde (*O Vigairo* 1927) e en Manuel Antonio (*De catro en catro* 1928).

<sup>12</sup> Leiras usa *nordesías* en poemas de 1884 e 1903. Posteriormente rexístrase en Lamas Carvajal (*Gallegada* 1887), Noriega Varela (*Montañesas* 1910) e Manuel Antonio (*Foulas* 1925), na variante ultracorrecta *nordecía*.

<sup>13</sup> A forma *salseiros* aparece nun poema de 1912. As seguintes aparicións son de Lisardo Barreiro (*Escumas e brétemas* 1923) e Cabanillas (*No desterro* 1913, *Na noite estrelecida* 1926).

<sup>14</sup> A forma *escamallo* figura no *Vocabulario gallego-castellano* (1912) de Leiras. As seguintes documentacións da Base-ILG son de Manuel Antonio (*Foulas* 1925 e *De catro en catro* 1928), Cotarelo Valledor (*Mourenza* 1931) e Bouza-Brey (*Seitura* 1955).

<sup>15</sup> Para o mar en Cabanillas véxase Fernández Rei 1999: 84-90 e 2000.

dicionais lanchas xeiteiras, aparelábanse coa traíña, arte de cerco de xareta; e con elas traballábase, fundamentalmente, ó caldeo con *raba* (“a raba enganadora” dese poema de Cabanillas), engado feito con ovas de bacallao co que se atraía a sardiña, en lances de mañá e tarde, e en menor medida ó escuro, porque na escuridade a traíñeira non era tan efectiva.

O poema sen data “Veiramar” (Cabanillas 1959: 582-583) é unha homenaxe á señora da ría, a dorna, a embarcación emblemática do mar da Arousa (e da illa de Ons), que sufriu “firentes invernías”, que non temeu arroaces nin refachos nin o “duro leste traicionero” e que agora, coa quilla ó aire, está a se desfacer no areeiro, mentres que nun dos madeiros apodrecidos pousa unha gaivota a xeito de ibis sagrada:

Tumbada, quilla ó aire,  
desfai no areeiro a vella dorna.  
Groria e relembro dos lonxanos días  
nos que se déu ó mar como unha noiva,  
repulida e locente das carenas<sup>16</sup>,  
ben presada de estopas,  
a branca vela ó vento, cantareiro  
nas atesadas cordas...!

(...)

Tumbada, quilla ó aire,  
desfai no areeiro a vella dorna...  
Nunha cuaderna núa, apodrecida,  
está pousada, inmobre, cavilosa  
ollando a lonxanía,  
como unha ibis sagra, unha gaivota.

A dorna e o duro traballo do mariñeiro vese reflectido no poema “Mariñeira”, de 1921 (Cabanillas 1959: 153-154), co naufraxio dunha dorniña polbeira, un día de leste duro e de mar bravo. O mar ferve e o vento brúa, mais un refacho acabará coa pobre da dorna que entre salseiros, que ía coa “vela a catro rizos bolinando” e co patrón cos ollos chantados nos “cons ergueitos da lonxana costa”:

<sup>16</sup> A *carena* era un líquido clariño e algo amarelo que os mariñeiros de Cambados obtiñan ó quentar nun pote *breu e xufre*. Logo cun *vespeiro*, especie de fregona, dábaselle a carena en Cambados á *dorna de escarva*, pero non á *dorna de tope*. A dorna máis primitiva presenta un casco que se constrúe montando as táboas unha sobre outra en rebaixas que se denominan *calimes* (de aí que en Ribeira se chame *dorna de calime* o que en Cambados ou na Illa da Arousa é *dorna de escarva*). A *dorna de tope*, que é máis moderna, ten unha estrutura interior semellante, pero con formas máis redondeadas ó usárense táboas máis estreitas, sen escarva, que se apoian a tope unhas coas outras (Leiro 1990: 93).

Leste duro  
Mar bravo.  
Curiscadas da choiva.  
A noite vai rubindo  
cabaleira na sombra.  
As fortes ás tendidas,  
inquietadas, sin rumbo, silenzosas,  
levadas pol-o vento  
déixanse ir as gaivotas.  
(...)  
Un refacho asubiante  
abate a verga e tronza o palo, as cordas  
estalan, e un istante ábrese a vela  
e cai o plan no mar...  
Galgan as olas  
ouveando roucas, como cans famentos  
en asalto dos cons...  
¡Probe da dorna!

No léxico mariñeiro arousán das primeiras obras Cabanillas emprega *marusía*, que introduciu no galego escrito, e os tan comúns *salseiros* de Leiras Pulpeiro, así coma o garimoso *vento mareiro*, título dunha das súas emblemáticas obras e que xa aparece no *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746-47) de Sarmiento. En Cambados o *mareiro* é un ventiño maino e leve que vén do noroeste (da parte da Curota, no Barbanza) e que de abril a finais do verán adoita soprar desde a mediodía á tardiña baixa.

Un mar e un léxico diferente do das primeiras obras é o que se aprecia na obra *Na noite estrelecida* (1926), onde Cabanillas galeguiza o tema artúrico: a espada Escalibor procede da illa de Sálvora, Galahaz vén a Galicia, ó Cebreiro, na procura do Graal e na illa de Sálvora está sepultado o rei Artur. Nas sagas desta obra non hai barcos nin dornas, senón *barcas* e *naves*, misteriosas embarcacións que navegan por un *mar raso*, como a *barquiña* de Galahaz. As embarcacións atracan á *luzada*, voz dos mariñeiros de Cambados (e doutras vilas arousás como O Grove ou Rianxo), que se usa para indicar unha tenue claridade que está entre a cos da noite e o amencer.

As barcas de *Na noite estrelecida* deixan *ronsel* no mar raso, mentres que a traíñeira ou a dorna das primeiras obras de Cabanillas deixaban *estela*, que é como en Cambados e noutras falas mariñeiras se di do fío de auga que queda pola popa do barco.

Na lingua das sagas artúricas non hai a forma *cón*, que se rexistra en *No desterro* (1913) e *Vento mareiro* (1915) e que é forma normal na Arousa para a denomina-

ción dun penedo, tanto da ribeira como do monte. Agora Cabanillas prefire o termo “literario” *penedo* e, sobre todo, o portugués *rochedo(s)*, que nalgún caso Cabanillas usa para as grandes pedras do mar, coma no caso de Sir Gawaine, que levaba “vinte anos/ sobre un rochedo da praia,/ batido pol-os salseiros”. Cabanillas volverá usar *rochedo* en *Camiños no tempo* (1949) e en *Samos* (1958), o seu derradeiro poemario, pero poucos destes rochedos teñen relación co mar.

## 5. O pailebote e o ronsel do mar de Manuel Antonio<sup>17</sup>

O vangardista poemario *De catro a catro* (1928), o único libro que en vida publicou o rianxeiro Manuel Antonio (1900-1930) presentaba, en palabras do seu amigo Otero Espasandín, “un mar non visto aínda por ninguén. Un mar puro, sin ribeiras nin costas, perdido entre costelaciós” (Pena 1996 a: 173).

Este libro, de tantísima transcendencia na poesía galega de todo o séc. XX, comeza con estes versos (Manuel Antonio 1992: 105):

Encheremol-as velas  
c’a luz náufraga da madrugada  
Pendurando en dous puntos cardinaes  
a randeeira esguía  
d’o pailebote branco  
C’as suas mans loiras  
Acenan mil adeuses as estrelas

Inventaremos frustradas descubertas  
a barlovento d’os horizontes  
pra acelerar os abolidos corazóns  
d’os nosos veleiros defraudados

Ese mar raro e fantasmagórico, cunha paisaxe mariña nunca vista e sen sentimentalismos, tamén aparece en *Foulas* e noutros moitos poemas do mesmo autor. É a navegación a ningures nun pailebote ó paio (a “viaxe oximórica” de Elvira Souto) ou a navegación cara a Ítaca-Rianxo (a “odisea lírica” de Carballo Calero). Pesie tanto mar explícito e implícito, poida que o provocador e rupturista Manuel Antonio non sexa un poeta do mar e que teñamos que considerar, con Axeitos, que o mar –esa “illa d’auga rodeada de ceo por todas partes”– non era senón o medio co que el manifestaba as arelas de liberdade (Fernández Rei 1999: 93).

Os diferentes estudiosos do poemario *De catro a catro* parecen coincidir, como sinala Vilavedra (2000: 131), “en que a vontade do autor era unha reflexión exis-

<sup>17</sup> Sobre o mar e a lingua mariñeira de Manuel Antonio véxase Fernández Rei 1999: 90-98.



tencial e o poema clave para entender a soidade ontolóxica é ‘Sós’”, que reproduce na súa totalidade (Manuel Antonio 1992: 112-113):

Fomos ficando sós  
o Mar o barco e mais nós

Roubaron-nos o Sol  
O paquebote esmaltado  
que cosía con liñas de fume  
áxiles cadros sin marco

Roubaron-nos o vento  
Aquel veleiro que se evadeu  
pol-a corda floxa d’o horizonte

Este oucéano desatracou d’as costas  
e os ventos d’a Roseta  
ourentaron-se ao esquenzo  
As nosas soedades  
veñen de tan lonxe  
como as horas d’o reloxe  
Pero tamén sabemos a maniobra  
d’os navíos que fondean  
a sotavento d’unha singladura

N-o cuadrante estantío d’as estrelas  
ficou parada esta hora:  
O cadavre d’o Mar  
fixo d’o barco un cadaleito

Fume de pipa      Saudade  
Noite      Silenzo      Frío  
E ficamos nós sós  
sin o Mar e sin o barco  
nós.

Poida que este poema, efectivamente, sexa unha manifestación do soidade ontolóxica do home; pero, á parte disto, nese *sós* e *nós* do final dos versos 1 e 2 e, sobre todo, no *nós sós* do antepenúltimo verso tamén pode verse unha clara referencia ó *Sinn Féin*, voces gaélicas que significan *nós sós*, movemento nacionalista e republicano irlandés de comezos do séc. XX e co que debeu simpatizar Manuel Antonio, poeta anarco-nacionalista, como sen dúbida ningunha simpatizou Castelao<sup>18</sup>.

<sup>18</sup> O triunfo total que obtivo o partido *Sinn Féin* “Nós Sós” nas eleccións de 1918 seguramente explica que Castelao titúlase *Nós* un álbum de deseños exposto en 1918, o mesmo ano en apareceron no xornal coruñés *El Noroeste* unhas páxinas galegas co título *Nós*, coa cabeceira debuxada por Castelao. E en 1920 saíu en Ourense a revista *Nós*, da que Castelao era director artístico.

Na navegación por ese mar “sin ribeiras nin costas”, en veleiro e en pailebote, Manuel Antonio usa léxico común no galego mariñeiro (*driza, escota, penol, cazar*), termos da xente mariñeira de Rianxo (*melfa, rafega, mareta, ronsel, leme, peirán mallante*) e léxico tomado do portugués (*mastro, cais*). Por outra parte, é o primeiro en usar no galego escrito moitos termos técnicos ou científicos relacionados coa navegación do barco (*morse* en *Catro, rosa dos ventos, roteiro, meridián, desacomparar*) e outras diversas formas mariñeiras, como o galicismo *rol*, o lusismo *cais* e as tan mariñeiras *barlovento* e *sotavento* (Fernández Rei 2001: 247-248).

## 6. A nao e o cachemare de Bouza-Brey

O neotrobadorismo, movemento poético que buscaba unha renovación da tradición poética medieval, ten en *Nao senlleira* (1933) de Fermín Bouza-Brey (Pontareas 1901- Santiago de Compostela 1973) un dos referentes principais. Moitos dos poemas do libro xa se publicaran entre 1925 e 1932.

Como xa sinaléi máis arriba, *Nao senlleira* ten como mascarón de proa dous versos de Mendinho relativos ó mar e á soidade, temas recorrentes na obra de Bouza. A paisaxe mariña do libro é “unha transposición da paisaxe da alma, da comunidade do individuo co contorno que se integra plenamente na natureza”, e nesta obra a *nao* é o símbolo axial, tal como sinalou Ramiro Fonte (Vilavedra 2000: 325-326).

Nos primeiros versos do poema “Trova infinita” (1926) hai moi diverso léxico mariño, case todo el culto: *treu, navega, porto, arribar, bujola* ‘brúxula’, *áncora, mariñar, mariñeiro, nao, abisal* e *serea* (Bouza Brey-Trillo 1980: 26):

Con treu de espranzas navega  
–ai Deus!– o meu corazón,  
soñando portos iñotos  
onde ninguén arribóu.  
Nin estrelas nin bujolas  
nin áncoras no seu prol;  
mariñan os mariñeiros  
do pensamento e o trebón  
guinda ca nao senlleira  
nas abisales paixóns,  
    Ai Deus!  
Salvade, louras sereas,  
ao meu corazón!  
    (...)

Todas estas formas xa tiñan tradición literaria, agás *treu* ‘velamio’<sup>19</sup>. O verbo *mariñar*, que introducira García Ferreiro, aparece no poema “En corso” de Curros<sup>20</sup>.

No poema de 1927 “Tríadas no mar e na noite” (Bouza Brey-Trillo 1980: 28-29), a embarcación désígnase cos termos cultos *navío* e *nao* e cos populares *gamela* e *chalana*. Neste texto a “nao” ten *mastro* e *treu* e Bouza non usa o popular *baixo(s)* de Pondal, senón *baijío* (“corazón-baixío”) usado por Cabanillas (“baixíos costeiros”) na *Noite estrelecida* (1926):

Meu navío leva ao vento  
no mastro eterno da noite  
o treu do meu pensamento.

Leda vai a nao  
na proa unha frol:  
a rosa albariña  
do meu corazón.

Amiguiña, crara estrela,  
dame a aguillada de un bico  
para apurrar a gamela.

Leda vai a nao, *et sic*.

Por navegar ao desvío  
varei a miña chalana  
no teu corazón-baijío.

Leda vai nao, *et sic*.  
(...)

Na primeira estrofa do poema de 1931 “No anal de Manoel Antonio” (Bouza Brey-Trillo 1980: 46), áchase léxico mariño culto de textos do poeta de Rianxo (*mastro*, *nao*, *singladuras*). Na segunda estrofa o léxico é popular da Arousa (*boureles*, *rapeta* e “ramallada de loureiro” do bourel, *pescas*); e na terceira estrofa hai referencias á obra e á profesión de Manuel Antonio, á vez que introduce no galego escrito o termo culto *bitácora*. Remata ese poema-aniversario co *avante* tan popular nas falas mariñeiras:

<sup>19</sup> Pondal utiliza *treos* nun verso de *Os Eoas* (“E treos e bonetas peregrinas”), segundo información de Manuel Ferreiro, que ten preparada a edición desta obra a partir do texto de Pondal que achou na RAG.

<sup>20</sup> As primeiras documentacións son de García Ferreiro (*Volvoretas* 1887), Curros Enríquez no poema “En corso” de 1898 (“Mariñeiros da Marola/ de illas Cíes e do Orzán/ (...) /aprestáivos, mariñeiros,/ pola patria a mariñar”), Xan de Masma (*¡A besta!* 1899) e neste poema de Bouza.

Poeta, no teu posto, decote vigiante,  
de catro a catro, a eterna bitácora ja diante,  
eres piloto “en seco”, no mar e na outra vida:

¡Aaa... vante!

No poema “Parranda mariñeira” (1932), dedicado a R. Carballo Calero, a “nao” é un *cachemare* (9 rexistros), o *quechemarín* e *queichemarín* dos documentos de Taboada Roca nas notas históricas de *Terra de Melide* (1933), e que constitúen as primeiras (e escasas) documentacións no galego escrito. Tamén usa neste texto *masteleiro*, que introducira na poesía Amado Carballo, en *Proel* (1927). E no poema “Regueifa” (1932), a “flor das naos” é a *balandra* (dos ‘Ultreya’), termo que constitúe a primeira documentación no galego escrito.

Hai outro léxico mariño do poemario que merecería comentarse, como *cons* (“Agárdanos na ribeira/ sob o descordo do mar/ no seo dos cons o leito das herbiñas de namorar...”) das “Leilías ao teu ouvido” (1933), os populares *cons* da Arousa onde se criou Bouza, e o “literario” *penedos de beiramar* onde se escachan “as sete naos pulidas”, da “Trova das sete naos” (1929), onde tamén aparece o *treu*.

En *Seitura* (1955) hai léxico do mar por todo o poemario, especialmente na composición “O pescador de baleas grandes” (Bouza Brey-Trillo 1980: 68-69), con termos populares (*balêa*, *arpão*, *raba*, *amarrara* ou *salseiros*), algún termo culto como *marear* (“Cando mareasse de cara a Islándia”) e unha voz como *cabadelo*<sup>21</sup>. No breve poema “Tópico no porto” (Bouza Brey-Trillo 1980: 81) emprega as voces populares *amura*, *rapaz de a bordo*, *devala* (“O mar devala, devala), *praia*, *marinheiro*, *remador* e *falua*.

## 7. A carriola e a dorna de Cunqueiro

Seguindo o ronsel de *De catro a catro* Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo 1911- Vigo 1981) publicou en 1932 un breve poemario *Mar ao norde*, pero pouco ten en común co mar de Manuel Antonio. Para Carballo Calero (1981: 751) o mar de Cunqueiro “é máis ben ‘cubista’ que ‘creacionista’” e máis que “crear un mundo, esquematiza o existente. Todo son descripcións metafóricas, sintéticas, ás veces ambiguas”.

21 En Santamarina (2001) só se rexistra no dicionario de Carré, que define *cavadelo* como “lugar arenoso en las rías, que, al quedar en seco, durante la bajamar, se cava para coger almejas y otros moluscos”. No terreo gañado ó mar no porto de Vilagarcía hai unha Rampa de Cabadelo, e probablemente Bouza coñeceu na súa infancia nesa vila un cavadelo como o define Carré. Na Base-ILG hai outra documentación de *cavadelo* en *Anos de viaxe* (1987) de Rodríguez Baixeras.

O léxico mariño deste poemario está xa nos títulos das tres primeiras partes do libro: “Porto”, “Mar outa” e “Illa” (a cuarta é “Terra adentro”). Nos poemas o léxico do mar está constituído por formas literarias (*ronsel*, *pleamar*) e populares de moito uso literario (*illa*, *praia*, *gueivotas*, *navegante*, *navegacións*, *lancha*, *mar*, *mareas* e *vento*). Usa a forma *algas* á vez que introduce no galego escrito *carriola*<sup>22</sup> (“carriola de pedra dura”) no poema 5 de “Illa”. Trátase dun tipo de alga, que despois de Cunqueiro vai rexistrarse en *Cómaros verdes* (1947) e noutros poemarios de Iglesia Alvariño.

O poemario *Cantiga nova que se chama riveira* (1933) é o libro “máis vizoso, máis lizgairo, máis lanzal de Cunqueiro”, o que fixo que se incluíse a este escritor no neotrovadorismo (Carballo Calero 1981: 752). A este poemario pertence esta fermosa cantiga, a 21 da ed. ampl. de 1957<sup>23</sup>, que é a única do libro con referencias xeográficas:

Si miña señor á i-alba da Arousa beilar  
poñereille, belida, un ventiño no mar.  
A dorna vai e ven  
que meu amor ten!

Poñereille unha fruta e máis un reiseñor  
e unha longa soedade coma a da mar maior  
A dorna vai e ven  
que meu amor ten!

Na illa de Cortegada poñereille un galán  
por pastor das mareas co seu remo na man.  
A dorna vai e ven  
que meu amor ten!

Poñereille unha gaita no bico da ría  
e unha avelaneira no medio do día.  
A dorna vai e ven  
que meu amor ten!

<sup>22</sup> É a *Chorda filum*, que no galego mariñeiro ten como denominación xeral *correa* e como denominacións locais, entre outras, *carriol* en Bueu, *carriola* en Cesantes e Mogor, *correola* en Malpica e Camariñas, *correolo* en Cangas, *corriola* en Cesantes, Miño e Ares e *curriola* en Caión e Mera (Ríos Panisse 1983: 53-55). A forma *correola* rexístrase na glosa da copla 30 do *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746-47), de Sarmiento (1970: 338): “*Correola*, diminutivo de *correa*, y todo del latín *corrīgga* es una especie de espadañitas que el mar arroja y que representan unas correas regulares de una vara de largo. Y a ese género de correas, cuando son más anchas al doble de la *correola* llaman *seba*, *ceba*, *xeba*, y en el Ferrol oí llamar *xebra*; pronunciando la X en *xebra* y *xeba* como los gallegos la pronuncian: *sibilándola* como su CH los franceses”. Na Base-ILG as diversas documentacións de *correola* refírense a unha pranta (“Teño unha herba na horta que lle chaman *correola*”), agás en *Patria do mar* (1989) de Darío Xohán Cabana (“o plancto, as *correolas* e as *sardiñas*”).

<sup>23</sup> A ed. de 1933 publicada en *Ronsel*, continúa 19 cantigas. Na ed. ampliada de 1957, en Monterrey, engadiuse a 20, que non se publicara antes, e cinco novas cantigas, numeradas de 21 (“Si miña señor á i-alba da Arousa beilar”) a 25 (“Por oír a unha rula decir de amor”). A cantiga que reproduzo está tirada de Cunqueiro (1991: 65).

A paisaxe mariña da Arousa, a *ría* e a *illa de Cortegada*, no fondo da ría, fronte a Carril e veciña das illas Malveira, máis ben illeus. Supoño que Cunqueiro sería sabedor da homenaxe popular que en 1936 quería “consagrar a illa de Malveira á memoria do noso gran poeta do mar”, a Manuel Antonio, tal como manifestaba en *A Nosa Terra* o galeguista Xan do Ríu (Capelán 1996: 39).

Léxico común desta cantiga son *ventiño*, *mar* (e o *mar maior* de reminiscencias da lírica medieval), *mareas*, *remo* e *dorna*, a embarcación emblemática do mar e das ribeiras dos dous costados da Arousa, o do costado de leste onde está a illa de Cortegada e o costado de noroeste onde está Aguiño e Carreira, de onde viñan as dornas carreiranas. A popular *dorna* tiña unha gran tradición no galego literario, con primeira documentación en *Galicia. Revista universal de este reino* (1861).

Polo que repecta ó léxico mariño hai *vento mareiro* na cantiga 2 (“Colgaban vento mareiro/ na i-auga de terra firme”) e outros ventos, como o *toló* da cantiga 3 (“rome-ría de vidrados,/ cu-có para vento tolo”), e o *vento perdido* e *irado* da cantiga 23, aínda que estas non son cantigas de mar. Outros termos son formas comúns e literarias, como *alga*, *escuma*, *onda*, *sal*, *sirea*, *riveira*, *nao*, *mariñeiro* e *navegada*.

Na sección de “Cantigas” que fechan o poemario *Dona do corpo delgado* (1950) Cunqueiro continúa o achegamento á lírica medieval galego-portuguesa, á vez que fai libres adaptacións do “rondeau” francés (Vilavedra 1995: 158). Hai diverso léxico do mar ó longo do libro, pero especialmente na II das “Cantigas do amor cortés” (Cunqueiro 1991: 124), unha fermosa mariña, onde a “nao” primeiro é o *quechemarín*, e logo o *navío*; e nesa mariña, con reminiscencias do mar de Martín Códax (“ondas amigas do mar levado”), zoa o vento *norés* e é interpelada unha *sirea*:

Quechemarín da verde bandeira,  
o mariñeiro ú é?  
Ondas amigas do mar levado,  
o mariñeiro ú é?  
Norés que tés a aza lixeira,  
o mariñeiro ú é?  
Ti sirea que cantas soñado,  
o mariñeiro ú é?

Limós no áer  
navíos no mar,  
prendas de amante  
pra quen serán?

Ai!, xa sinto os remos madre no mar,  
meu amigo novo non tornará!

No resto do poemario o léxico do mar practicamente se reduce a formas como *marea, o/a mar, vela, veleiro, nao, naves, illas, gueivotas, peixes* (“peixes prateados”) e *algas*.

## 8. Os *tombos* e *coídos* de Zapata García

A Costa da Morte e Laxe están presentes en moitos versos de *A roseira da soidade. Poesías galegas* (La Coruña, Roel, 1957) de Antón Zapata García (Laxe 1886-Buenos Aires 1953). Este poeta é unha figura, en xeral, descoñecida na cultura galega. Estivo emigrado en Buenos Aires a comezos do séc. XX, onde foi directivo da arredista Sociedade Nacionalista “Pondal”.

Otero Pedrayo no prólogo dese poemario póstumo sinalaba que a existencia dun “pneuma argonáutico sinon precisamente ulisaico nalgúns poemas mariñáns de Zapata e seus apaixonados periplos da costa bergantiñán pois sempre as vellas e labouradas testas dos promontoiros axexan e víxían como rexas esculturas da idea fonda, lonxáa e consoadora das ‘Matres’ galegas”.

Para Carballo Calero (1981: 607), o galego vivo do poeta de Laxe “é ricaz, especialmente en termos náuticos, e se a el se houbera atido, houbera logrado unha linguaxe propia, precisa i enxebre”, pois cando Zapata escribe versos de tema mariñeiro “logra os seus mellores momentos”.

Na paisaxe mariña de Zapata están as laxenses Pedras de Besugueira (“lambidas pol-as olas e os algazos/ que as fortes maresías, do coído/ trouxeron ao relanzo”), os baixos do Roncudo de Corme, os cabos da costa da Morte cos seus faros (“Diante das crucelladas dos baixíos/ fronte aos cabos que afían seus penedos/ -Tourriñáns e Fisterras,/ Ortegales, Viláns e Currubedos-”) e a vila de Laxe, que se espella “n-as ondas tranquiás, coor turquesa/ pieitando os seus cabelos de ourífica finura”, con praias que en verán son leitos de puntillas onde seestean “as peixadoras quillas/ sin lembrar nortadas, trebóns e furacáns” (Fernández Rei 2001: 238).

En *A roseira da soidade* hai léxico referido a ventos (*nordés, nordesía, nortada, noroés, refachos*) e a mareas (*maresía, socheos*), e para a xente do mar rexístrase *peixeiros, peixadores e pescos*, xunto co verbo *peixar*. E o movemento do vento provoca *ondas, vagas e vagallóns*, mais tamén os fisterráns *tombos* (“tombos galgantes e ruxintes, con louco revoar”), as grandes vagas que se producen cando hai mar picado e que rompen nos baixos ou nas praias e que usaran os muxiáns Victoriano Abente e Gonzalo López Abente<sup>24</sup>. Zapata fala de *urnas* (e *urnals*),

<sup>24</sup> Antes de que Victoriano Abente usase *tombo* en 1881 (“tombos de mar fervendo”), X. M. Pintos introducir a variante *tumbos* en 1853 (“os tumbos [da Lanzada] que escumaban a cachóns”).

*rochedos e coídos*, pequenas enseadas con pedras traídas polo mar, tan frecuentes na batida Costa da Morte.

Algúns dos poemas de Zapata recompilados en *A roseira da soidade* editáranse 30 anos antes, como “Chuco da dorna. Mariñeiro galego” (en *Céltiga*, 25-7-27) ou “Alando a traíña” (*A Nosa Terra*, 1-12-27), onde canta a escrava vida da pesca de baixura, usando termos comúns (*halar, panos, paneta, traíña, salmuira...*) e algunha expresión tan común cal “peixe como area”:

“¡Ala panos, peneireiro,  
ala, panos, Manoel;  
ala, panos, compañeiro,  
ala panos eu tamén!...  
¡Ei!... ¡raina!... ¡Ei!... ¡raina!  
(*Canzón dos traíñeiros de Laxe*)

O rosáreo de corchos e aparello  
os barudos peixeiros vãn alando,  
e das gorxas sonouras sái o vello  
cantar que fáil mil anos vên cantando:

Ala panos, peneireiro,  
ala panos na paneta;  
¡ala panos, compañeiro,  
que hoxe hay peixe como area!

E, ao rolán do estribelo  
Os seus corpos balazan:  
–¡Ei!... ¡raina!... ¡Ei!... ¡raina!

Mentras alan, descalzos, a traíña,  
e, â salmuira mestúranse os suores,  
revoa, câl revoa unha anduriña,  
a triada que conta as súas dôres:

–Sempre, ¡sempre!, traballando,  
dende a mañán hastra â noite...  
¡e sempre probes ficamos!...  
(...)

## 9. A augama e as xerfas de Cuña Novás

No longo poema “Trebón perpetuo” (1951) de Manuel Cuña Novás (Pontevedra 1926-1992) figura un mar desacougante, con *gueivotas* “cal sotiles agoiros/ diante das furnas mouras”, con *augamas* ‘medusas’ (as rianxeiras *melfas* de Manuel



Antonio) que “aboian nas tebras estantías”, con vixiantes ollos “do mariñeiro erguido no cimacio da anguria”, con mulleres anguriadas que desde terra esculcan o barco enfrontado ó trebón:

Póla anguria das mulleres que esculcan desde as cons  
o erguido mastro senlleiro, o velamio  
firme ao trebón perpetuo do destino  
e que atopan na praia o remo soio  
ou a faciana descoñecida moito tempo ousea  
do que ninguén contou o istrano acontecer.

Na xerfa do mar frúe o sangue cristaíño  
como un ronsel á popa de morte afirmativa.

(...)

A forma *aguamá* foi introducida no galego escrito por Fuco G. Gómez en *O idioma dos animás* (1937) e ten as seguintes documentacións nos varios rexistros de *augama* no poemario *Fabulario novo* (Pontevedra, Benito Soto, 1952), onde se incluíu “Trebón perpetuo”, e na *augamá* de *Patria do mar* (1989), de Darío Xohán Cabana e na *augamar* dos quintetos de Miro Villar de *Gameleiros, mar de rostros* (2002).

Cuña Novás usa neste texto léxico culto e popular empregado por Manuel Antonio: *xerfas* (“xerfa do mar”, “xerfa das agoas”) e *escuma, ronsel e foula* (“foulas rodantes”, “foulas núas”), *navío e naufraxio, rafegas* (de vento) e *desarbolado, mastro(s)* e *velamio, roteiro e cordaxes, remo e mariñeiros, praia e furnas*. Emprega as formas *búxola* e *mareia*, que en Manuel Antonio son *búxulas* e *mareas*, e a forma *cón*, con xénero feminino (“sobor das cons que teñen a dór do arraigamento”, “Pola anguria das mulleres que esculcan desde as cons”), ó igual que no derradeiro poema da sección “Costelación de intres” de *Fabulario novo* (“Que a terra é nosa e tén as cons acesas”).

Nos restantes poemas deste libro o léxico do mar en parte é semellante ó de “Trebón perpetuo”, con varias *xerfas* (“en col dun ramaxe núo que refrexou a xerfa”, “caen na xerfa maíña solermiños”, “xerfa dos degaros”, “xerfa do aer pouxada”), *escumas, foula* (dos naufraxios, do silencio, de terra), *ronsel* (de tebra anguriente), *augama* e *mariñeiro*. Entre os escasos termos que non figuran en “Trebón perpetuo” están *costas, barca, barqueiro* con varios rexistros, *ría* e *falúa*.

## 10. Os carrumeiros e a goldría de Bernardino Graña

O poema “Trebón perpetuo” de Cuña Novás está dedicado ós mariñeiros de Cangas, Vigo, Bueu e Baiona. E se cadra foron estes versos os que levaron a

Bernardino Graña (Cangas do Morrazo, 1932), a compoñe-la “Oda ós mariñeiros de Cangas” e outras composicións de *Profecía do mar* (Vigo, Galaxia, 1966) onde canta a xente do mar.

No poemario de Bernardino o mar xera vida, mentres que o home é monstro destructor, “un estranxeiro deste cosmos orixinal e total, que abala entre atracción e medo” (Vilavedra 2000: 385). Trátase da primeira obra da literatura galega onde a dura vida da xente do mar, a xeito de épica de loita co medio, se converte en protagonista de denuncia. E para isto o poeta válese, fundamentalmente, da fala mariñeira de Cangas, como na citada “Oda”, da que se reproducen as primeiras estrofas:

Polo escuro do mar que vos contruba  
aínda hai peixes de lus nos seus abrigos,  
mariñeiros de Cangas, meus amigos,  
meus irmáns de salitre e sol e chuva.

Solte a ría un exército de naves,  
mariñeiros de Cangas, traede as liñas,  
que, anunciando o fumazo das sardiñas,  
polos cons e cabezos cantan aves.

Polas ondas sin muros e sin diques,  
polo lombo do Atlántico azulado,  
brinca e bufa o arruás todo apurado  
perseguindo os bonitos i os alcriques.

Na “Oda” hai termos sobre a configuración do terreo como os *baixos* vistos en Pondal, e *sorríos*, fondos mariños, xunto con termos relativos ás pedras como *cabezos* e *cons*. Estes son as pedras da ribeira e dos arrecifes, de forma máis ou menos redondeada e que se amorean sobre outras pedras, sen base firme no fondo do mar, mentres que o *cabezo* é unha pedra que sobresae como unha cabeza da superficie e que ten a base no fondo do mar e non sobre outra pedra como o *cón* (Graña 1966: 75).

Outro léxico ben mariñeiro desta “Oda” refírese ás augas. Son termos como *espu-mallo*, a espuma fresca do mar que xorde das ondas e da rompente; *ardentía*, a fosforescencia ou luminosidade das augas do mar ó seren removidas por “noctilucas” e que se dá nas noites sen lúa; ou *fumazo* (con seseo de Cangas) para o manchón que a sardiña ou outro cardume calquera produce no mar, especialmente nas noites de ardentía. No léxico da fauna e flora mariña aparecen na “Oda” formas propias do Morrazo como *cercella* ‘estrela do mar’, *aguaneira* ‘medusa’ e *carrumeiro*, unha alga mariña de talo longo e grosso e de cor acastañada (Fernández Rei 2001: 228-229).

Na “Carta a Tío Emilio e aos seus compañeiros, os mariñeiros de Cangas” de *Non vexo Vigo nin Cangas* (1975) figuran termos para accidentes xeográficos como *congorsa* para un lugar intrincado e laberíntico, encaixonado a xeito dun pequeno refuxio onde entra o mar e que pode ter unha praia; e termos para as augas como *roncallo*, onda producida polo vento que avanza rectilínea e en paralelo á costa, con crista de espuma e con moita forza, formas que usara en *Profecía do mar* (1966). E nesa “Carta” ó vello mariñeiro de Balea zoa o arousán *vento mareiro* de Cabanillas.

Na composición “Pregunto aos homes e ás mulleres do noso mar” (Graña 1995: 92-93) de *Non vexo Vigo nin Cangas*, o autor diríxese á xente que vive do mar, á do Cantábrico e do mar Ártabro, á da Costa da Morte e das rías Baixas, á que anda ó marisco nos areeiros, cons e praias, á que pesca coa ardentía e á que traballa nos *laños*, voz que xa aparecía en *Profecía do mar* para os pozos entre pedras e argazo onde abundan familias de peixes:

Mariñeiros de Viveiro,  
Fisterra, Caión, Malpica,  
Pontevedra, Arousa, Vigo,  
Noia, A Coruña, Muxía,  
pescadores e peixeiras,  
mariscadoras das rías  
¿de quen son os areeiros  
e os cons e faros e as illas?

(...)

¿de quen o verdello, a area,  
os laños, as ardentías,  
e as nécoras e centolas  
e rodaballos e minchas,

(...)

Decídeme de quen son  
praia, areas, augas, rías...

## 11. As cabernas e as crebas de Méndez Ferrín

O poema “Ós líderes mariñeiros que fuxiron na dorna e morreron no Atlántico, lonxe do terror” (1967), recompilado na sección de “Elexías nacionais” da *Antoloxía poética* (1972) asinada co heterónimo Heriberto Bens e logo editado en *Poesía enteira de Heriberto Bens* (Vigo, Xerais, 1980), ten nos versos das partes I e II léxico mariñeiro con moita tradición literaria (*area, foz, vagas, salitre, game-la*) e moi diversos rexistros de *mar* (“O asesino non coñece o mar. / O mar é voso. / E voso enteiro, todo, sin lindeiros”). Outras veces son nomes de peixes tan diversos como *escalos, sardiña, morea, faneca* e *faneca francesa*.

Nos primeiros versos da parte III do poema hai léxico da dorna, como *arca* e *couso*, que Ferrín introduce no galego literario<sup>25</sup>:

E a dorna desperezou os longos remos.  
Os longos remos sobre as remadoiras do medo.  
O medo, coma un estrobo, enguedellouse na caberna.  
Na caberna de arca,  
na caberna de couso.  
Dende a roda de proa ás rabeiras de popa.  
O bateren as pás sobre as vagadas avesedas,  
a dorna era un grande arau ferido, unha  
gaivota agoníada, ave crebada.  
(...)

A *arca* (banda de estribor), o *couso* (banda de babor), a *caberna de arca*, a *caberna de couso*, as *remadoiras* dos remos, a *roda de proa* (peza vertical grosa e curva que forma a proa do barco, unida á quilla e de onde arrincan os costados das amuras) e outro léxico desta elexía nacional aparecera na obra de Ricardo Mora *Hombres y dornas* (1965), tal como se nomeaban nos anos 60 no concello de Ribeira.

Na parte IV do poema hai léxico mariñeiro con tradición literaria, unhas veces son termos de introducción recente como o *carrumeiro* (tipo de alga) ou a *goldría* (remuíño da auga nas pedras que arrastra espuma e substancias como algas e area, ou ben unha resaca forte) da *Profecía do mar* (1966) de Bernardino Graña. Outras voces tiñan tradición, como o *verdello* de Sarmiento ou o *argazo* de Manuel Antonio e de Zapata.

Na serie de poemas “Quai des Brumes” de *Estirpe* (Vigo, Xerais, 1994), Ferrín mestura a intrahistoria con libros de aventura da mocidade, co que crea unha xeografía fantástica con personaxes literarios e reais, navíos históricos e naufraxios famosos, que na clausura se presenta como relato ficticio das tabernas mariñeiras da ría de Vigo (Vilavedra 2000: 190). Por eses poemas andan o pirata Benito Soto e o seu barco “La Burla Negra”, o pailebote “Constantino Candeira” de Manuel Antonio e os *queches*<sup>26</sup> de Noia, Ulysses Fingal e os mariñeiros de Malpica que

<sup>25</sup> A *arca* e o *couso* rexístranse en obras de Ferrín de 1976, no poemario *Con pólvora e magnolias* e na novela *Antón e os inocentes*, e logo na prosa de *Arnoia, Arnoia* (1985) e *Bretaña, Esmeraldina* (1987). No galego non literario hai varios rexistros de *couse* (e a variante *couso*) e de *arca* en Mörling (1989) e na lingua literaria rexístrase *arca* e *couso* en Bernardino Graña (*Fins do mundo* 1974) e en Martínez Oca (*Náufragos en terra* 1995), *arca* en Alfredo Conde (*Xa vai o griffón no vento* 1984) e en Darío Xohán Cabana (*Patria do mar* 1989).

<sup>26</sup> Na Base-ILG a 1ª documentación de *queche* está en *Pé das Burgas* (1896) de Álvarez Novoa (“de chalanhas, de galeós, de queches e algunha xeitosa goleta”). A seguinte está en *Estirpe* de Ferrín, á parte do *quechemarín* de Cunqueiro e o *cachemare* de Bouza-Brey.

andaban ás *crebas* –restos que o mar devolve á terra, especialmente restos de madeira– e que fixeron ceifa nos dentes de ouro dos afogados, e andan o piloto, o gaviro e o rapaz de Manuel Antonio.

No penúltimo poema desa serie, “Coma un arau corre a tormenta”, en que Ferrín trata a internacionalización da flota dos caladoiros do Grande Sole (Fernández Naval 1999: 42), aparecen formas populares como *arau* (ave mariña), *racú* (embarcación) e *folio* (matrícula dun barco), que introducira Dieste en *Dos arquivos do trasno* (1962):

Coma un arau corre a tormenta  
o racú fantasma, finalmente acóllese  
á Buraca do Inferno.

“Eu mirinno en Ons o día de Venres Santo,  
inda se lía na ponte: “Norita”.  
“E o folio?”  
“O folio éralle de Brest, Don José María”.

O derradeiro poema da serie “Quai des Brumes” é, en certo modo, unha homenaxe ós dous grandes “poetas do mar” do séc. XX, Manuel Antonio e Bernardino:

Daquela foi cando o patrón da lancha xeiteira  
ordenoulle aos homes ciar todo de couso,  
pero isto é unha estoria de arroaces insomnes  
que inda non foi contada nas tabernas de Cangas.

Entrementres  
tateaban as paipas co ademán políglota das bandeiras

## 12. Os mastros do navío Lorref de Xohana Torres

“Estacións ao mar” é o cuarto libro do poemario *Estacións ao mar* (Vigo, Galaxia, 1980) de Xohana Torres (1931), natural de Santiago pero ligada a Ferrol na infancia e parte da mocidade. O mar é o principal protagonista dese libro de madurez, un mar a que estivo unida desde moi nova por ser filla e muller de mariño e ter feito moitas viaxes por diversos mares e océanos, vivencia viaxeira aludida nestes versos:

¡Estación de ir e vir  
coma na ponla os páxaros!  
Recorrín tantas rías  
os raros viaxeiros,  
os grandes trasatlánticos.

Vilavedra (2000: 187) considera que este libro representa a presenza do mar na vida da autora, a esperanza da liberdade e a infancia e a mocidade en Lorref (anagrama de Ferrol), navío onde se atesoura a imperiosa necesidade de navegar:

Ouh, Lorref, corazón de navío,  
dique grande de todos.  
.....  
Ninguén retorna do gran reino do mar,  
mais dudo que en tí non flote  
aínda como unha rosa  
a vagabunda vocación do home.

A noite do mar denota soidade e convicción da morte:

Lenta, gardiana noite e tan segreda  
cando establece o outono as doces horas.  
Luces quietas dos mastros  
que non chegan a nós, que se retiran.

Densa, solene noite:  
Un mar escuro,  
un súbito paxaro, que se anuncia  
entre o aleiro e as parras.  
(...)  
Orela aínda,  
volveremos a tí, noite, en silencio.

En palabras de Vilavedra (2000: 187), a navegación, os afogados e a morte “vistas deste este barco de terra que fai esquecer a ribeira (Lorref) lembran o entramado simbólico-existencial de Manuel Antonio en *De catro a catro*”.

No poeta de Rianxo hai termos cultos e literarios, mais tamén vocabulario mariñeiro propio da Arousa ou de Rianxo, como antes indiquei, mentres que o vocabulario mareiro de “Estacións ao mar” é común, popular ou culto, pero sen dialectalismos. Xohana Torres usa termos literarios como *mastros*, *nau*, *orela* e *ronsel*, formas como *roca* (e non o *cón* das Rías Baixas nin os literarios *rochedo* e *rocha*) e voces comúns como *area*, o omnipresente *mar*, *mariñeiro*, *naufraxio*, *praia*, *peixe*, *redes* ou *vento*.

Común é o léxico relativo a tipos de barcos (*trasatlánticos*, *remolcadores*, *navíos*, *vapores*, *lancha* e as literarias *barca* e *dorna*), a accións coas embarcacións (*transbordar*, *varar*), ós lugares de atraque (*porto*, *dique*, *beiramar*), á navegación (*vela*, *vento*, *ruta* e non a literaria *derrota*) e ás augas do mar (*ondas*, *espuma*, *corrente*, *correntada*, *devalo* aplicado á noite). E o mesmo ocorre coa escasa flora e fauna

marítimas do libro (*algas, algazos e gueivotas*). A a excepción deste léxico común serían as *xebbras*, un tipo de alga, do primeiro poema do libro: “aquele cheiro de xebbras e de algazos/ do mar que tanto amei” (Fernández Rei 2001: 250-251).

No léxico das outras partes de *Estacións ao mar* os termos son *mar e marea, ondas e espuma, insua(s) e illa, ría e praia, vento e nordés, barca e nao* (e a popular *lancha*), *ronsel e mastro, océano e naufraxio, caracola e agallas* (gal. *galadas* ou *guerlas*).

### 13. O remo e o adival en Avilés de Taramancos<sup>27</sup>

A paisaxe labrega e mariñeira da infancia vivida na aldea de Taramancos-Noia explican que a terra e o mar estean en maior ou menor medida presentes en toda a obra de Avilés, xa desde o seu primeiro poemario *As moradiñas do vento* (1955).

En *Cantos caucanos* (Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 1985), nos poemas da primeira sección, co mesmo título có poemario, hai diverso léxico relacionado co mar; pero realmente a temática mariña está nos sete poemas da sección titulada “Crónicas”, xa desde o epígrafe onde o autor trata o mito de Ulises representado na figura homérica de Nausikaa, filla do rei dos feacios, xunto co refrán da cantiga “Mía irmana fremosa, treides comigo” de Martín Códax:

Soñar, soñei a Illa: que ela non existía;  
e soñei na xunqueira a voz de Nausikaa.  
O corazón agora, náufrago do regreso,  
Ten soidades do mar...

... E miraremos as ondas.

O poema I da “Crónica de Bernaldo Fros” (Avilés 1985: 49-50) comeza cun verso dunha cantiga de amigo do trobador portugués Gonçal’Eanes do Vinhal (“Quand’eu soby nas torres sobre lo mar”), mais realmente a relación intertextual do poema ten que ver coa “Balada del puerto de Os”, de Urbano Lugrís, viaxe de “alucinación e pesadelo, pois o de Os non é senón o porto dunha cidade morta” (Capelán 2002: 24):

Deixáramos o porto de Os  
o país etéreo onde Ulises Fingal tecera un soño  
de fragatas errantes, de afogados  
nídios no seu clamor como coitelos  
relocindo na noite.  
Deixáramos o porto de Os. A alta proa  
collía rumbo ás illas.

<sup>27</sup> Voume referir unicamente ó mar da poesía do seu retorno a Galicia. Para o mar na prosa e en toda a poesía de Avilés véxase Fernández Rei (2003b).

A composición “A crónica ferida –elexía menor–”, derradeira composición dos *Cantos caucanos*, para Capelán (2002: 26) é un dos textos máis logrados do volume e, se cadra, de toda a obra de Avilés. Ese poema condensa en certo modo “a poética implícita da composición da primeira parte do poemario, ao tempo que anuncia desde o punto de vista formal os versículos de grande alento de *As torres no ar*”.

En “A crónica ferida” hai moi diverso léxico mariñeiro, como *fanal*, *arboradura*, *beiramar*, *ancorar* e *porto*.

Os poemas de “O cántico das naves. Elexías do mar”, sección segunda de *As torres no ar* (Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 1989) teñen todos un mar explícito, con navíos e mariñeiros, con personaxes literarios do mar (o Ulises de Homero e o capitán Nemo de Jules Verne) e con espazos significativos relacionados coas descubertas e coas lendas do mar, como Moçambique, Timor-Leste, Calicut, Goa e outros (Arxóns Álvarez /Castro Rodríguez 2003: 98).

A subsección “A nave do tempo”, con tres poemas non numerados, constitúe un canto ó mar da infancia do poeta. No texto 1 están presentes “as vellas naus” que o tempo levou, os “antigos velames” que na maré “orzan/ as quillas” e a driza que canta “nos mastros do amor”. O texto 3 é outro canto á navegación e ás velas, o *foque* e a (vela) *escandalosa* (“O velame, do foque á escandalosa, tenso no ar/e a proa a peitear as ondas”). E o texto 2 é un canto ós *calafates* constructores e arraxadores de barcos, onde aparece a forma *galipote* da Costa da Morte (e da Mariña de Lugo e zonas próximas), de escaso uso no galego escrito, e non o *chapatote*<sup>28</sup> de Noia (e doutros portos da ría), hoxe popularizada pola marea negra do Prestige:

Na outra banda do mar construen o navio:  
o martelar dos calafates resoa na mañá, e non saben  
que están a construír a torre de cristal da miña infancia.  
Non saben que cada peza, cada caderna maxistral  
é unha peza do meu ser. Non saben  
que no interior da quilla está a médula mesma  
da miña espiña dorsal; que no galipote a quencer  
está o perfume máxico da vida.  
Que cando no remate ergan a vela, e a enxárcia  
tremole vagarosamente no ar  
será o meu corazón quen sinta o vento,  
será o meu corazón.

<sup>28</sup> *Chapatote*, que está moi documentado, foi introducido por Pérez Placer (*Contos da veira do lar* 1901), mentres que *galipote* ten as primeiras documentacións en Leiras (*galipota* no *Vocabulario gallego-castellano* 1912) e en Zapata García (*A roseira da soidade* 1953).



A subsección “Nemo” fórmase seis poemas numerados, con moi diversos elementos épicos rigorosamente estudados por Capelán (2003: 27-29). No poema 1 o poeta diríxese ó capitán Nemo, o personaxe da novela *Vingt Mille Lieues sous les mers* de Jules Verne, porque quere entrar no Nautilus e “ver no fondo do mar antigas naves,/ antigas rotas, herois, mariñeiros/ dos tempos idos” e quere recuperar “as goletas da infancia a toda vela”, as que Avilés vía de neno na ría de Noia.

No final do poema 5 aparece o mar (“cabrestante”) e a terra (“fouce”, “bigornia”), a Galicia do remo e a do adival, como en moitos outros versos:

Noso é o remo e o adival. Herdamos esa triste atadura,  
e o noso amor ao mar foi-se esvaindo nos trigos da  
meseta  
na miséria.  
Nosa non foi a espada: Noso foi o tear, a obra negra,  
ir semeando os campos asolados tras os carros da  
guerra.  
(Mentras nos abateron as murallas da pátria).

A subsección “A espada florescida” fécchase co poema “O pé do mariñeiro é de natural ancho”, con versos de exquisita sensibilidade. A primeira estrofa é un canto ó “pé do mariñeiro”, un pé *esparrado*, aberto (como a sardiña ou o lirio que se laña e adoba para logo fritilos esparrados), con tacto tan sensible que é capaz de distinguir peixes de area moi parecidos como a *solla* e o *trabote* –termo propio de Noia que Avilés introduce no galego literario–, á vez que fai de sonda para coñece-lo estado do mar:

O pé do mariñeiro é de natural ancho  
esparrado nos dedos, afeito a apousentar  
a súa planta polo mol da area. O tacto  
tan sensível que coñece cando pisa na solla,  
no pelouro, no argazo, no trabote. É unha sonda  
a transmitir o estado do mar: Temperaturas,  
fluxos, escamallos. Barómetro do tempo. Sinal  
de fartura de peixe, ou de se houber  
mar de fondo máis afora da ría.  
O pé do mariñeiro é outro cantar...  
(...)

Meses despois da morte de Avilés editouse *Última fuxida a Harar* (A Coruña, Espiral Maior, 1992), poemario subtítulado *Derrota e singraduras*, dous termos mariñeiros relativos á navegación, con que se quere “proxeccionar cara o lector dúas perspectivas fundamentais, premonitorias da vida que remata e que semella abeirarnos cara á revisión dun tempo pasado que o poeta tenta achegarnos a modo de

diferentes testemuñas de outrora, fieis lembranzas ó lonxe no tempo que se vai extinguindo” (Arxóns Álvarez /Castro Rodríguez 2003: 102-103).

O único poema de *Última fuxida a Harar* realmente con mar é “Barcos no pór do sol”, con léxico mariñeiro popular (*motora, mascato, vela, mar, océano, barcos*) e léxico culto (*leme, trirreme, fragata, nau, derrota*). No poema “Meu capitán, é hora, é hora”, hai termos relacionados co barco (*fanal, pañol, proa, popa*) e coa navegación (*astrolábios*) na primeira estrofa, e tamén na derradeira das estrofas (*rumbo, brétemas* e o *capitán* que xa figuraba no comezo do poema).

Moito do léxico do mar de Avilés documéntase en Sarmiento (*argazo, barco, navío, rumbos, lañada*), en Pintos (*barca, cón, marea, maré e beiramar*, pouco usada por Avilés que prefire a popular *beira do mar* de Rosalía), en obras de finais do séc. XIX (*calafate, veleiro, goleta, badía, furna, ardentía, cabrestante*) ou en Manuel Antonio (*gavieiro, leme, roteiro, velamio, cais*). Termos de Avilés como *galipote, flamexar* (a vela), *calafatear, astrolabio* ou *esparrado* tiñan moi escasa documentación no galego literario, e outros como (nave) *arborizada* e *trabote* (peixe) non tiñan documentación na Base-ILG, ó igual que *xarada* ‘bandada de aves’ (Fernández Rei 2003b: 147-148).

#### 14. A *sisga* e a *conserva* de Luísa Castro

No poemario *Baleas e baleas* (Ferrol, Esquío, 1988) de Luisa Castro (Foz 1966) danse dúas visións complementarias da Galicia do mar, “a masculina, obrigada á procura do peixe, a achegarse a Irlanda” e “outra feminina, a das mulleres da conserva, dobremente alienadas, explotadas no traballo e utilizadas na casa” (Vilavedra 2000: 55-56).

A sección primeira “Derradeira viaxe en bicicleta de Nevermore” é Irlanda e a pesca no seu mar, xa desde o poema inicial que reproduzo parcialmente:

Todo me dá voltas.  
 Irlanda está lonxe coma ti, equidistantes  
 do meu corazón que non vos ama.  
 Na neveira do barco entre xulianas, esquencido  
 no pau macho  
 o meu corazón cóntase entre os animais  
 máis lentos do bosque.

(...)

De lonxe  
 nin Irlanda nin ti:  
 o meu estómago non vos ama. Amanece con sisgas  
 e iso é todo.  
 E rápido pero cobarde.

Nesta sección inicial hai moito léxico común entre a xente do mar, ás veces rexístrase o castelanismo habitual na fala mariñeira. Son termos referidos ás partes do barco (*neveira, puente, cabestrante*), ó *armador* e ós reponsables da pesca (*contramaestre, patrón de pesca*); ós peixes (*xulianas, robalizas, calamares, fanecas salvaxes, meigas, peixes sapo, peixe espada*), ó material para pescar (*anzóis, poteras, palangres*) e accións (*learse* o palangre). Tamén hai algún termo propio de Foz, que non figuraba na Base-ILG, como *sisga*<sup>29</sup> (“Amañece con sisgas”) no poema inicial.

Na sección segunda “Os ventos das baleas” hai algunha voz literaria (*rochas, barcas*) e nomes populares de animais mariños (*polbos, peixe espada, baleas, cachalotes*), voces referidas ó barco (*cuperta, amarran*) e outras como *praia, bucear, lobo de mar* ou *lata de sardiña*.

No primeiro dos “Sete poemas sobre leóns” da sección terceira do libro está presente o home no Grande Sole (“meu pai pescando peixe espada/ nas costas irlandesas, nas xeadas augas onde meus abós/ tiñan novísimas amantes”) e no poema II aparece a muller e a fábrica de conservas, con léxico tan común como *sardiña en lata, mexilóns, cunchas* ou *caixas de peixe*:

Miña nai traballa nunha fábrica de conservas.  
Un día miña nai díxome:  
o amor é unha sardiña en lata. ¿Ti sabes  
como se preparan as conservas  
en lata?  
Un día miña nai díxome: o amor é unha obra de arte  
en lata.  
Filla  
¿Sabes de ondes vés? Vés  
dun viveiro de mexilóns  
en lata. Detrás da fábrica, onde podrecen  
as cunchas  
e as caixas de peixe. Un fedor imposible, un azul  
que non vale. De alí vés.  
(...)

## 15. A *planadoira* e a *traca* de Xesús Franco

O poemario *Contra Mar* (Vigo, Galaxia, 1995) de Xesús Franco (Vigo 1943) é todo mar, xa desde a páxina inicial inzada de citas de escritores galegos con mar,

<sup>29</sup> Segundo me informou Paco Rivas a *sisga* é un chicote delgadoño, que na punta leva un plomo protexido, que se pon na punta do cabo de amarre. A *sisga* lánzase ó peirao cando se vai atracar ou ben en alta mar cando se quere dar amarre a outro barco.

desde a Idade Media (“Treides comigo a lo MAR levado. *Martin Codax*”) á actualidade (“A patria de todos nós: o MAR. *Víctor F. Freixanes*”). Escrito a partir das vivencias do autor, que foi mariño, presenta un mar enigmático e tráxico, un mar que “non é nada/ nin sequera un eco/ un nome inventado/ oco sen materia”. O libro, como se di na lapela, é “un canto á irmandade silenciosa dos afogados”.

Na navegación por ese mar Franco válese de voces literarias de Manuel Antonio (*recalada, mastro, ronseis, meridianos, rosa dos ventos, singradura*), de Avilés e doutros poetas (*áncora, derrota*), de Cabanillas (*rochedos*) ou de Ferrín (*gobernalle*) e de anglicismos para tipos de barcos (*bulk carrier, cutter*). Tamén emprega formas populares de pouco uso literario (o *fumazo* de Bernardino Graña, a *ceavoga* de Xohana Torres) e termos moi cultos sen tradición literaria como *alidada* (regra para determinar alteracións) ou a *ortodrómica* referida á rota ortodrómica que é o camiño máis curto dunha parte a outra da superficie terrestre. Tampouco tiña uso literario a hoxe tan popular *planadoira* (“a planadoira aboia os fardos de winston/ co cantil do Agoeiro”), que tanto axudou na recollida do piche do Prestige cando estaba na boca das Rías Baixas.

No poema “Poetas” aparecen embarcacións tradicionais da pesca de baixura e tamén moi diversos veleiros. Son termos populares ou cultos con diversa tradición literaria:

Courel  
gamelas de Baiona  
Terra Cha  
volanteiras da Guarda  
Queixa  
polbeiras de Bueu  
Lemos  
dornas de Ons  
Ancares  
xeiteiras de Rianxo

poetas de interior e costa  
xávegas, trincados, trasmalleiras, traíñas,  
pataches, galeóns, balandras, goletas, bergantíns,  
todos os nosos barcos devanceiros  
como limiar ás VOSAS navegacións  
(...)

No poema “Vagras, varengas, palmexares” rexístrase léxico moi diverso relativo a partes do barco, sen tradición literaria (*vaos, mamparo, bularcamas, buzardas*) ou con moi escasa documentación na Base-ILG:

Vagras, varengas, palmexares,  
cadernas, vaos, puntais;  
codia,  
roda, quilla, codaste  
mamparo de colisión;  
esqueleto  
cuberta principal  
da maxistral, alta, de botes;  
porte  
máquina, hélices, temón,  
ponte, cidadela, adegas,  
tanques, pañoles, caldeiras,  
plumas, tallamares, bularcamas,  
brazolas, amuradas, embornais,  
escobéns, áncoras, buzardas...  
¡BARCO!

(...)

O termo *escobén* xa se rexistraba na poesía de Zapata García, mentres que *codaste*, *vao* e *varengas* aparecían en textos non literarios de Ríos Panisse (1974) e Mörling (1989), e *codaste* xa o usara Xaquín Lorenzo na parte etnográfica da *Historia de Galiza* (1962).

Noutros poemas Franco usa formas con moi escaso uso literario, como *amurada* de Paz-Andrade de 1968 (Xan de Masma usara *murada* en 1899); *serviola*, peza da proa do barco, que en Freixanes e Alcalá aparece referida ós tripulantes; e *resón*, a repetición do son pola reflexión das ondas sonoras, que usaran Gayoso Frías e Manuel Rivas. E introduce no galego escrito formas como *traca*, a caderna que sobresa e vai unida á obra morta; *pantocazo*, o golpe que dá o barco cando o levanta unha vaga de mar e choca coa seguinte; e *esteira* ‘ronsel’, que na Base-ILG non tiña rexistro relativo ó mar.

## 16. O mascato e o GPS do barco de pedra de Chus Pato

O poemario *Fascinio* (Muros, Toxosoutos, 1995) de Chus Pato (Ourense 1955) é o que máis mar presenta en toda a súa obra publicada. Hai léxico culto e popular de moito uso literario, pero tamén voces da xente do mar de Muros, aprendidos nos anos que traballou nesta vila, e termos cultos que teñen en *Fascinio* unha das primeiras documentacións no galego escrito.

No primeiro poema “...as mulleres continúan logo de facer as correspondentes estivadas” do libro hai termos populares referidos á pesca da sardiña como *ardora*, *malla* e *xábega*<sup>30</sup>; á estación en que se colle (*ceifa*), ó tradicional xeito de encascar

<sup>30</sup> Na Base-ILG só se documentaba en Xosé M. Beiras (*O atraso económico de Galicia* 1972).

aparellos de fío cocendo casca de piñeiro e ó traballo da muller na conserva do peixe (*estivadas*) e no encascado. Tamén hai termos cultos, como a *fragata* de Manuel Antonio, a *furna* e a *sirte* de Pondal. E o *vento*, tan mariñeiro, abanea unha *australia*, forma popular de Muros para o eucalipto:

...as mulleres continúan logo de facer as correspondentes estivadas,  
carrexando leña para encher as pías  
a baixar do monte toradas de piñeiro  
contribuíndo co seu traballo ás tarefas da xábega  
os rapaces maioritariamente descalzos, coas cabezas rasuradas e na súa  
totalidade presentan sinal de desnutrición...

...dando por perdidos os suministros iníciase a busca da fragata co fin de  
obter un novo cargamento de armas e municións...

(...)

esa australia abaneada polo vento que me entolece nas bermas do soño

(...)

ardora

celestes son as augas

ferve

riza

malla

ceifa

furna

GALLAECIA

¡¡¡ ubérrima de estrelas!!!

sirte

(...)

No poema “Poder decir”, para Antón Avilés de Taramancos, hai *nordés* (referido á avea) e *océano* e formas populares de Avilés (*calafates*, *galipotés*, *zoco mariñeiro*) e as literarias *cadernas* de Avilés (os populares *madeiros* e *cuadernas*), mentres que no poema “Desdeñosos, cisnes, como icebergs”, para Xosé Luís Méndez Ferrín hai voces literarias (*naus*, *maré*, *cetáceos*, *Gulf-Stream*, *sirtes*, *rompentés*) e algunhas populares (*barcos*, *peixes*, *correntes*, *rede*).

No poema “Apodrecen os mortos na encrucillada da semente”, a chegada do outono márcase coa voz *valume*<sup>31</sup>, as algas que foron podrecendo coa calor do verán, que

<sup>31</sup> No poema “Neno da beira do mar” de *Un tempo de sol a sol* (1974) de Lueiro Rey, entre outro léxico do Grove onde o poeta vivía, está *balumada* (“Lavouche o mar os ollos con salitre/ púxoche o mar, no peito, valumada”), a broza que arría o mar, que corresponde co *balume* de Sarmiento e co *esterco* de portos arousáns como Cambados, Carril e Ribeira. En Pondal (1995: 114, 274) rexístrase *valume* (“Cal soe arboradura/ de nave poderosa/ facer negro valume/ sobre as tendidas olas”), se cadra co mesmo valor.

aboian nos días de calma borrada de agosto e que indican o cambio de estación, igual cás grandes mareas vivas equinocciais de comezos de marzo e setembro.

Nas augas mariñas da comentada cantiga moral “Non me posso pagar tanto” de Afonso X había un *galeón* e un *dormón*, mentres que nas augas de “Na obsesión por balbucir palabras” navegan a *goleta* de Manuel Antonio e o *dormón* de Afonso X, forma que na Base-ILG non estaba documentada.

O poema “O buque non está no altar”, homenaxe a Manuel Antonio, ten no comezo termos modernos relativos á propulsión do buque (a popularizada *hélice* e a culta *inxección*<sup>32</sup>) e voces cultas incorporadas á fala, como *radar* e *sonda*, ex-votos que se prevén un perigo ou se mide a profundidade do mar:

O buque non está no altar  
non está ardeado polas chamas

hélice  
inxección  
traballo

o cadaleito está no barco  
no cadaleito goberna o rei

o barco é escudo  
o escudo é un dragón

o barco está na cruz, na encrucillada

na mazá  
na moeda  
refinería  
teixo

ex-voto radar  
sonda ex-voto

Aínda que se trata dun barco de pedra, como calquera barco, ten *motor* e *ponte*, onde vai o *barqueiro*, ten partes como *codaste* e *amuras* e para navegar válese da *cofa* (ou gabia). E para a detección do peixe o barco de pedra conta cun método tan tradicional como a observación do voo do *mascato*; pero ese barco de pedra tamén conta coas máis modernas innovacións, como o *GPS*, sistema por satélite para a localización do banco de peixe (a barría ou cardume). O *mascato* era unha ave

<sup>32</sup> Na Base-ILG a única documentación desta forma estaba nunha obra non literaria, *Prácticas de mecánica* (1992), de D. Castro Picos, X. P. González Moreira e X. Lagilde Edros.

mariña moi apreciada polos mariñeiros que traballaban de día ó caldeo da raba, porque ó tirarse á auga era sinal de que alí había sardiña ou outro peixe. En Manuel Antonio hai algún *mascato* pousado “n-a cruz d’un navegante”, e o barco de pedra de Chus Pato “está na cruz, na encrucillada”.

O *barqueiro* ten o sol e as estrelas para se orientar, mais tamén se vale do moderno *sextante* do pailebote de Manoel Antonio e das singraduras poéticas de Castillo-Elejabeytia, Darío X. Cabana e Ferrín<sup>33</sup>, e conta coa moderna *agulla náutica* de Paz-Andrade<sup>34</sup> e coa máis moderna aínda (agulla) *xiroscópica*<sup>35</sup>:

no mascato  
Deka  
GPS  
Loran  
Wärstila  
Diesel

O barqueiro baila o sol  
baila a estrela  
ten sextante  
agulla náutica  
xiroscópica  
ten esposa  
ten patrón  
-mirando negro  
negrura sempre  
(...)

E contra o final deste poema a Manuel Antonio, a vida do mar represéntase co nome latino dunha alga (a “Laminaria Hiperborea”) e co cultismo *plancton*.

O poema “Néboa”, con léxico popular da beiramar, en certo modo é unha homenaxe á muller da costa: á reghateira que vende o *lote* de peixe que leva na *motora* e á que ata as redes (*muller-readeira*), á que anda á fábrica (*muller-conserva*) e a que

<sup>33</sup> A forma *sextante* introduciuna Manuel Antonio en *De catro a catro* (1928). As seguintes documentacións da Base-ILG están na prosa de Víctor Freixanes (*O triángulo inscrito na circunferencia* 1982) e na poesía de Dicitinio del Castillo-Elejabeytia (*O espello das brétemas* 1987), Darío Xohán Cabana (*Patria do mar* 1989) e Méndez Ferrín (*Estirpe* 1994).

<sup>34</sup> As únicas documentacións de *agulla náutica* na Base-ILG eran de V. Paz-Andrade (*Sementeira de vento* 1968) e de Eduardo Soto Álvarez e José Suárez Costa (*Competencia de mariñeiro* 1990). Nesta obra e no prólogo da *Escola de menciñeiros* de Cunqueiro (1960) de García Sabell rexístrase *agulla náutica*, mentres que *ag(h)ulla de marear* ten diversas documentacións xa desde finais do séc. XIX.

<sup>35</sup> As únicas documentacións deste aparello electromagnético estaban nunha obra non literaria, *Competencia de mariñeiro* (1990) de E. Soto Álvarez e J. Suárez Costa.



anda á seca (*muller-ameixa*), á *muller-quiñón*, á *muller-cooperativa*.... Noutros poemas hai formas con moi escasa documentación, por seren termos modernos, como o *ferry* de Neira Vilas<sup>36</sup> ou a *doca* de Ferrín<sup>37</sup>.

O poema que fecha *Fascinio* só ten dous versos (“As Cocas de Marzo/ os Equinocios”), que se refiren ás grandes mareas vivas equinociais, *cocas* para a xente de Muros, forma que introduce Chus Pato no galego literario<sup>38</sup>.

## 17. As últimas mareas léxicas na poesía

Nos anos 90 e nos comezos do séc. XXI editáronse diversos poemarios con salitre e mar, que paso a enumerar, con indicacións moi xerais sobre o léxico de mar que conteñen. En diversas calas apreciei que, xunto a léxico maioritariamente literario, nestas últimas mareas tamén hai formas que non estaban documentadas na Base-ILG.

Rafael Lema (Ponte do Porto-Camariñas 1967) é autor do poemario *Cemiterio das gaivotas* (A Coruña, Espiral Maior, 1993), cinco viaxes mariñas con diversas singraduras. Usa formas literarias como *rotas*, *ronseis*, *mastros*, *veleiro* ou *golfinho* e formas populares como *estela* (“Volves ó mar, desanda-la estela coñecida), *saín*, *gamela*, *chalana* (“bogas chalana de soños”), *rizón*<sup>39</sup> e *ciabogar*<sup>40</sup>. Nos poemas de amor de *O devalo do mar* (Santiago de Compostela, autoedición, 1994) de Rafa Villar (Cee 1968) o vocabulario é, en xeral, moi literario (*maré*, *naus*, *ondas*, *rotas*, *ronseis*, *leme* e *velame*), pero tamén con voces populares xa literarias (*furna*, *buguínas*).

Ana Romaní (Noia 1962) publicou *Das últimas mareas* (A Coruña, Espiral Maior, 1994) e *Arden* (A Coruña, Espiral Maior, 1998). Neste poemario o léxico mariñeiro son *baleas* e *cachalotes*, algún *océano* e algunha *illa* e varias *gamelas*, con tradición no galego escrito, ou ben termos de moi escasa tradición como *crebas* (“que

<sup>36</sup> A 1ª documentación de *ferry* da Base-ILG era de Neira Vilas, no relato *Galegos no golfo de México* (1980) e a 2ª e a 3ª corresponden ós poemarios *Fascinio* (1995) e *Nínive* (1996) de Chus Pato.

<sup>37</sup> A única documentación da *doca* mariña da Base-ILG estaba na prosa de *Bretaña Esmeraldina* (1987), de Méndez Ferrín (“polas partes areosas de Rennes ou polas docas de Saint-Malo”).

<sup>38</sup> Na fala mariñeira do Porto do Son e de Ribeira a forma *equinosio* designa un temporal moi forte que pode darse canda as mareas equinociais no comezo da primavera e do outono, as “Cocas de Marzo” de Chus Pato e as *lagarteiras* de setembro de Rosa Aneiros, tan areladas polos percebeiros de Valdoviño.

<sup>39</sup> Nunca usa a literaria *áncora*; pero en casos como “Fondo rizón de babor (cinco grilóns)” (p. 18) o uso de *rizón* é moi chocante, porque este amárrase cun cabo e é a *áncora* é a que leva elos ou grillóns.

<sup>40</sup> Zapata García usara *cían* e *vogan* en *A roseira da soidade*. Máis documentado está o substantivo: *ciavogas* en *Sementeira do vento* (1968) de Paz-Andrade, *ceavoga* en *Adiós, María* (1971) de Xohana Torres e *ceavogas* en *Contra Mar* (1995) de Xesús Franco.

sexan eses corpos os rastros que debulle/ cada tarde nas crebas”). Usa a forma *chapapote* de Noia (e de portos coruñeses como O Pindo, Oleiros ou Cariño<sup>41</sup> e en zonas da Galicia interior) o que é *piche* nas Rías Baixas (e en Carnota) e *galipote* en moitos portos da Costa da Morte e da Mariña de Lugo.

Paco Rivas (Cervo 1955) é autor de *Cantaruxos do meu mar e outras cantigas* (Santiago de Compostela, Follas Novas, 1999) polos que zoa “o aire da Mariña toda”, con algún poema mareiro como o do portoiño de Nois en Foz (“xa todos van en Burela/ quedaches orfo de lanchas/ orfas quedaron as penas”). Entre os escasos termos mariños hainos literarios (*ondas, remar*) e populares de uso xeral (*vogar, lancha*) ou propios da Mariña e doutras zonas (*redeira, penas*, que corresponde a *atadora* e *cons* de Cambados ou Ribeira). Tamén presenta algún termo característico dos mariños de Foz, como *pariñeira* ‘cantil’ e *aruxo*, que non se documentaban na Base-ILG, e *xogarl* con documentación moi recente<sup>42</sup>.

En *Hinterland* (Santiago de Compostela, Positivas, 1999) de Pilar Beiro (San Mamede-Carnota 1958) hai unha gran riqueza de léxico mariñeiro, unhas veces común (*argazo, lañar, millaras*), outras veces literario (*áncora, pailebote*). Nalgún caso trátase de léxico da Costa da Morte xa introducido (*crebas*) ou sen documentación no galego literario como *memelo*, voz para un tipo de argazo en Lira-Carnota e O Sardiñeiro-Fisterra, ou *mexilla*, a cría do mexillón<sup>43</sup>.

No poemario *Nas varandas do abrente* (Viveiro, 2000) de Xoán Neira (Meilán-Lugo 1953) está a ría e o mar de Viveiro e as illas da Mariña occidental con “baleas ancoradas, pousadas nas ondas/ referencias do paso dos trebóns/ que avanzan na noite do nordés”). O léxico mariñeiro é común (*ría, nordés*) e literario (*ancorados, ronseis* e moitas *ondas*).

<sup>41</sup> Segundo me informa Xabier Cordal, ata hai anos a forma *chapapote* era considerada en Cariño como pouco de mar. Era o termo da xente da ‘vila’ (Ortigueira), cando Cariño aínda non era concello, pois a forma popular da xente de mar era *floiz/floid*. Despois da marea negra do Prestige posiblemente a xente de mar use con naturalidade a forma *chapapote*. Isto é o que apreciei en mariñeiros de Cambados, que sempre dixeron *piche* e que despois de estaren varios días na boca da ría da Arousa, e mesmo na costa, recollendo o que os media chamaban *chapapote*, agora xa usan este termo.

<sup>42</sup> Nun *Diccionario fraseolóxico do mar* (inédito) Paco Rivas define *aruxo* como “calquera cousa pequena, moi molesta, que se mete nos ollos. En termos mariñeiros, utilízase para indicar que o mar comeza a poñerse malo”, mentres que *xogarl* é “lugar onde o mar vai xuntando coios pulidos pola erosión”. Na Base-ILG a 1ª documentación de *xogarl* está en *Bidueiras d’inverno* (1990), do eo-navego Xosé Miguel Suárez, mentres que *aruxo* non presentaba documentación.

<sup>43</sup> A voz *mexilla* a comezos do 2003 estivo moi presente nos medios de comunicación, tanto en información en galego como en español, polo conflito entre os bateiros e os percebeiros, por estes non poderen traballar nos cons da Costa da Morte cheos do galipote do Prestige, mentres que si se permitía coller mexilla ós bateiros nesa costa onde cada ano arrincan unhas 7.500 tm desa cría, fundamentalmente da zona que vai de Muros a Muxía.

Miro Villar (Cee 1965) publicou *Gameleiros, mar de rostros* (Vigo, Xerais, 2002), con fotos de Manuel Álvarez de 27 gameleiros da Guarda, “que laboran ó día coas diferentes artes tradicionais de pesca herdadas dos seus antepasados, nun espacio de mar que vai dende a desembocadura do río Miño ata a latitude do mosteiro cisterciense de Santa María de Oia”. Nos 27 quintetos para eses rostros gameleiros hai léxico do mariñeiro que anda á pesca de baixura (*ardora, largar aparellos*), do mariñeiro-gladiador “que pelexa en circos de argazo”, do percebeiro “corpo neoprano e brazos cordas” (*rasqueta*), do que traballa con “brazolada de tanza” e doutros gameleiros que soportan *suradas*. E hai formas populares con escasa tradición literaria (a comentada *ceavoga*) e formas moi literarias que non son populares, como as *xerfas* do poemario *De catro a catro* (1928) de Manuel Antonio, que Dieste usou por primeira vez nun texto en prosa de 1926.

O pintor e poeta arousán Xurxo Alonso, nado en Buenos Aires (1956), mais residente en Vilagarcía, é autor de *Onde viven os saqueadores de naufraxios* (A Coruña, Espiral Maior, 2002), con vocabulario moi literario (*gaiivotas, rochas e badías; buques, naves, navíos e mascaróns de proa*); mais tamén con algunhas formas case inexistentes no galego escrito, como *batume* (alga) e *pecio* (restos dun barco afundido)<sup>44</sup>.

A forma *pecio*, de tanta presenza nos media a comezos do 2003 cando o comité científico do Prestige se refería ó petroleiro, e que a prensa escrita acabou usando tamén, está no poemario *Alma mareira* (Pontevedra, Diputación Provincial, 2003) de Luís Rei Núñez (A Coruña 1958), con raíces familiares en Santiago de Tal-Muros, de onde toma formas como *mareáns* para ondas (ou tombos), que el introduce no galego escrito ou *borraxeira* para a néboa que se forma sobre o mar, voz que introducirá López Abente en 1929. Luís Rei usa formas pouco documentadas como *calabrote* (cabo grosa) ou *colla* ‘cuadrilla de estibadores’.

## 18. A gran marea no mar escoso de Alexandre Nerium

Alexandre Nerium, nome literario de Manolo López Martínez (Fisterra 1960) gañou o VII Premio de Poesía Johán Carballeira do ano 2002 (ex-aequo con Carlos Negro) co poemario *Vogar de couse* (de inminente publicación). Hai tal enxurrada de mar e de léxico mariñeiro fisterrán e “técnico”, que esta obra supón unha modernización do vocabulario do mar dalgún xeito semellante á que se produciu con *De catro a catro* de Manuel Antonio e con *Profecía do mar* de Bernardino Graña.

<sup>44</sup> A forma *pecio*, que o castelán tomou do gascón ant. *pessi* (*de nau*), defíneo o dicionario da RAE como “pedazo o fragmento de la nave que ha naufragado o porción de lo que ella contiene. // Derechos que el señor del puerto de mar exigía de las naves que naufragaban en sus marinas y costas”. A única documentación na Base-ILG está en *A Nosa Terra* (1993), onde *pecios* aparece coa aclaración de “restos de barcos afundidos”.

O mariñeiro-poeta de Fisterra emprega moito léxico mariñeiro relativo ás partes do barco (*palmexar, cairel, embornais, trancanís, pantoque, vagra, tallamar, estrave, turafaia*), á vela e ós mastros (*artemón, bauprés, carlinga, relingar*). Algúns destes termos (*artemón, estrave e turafaia*) non están documentados na Base-ILG, mentres que outros teñen presenza no galego literario, como *bauprés* da poesía de Zapata, Celso Emilio, Avilés, Castillo, Chus Pato e Tabuyo e máis da prosa de Freixanes, Caneiro e Alcalá; *cairel* en Cotarelo e Paulino Vázquez; *carlinga* en Cotarelo, Braxe e Abella; *embornal* en Zapata, P. Vázquez e Ferrín, *relingar* en Dieste, *palmexar* e *vagra* en Xesús Franco e *tallamar* en Alcalá. Algúns termos só se documentan en obras recentes non literarias, como *trancanil* ou *pantoque* (Fernández Rei 2003a).

Verbo da acción dos vagallóns sobre o barco Nerium usa os cultismos *arrufo* e *quebranto*<sup>45</sup> e léxico patrimonial relativo ó mar de uso xeral como *baixos* e *ardentía, cabesos* e *petóns*, xunto con termos da xente da Costa da Morte *tombos, coídos* ou *fisgas*, que xa usara Zapata García. Outras moitas formas non se documentan na Base-ILG, fóra dalgún termo animal sobre todo, ou ben non teñen o sabor a salitre. É o caso de formas fisterrás como *ferretes* e *arnela* (praia pequena en Fisterra) que alternan cos “literarios” *farallóns* e *praia*, así como voces relacionadas co mar de vento (*ruñías, maraxe, axada*) e co vento que sopra con moita forza (*xaramiño, fogada*), co relevo mariño (*petón*, pedra visible cando baixa a marea), con moluscos (*peneira, pé de muño*) e con aves (*curricacho, pardela*), co argazo (*blandón, cachopa*) e con accións como *esparar* para se referir á abertura da rede ou *apariñar* para o feito de as pezas das artes de deriva poñérense unhas ó par das outras (Fernández Rei 2003a).

Os cinco quintetos do poema que fecha *Vogar de cose*, as “Verbas para un mar escoso”, voces para un mar que non o tocou ninguén, en que hai abundancia de peixe e se pode facer unha boa marea, é unha homenaxe ó mar e á terra e ós poetas que cantaron a terra (Manuel María, Novoneyra) e o mar (Bernardino, Ferrín, Xohana Torres).

E remato as miñas singraduras polos mares da poesía galega, de onte e de hoxe. Aplicar un “bisturí lexicográfico” en poemarios onde hai concentrada tanta beleza, tratando de buscar primeiras documentacións e examinando se os termos usados son populares ou cultos, se són da tradición literaria ou innovacións, se a súa

<sup>45</sup> Formas moi técnicas que non se documentan nos textos literarios da Base-ILG na acepción náutica, pero que usara Mörling (1989) na monografía das embarcacións tradicionais galegas. O *arrufo* e o *quebranto* saltaron á prensa galega en novembro do 2002 cando naufragou o Prestige, cando pouco antes do seu afundimento se trataba de explica-lo por que do accidente. O petroleiro puido sufrir un *arrufo*, fenómeno que fai que unha onda levante a proa e outra a popa, polo que queda o centro do barco no aire; ou ben o accidente puido deberse a un *quebranto*, isto é, que una onda levantase o barco polo centro co que a proa e a popa quedarían no aire. En ámbolos casos, o casco pode partir, como ocorreu co Prestige.

semántica é galega, e mesmo indagar na súa posible fonte, seguro que a algúns, especialmente a algún autor, lle pode parecer un atentado á beleza do texto.

Esa “carnicería”, por usar un termo de Santamarina, que os filólogos facemos nos textos literarios, e en particular a detallada “carnicería” que realicei hai uns anos na poesía de Cabanillas e Manuel Antonio (Fernández Rei 1999) e a menos detallada en poetas analizados neste traballo, creo que é necesaria, e mesmo urxente, para tratar de coñecer mellor a lingua dos clásicos que, unha vez peneirada, ten que ser introducida nos dicionarios para que estea mellor representada a lingua literaria que, non obstante, ten xa bastante presenza. Algún día todo o vocabulario dun poeta como Manuel Antonio deberá estar nos dicionarios de uso, porque é moita a transcendencia que tivo, e que segue a ter, este renovador da poesía e modernizador da común patria da lingua.

## Referencias bibliográficas

- Alvar, M. (1985): *Léxico de los marineros peninsulares*, 2 (Madrid: Arco / Libros).
- Arxóns Álvarez, M<sup>a</sup> D./ Castro Rodríguez, X. (2003): *Antón Avilés de Taramancos. Vida e obra* (Vigo: Xerais).
- Barriuso Fernández, E. (2002): *Atlas léxico marinero de Asturias* ([Oviedo]: Real Instituto de Estudios Asturianos).
- Blanco, C. (1998): “Amar no mar”, en Gay Parga, T. (ed.), *Ondas do mar de amigo*: 81-84 (Lugo: Citania).
- Bouza Brey-Trillo, F. (1980): *Obra literaria completa* (Santiago: Cerne).
- Brea, M. (coord.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievas, con estudo biográfico, análise retórica e bibliografía específica*, 2 vols. (Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro).
- Cabanillas, R. (1959): *Obra completa* (Buenos Aires: Galicia).
- Capelán, A. (1996): “Un autor nunca esquecido. Da frustrada homenaxe de 1936 á de 1960”, en *Manuel Antonio. Embarcados nun cantar*. Extra de *A Nosa Terra*: 25-46 (Vigo: A Nosa Terra).
- Capelán, A. (2002): “Os sonhos comprometidos dun poeta épico”, en Acuña, X. E./ Sánchez Iglesias, C.: *Antón Avilés de Taramancos. A nosa cultura* 21: 16-31 (Vigo: A Nosa Terra).
- Carballo Calero, R. (1981) [1963]: *Historia da literatura galega contemporánea 1808-1936* (Vigo: Galaxia).

- Cotarelo Valledor, A. (1970): “La poesía del mar en el ‘Cancionero de la Vaticana’”, *Grial*, 30: 463-77.
- Cunqueiro, A. (1991): *Obra en galego completa. Poesía. Teatro I* (Vigo: Galaxia).
- Fernández Naval, X. (1999): *O mundo da pesca na literatura galega*. (Oleiros: Centro de Documentación Domingo Quiroga, Casa da Xuventude-Concello de Oleiros).
- Fernández Rei, F. (1999): *Ramón Cabanillas, Manuel Antonio e o Mar da Arousa. Dúas singraduras na construción dun idioma para unha patria* (A Coruña: Real Academia Galega).
- Fernández Rei, F. (2000): “O mar na obra literaria de Ramón Cabanillas”, *Ponte Norga. Revista de estudos sociolingüísticos*, 2: 77-104.
- Fernández Rei, F. (2001): “O mar na literatura galega: ondas, ventos, illas, ribeiras e vagallóns”, en Pérez Alberti, A. (coord.): *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego. IV. As paisaxes de Galicia*: 219-260 (Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego).
- Fernández Rei, F. (2003a): “*Moita costa, ‘pouco mar’*: o léxico mariñeiro e a construción do estándar galego”. Conferencia no Simposio “*Léxico e Estandarización en Galicia*” (Santiago de Compostela, outubro-novembro 2002) (no prelo).
- Fernández Rei, F. (2003b). “*Noso é o remo e o adival*. Mar e léxico do mar en Avilés de Taramancos”, en *Avilés de Taramancos. Día das Letras Galegas, 2003*: 125-149 (Santiago de Compostela: Universidade).
- Filgueira Valverde, F. (1927): *A paisaxe no Cancioneiro da Vaticana* (A Cruña: Lar).
- Graña, B. (1966): *Profecía do mar* (Vigo: Galaxia).
- Graña, B. (1995): *Ardentía (Obra poética completa)* (A Coruña: Espiral Maior).
- Guerra da Cal, E. (1958): “Glosas superficiais ao tema do mar da nosa lírica primitiva”, en *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacemento*: 145-171 (Vigo: Galaxia).
- Lapa, M. Rodrigues (1970): *Cantigas d’escarnho e de mal dizer* (Vigo: Galaxia).
- Leiras Pulpeiro, M. 1970: *Obra completa*. Estudo crítico de X. L. Franco Grande (Vigo: Galaxia).
- Leiro Lois, A. (1990): *O traballo no mar (Aparellos e artes de pesca e marisqueo)* (Cambados: Colexio Público Castrelo-Cambados).
- Manuel Antonio (1992): *Poesía galega completa*. Ed. de Xosé Luís Axeitos. (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).

- Mörling, S.(1989): *As embarcacións tradicionais de Galicia* ([Santiago de Compostela]: Consellería de Pesca).
- Pena, X. R. (1996): *Manuel Antonio e a vangarda* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Pondal, E. (1995): *Poesía galega completa. I. Queixumes dos pinos*. Ed. de Manuel Ferreiro (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Pondal, E. (2002): *Poesía galega completa III Poemas manuscritos*. Ed. de Manuel Ferreiro (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Ríos Panisse, M<sup>a</sup> C. (1974): “Vida mariñeira de Sada. Contribución para un estudio lingüístico”, *Verba*, 1: 181-232.
- Ríos Panisse, M<sup>a</sup> C. (1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. II. Mamíferos, aves y algas*. Anexo 19 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade).
- Santamarina, A. (ed.) (2001) [2000]: *Diccionario de diccionarios*. Versión 2 (A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”).
- Sarmiento, Fr. M. (1970): *Colección de voces y frases gallegas*. Edición y estudio por J. L. Pensado (Salamanca: Universidad).
- Tavani, G. (1989): “A auga e a poesía galega medieval”, en ...*Tódalas augas*. Libro-carpeta, sen paxinar, con presentación e selección de dezasete poemas galego-portugueses de autores medievais a cargo de G. Tavani e con serigrafías de M. Montcada (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Deportes).
- Vilavedra, D. (coord.) (1995): *Diccionario da literatura galega. I. Autores* (Vigo: Galaxia).
- Vilavedra, D. (coord.) (2000): *Diccionario da literatura galega. III. Obras* (Vigo: Galaxia).

---

## ***De re bibliographica: BILEGA entre os recursos sobre o galego e o portugués na Internet***

---

*Francisco García Gondar*  
*Universidade de Santiago de Compostela / CRPIH*

### **Resumo:**

Neste traballo describo as principais características, contido e posibilidades de explotación da Bibliografía Informatizada da Lingua Galega (BILEGA), base de datos desenvolvida no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH). Previamente, presento unha reflexión xeral sobre as vantaxes do formato dixital e a rede Internet para a construción e difusión de fontes de información bibliográfica especializada, e ofrezco unha descrición sumaria dos recursos deste tipo que actualmente existen na Internet para o galego e o portugués. Estes recursos constitúen o contexto inmediato a partir do cal se deseñou e desenvolveu BILEGA.

### **Palabras chave:**

Bibliografía, bases de datos, recursos en liña, galego, portugués.

### **Abstract:**

*In this work I describe the main characteristics, content and possibilities of exploitation of the Bibliografía Informatizada da Lingua Galega (BILEGA), a database developed in the Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH). Before this, I put forward a general reflection on the advantages of the digital format and the Internet for the construction and diffusion of sources of specialized bibliographical information, and I offer a summary description of the resources of this type that at the moment exist on the Internet for Galician and Portuguese languages. These resources constitute the immediate background starting from which BILEGA was designed and developed.*

### **Key words:**

*Bibliography, databases, online resources, Galician language, Portuguese language.*

## **1. A Internet e as bibliografías especializadas**

Unha consecuencia do extraordinario desenvolvemento das tecnoloxías da información e das telecomunicacións no último cuarto de século é a rede Internet.



Malia a súa xuventude, constitúe un pilar básico do que se coñece como **sociedade da información**: o seu rápido crecemento en contidos e en número de usuarios está a ter fondas repercusións nos modos de produción e difusión da información a nivel mundial; ademais, está destinada a modificar –en realidade, xa o está facendo– os nosos hábitos e formas de interacción ata extremos dificilmente imaxinables hoxe.

Unha das moitas tarefas de produción de información en que se vai facendo habitual recorrer ás novas tecnoloxías é a dos traballos de compilación bibliográfica. Dou por suposto que a utilidade das fontes de información bibliográfica en calquera campo de investigación –particularmente, na investigación filolóxica e lingüística– está hoxe máis que nunca garantida polo notorio incremento cuantitativo da produción científica e a imparable tendencia á globalización. Pero resulta igualmente claro que a calidade e a eficiencia destas fontes pode verse notablemente mellorada na medida en que se conciban e desenvolvan como recursos dixitais, tratando de sacarlles a máxima rendibilidade ás posibilidades de almacenamento estruturado e de recuperación rápida e precisa da información a partir dunha clasificación multidimensional das referencias bibliográficas (RB) que o dito formato permite con ferramentas como os xestores de bases de datos. Se a isto lle engadimos as posibilidades de actualización continua e de acceso a través da Internet, non parece arriscado afirmar que o futuro destes recursos non se atopa no libro impreso –que moi probablemente acabará abandonando este campo da actividade científica ou limitando moito a súa presenza nel–, senón no formato dixital.

As posibilidades que na actualidade ofrece este formato son enormes, debido ao continuo aumento da capacidade de almacenamento dos soportes e da velocidade de procesamento da información dixitalizada. Por outra banda, os xestores de bases de datos non deixaron de perfeccionarse ó longo das dúas últimas décadas e constrúense actualmente cun alto grao de modularidade. Isto significa que nos encontramos en inmellorables condicións para abordarmos o desenvolvemento de fontes de información bibliográfica especializada en formato dixital que melloren –en cantidade, calidade e actualidade da información– os catálogos automatizados das bibliotecas e mesmo as bibliografías publicadas ata hai pouco exclusivamente en forma impresa.

Certamente, dentro do ámbito da xestión documental contamos xa cunha dilatada experiencia no uso de técnicas de almacenamento da información bibliográfica en formato dixital. En pouco máis dunha década asistimos á dixitalización da información sobre os fondos bibliográficos existentes nas bibliotecas de innumerables universidades e centros de investigación de todo o mundo (entre eles, as bibliotecas nacionais de moitos países) e, gracias á Internet, hoxe é posible acceder desde calquera lugar a esa información. Tamén vai normalizándose a publicación en for-

mato dixital de bibliografías periódicas<sup>1</sup> e están a desenvolverse interesantísimos proxectos de bibliografías especializadas<sup>2</sup> co mesmo formato; en ambos os casos é xa bastante habitual que saian ao mercado en soporte CD-ROM e que ao mesmo tempo se ofrezca acceso en liña a través da Internet.

Sen embargo, os catálogos automatizados das bibliotecas –imprescindibles hoxe para localizar axiña traballos do noso interese– están lonxe de cubriren as necesidades de información especializada dos que traballan nun ámbito concreto da actividade científica. Estas son, na miña opinión, algunhas das limitacións que presentan:

- a) Da súa construción e xestión encárganse especialistas en biblioteconomía e documentación que, agás no caso de bibliotecas moi especializadas, se ven obrigados a catalogar fondos pertencentes a ámbitos científicos moi diversos. Se o sistema de xestión bibliotecaria non dispón de mecanismos orientados a garantir a homoxeneidade dos valores introducidos para caracterizar as RB, é fácil que se produza disparidade de criterios na clasificación e que a RB do mesmo tipo (mesmo a distintas edicións dunha mesma obra) se lles asignen valores diferentes, o cal, evidentemente, repercute na precisión dos resultados que poden obterse nas interrogacións ao catálogo.
- b) Soen seguir as normas estándar de catalogación, caracterizando as RB a partir da clasificación decimal universal (CDU), que resulta absolutamente insuficiente como clasificación especializada. É certo que esta clasificación permite expansións e que moitas bibliotecas utilizan un sistema enriquecido a partir da mesma; pero o problema destas expansións é que son realizadas habitualmente polos propios bibliotecarios, cun coñecemento bastante limitado dos aspectos máis relevantes ou máis novos dun campo científico, que son os que deberían incorporarse a unha clasificación máis detallada cá CDU, sobre todo se a súa finalidade é a de servir de instrumento para a recuperación de rexistros dunha base de datos bibliográfica (sexo un catálogo automatizado dunha biblioteca ou outro tipo de recurso).
- c) Non é habitual que ofrezan información sobre o contido das publicacións periódicas e sobre os traballos incluídos en actas de reunións científicas (congresos, coloquios, xornadas, seminarios, etc.) ou como capítulos de monografías con autoría múltiple. Ben é certo que se editan en CD-ROM diversas bibliografías

---

<sup>1</sup> No que se refire ao campo lingüístico, poden servir de exemplo a **MLA International Bibliography**, que ofrece RB sobre lingüística, literatura e folclore dende 1963, ou **Linguistics and Language Behavior Abstracts (LLBA)**, que contén RB con resumos de artigos, teses de doutoramento, monografías e informes sobre investigacións no eido da conducta lingüística.

<sup>2</sup> É o caso de **PHILOBIBLON**, base de datos biobibliográfica dos primeiros textos producidos na Península Ibérica á que me referirei no apartado 3.3.

que baleiran sistematicamente este tipo de publicacións<sup>3</sup> e que tamén empezan a aparecer na Internet bases de datos especializadas neste tipo de traballos<sup>4</sup>.

- d) Cada documento ou rexistro do catálogo corresponde normalmente a un único asento bibliográfico, xa que a finalidade deste tipo de recurso é informar dos fondos existentes nunha biblioteca ou nunha agrupación de bibliotecas. Iso significa que para coñecer a historia editorial dun traballo (reedicións, edicións parciais, edicións facsimilares, traducións, etc.) o usuario vese obrigado a consultar varios documentos. E aínda esa consulta non lle garante unha información completa, pois para iso é preciso que a biblioteca ou grupo de bibliotecas a que pertence o catálogo dispoñan nos seus fondos de todos os exemplares que forman parte desa historia.
- e) Non soen ofrecer ningún tipo de anotación sobre o contido das RB, máis aló da que se poida deducir dos diferentes elementos utilizados na súa clasificación (descriptor, identificadores, topónimos, referencias cronolóxicas e claves da CDU).

Unha bibliografía especializada en formato dixital –concibida como servizo de calidade a unha determinada comunidade de investigadores– debería tratar de superar estas limitacións e para iso sería necesario:

- 1) Determinar coa maior precisión posible o seu ámbito de competencia. É ben sabido que o grao de cobertura das fontes de información bibliográfica pode variar moito: ademais dos catálogos bibliotecarios, existen bibliografías temáticas, bibliografías selectivas, guías bibliográficas, bibliografías periódicas a partir de certa data, repertorios bibliográficos con pretensións de exhaustividade, etc. Os usuarios dunha fonte de información bibliográfica diferente a un catálogo dunha biblioteca deberían ter a posibilidade de coñecer coa máxima precisión os límites do mesmo para teren certa seguridade do que poden ou non achar nel.
- 2) Garantir un alto grao de actualidade. Unha das moitas vantaxes que ofrece o formato dixital e, particularmente, a estrutura de base de datos é a posibilidade de concibir as fontes de información bibliográfica como proxectos abertos, sempre

---

<sup>3</sup> É o caso, no noso país, da base de datos **ISOC-Lengua y Literatura**, elaborada polo Centro de Información e Documentación Científica (CINDOC) do Consello Superior de Investigacións Científicas, que recolle RB de artigos publicados dende 1975 en 150 revistas españolas de Lingüística e Literatura e 176 misceláneas; ademais inclúe actas de congresos e artigos de compilacións, aínda que non de forma exhaustiva. Este recurso tamén é accesible por Internet previa subscripción en <<http://www.cindoc.csic.es>>.

<sup>4</sup> En España son ben coñecidas a base de datos **COMPLUDOC**, da Biblioteca da Universidade Complutense de Madrid (<<http://www.ucm.es/bucm/>>), e a **Base de dades de sumaris electrònics**, do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Cataluña (<<http://sumaris.cbuc.es/>>).

dispostos para seren actualizados a través da implementación individual de novos rexistros ou a través de cargas masivas de grupos de rexistros cada certo tempo. Un recurso que ofrezca información actualizada posúe un valor engadido porque supera a limitación tradicional dunha bibliografía en forma impresa. Un catálogo automatizado ten ese valor adicional, pero en certo modo limitado porque unicamente informa dos fondos adquiridos pola biblioteca.

- 3) Enriquecer o repertorio de valores utilizados para caracterizar ou clasificar as RB coa finalidade de facilitar a localización precisa das que entran dentro do campo de interese do usuario. O camiño máis doado para acadar este obxectivo nun recurso bibliográfico dixital é establecer varios parámetros de clasificación que poidan utilizarse simultaneamente nas buscas. Téñase en conta que a estruturación dunha bibliografía en forma de base de datos abre posibilidades de organización da información impensables nun texto impreso ou na súa translación ao formato dixital e isto repercute directamente na potencia das buscas e na precisión dos resultados que se poden obter delas. Para aproveitar este tipo de organización nunha bibliografía filolóxica e/ou lingüística en formato dixital, cómpre introducir varios parámetros de clasificación metalingüística das RB como os que temos implementado en BILEGA (véxase 4.2.2).
- 4) Asociar asentos bibliográficos que estean relacionados. Nunha base de datos bibliográfica poden incluírse asentos bibliográficos ao estilo dun catálogo automatizado dunha biblioteca. Como xa sinaléi, a característica fundamental da organización tipo catálogo é que cada asento corresponde normalmente a un rexistro da base de datos. Sen embargo, nunha bibliografía especializada xulgo moito máis pertinente a asociación de asentos bibliográficos relacionados, creando varias táboas que permitan facer explícitas esas relacións ou agrupándoos nun mesmo rexistro. Esta última é a solución adoptada en BILEGA a través da creación de rexistros que poden conter múltiples asentos bibliográficos, segundo veremos no 4.2.2.
- 5) Incluír algún tipo de anotación sobre o contido das RB, de xeito tal que se vexa enriquecido o índice correspondente ao campo da base de datos en que se introducen esas anotacións, creándose así outra vía para potenciar a especificidade das buscas. Na súa forma ideal, unha bibliografía especializada debería incluír nesas anotacións algún tipo de apreciación crítica sobre a calidade das RB comentadas.

Son varias, pois, as dimensións en que se pode actuar para mellorar a calidade destes recursos e a unha boa parte delas prestamos especial atención no momento de deseñar a base de datos que motiva este artigo. Pero, antes de presentar as súas características, repasarei as principais fontes de información bibliográfica sobre o galego e o portugués que neste momento se poden achar na rede.

## 2. As fontes de información bibliográfica sobre o galego na Internet<sup>5</sup>

**2.1.** Antes da década de 1970 a presenza do galego moderno nos repertorios bibliográficos impresos de carácter nacional ou internacional era máis ben testemuñal. A súa nula promoción social e, como consecuencia dela, a inexistencia dunha tradición de estudos minimamente consolidada xogaban en contra desa presenza.

- No ámbito nacional, dúas revistas filolóxicas de prestixio incluíron dende finais da década de 1950 nos seus apéndices bibliográficos periódicos algunhas entradas bibliográficas sobre o galego: a *Revista de Filología Española* a partir do tomo 41 (1957), nunha sección titulada “Gallego-portugués”, e a *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* a partir do tomo 14 (1958), nunha sección de idéntico nome que, dende o tomo 16 (1960), pasaría a chamarse “Gallego, portugués y brasileiro”.
- Moito máis relevantes foron os apéndices bibliográficos que –por iniciativa do ilustre polígrafo Xosé Fernando Filgueira Valverde– se publicaron co título de “**Bibliografía de Galicia**” nos *Cuadernos de Estudios Gallegos* desde o seu primeiro número (1944). Malia non ser unha bibliografía exclusivamente lingüística nin estar dedicada só a traballos sobre a cultura galega, o certo é que as 33 entregas publicadas entre 1944-1987 (as dúas últimas como monografías independentes correspondentes aos anos 1982 e 1983) constituíron a fonte de información máis completa sobre a lingüística e a filoloxía galega que se facía entón.
- No ámbito das bibliografías periódicas de carácter internacional, a única excepción que se pode salienta con anterioridade a 1975 é a **Romanische Bibliographie**, que se publica anualmente como suplemento da revista *Zeitschrift für Romanische Philologie* e que aínda hoxe segue a ser a máis completa e prestixiosa bibliografía periódica de romanística. Neste repertorio véñse reservando un apartado específico para o galego –integrado dentro da sección dedicada á dialectoloxía portuguesa– xa dende a entrega correspondente aos anos 1940-1950 (RB 1957). Ata hai pouco tempo era o repertorio bibliográfico internacional que ofrecía máis información sobre o galego moderno, aínda cando esa información (sobre todo a relativa aos últimos dez ou quince anos) estivese lonxe de ser completa. No ano 2002 acaban de publicarse en CD-ROM as entregas correspondentes aos anos 1997-2000, de tal xeito que a través dunha biblioteca que ofrezca o servizo de acceso en liña sería posible consultalas por Internet.

---

<sup>5</sup> Todas as referencias a páxinas da Internet ou a rexistros e datos globais de BILEGA que se citan ao longo do artigo foron comprobadas por última vez mediante a pertinente consulta o 15/05/2003.

**2.2.** A situación comezou a cambiar na década de 1980. O proceso de institucionalización da lingüística galega iniciado na década anterior acabaría reflectíndose nestes repertorios bibliográficos que, ao longo das décadas de 1980 e 1990, foron introducindo un apartado específico –diferenciado do que tradicionalmente se dedicara ao portugués ou incluído dentro del– para a información bibliográfica sobre a lingua galega.

- Así, na bibliografía anual publicada polo Comité International Permanent des Linguistes (**Bibliographie linguistique de l'année [...] et complément des années précédentes = Linguistic Bibliography for the Year [...] and Supplement for Previous Years**) menciónase por primeira vez o galego, a carón do portugués (“Portugais et galicien = Portuguese and Galician”), na entrega correspondente ao ano 1975 (BL 1978). Pero ata a do ano 1987 (BL 1989) non atopamos unha sección especificamente dedicada ao galego moderno e diferenciada da que se viña reservando para o galego-portugués medieval. A información desta nova sección titulada “Galicien moderne = Modern Galician” mellorou notablemente a partir do volume publicado en 1996 (que recolle os traballos aparecidos en 1993); se ata entón se responsabilizaran dela profesores de universidades norteamericanas (cos atrancos que implica a distancia para acadar a información), dende esa entrega participa como colaborador Xosé Luís Regueira Fernández, profesor de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela que nos últimos anos se ven dedicando a tarefas de compilación da bibliografía lingüística galega. Dende 2002 está operativa na URL <<http://www.kb.nl/kb/blonline/blonline.html>> a base de datos **BL ONLINE**, que constitúe a versión electrónica da publicación impresa; na actualidade contén todas as entradas dos volumes impresos correspondentes aos anos 1993-1998 e segue a incrementarse con entradas posteriores a 1998. Os usuarios teñen a posibilidade de introducir no formulario correspondente valores de busca (por exemplo, ‘Galician language’) que lles permitirán localizar especificamente os rexistros bibliográficos que nalgún dos seus campos inclúan valores idénticos aos elixidos.
- A bibliografía de romanística que se publica anualmente nos Estados Unidos na revista *Comparative Romance Linguistics Newsletter* incluíu por primeira vez unha sección específica para o galego no número 37/2 con traballos publicados entre 1980-1987 (Freire 1988). Esta nova sección, que non se mantivo de forma constante (entre 1988 e 1999 publicouse cinco veces), ofrecía unha información bastante incompleta, se temos en conta o grao de desenvolvemento que xa entón acadara a lingüística galega. A partir da entrega publicada en 2000, a información sobre o galego mellorou notablemente, xa que dende esa data pasou a responsabilizarse da redacción desa sección Xosé Luís Regueira Fernández. Este repertorio segue a publicarse en forma impresa, pero tamén se pode consultar de balde

pola rede en <<http://www.csd1.tamu.edu/~crln/>>. O seu maior inconveniente é que cada entrega está gardada en forma de arquivo de texto independente (nas últimas, en formato PDF), de tal xeito que non é posible consultar conxuntamente información de distintas entregas (por exemplo, todos os traballos sobre o galego), nin tampouco realizar buscas selectivas mediante a introducción polo usuario de valores de busca específicos.

- A nivel nacional, a fonte de información bibliográfica máis salientable é a compilación realizada por un grupo de investigadores do Instituto da Lingua Galega, que apareceu inicialmente en varias entregas publicadas entre 1990 e 1992 na revista *Cadernos de Lingua*. O conxunto deste material bibliográfico, ao que se engadiu a información posterior a 1992, converteuse nunha monografía cunhas 2.500 entradas (Regueira 1996), concibida como guía orientativa e non como un repertorio exhaustivo. Posteriormente unha selección desta guía quedaría almacenada con formato de arquivo de texto nas páxinas do Instituto da Lingua Galega. Ata o momento actual, constitúe unha bibliografía pechada que recolle traballos publicados ata 1995 e que se pode consultar de balde na URL <<http://www.usc.es/~ilgas/Biblio00.html>>.
- Mário J. Herrero Valeiro incluíu na rede en 1997 as RB sobre traballos de investigación e opinión de temática sociolingüística que reunira na súa Memoria de Licenciatura (Herrero Valeiro 1993) e que seguiu actualizando ata o momento de confeccionar a páxina. Este conxunto de asentos bibliográficos –que non pretende acadar a exhaustividade, sobre todo no referente a artigos de xornal– constitúe o que o autor chama **Bibliografía de discurso glotopolítico na Galiza**, á que se pode acceder de balde en <<http://www.udc.es/dep/lx/mhv/bibglot.html>>. O documento é un arquivo de texto en formato WordPerfect 5.2 para Windows que se pode importar ao ordenador propio.
- Tamén se poden encontrar algunhas orientacións bibliográficas en formato de texto sobre materiais para a aprendizaxe do galego en <<http://galego.org/biblioteca.html>>.
- Pola súa banda, o Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela ofrece unha listaxe de obras lexicográficas (diccionarios e vocabularios monolingües e bilingües) e textos gramaticais de referencia en <<http://www.usc.es/~snlus/listabib.htm>>. Algúns dos traballos lexicográficos que se citan nesta páxina poden consultarse en formato de texto, non permitindo outra navegación cá correspondente ás letras do abecedario.
- Por último, entre as iniciativas bibliotecarias creo que merece ser salientada a sección “Galicia” do catálogo automatizado da Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela. Esta sección acolle as publicacións de investigadores

galegos ou foráneos, pero que traballan ou traballaron en Galicia. Verbo das publicacións filolóxico-lingüísticas, malia non ser un catálogo dedicado exclusivamente á lingua galega, ten a virtude de ofrecer información sobre traballos aparecidos en publicacións periódicas ou como capítulos de monografías, cousa que habitualmente non fan a maioría dos catálogos doutras bibliotecas.

En conclusión, non se pode dicir que sexan moitos os recursos bibliográficos sobre o galego que atopamos na rede; sen embargo, tendo en conta o aínda limitado número de traballos que conforman a tradición filolóxico-lingüística galega desde os inicios da súa institucionalización, a información que ofrecen en conxunto é bastante completa. O que quizais se bota de menos é un recurso que ofrezca unha información ampla (no sentido de abranger todas as áreas da investigación lingüística e filolóxico-lingüística) e, ao mesmo tempo, actualizada; esta é precisamente a lagoa que trata de encher a **Bibliografía Informatizada da Lingua Galega (BILEGA)** a que me referirei no apartado 4.

### 3. As fontes de información bibliográfica sobre o portugués na Internet

**3.1.** Se veño de deixar constancia da recente presenza do galego nalgúns dos principais repertorios internacionais de bibliografía filolóxica e lingüística, a do portugués é moito máis antiga debido ao seu diferente estatus no ámbito da romanística xa dende os traballos fundacionais do século XIX. A súa presenza na clasificación **canónica** tradicional das linguas románicas e o desenvolvemento da filoloxía portuguesa no tránsito entre o século XIX e o XX foron elementos dabondo para garantir a atención a esta lingua nas fontes de información bibliográfica.

Moi diferente é a situación do portugués no que se refire aos recursos bibliográficos en formato dixital e, particularmente, aos que se poden achar na rede. Naturalmente, deben terse en conta como fontes importantes de información o **Catálogo da Biblioteca Nacional de Lisboa (PORBASE)**, que xa leva funcionando algúns anos e ao que se pode acceder en <<http://sirius.bn.pt/sirius/sirius.exe>>, e os catálogos das bibliotecas das distintas universidades portuguesas e brasileiras, boa parte deles creados nos últimos cinco ou seis anos. Pero só moi recentemente xurdiron en Portugal varias iniciativas dirixidas ao deseño e desenvolvemento de recursos dixitais de información bibliográfica sobre esta lingua, tratando así de superar a principal eiva que presentan na súa forma impresa tradicional: a rápida desactualización. Ofrezco a continuación unha descrición sumaria dos mesmos:

- Na Facultade de Ciências Sociais e Humanas da Universidade Nova de Lisboa a Liña de Investigación nº 4 (Lingüística Histórica), que dirixe António Henrique



de Albuquerque Emiliano, estableceu como unha das súas prioridades a elaboración de bibliografías especializadas de Lingüística Histórica e Historia das Linguas. O primeiro proxecto deste tipo que na actualidade están a desenvolver algúns dos investigadores que integran esta liña é a **Bibliografía de História da Língua Portuguesa (BHLP)**, concibida como base de datos que trata de constituírse nun repositorio o máis exhaustivo, actualizado e actualizable posible dos traballos diacrónicos sobre o portugués, e que terá como canle de difusión a rede Internet. Ata o momento recompilaron xa algúns materiais bibliográficos (unhas 400 RB, segundo a última información que figura na páxina web) e atópanse na fase de deseño da base de datos, de tal xeito que aínda non é posible acceder aos rexistros. Pode encontrarse información sobre este proxecto na URL <<http://www.fcs.unl.pt/clunl/linha4.html>>.

- O Centro de Linguística da Universidade de Lisboa (CLUL) inclúe entre os seus proxectos a elaboración dunha **Bibliografía da Prosa Medieval em Língua Portuguesa** baixo a responsabilidade de Isabel Vilares Cepeda. O seu obxectivo é ofrecer aos estudiosos da Idade Media información bibliográfica o máis actualizada posible sobre os textos medievais en prosa escritos en portugués. Esta investigación reflectiuse inicialmente nunha monografía impresa (Cepeda 1995) que agora se trata de actualizar con novas entradas. Pode atoparse información sobre este proxecto, do que aínda non é posible consultar resultados concretos a través da rede, en <[http://www.clul.pt/sectores/projeto\\_bibliografia\\_prosa.html](http://www.clul.pt/sectores/projeto_bibliografia_prosa.html)>.
- No Centro de Estudos de Lingüística Geral e Aplicada (CELGA) da Facultade de Letras da Universidade de Coimbra iniciouse en setembro de 2001 un **Projecto de Bibliografía Corrente de Lingüística do Português**, do que son responsables Ana Cristina Macário Lopes (como coordinadora), Graça Maria Rio-Torto e Cristina Martins. Esta bibliografía aspira a recoller nunha base de datos actualizable e accesible por Internet todas as RB sobre a lingua portuguesa publicadas en Portugal a partir do ano 2000. Despois da fase inicial de identificación das fontes de información bibliográfica que cumpría consultar e de deseño da base de datos, xunto co sistema de clasificación das RB, comezouse a construír en febreiro de 2002 e na actualidade xa é posible acceder vía web á información das RB incluídas. A concepción desta bibliografía é semellante á dun catálogo de biblioteca, xa que a información que ofrecen as fichas bibliográficas se limita aos datos relevantes desde o punto de vista biblioteconómico, non incluíndo nin resumos do contido dos traballos nin información sobre recensións ou notas de publicación. Pode verse información sobre este proxecto na páxina web <[http://www.uc.pt/celga/proj\\_bclp.htm](http://www.uc.pt/celga/proj_bclp.htm)>, que tamén ofrece unha ligazón para a consulta da base de datos. Ademais desta posibilidade de consulta, anúnciase neste lugar un sistema de difusión selectiva da información a través do correo electrónico que aínda non está operativo.

Nos tres proxectos está previsto acoller traballos dedicados á fase común galego-portuguesa e, polo tanto, constitúen investigacións relevantes tamén para o galego que contribuirán a fornecer información actualizada, sobre todo, da produción científica procedente de Portugal (e quizáis tamén do Brasil, país do que aínda non resulta fácil acadar información posta ao día e exhaustiva). Cos responsables do proxecto de **Bibliografía de História da Língua Portuguesa** o equipo de BILEGA xa estableceu un acordo inicial de colaboración para o intercambio de información, e está tamén en fase avanzada a negociación para un acordo do mesmo tipo cos responsables do proxecto de **Bibliografía Corrente de Linguística do Português**.

**3.2.** Fóra de Portugal, tamén existe algunha iniciativa para ofrecer información bibliográfica a través da rede. Concretamente, en Alemaña, no Portugalzentrum (Centro de Documentación sobre Portugal da Universidade de Tréveris), fundado en 1991, están a desenvolverse dúas bases de datos que se anuncian como accesibles en liña proximamente. A primeira (**PORBPZ**) acolle as entradas bibliográficas (polo momento, só obras existentes na biblioteca do Centro) fundamentalmente referidas a Portugal (en menor medida ás ex-colonias portuguesas, aínda que está prevista a expansión a todo o mundo lusófono); non é unha bibliografía especificamente lingüística, pois acolle traballos de diferentes ámbitos disciplinares (incluídos os estudos literarios), e neste momento conta con máis de 7.000 entradas. A segunda base de datos (polo momento, sen acrónimo) contén artigos sobre Portugal publicados en revistas científicas en lingua alemá (nunha primeira fase, artigos de lingüística e literatura); conta actualmente con 1.011 entradas. A URL de acceso ao Portugalzentrum é <<http://www.uni-trier.de/uni/foreinr/portugal/pagina1.htm>>.

**3.3.** Malia constituíren repertorios bibliográficos especificamente dedicados aos textos medievais e aos estudos sobre os mesmos, aínda deben citarse aquí outros dous recursos importantes tanto para o galego como para o portugués, pois fornecen información bibliográfica sobre traballos lingüísticos ou filolóxico-lingüísticos:

- A **Bibliografía de Textos Antigos Galegos e Portugueses (BITAGAP)** é unha base de datos que ofrece un catálogo unificado de todos os textos orixinalmente escritos en galego-portugués, galego e portugués, ou vertidos a estas linguas durante a Idade Media (ata comezos do século XVI). Inclúe un apartado de bibliografía secundaria (segundo os seus autores, non exhaustiva), que recolle RB de interese directo para as descrições, localizacións ou edicións dos manuscritos e das primeiras impresións dos textos. É nesta sección da base de datos onde se poden atopar traballos de interese lingüístico. BITAGAP foi concibida como un proxecto aberto, iniciado en 1988 por Arthur L.-F. Askins, Harvey L. Sharrer, Aida

Fernanda Dias e Martha E. Schaffer e destinado a difundirse en versións electrónicas e, eventualmente, en formato impreso. Actualmente existen versións en CD-ROM e unha versión (menos completa cá do CD-ROM) de acceso gratuíto por Internet en <<http://sunsite.lib.berkeley.edu/PhiloBiblon//phhm.html>>. Forma parte dun proxecto máis amplo (**PHILOBIBLON**), dirixido por Charles B. Faulhaber, no que se integra con outras dúas bases de datos: **Bibliografía Española de Textos Antigos (BETA)** e **Bibliografía de Textos Catalans Antics (BITECA)**. As tres poden ser consultadas conxuntamente ou por separado. Na miña opinión, constitúe un proxecto de grandísimo valor porque, ademais do rigor e minuciosidade da información que ofrecen as RB, no seu deseño aproveitouse toda a potencia e a versatilidade que caracteriza as bases de datos relacionais para acadar unha estrutura con múltiples elementos de información ligados entre sí.

- **O Boletín bibliográfico da Asociación Hispánica de Literatura Medieval** acolle RB de traballos de edición e de análise de textos literarios e non literarios da Idade Media, así como algúns estudos lingüísticos e estudos de tipo histórico. Empezou a publicarse en forma impresa en 1987 e aparece habitualmente organizado en seccións independentes para cada unha das tradicións literarias hispánicas<sup>6</sup>. Unha destas seccións está dedicada, loxicamente, á literatura galego-portuguesa e dela xa se publicaron quince entregas, ofrecendo as máis recentes información sobre o contido dos traballos, aínda que non de forma exhaustiva. Neste momento é accesible por Internet en <<http://griso.cti.unav.es/medieval/ahlm/Buscar.html>>, pero a estrutura que presenta o formulario de buscas é excesivamente sinxela, de tal xeito que non permite recuperar con certo grao de precisión a rica información que conteñen as RB.

## 4. A Bibliografía Informatizada da Lingua Galega (BILEGA)

### 4.1. O proxecto

No contexto que acabo de describir nos apartados 2 e 3 nace a **Bibliografía Informatizada da Lingua Galega (BILEGA)** como un dos proxectos iniciais do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH), creado pola Xunta de Galicia en novembro de 1993.

**BILEGA** é una base de datos deseñada para ofrecer a través da Internet información bibliográfica exhaustiva, actualizada e actualizable sobre os traballos de investigación, divulgación e opinión dedicados á lingua galega en calquera das fases do seu

<sup>6</sup> Ata a entrega 14 as tradicións galega e portuguesa aparecían agrupadas nunha mesma sección ("Literatura galaico-portuguesa"), pero, sorprendentemente, na entrega 15 (a última publicada ata agora) dedícase unha sección á literatura galega e outra á literatura portuguesa, o cal obriga a incluír dúas veces algunhas RB.

desenvolvemento histórico, incluído o período prerromance. Foi inicialmente concibida como recurso de información dirixido exclusivamente a investigadores, pero, polo feito de acoller traballos de divulgación, cremos que tamén pode resultar útil para outras persoas que, dende distintos ámbitos de actividade profesional e con motivacións diferentes á investigación, poidan ter interese en dispoñer dalgún tipo de información sobre a lingua galega.

Poucos meses despois da creación do CRPIH, Guillermo Rojo e mais eu iniciabamos os traballos de deseño da base de datos a partir da experiencia que adquiriramos na construción dunha base de datos bibliográfica no Departamento de Lingua Española da Universidade de Santiago de Compostela e mais na preparación da **Bibliografía lingüística española** que un grupo de profesores dese Departamento publicamos en varias entregas entre 1986 e 1993 na *Revista de la Sociedad Española de Lingüística*. Establecida a estrutura de BILEGA, os aspectos formais da cita bibliográfica e mais os tesauros de temas, variedades de lingua e ámbitos (véxase 4.2.2), un equipo de bolseiras do CRPIH comezou a buscar e introducir RB na base de datos<sup>7</sup>.

Os primeiros resultados do proxecto viron a luz nunha monografía impresa (García Gondar (dir.) 1995) que ofrecía, clasificadas por temas, algo máis de 5.000 entradas bibliográficas correspondentes ao material compilado no primeiro ano de traballo (entre maio de 1994 e xullo de 1995). Era un repertorio bibliográfico elaborado fundamentalmente a partir da consulta doutras fontes de información e isto fixo que se perpetuasen nel moitos erros procedentes desas fontes; ademais, como sospeitabamos, faltaban aínda bastantes RB e o seu nivel de anotación era moi baixo.

Estas eivas fixeron que nos tres anos seguintes (1996-1998) centrasemos os nosos esforzos na actualización retrospectiva e prospectiva de BILEGA, na revisión –mediante a consulta directa dos traballos– de todos os datos bibliográficos implementados previamente e na elaboración dun resumo dos mesmos, así como nos traballos de preparación do contorno para a súa xestión na Internet<sup>8</sup>.

---

<sup>7</sup> O equipo inicial estivo formado por M<sup>a</sup> Teresa Araújo García (1994-2001), Inés Diz Gamallo (1994-2001), M<sup>a</sup> Teresa Monteagudo Cabaleiro (1994-1998) e Pilar Vázquez Grandas (1994-1998). A elas uníranse posteriormente Eva Domínguez Noya (1995-2001) e Susana García Rodríguez (1997-2000). Actualmente traballan en BILEGA Cristina Blanco González (2001-...) e Déborah González Martínez (2002-...). Como director de BILEGA, a todas elas quero expresar dende estas páxinas o meu profundo agradecemento polo extraordinario entusiasmo e dedicación que sempre amosaron nas ingratas tarefas de busca bibliográfica. Tendo en conta que houberon de compatibilizar esas tarefas cos traballos de construción do Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA), a súa dedicación resulta aínda máis meritosa.

<sup>8</sup> Foi esta unha fase de estreita colaboración cos técnicos do Departamento de informática do CRPIH (Fernando Magán Muñoz, Jesús Rodríguez Castro e José Carlos Sánchez Rivas). Vaia para eles tamén a miña expresión de agradecemento, pois foron os responsables fundamentais de moitas das decisións que houbo que adoptar.

A mediados de 1998 iniciabamos as probas de funcionamento de BILEGA (versión 1.0) na Internet, producíndose a súa inauguración oficial na rede o 12 de novembro dese ano. A base de datos contaba entón con 7.969 rexistros.

Dende ese momento BILEGA non deixou de medrar ata hoxe consonte o obxectivo de mantela o máis actualizada posible. Ademais das modificacións en rexistros antigos (corrección de erros, datos de novas edicións, traducións, recensións, información sobre o contido), en xaneiro de 1999 cargáronse 574 rexistros novos (versión 1.0.1), en maio de 2000 outros 1.147 (versión 1.0.2) e, a partir de entón, tomamos a decisión de introducir individualmente os novos rexistros; unicamente na última fase deste período (desde novembro de 2002) paralizamos esta estratexia para preparar a versión 2.0, que será a que estea operativa cando se publiquen estas páxinas. A URL desta nova versión é a seguinte: <<http://www.cirp.es/bdo/bil/bilega.html>>.

## 4.2. Estructura

**4.2.1.** A creación da versión 2.0 de BILEGA vén motivada polo cambio do xestor que goberna o seu funcionamento<sup>9</sup>. Este cambio supón algunhas modificacións no sistema de buscas, pero a estrutura de BILEGA v2.0 segue a ser idéntica á das versións 1.0, agás a desaparición dos campos multivaluados (é dicir, campos que poden almacenar máis dun valor) e dalgunha modificación na orde de presentación dos campos no formulario de buscas.

Esta estrutura é máis ben simple desde o punto de vista informático, pois o que priorizamos no seu deseño foi a comodidade de acceso do usuario aos documentos, concibidos como unha especie de arquivos de texto estruturados que tratan de ofrecer a historia editorial completa de cada RB; deste xeito, un rexistro de BILEGA pode chegar a conter máis de dúas ducias de asentos bibliográficos (varias edicións do traballo, outros traballos derivados do primeiro que poden atoparse como rexistros distintos na mesma base de datos, traducións, recensións, notas de publicación, ademais da información sobre o contido e de varias caracterizacións metalingüísticas que producen unha clasificación moi detallada da RB co obxectivo de facilitar a súa localización a través de múltiples parámetros de busca (máis aló da localización por autor, título ou ano de publicación). A clasificación temática das RB mesmo inclúe valores que, sen seren exactamente idénticos, amosan un certo grao de redundancia co obxectivo de facilitar varios camiños para a localización das RB segundo este parámetro metalingüístico.

---

<sup>9</sup> As versións 1.0 de BILEGA foron xestionadas con *BASISplus* (pode atoparse información sobre este sistema en <<http://www.opentext.com/bais/>>). O xestor que agora entra en funcionamento para BILEGA v2.0 é *Oracle 9i SE Database* (véxase información sobre o mesmo en <<http://www.oracle.com/ip/dep/loay/data-base/oracle9i/>>).

BILEGA está organizada en dúas táboas:

- a) A táboa BILEGA que contén todos os elementos de información sobre as RB.
- b) A táboa REVISTAS que almacena os datos sobre as publicacións periódicas (revistas, semanarios, xornais) citadas na primeira táboa. Tamén se pode encontrar información sobre estas publicacións na sección de documentación da páxina web de BILEGA, nun arquivo de texto que ofrece unha listaxe coa forma en que se citan nos rexistros da táboa BILEGA, o título e o lugar de publicación. Na táboa REVISTAS pódense consultar outros datos como ISSN, Depósito Legal, cronoloxía da publicación, editorial ou institución editora e notas sobre a súa historia editorial.

É posible navegar dunha taboa á outra gracias á organización en marcos da páxina da base de datos: por exemplo, na consulta dun rexistro da táboa BILEGA un usuario quere dispoñer de datos sobre unha publicación periódica citada nese rexistro; para iso non ten máis que ir ao marco da esquerda da páxina e premer na táboa REVISTAS para localizar nela o rexistro correspondente a esa publicación.

Por razóns de espacio, limitareime a presentar a estrutura da táboa BILEGA na versión 2.0, indicando cun signo “+” aqueles campos que posúen tesauro<sup>10</sup>:

	<b>Campos</b>	<b>Seccións</b>	<b>Tesauro</b>
1	ID	-	-
2	Título	-	-
3	Autor	-	-
4	Ano publicación	-	-
5	Tema	-	+
6	Enfoque	-	-
7	Período	-	-
8	Variedade lingua	-	+
9	Ámbito	-	+
10	Tipo traballo	-	-
11	Data actualización	-	-
12	Lingua documento	-	-
13a	Documento	Edición(s)	-
13b		Outras mencións de responsabilidade	-
13c		Identificador(es)	-
13d		Contido	-
13e		Recensións	-

<sup>10</sup> Para facilitar a identificación dos campos na descrición que ofrezco no apartado seguinte, asigno un número a cada un e identifico cunha letra as seccións do campo DOCUMENTO.

**4.2.2.** Coa finalidade de dar unha idea dos distintos elementos de información que conteñen as RB de BILEGA, ofrezoo a continuación unha descrición do contido de cada campo e sección de campo (prescindindo necesariamente de moitos detalles que a farían excesivamente longa):

- a) O campo 1 garda o número de orde que asigna o xestor da base de datos a cada novo rexistro. Dado que este número se mantén sempre asociado á mesma RB á que se asignou inicialmente, a súa utilización nas buscas resulta útil sobre todo cando se quere obter información sobre o grupo de rexistros creados desde a última vez que o usuario consultou BILEGA; o único que se precisa é levar conta de cal era o último rexistro da base de datos a derradeira vez que se accedeu a ela (información que se obtén simplemente facendo unha busca con todas as ventás do formulario de buscas baleiras).
- b) O contido dos campos 2, 3 e 4 resulta transparente. Unicamente é preciso indicar que o título que se almacena no campo 2 é o da primeira edición que se cita na sección 13a; cando ese título sufriu algunha modificación en edicións posteriores, aparece citado nesta sección. O ano de publicación do campo 4 é o correspondente á primeira edición citada en 13a (normalmente tamén a primeira desde e punto de vista editorial) ou o ano de presentación no caso de traballos académicos.
- c) O campo 5 identifica o(s) tema(s) tratado(s) na RB (ata un máximo de cinco). A clasificación realízase a partir do tesouro de temas, constituído por 356 entradas organizadas xerarquicamente nun máximo de sete niveis inclusivos que tratan de cubrir todas as áreas dos estudos lingüísticos. Cada entrada está constituída por unha cadea alfanumérica e un texto que identifica unha disciplina lingüística (fonoloxía, gramática, lingüística histórica, psicolingüística, etc.), un tipo de traballo (notas biobibliográficas sobre lingüistas e filólogos, dicionarios monolingües, traballos onomasiolóxicos, estudos sobre falas, etc.), un concepto teórico (adxectivo, complemento directo, neoloxismos, interferencias, etc.) ou unha variedade non xeográfica (o galego dos textos literarios e paraliterarios, as xergas, etc.). O nivel máis alto deste tesouro está constituído polas seguintes entradas:

- 1 TRABALLOS XERAIS E OBRAS DE CONSULTA (inclúe, entre outros, os traballos de información bibliográfica, as obras xerais de consulta e os estudos de historiografía da lingüística galega).
- 2 FONETICA E FONOLOXIA
- 3 MORFOLOXIA, SINTAXE E ANALISE DO DISCURSO
- 4 LEXICOLOXIA E LEXICOGRAFIA. ONOMASTICA. APLICACIONES INFORMATICAS
- 5 DIALECTOLOXIA, XEOLINGÜISTICA, SOCIOLINGÜISTICA E ETNOLINGÜISTICA
- 6 LINGÜISTICA HISTORICA
- 7 PSICOLINGÜISTICA E NEUROLINGÜISTICA

8 DIDACTICA DO GALEGO

9 ESTUDIOS COMPARATIVOS, CONTRASTIVOS E TRADUCCION

A TRABALLOS SOBRE VARIEDADES NON XEOGRAFICAS DO GALEGO

- d) O campo 6 identifica o(s) enfoque(s) metodolóxico(s) adoptado(s) no traballo: sincrónico (S), diacrónico (D), ambos os dous (DS) ou ningún.
- e) O campo 7 identifica o(s) período(s) da historia do galego estudado(s) no traballo: prerromances (P), galego-portugués (M), galego medio (E) e/ou galego moderno (C).
- f) O campo 8 identifica a variedade de lingua estudada (diatópica / diastrática / diafásica / linguaxe literaria). Tamén aquí se fai a clasificación das RB a partir dun tesouro constituído por 25 entradas organizadas xerarquicamente en catro niveis inclusivos.
- g) O campo 9 serve para clasificar os traballos segundo as linguas de que se ocupan. A clasificación das RB tamén se basea nun tesouro de ámbitos constituído por sete entradas organizadas xerarquicamente en tres niveis inclusivos. Dada a concepción ampla da lingüística galega con que traballamos (véxase o apartado 4.3.b.1), pareceunos relevante introducir este parámetro, sobre todo para ofrecer a posibilidade de restrinxir as buscas aos traballos máis centrados no galego. En relación con isto, é preciso advertir que o que chamamos ‘ámbito galego’ se aplica non só aos traballos centrados no galego medio ou no galego moderno, senón tamén aos que estudian o galego-portugués, sempre que non analicen tamén períodos posteriores da historia do portugués (pois neste último caso asígnaselles o ‘ámbito portugués’). Evidentemente, trátase dunha diferenciación conceptual pouco ortodoxa que só encontra xustificación no feito de que BILEGA fose concibida como unha bibliografía da lingua galega e non das linguas galega e portuguesa e, como tal, trate de facilitar da forma máis directa posible a localización das RB pertencentes á lingüística/filoloxía galega no sentido máis estricto. Deste xeito, mentres que para un usuario que desexe obter información sobre RB centradas no galego abonda con que introduza o valor 111 na ventá correspondente a este campo, quen desexe información sobre as RB centradas no portugués deberá combinar nesa ventá os valores 111 e 112 unidos polo operador de disxunción (111, 112).
- h) O campo 10 clasifica as RB en dous grupos: investigación (I) e divulgación/opinión (D). A fronteira entre os dous tipos non resulta fácil de traxer porque está lonxe de ser nidia; sen embargo, dada a moi diversa extensión e profundidade das RB incluídas en BILEGA, xulgamos útil ofrecer esta clasificación, sobre todo para que os investigadores poidan discriminar os traballos máis relevantes sobre un tema.
- i) O campo 11 almacena a data en que se creou ou se modificou por última vez o rexistro. Esta información resulta útil sobre todo cando se queren limitar as buscas aos rexistros novos ou modificados desde o derradeiro acceso á base de datos.



- k) O campo 12 identifica a lingua en que foi escrita a primeira edición da RB (que será a que apareza en primeiro lugar na sección 13a). Nunha futura versión nova de BILEGA tamén servirá para identificar as traducións a outras linguas.
- l) O campo 13 é un campo de texto organizado en varias seccións:
- 1.1) A sección 13a resérvase para os datos bibliográficos de edición. O nivel de detalle dos mesmos sitúase a medio camiño entre o dunha ficha catalográfica e a forma habitual de cita nos traballos do noso ámbito científico, é dicir, non chega ao grao de detalle da primeira, pero inclúe elementos de información que normalmente non aparecen nos segundos (por exemplo, tratamos de incluír sistematicamente o número de páxinas das monografías, se conteñen mapas, ilustracións ou fotos e o nome da colección ou serie á que pertencen). En calquera caso, tratamos de deseñar un sistema de cita que resultase o máis transparente posible para un usuario sen un coñecemento específico de biblioteconomía e, sobre todo, que fose formalmente idéntico para todas as RB que conforman a base de datos. Xulgamos que a homoxeneidade formal dos distintos campos e seccións de campo –e sobre todo desta sección, que é a que presenta maior complexidade– era un valor engadido que tiñamos que potenciar.
  - 1.2) A sección 13b trata de completar a información do campo 3 acollendo elementos como os seguintes: autores (cando son máis de cinco), redactores (fundamentalmente nas obras lexicográficas), colaboradores, autores de prólogos, tradutores, correctores lingüísticos, directores de memorias de licenciatura e de teses de doutoramento, etc.
  - 1.3) A sección 13c identifica lingüistas, filólogos, etnógrafos, institucións, autores de obras literarias ou paraliterarias, obras anónimas (principalmente medievais), textos ou coleccións de textos tabeliónicos, cancioneros e xéneros principais da lírica medieval que son obxecto de estudo nalgunha RB. Isto fai posible que se poidan localizar RB que analizan, por exemplo, a obra lingüística ou os posicionamentos sociolingüísticos de Frei Martín Sarmiento, a obra lingüística e/ou literaria de Ricardo Carballo Calero, a contribución etnográfico-lingüística de Fermín Bouza Brei, o papel da Real Academia Galega na historia externa do galego ou na historiografía da lingüística galega, algún aspecto lingüístico ou filolóxico-lingüístico do Cancioneiro da Ajuda, das cantigas de amigo, da produción lírica de Airas Nunez, da *Demanda do Santo Graal* ou do *Foro Real* de Alfonso X o Sabio.
  - 1.4) A sección 13d ofrece unha información sumaria do contido da RB que pode chegar a un máximo duns 1.300 caracteres. Esta información trata de ser sempre o máis homoxénea posible para os diferentes tipos de traballo, pero non sempre corresponde a un resumo. Así, nos traballos etimolóxicos máis

específicos (é dicir, artigos e non dicionarios ou monografías) tratamos de baleirar nesta sección as formas galegas que estudian ou a que fan referencia, cando se trata de traballos pertencentes a ámbitos lingüísticos diferentes ao galego, coa finalidade de que a través delas se poidan localizar as RB pertinentes; por esta razón, incluíronse nesta sección milleiros de voces do léxico común, formas toponímicas e antroponímicas que poderán utilizarse como valores de busca. Certamente, nunha sección coma esta resulta practicamente imposible conseguir unha homoxeneidade total.

- 1.5) Por último, a sección 13e está reservada para os datos das recensións e notas de publicación.

Os elementos de información que acabo de describir permiten conformar rexistros como o que presento a continuación a título de mostra<sup>11</sup>:

---

<b>ID:</b>	4781
<b>Título:</b>	Alphonse X - Primeyra Partida: Édition et étude
<b>Autor:</b>	Ferreira, José de Azevedo [ed.]
<b>Ano publicación:</b>	1979
<b>Tema:</b>	651 ESCRIPTOLOXIA E ECDOTICA. ESTUDIOS ESPECIFICOS 1311 GALEGO E PORTUGUES A2 O GALEGO DOS TEXTOS XURIDICO-ADMINISTRATIVOS
<b>Enfoque:</b>	-S
<b>Período:</b>	-M--
<b>Variedade lingua:</b>	231 LINGUAXE XURIDICO-ADMINISTRATIVA
<b>Ámbito:</b>	111 GALEGO
<b>Tipo traballo:</b>	I
<b>Data actualización:</b>	07/05/2002
<b>Lingua documento:</b>	FR
<b>Documento:</b>	EDICION(S): Thèse pour le Doctorat de 3e Cycle, Université de Paris XIII, 1979, 3 v. (158 + 628 p.).   [Public.]: Braga, Instituto Nacional de Investigaçã Científica, 1980, CXLVI + 610 p. (= Textos de Linguística; 3) OUTRAS MENCIONS DE RESPONSABILIDADE: Roudil, Jean (dir.)

---

<sup>11</sup> Esta ficha e as que se inclúen nos apartados seguintes reproducen graficamente a forma en que se presentan as RB de BILEGA na Internet como resultado das buscas.

**IDENTIFICADOR(ES):** Alfonso X o Sabio / Partidas  
**CONTIDO:** A excelente edición do texto vai precedida dun estudio (p. I-CLVI) no que se describen os distintos manuscritos existentes da Primeira Partida (tanto en gal.-port. como noutras linguas peninsulares) e se realiza unha comparación entre a obra castelá e a traducción gal.-port. O fragmento editado (ms. nº 2 do Núcleo Antigo do Arquivo Nacional da Torre do Tombo, en Lisboa) é estudiado desde o punto de vista paleográfico e lingüístico (p. XXXVIII-LXVIII) para ver de establecer se se trata dun texto galego ou portugués; tendo en conta os trazos característicos do galego medieval e os tipicamente portugueses sinalados por Rudolf Rübencamp, Jorge Morais Barbosa e Ramón Lorenzo, o editor chega á conclusión de que o texto é portugués, aínda que está cheo de trazos galegos como a forma ‘seir’, a conservación de -L- e -N- (‘Adriano, aldeanos, çena, colores’), a palatalización do s- (pronome ‘xe, xi’), a alternancia oi/ui (‘moy / muy, moyto / muyto’), a alternancia b/v (‘aboveda / abobeda’), os casos de metafonía na conxugación (‘conseguir, fugir, medir’). A lingua do texto, pois, sufriu influencias galegas, ben a través do copista, ben a través da copia mesma. Indícanse tamén os criterios de transcripción seguidos (p. CXXIV-CXLIV)  
**RECENSIONES:** G. Martínez Díez, AHDE, 51, 1981:775-776 | Ramón Lorenzo, Verba, 9, 1982:344-347 | Mário Martins, Colóquio/Letras, 72, 1983:106-107

---

### 4.3. O contido da base de datos

Como xa indiquei en 4.1, BILEGA é unha base de datos deseñada para o almacenamento de información bibliográfica sobre traballos lingüísticos e filolóxico-lingüísticos que se ocupan –de forma exclusiva ou parcial– da lingua galega en calquera das fases do seu desenvolvemento histórico (incluído o período de formación). A estes traballos engádanse aínda outros procedentes de campos como a etnografía, a antropoloxía, as ciencias naturais e a xeografía, que aportan información útil para a investigación do léxico común ou toponímico do galego.

Tomando en consideración os tipos de documento dos que é posible gardar información nun repertorio bibliográfico, BILEGA contén asentos bibliográficos que corresponden a:

- Monografías publicadas ou partes de monografías (no caso de teren distinta autoría).
- Traballos académicos publicados ou inéditos (fundamentalmente memorias de licenciatura e teses de doutoramento ou traballos equivalentes noutros países).
- Artigos e notas publicados en revistas de investigación ou de divulgación.
- Relatorios e comunicacións presentados en reunións científicas e que apareceron publicados nas actas correspondentes.
- Contribucións a homenaxes e misceláneas.
- Entradas dalgunhas enciclopedias e dicionarios temáticos, como o *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa* (Lanciani / Tavani 1993).
- Artigos de xornal (se despois da súa primeira publicación foron reeditados en libro).
- Traballos inéditos de especial interese desde o punto de vista historiográfico ou de especial relevancia na actual investigación do galego.
- Recensións e notas de publicación de calquera dos traballos incluídos como rexistros na base de datos.

Atendendo ao tipo de soporte, como é lóxico son maioritarios os asentos bibliográficos de traballos impresos; pero tamén se poden atopar asentos que remiten a traballos publicados noutros soportes (microfichas, disquetes, CD-ROM). E, neste momento, estamos tratando de fixar os criterios segundo os cales daremos entrada a publicacións electrónicas difundidas pola rede. Non son moitas aínda as que teñen por obxecto o galego, pero o certo é que existen xa algunhas (entre elas, algunha revista, actas de congresos e homenaxes) e é previsible o aumento no futuro deste tipo de publicacións.

Verbo do contido de BILEGA, tamén cómpre facer referencia a algunhas cuestións problemáticas na delimitación do seu ámbito de competencia, aspecto que no apartado 1 xulgabamos relevante para o deseño dunha bibliografía especializada. No caso dunha bibliografía dedicada aos estudos lingüísticos sobre o galego hai, polo menos, dúas cuestións coas que é preciso enfrontarse:

- a) **A delimitación entre a investigación lingüística e a investigación literaria.**  
Como é ben sabido, hai un campo tradicional dos estudos humanísticos en que conflúen de forma natural aínda hoxe os dous ámbitos de investigación; refírome á Filoloxía, que na cultura occidental ten a respectable antigüidade de 2.300 anos e que, en realidade, foi o berce a partir do cal se desenvolverían os estudos lingüísticos e literarios como especialidades modernas. Esa é a razón de que os dous ámbitos estivesen tan estreitamente unidos durante moitos séculos. Cando, por prurito de máxima exhaustividade, se trata de incorporar a unha bibliografía como BILEGA as RB de todos aqueles traballos que, pertencendo ao ámbito da análise literaria, ofrecen algunha consideración lingüística sobre a obra ou obras que estudian, acábase descubrindo o límite difuso que existe entre

os dous ámbitos e a dúbida entre o que debe e non debe entrar na bibliografía instálase de forma permanente na persoa ou persoas que teñen que tomar a decisión. A proba está en que os criterios aplicados en BILEGA cambiaron en máis dunha ocasión verbo deste aspecto. A norma que seguimos actualmente –sendo conscientes de que sempre atoparemos casos problemáticos– é a de incluír calquera traballo que ofrezca algunha consideración lingüística, por moi pequena que sexa. Unha mostra é a que se recolle na seguinte ficha:

---

<b>ID:</b>	8564
<b>Título:</b>	“‘Estuj’, ‘maeta’, ‘cofre’: su alusividad en las literaturas románicas”
<b>Autor:</b>	Juárez Blanquer, Aurora
<b>Ano publicación:</b>	1989
<b>Tema:</b>	4171 NOTAS SOBRE O LEXICO DAS OBRAS LITERARIAS OU PARALITERARIAS 4127 EUFEMISMOS E DISFEMISMOS A1 O GALEGO DOS TEXTOS LITERARIOS E PARALITERARIOS
<b>Enfoque:</b>	-S
<b>Período:</b>	-M--
<b>Variedade lingua:</b>	4 LINGUAXE LITERARIA
<b>Ámbito:</b>	111 GALEGO
<b>Tipo traballo:</b>	I
<b>Data actualización:</b>	23/05/2000
<b>Lingua documento:</b>	CA
<b>Documento:</b>	EDICION(S): Estudios Románicos, 4 [= Homenaje al Profesor Luis Rubio, I], 1987-89:665-675 IDENTIFICADOR(ES): Pero da Ponte / Johan Garcia de Guilhade / Cantigas de escarnio CONTIDO: Polo que atinxe á literatura galega medieval (estudiada nas p. 672-673), analízase o funcionamento da voz ‘maeta’ «valija, saco de viaxe» como eufemismo por ‘vaxina’ nas composicións satíricas. Concretamente, na cantiga B 1642 / V 1176 (Inc.: ‘Maria Peres, a nossa cruzada’) de Pero da Ponte, onde o eufemismo aparece apoiado polo adxectivo ‘maeta ferrada’, o substantivo ‘cadeado’ e a expresión ‘andou descadeada’

---

Noutros casos, aínda que o traballo se poida considerar fundamentalmente literario, non deberían existir dúbidas acerca da súa pertinencia tamén desde o

punto de vista da investigación lingüística. Entre os moitos exemplos que sería posible seleccionar, pode ilustrar esta consideración a seguinte opinión recente de Clarinda de Azevedo Maia:

Na análise e estudo da documentación literária ocupa lugar de especial relevo a produción poética pelas informacións que, através das rimas e da métrica, fornece para o estudo da historia da lingua. Se nos fixarmos no período medieval da historia da lingua portuguesa, o estudo da métrica trovadoresca [...] é de grande interese para o coñecimento de aspectos fónicos da lingua, nomeadamente o tratamento das situacións de hiato e da cronoloxía dos diferentes procesos de resolución, assim como dos encontros vocálicos interverbais, da elisión e sua cronoloxía. (Maia 2002: 241-242)

A aplicación desta consideración atopámola no rexistro de BILEGA recollido na ficha seguinte:

---

<b>ID:</b>	10192
<b>Título:</b>	As rimas da poesía trovadoresca galego-portuguesa: catálogo e análise
<b>Autor:</b>	Montero Santalla, José-Martín
<b>Ano publicación:</b>	2000
<b>Tema:</b>	651 ESCRIPTOLOXIA E ECDOTICA. ESTUDIOS ESPECIFICOS 641 HISTORIA INTERNA. CAMBIOS FONÉTICOS E FONOLOXICOS 21 FONETICA E FONOLOXIA. AS VOCAIS A1 O GALEGO DOS TEXTOS LITERARIOS E PARALITERARIOS
<b>Enfoque:</b>	SD
<b>Período:</b>	-M--
<b>Variedade lingua:</b>	4 LINGUAXE LITERARIA
<b>Ámbito:</b>	111 GALEGO
<b>Tipo traballo:</b>	I
<b>Data actualización:</b>	20/12/2002
<b>Lingua documento:</b>	PT
<b>Documento:</b>	EDICION(S): Tese de Doutoramento em Filologia Hispánica (Sec. Galego-Portuguesa), Universidade da Coruña, Facultade de Filologia, Departamento de Galego-Português, Francês e Linguística, Área de Filologías Galega e Portuguesa, 2000, 3 v. (1, p. 1-600; 2, p. 601-1200; 3, p. 1201-1796).   [Publics. parciais]: "Sobre o catálogo das rimas trovadorescas"

(2001, vid.); “Existe rima de vogal aberta com vogal fechada na poesía trovadoresca galego-portuguesa?” (2002, vid.)

OUTRAS MENCIONS DE RESPONSABILIDADE: Martínez Pereiro, Carlos Paulo (dir.)

IDENTIFICADOR(ES): Cancioneiros medievais / Alfonso X o Sabio / Cantigas de Santa María

CONTIDO: Catalogación e análise sistemática das rimas das aproximadamente 2.100 cantigas (420 relixiosas e 1.680 profanas) e estudo das implicacións do mecanismo da rima no proceso de creación poética dos trobadores. Ofrece listaxes exhaustivas das rimas e das palabras rimantes e a presentación dos diversos procedementos poéticos baseados na súa distribución nunha mesma cantiga. O autor trata de sacar partido do estudio da rima, convencido de que pode axudar a defini-lo estado da lingua nos sécs. XIII-XIV e a cronoloxía dalgúns fenómenos (por ex., o timbre das vocais de grao medio e os cambios metafónicos). Organizado en cinco caps.: o 1º ofrece unha visión xeral da poesía trovadoresca; o 2º revisa tódalas cantigas do corpus para determina-las rimas e as palabras rimantes (isto só nas cantigas profanas), incluíndo observacións textuais e propostas de modificación de lecturas divulgadas; o 3º ofrece o catálogo das rimas, distribuídas en dous grupos (consonantes -a maioría- e asonantes); o 4º estudia as rimas en conxunto, ofrecendo algunhas deducións lingüísticas e literarias, estatísticas de frecuencia, etc. e discutindo a suposta existencia de rima de vocais abertas con pechadas e de orais con nasais; o 5º é a listaxe alfabética completa das palabras rimantes

b) Tamén resulta problemática a **delimitación do concepto de lingüística galega**, alomenos en dous aspectos:

b.1) A vocación de exhaustividade de BILEGA levounos a traballar cun concepto máis ben amplo de lingüística galega, de tal xeito que decidimos incluír estudos que, malia estaren centrados na análise doutras linguas (castelán, portugués, as linguas románicas en conxunto, etc.) ou nalgún aspecto da teoría lingüística, ofrecían datos do galego. Ben é certo que eses datos consisten ás veces en simples referencias ou nunha mínima comparación e/ou contraste e, polo tanto, a contribución destes estudos ao coñecemento do galego xeralmente é moi pouco relevante; pero aínda así pensamos

que debían estar presentes en BILEGA, sobre todo se ofreciamos a posibilidade de diferencialos a través dos valores dun campo da base de datos (para estes casos, o campo *AMBITO*) ou da información sobre o contido da RB. Hai mesmo traballos deste tipo encadrados en certos campos da investigación filolóxico-lingüística que, por moi poucos datos do galego que ofrezan, poden aportar elementos interesantes de cara a unha investigación máis centrada nesta lingua; é o caso dos estudos etimolóxicos de ámbito románico ou iberorrománico: algunha figura sobranceira neste campo, como Yakov Malkiel –habitualmente moi pouco citado noutras fontes de información sobre o galego–, ten unha presenza notable en BILEGA, pois nos seus traballos mostra un coñecemento actualizado e de primeira man das fontes bibliográficas de que toma as formas galegas ou galego-portuguesas que cita en moitos dos traballos que conforman a súa inxente produción científica (aínda que a referencia a formas do galego moderno nalgúns deses estudos sexa mínima). Outro tanto se podería dicir dos traballos etimolóxicos que Vicente García de Diego dedicou ao castelán e ás linguas hispánicas en conxunto, ou das contribucións non centradas no galego-portugués de romanistas alemáns como Harri Meier (e algúns dos seus discípulos en Bonn) ou Joseph M. Piel, ambos os dous ben coñecidos polas súas relevantes contribucións á historia do galego e mais do portugués, sobre todo neste campo dos estudos etimolóxicos.

- b.2) O feito de que o galego e o portugués compartan unha fase da súa historia suscita o problema de establecer para os textos medievais a fronteira entre o que debe e non debe incluírse nunha bibliografía sobre o galego. Trátase dunha cuestión moi discutida para a que existen opinións diversas e mesmo enfrontadas tanto na filoloxía galega como na portuguesa; en consecuencia, calquera solución que se adopte non deixará de amosar un certo grao de arbitrariedade, sobre todo se eliximos unha referencia temporal concreta para establecer esa fronteira verbo dun proceso –a diferenciación entre galego e portugués– que non foi puntual, senón gradual. Na monografía que representou o primeiro resultado público de BILEGA explicabamos deste xeito a decisión adoptada:

Para delimita-lo galego-portugués medieval fronte á etapa que chamamos **galego dos séculos escuros** [na actual versión de BILEGA, **galego medio**] –delimitación necesaria para determina-los traballos da lingüística portuguesa centrados na lingua medieval que con todo dereito deben formar parte tamén da lingüística galega– tomamos como referencia a data tradicional de 1354 (ano da morte de D. Pedro, Conde de Barcelos). (García Gondar (dir.) 1995: 19).

Esa data –que seguimos a manter na actual versión de BILEGA– debe entenderse como unha referencia aproximada e non como un límite cronolóxico preciso, de tal



xeito que algúns traballos escritos en territorio portugués e habitualmente datados na segunda metade do século XIV tamén están presentes nas RB de BILEGA. Ademais, o feito de traballarmos unicamente cunha delimitación cronolóxica e non espacial levounos a tratar de incorporar a BILEGA os estudos dedicados aos textos tabeliónicos anteriores a 1354 escritos en territorio portugués, sendo conscientes de que esta decisión obrigaba a realizar un importante esforzo, sobre todo, de busca de traballos de transcripción procedentes da investigación de historiadores portugueses, habitualmente menos citados nas fontes bibliográficas impresas de información filolóxica; esta busca aínda non está concluída no momento actual.

#### 4.4. Explotación

Un sistema de buscas que permita aos usuarios introducir simultaneamente valores para todos os campos indexados abre múltiples e potentes posibilidades de interrogación á base de datos, e permite obter os documentos desexados cun moi alto grao de precisión. Non é infrecuente que os catálogos automatizados das bibliotecas restrinxan os formularios de busca a só dúas ou tres ventás, probablemente en previsión do gran número de usuarios que poden querer acceder simultaneamente ao catálogo; en tales casos, o usuario vese obrigado a seleccionar un número máximo de campos igual ao de ventás, co cal se están a limitar as posibilidades reais que ofrece o catálogo. Cantos máis valores de campos distintos se introduzan na busca, máis tempo tardará o sistema en devolver os resultados e isto repercute directamente no tempo de acceso dos demais usuarios.

O número de rexistros de BILEGA é moito menor có de calquera catálogo dunha biblioteca universitaria ou doutra institución de investigación: o volume total dos traballos que conforman a tradición filolóxico-lingüística galega é aínda pequeno se o comparamos coas tradicións de estudio doutras linguas que non sufriron as adversas condicións de existencia do galego; en consecuencia, non hai razón ningunha para que se produzan atrasos importantes no acceso á base de datos e na obtención de resultados. Por iso tomamos a decisión de abrila totalmente permitíndolles aos usuarios introducir valores de busca simultáneos nas ventás correspondentes aos trece campos da súa estrutura. Tendo en conta, ademais, que en cada ventá se pode introducir máis dun valor de busca (combinándoos mediante operadores de conxunción, disxunción, etc.), resulta posible deseñar buscas moi específicas que ofrezan uns resultados conformes nun altísimo grao coas expectativas do usuario.

Para amosar esta e outras posibilidades de explotación de BILEGA presentarei nos apartados seguintes algúns exemplos de buscas centradas fundamentalmente na utilización de valores pertencentes aos campos metalingüísticos (sobre todo, aos tesouros de temas, variedades de lingua e ámbitos ) ou ao campo DOCUMENTO.

**4.4.1.** Supoñamos que o noso interese se centra nos traballos de dialectoloxía especificados no tesouro do campo TEMA. A estrutura desta subsección (véxase en 4.2.2 a ubicación da dialectoloxía dentro da estrutura xeral do tesouro), con catro niveis inclusivos, é a seguinte:

- 51 DIALECTOLOXIA. ESTUDIOS XERAIS
- 511 AREAS DIALECTAIS DO GALEGO
- 512 AS FRONTEIRAS DO GALEGO
  - 5121 FRONTEIRAS DO GALEGO CO ASTURIANO-LEONES
    - 51211 FRONTEIRAS DO GALEGO CO ASTURIANO
    - 51211 FRONTEIRAS DO GALEGO CO LEONES
  - 5122 FRONTEIRAS DO GALEGO CO PORTUGUES
- 513 ESTUDIOS DE CONXUNTO SOBRE FENOMENOS DIALECTAIS
  - 5131 DIALECTOLOXIA. FENOMENOS FONETICOS
  - 5132 DIALECTOLOXIA. FENOMENOS MORFOLOXICOS
  - 5133 DIALECTOLOXIA. FENOMENOS SINTACTICOS
  - 5134 DIALECTOLOXIA. LEXICO
    - 51341 REPERTORIOS DE LEXICO DIALECTAL
    - 51342 OUTROS TRABALLOS SOBRE LEXICO DIALECTAL
- 514 ESTUDIOS SOBRE FALAS
- 515 O GALEGO NA CARTOGRAFIA LINGUISTICA (V)<sup>12</sup>
  - 5151 ATLAS LINGUISTICOS
  - 5152 ESTUDIOS SOBRE ATLAS LINGUISTICOS
- 516 OS DIALECTALISMOS NA LITERATURA
- 517 HISTORIOGRAFIA DA DIALECTOLOXIA GALEGA

O tipo de busca máis sinxelo é o que opera nun só campo (neste caso, TEMA) mediante a introducción na ventá correspondente dun ou máis valores propios dese campo. Velaquí algunhas das opcións de busca que permite o sistema (semellantes ás que ofrecen outras moitas bases de datos):

- (1a) 51 DIALECTOLOXIA. ESTUDIOS XERAIS
- (1b) 51
- (1c) 51%
- (1d) 51\_
- (1e) 51211, 5122
- (1f) 51211 & 5122
- (1g) (51211, 51212) ~ 5122
- (1h) NT(51 DIALECTOLOXIA. ESTUDIOS XERAIS,2,tema)

---

<sup>12</sup> A inserción dun (V) a continuación dun tema indica que a súa función é só a de contribuír a configurar unha estrutura xerárquica de temas, pero non se asigna a ningún rexistro da base de datos.

As opcións (1a) e (1b) ofrecen un resultado equivalente: localizan os rexistros que posúen no campo TEMA o valor 51 (por mor da brevidade, omito na descrición dos resultados o texto do tema). A opción (1a) pode introducirse automaticamente seleccionándoa do tesouro; o acceso ao tesouro faise a través dun botón situado á dereita da ventá destinada a introducir os valores de busca para o campo TEMA. O inconveniente da selección automática a partir do tesouro é que só se permite introducir un valor en cada busca. A opción (1b) debe escribila o usuario pero, ademais da súa brevidade (non é preciso escribir o texto do tema para que a busca funcione; abonda con escribir a cadea alfanumérica que precede ao texto), ten a vantaxe de permitir a introducción de varios valores combinados cos operadores axeitados.

A opción (1c) traballa co símbolo do “tanto por cento” (%), que no sistema funciona como comodín equivalente a unha cadea de caracteres de calquera lonxitude (incluída a cadea de lonxitude cero). Isto significa que con esta instrución de busca recuperamos todos os rexistros que no campo TEMA conteñan un valor que comece pola cadea 51, é dicir, todos os traballos clasificados como dialectolóxicos na base de datos.

A opción (1d) traballa co símbolo do “guión baixo” (\_), que no sistema funciona como comodín equivalente a un carácter calquera. No resultado desta busca, polo tanto, recupéranse os rexistros que conteñan no campo TEMA un valor que empece pola cadea 51 seguida doutro carácter, é dicir, 511, 512, 513, 514, 516 e 517 (lémbrese que o valor 515 está definido como “baleiro”, polo que non pode aparecer ningún rexistro que o conteña).

A opción (1e) combina dous valores mediante o operador de disxunción (|), equivalente a un *ou* lóxico. Como resultado, recupéranse os rexistros que conteñen no campo TEMA polo menos un dos dous valores da busca, é dicir, 51211 ou 5122.

A opción (1f) combina dous valores mediante o operador de conxunción (&), equivalente a un *e* lóxico. Como resultado, recupéranse os rexistros que conteñen no campo TEMA os dous valores da busca xuntos, é dicir, os rexistros cos valores 51211 e 5122.

A opción (1g) combina tres valores, agrupando os dous primeiros combinados co operador de disxunción (|) e combinando con eles o terceiro mediante o operador de conxunción negativa (~), equivalente a un *e non* lóxico. Como resultado, recupéranse os rexistros que conteñen no campo TEMA calquera dos valores 51211 ou 51212, pero que non conteñen o valor 5122.

A opción (1h) traballa co operador NT, que serve para expandir a consulta incluíndo os valores definidos no tesouro como fillos ou de nivel máis baixo có valor especificado. A instrución hai que interpretarala do seguinte xeito: expandir a consulta

do valor 51 incluíndo o nivel inmediatamente inferior na xerarquía do tesouro TEMA. Isto significa que o sistema recuperará os rexistros que conteñan no campo TEMA algún dos seguintes valores: 51, 511, 512, 513, 514, 516 e 517 (lémbrese que o valor 515 está definido como baleiro).

Os exemplos propostos mostran algunhas das moitas posibilidades que existen para a explotación dun tesouro nas buscas e as vantaxes que unha organización deste tipo ofrece no sentido de permitir que sexa o usuario o que decida desde que nivel de xeneralidade quere construír a súa interrogación á base de datos.

**4.4.2.** A especificidade das buscas increméntase a partir do momento en que comezamos a combinar valores de busca que corresponden a campos distintos da base de datos. Así, seguindo no campo temático da dialectoloxía, poderíamos estar interesados en recuperar os rexistros que corresponden a RB de estudos sobre falas do galego occidental. Para iso non temos máis que introducir o valor 514 na ventá do campo TEMA e o valor 11 (que corresponde ao galego occidental no tesouro de variedades de lingua) na ventá do campo VARIEDADE LINGUA. Entre os rexistros que recuperaríamos estaría o seguinte:

---

<b>ID:</b>	43
<b>Título:</b>	El habla de O Grove
<b>Autor:</b>	Enríquez Salido, María del Carmen
<b>Ano publicación:</b>	1971
<b>Tema:</b>	<b>514 ESTUDIOS SOBRE FALAS</b> 427 VOCABULARIOS DIALECTAIS
<b>Enfoque:</b>	DS
<b>Período:</b>	---C
<b>Variedade lingua:</b>	<b>11 GALEGO OCCIDENTAL</b>
<b>Ámbito:</b>	111 GALEGO
<b>Tipo traballo:</b>	I
<b>Data actualización:</b>	23/07/2002
<b>Lingua documento:</b>	CA
<b>Documento:</b>	EDICION(S): Tese de Doutoramento, Universidade de Santiago, Facultade de Filosofía e Letras, 1971, 501 p. + [52 p.], mapas, ils. l [Res.]: [Santiago de Compostela], [Universidade de Santiago], 28 p., il. l [Publics.parciais]: Léxico de O Grove (1974, vid.); “Fonética y fonología del gallego de O Grove” (1976, vid.) OUTRAS MENCIONS DE RESPONSABILIDADE: García, Constantino (dir.)

**CONTIDO:** Exhaustiva monografía dialectal da fala deste concello da provincia de Pontevedra, constituído polas parroquias de San Martiño e San Vicente. Historicamente foi a primeira Tese de Doutoramento de dialectoloxía galega presentada na Universidade de Santiago de Compostela, inaugurando así unha liña de investigación que chega ata hoxe. Ofrece unha descrición fonético-fonolóxica (sincrónica e diacrónica) e morfolóxica e a recolleita do léxico; nesta última combínase a descrición etnolingüística organizada en campos nocionais con listas de vocabulario nas que para cada entrada se dá a transcripción fonética, a clase de palabra, a definición lexicográfica (utilizando como metalingua o castelán) e se indica a parroquia onde se recolleu. A descrición morfolóxica aínda permanece inédita

Como se pode apreciar nesta ficha, o sistema resalta con letra negra os valores dos campos que foran introducidos polo usuario como valores de busca.

**4.4.3.** Outra posible combinación de valores de dous campos, sen saír do terreo da dialectoloxía, sería a correspondente á seguinte busca: os dialectalismos na obra literaria de Celso Emilio Ferreiro.

Os valores de busca introduciríanse da forma seguinte (indico os campos a que corresponden):

TEMA: 516  
DOCUMENTO: Celso Emilio Ferreiro

Entre os rexistros recuperados estaría o da ficha seguinte:

---

<b>ID:</b>	271
<b>Título:</b>	“O dialectalismo en Celso Emilio Ferreiro”
<b>Autor:</b>	Hermida Gulías, Carne
<b>Ano publicación:</b>	1992
<b>Tema:</b>	<b>516 OS DIALECTALISMOS NA LITERATURA</b> 514 ESTUDIOS SOBRE FALAS A1 O GALEGO DOS TEXTOS LITERARIOS E PARALITERARIOS
<b>Enfoque:</b>	-S

**Período:** ---C  
**Variedade lingua:** 4 LINGUAXE LITERARIA  
**Ámbito:** 111 GALEGO  
**Tipo traballo:** I  
**Data actualización:** 11/06/1998  
**Lingua documento:** GA  
**Documento:** EDICION(S): en Rosario Álvarez Blanco (coord.), Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro, I, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 1992:301-315, 4 mapas  
IDENTIFICADOR(ES): **Celso Emilio Ferreiro**  
CONTIDO: O traballo pretende “comprobar en que medida as escollas fonéticas, morfolóxicas e léxicas feitas por **Celso Emilio Ferreiro** nas súas obras responden á lingua de Celanova, a súa vila natal, ou o que é o mesmo, ó galego do bloque central, subárea auriense na que está encadrada Celanova” (p. 301).  
Contén: 1. Introducción; 2. Fenómenos relevantes dialectalmente: 2.1. Fonética; 2.2. Morfoloxía; 2.3. Fenómenos léxicos; 3. Conclusión

---

**4.4.4.** Nesta liña de construír buscas moi específicas poderíamos chegar a extremos como o seguinte: recuperar rexistros da autoría de Joseph M. Piel, publicados con anterioridade a 1970, que adopten a perspectiva diacrónica (D), que estudien o galego-portugués (M) e o galego moderno (C), que correspondan a estudos onomásticos (valor alfanumérico 43%) ou etimolóxicos (valor alfanumérico 6443), que sexan traballos de investigación (I) e nos que se inclúa o estudio dalgunha das seguintes formas: *braña, gándara, corgo, trives*.

Os valores de busca introduciríanse da forma seguinte:

AUTOR: Piel Joseph M  
ANO: 1970 (precedido do operador de comparación <)  
ENFOQUE: D-  
PERIODO: -M-C  
TEMA: 43%, 6443  
TIPO: I  
DOCUMENTO: braña, gándara, corgo, trives

Dous dos rexistros recuperados nesta busca serían os que aparecen nas fichas seguintes:

---

<b>ID:</b>	610
<b>Título:</b>	“Nomes de lugar referentes ao relevo e ao aspecto geral do solo (Capítulo de una toponimia galego-portuguesa)”
<b>Autor:</b>	<b>Piel, Joseph M.</b>
<b>Ano publicación:</b>	<b>1947</b>
<b>Tema:</b>	<b>4311 ESTUDIOS ETIMOLOXICOS SOBRE TOPONIMOS</b> <b>6443 HISTORIA DO LEXICO. ESTUDIOS ETIMOLOXICOS</b> 622 INFLUENCIAS SUBSTRATICAS E SUPERSTRATICAS
<b>Enfoque:</b>	<b>D-</b>
<b>Período:</b>	<b>-M-C</b>
<b>Varietade lingua:</b>	
<b>Ámbito:</b>	111 GALEGO
<b>Tipo traballo:</b>	<b>I</b>
<b>Data actualización:</b>	11/06/1998
<b>Lingua documento:</b>	PT
<b>Documento:</b>	EDICION(S): RPF, I/1, 1947:153-198, 2 mapas CONTIDO: Inclúe os topónimos gal. ‘Algara; Val, Valboa, Balboa, Balouta, Valoiro, Baloira, Balga, Valga, Valgote; Barcia, Barciela(s), Barja, Barjiña(s), Barjela, Barjiela(s); Barzamedelle; Barroca(s), Barrocal; Calve, Calveliño, Calvelle, Calvente; Candorca, Candorco; Chainza, Chaira(s), Chan(s), Chao(s), Chas, Chandebrito, Chandevila, Chandorrio, Chaudarcas, Chenlo, Chenzas, Chiela; Colado; Costiña, Costoira(s), Costoura(s); Cotaredo, Cotarel(o); Fondón, Fondós; Fórnea; <b>Gándara</b> , Gandariña, Gandra, Granda, Grandela, Grandachan, Grandameá; Enfesta, Enfestela, Infistela, Infesta; Mambriilas; Mamoalta, Mamoela, Mamuela(s); Montecelo, Montaña; Naballos, Navallo(s); Outomouro; Páramo(s), Paraño(s), Paramuiño, Paraimas; Penaedrade, Penagundín, Penido(s), Penela(s); Picouto, Picouso, Picouzo; Requeixo, Requejiño; Sertaiña; Veiga, Veiguiña(s)’ e ‘Veiguicela’. Contén tamén abundantes referencias a formas medievais

---

---

<b>ID:</b>	612
<b>Título:</b>	“As águas na toponímia galego-portuguesa”
<b>Autor:</b>	<b>Piel, Joseph M.</b>
<b>Ano publicación:</b>	<b>1947</b>
<b>Tema:</b>	<b>4311 ESTUDIOS ETIMOLOXICOS SOBRE TOPONIMOS</b> <b>6443 HISTORIA DO LEXICO. ESTUDIOS ETIMOLOXICOS</b> 622 INFLUENCIAS SUBSTRATIVAS E SUPERSTRATIVAS
<b>Enfoque:</b>	<b>D-</b>
<b>Período:</b>	<b>-M-C</b>
<b>Variedade lingua:</b>	
<b>Ámbito:</b>	111 GALEGO
<b>Tipo traballo:</b>	<b>I</b>
<b>Data actualización:</b>	11/06/1998
<b>Lingua documento:</b>	PT
<b>Documento:</b>	EDICION(S): BmF, VIII/4, 1947:305-342 CONTIDO: Entre os gal. inclúe ‘Aigualada, Aguas Mestas; Lamaboa, Lamamá, Lamaforcada, Lameiroquente, Lamalonga, Lamarredonda, Lamapodre, Lamasaida, Lamansián, Lamartín, Lamasapín, Lama(r)cide, Lamasgalán, Lamego; Tola, Tollo; Cale(s), Cal do Sapo, Cal do Corrello, Caldovilar, Caldebarcos, Calleiros, Caleiro/-a; Couce, Coucegordo, Coucedaleje, Coucevillar, Coucieiro; Rega(s), Rigueiro, Rigueiras, Regueiriño/-a, Regueiral, Regüela, Regolevado, Regocavado, Regocorto, Regueirofozado, etc.; Pau de Raposo; Trem(e)ado; Moledo; Lavadouro(s), Lavadoiro; Poza Bella, Pozacas; Lodeiro, Lodairo; Peago, Piago, Peaguda, Piegalbo, Piagolongo; Fontao, Fontán, Fontenlo/-a, Fontaiño, Fonteita, Fontecada, Fontegrada, Fontevedra, Fontoira, Fonteiroa, Fonteféal, Fonfría, Fonsagrada, Fongate, etc.; Riobóo, Ribón, Rial, etc.; Rañó, Rañoa, Rañoá, Rañada, Rañadoiro, Rañal, Rañado, Rañón, Rañestras; Fervenza, Fervedoira, Ferveda, Fervenzedo; Revolt(iña)a, Revolto; Riañ(o)a; Pontig(a)o, Pontevedra, etc.; Lagouzos, Lagazos, etc.; <b>Corgo/-a</b> ’ RECENSIONS: Manuel de Paiva Boléo, RPF, II/1-2, 1948:381

---



**4.4.5.** A explotación da información que contén o campo DOCUMENTO aínda ofrece outras posibilidades. Por exemplo, incluímos no resumo de moitas RB correspondentes a artigos que estudian algún aspecto lingüístico ou filolóxico do corpus poético dun trobador medieval ou unha cantiga específica a(s) súa(s) identificación(s), segundo a práctica habitual entre os especialistas de identificar cunha letra maiúscula o cancionero en que aparecen, seguida do número de orde que lle corresponde a cada cantiga (ademais do *incipit*). Isto quere dicir que introducindo unha desas identificacións como valor de busca para o campo DOCUMENTO recuperaremos rexistros en que se analiza esa cantiga (sexa de forma exclusiva ou xunto con outras). Un caso moi axeitado podería ser o da famosa “cantiga da garvaia”, atribuída a Pai Soarez de Taveirós e conservada no *Cancioneiro da Ajuda* (A) co número 38; pois ben, simplemente con escribir A 38 como valor de busca na ventá correspondente ao campo DOCUMENTO recuperaremos unha morea de RB que remiten a traballos dedicados á interpretación desta composición, entre eles o que aparece reflectido na ficha seguinte:

---

<b>ID:</b>	4960
<b>Título:</b>	“Postilla alla ‘cantiga da guarvaya”
<b>Autor:</b>	Pellegrini, Silvio
<b>Ano publicación:</b>	1957
<b>Tema:</b>	4171 NOTAS SOBRE O LEXICO DAS OBRAS LITERARIAS OU PARALITERARIAS A1 O GALEGO DOS TEXTOS LITERARIOS E PARALITERARIOS
<b>Enfoque:</b>	-S
<b>Período:</b>	-M--
<b>Variedade lingua:</b>	4 LINGUAXE LITERARIA
<b>Ámbito:</b>	111 GALEGO
<b>Tipo traballo:</b>	I
<b>Data actualización:</b>	11/03/2003
<b>Lingua documento:</b>	IT
<b>Documento:</b>	EDICION(S): Filologia Romanza, IV/1, 1957:113-118 IDENTIFICADOR(ES): Pai Soarez de Taveirós / Cantiga da garvaia / Cantigas de escarnio CONTIDO: Sobre a interpretación da cantiga <b>A 38</b> (Inc.: ‘No mundo non me sei parella’) atribuída ó trobador galego Pai Soarez de Taveirós. Propónse entender ‘retraer’ (verso 5) como «retratar» e relacionar ‘branca’ e ‘vermelha’ (1ª estrofa) con ‘retraer’ en vez de con ‘senhor’. Ademais, o autor considera os dous adxectivos como unha descrición anticipada da ‘guarvaya’ da 2ª estrofa

---

#### **4.5. Estado actual de BILEGA e posibles melloras**

Como xa sinaléi en 4.1, atopámonos neste momento na fase de probas da versión 2.0 de BILEGA que axiña estará operativa en substitución da versión 1.0.2. Non obstante, mentres estivemos a montar esta nova versión, non abandonamos as tarefas de actualización retrospectiva e prospectiva da base de datos, de tal xeito que na data de referencia sinalada na nota 5 contiña 392 rexistros novos respecto da versión que estaba operativa na Internet.

Para dar idea do traballo levado a cabo nos nove anos transcorridos dende o deseño inicial de BILEGA en 1994 quizais abonde con sinalar que a información que contén actualmente ocuparía máis de 3.000 páxinas nun texto impreso de 60 liñas por páxina e 80 caracteres por liña con letra Times New Roman tipo 10. Sen embargo, tamén pode ser ilustrativo ofrecer de forma sucinta algúns datos cuantitativos sobre os elementos que contén:

- N° de rexistros da táboa BILEGA: 11.243.
- N° total de asentos bibliográficos: 17.742 (dos que 3.069 corresponden a recensións e notas de publicación).
- N° total de rexistros con información do contido: 10.363 (92.17% do total de rexistros).
- N° total de valores de busca: 88.997.
- N° total de valores temáticos: 22.522 (25.30% do total de valores de busca).
- N° total de identificadores: 4.432.
- N° de rexistos da táboa REVISTAS (publicacións periódicas citadas): 798.

Estes datos amosan que a media de valores de busca asignados a cada rexistro está moi próxima a 8 e a de valores temáticos é 2.

Xulgada globalmente, tendo en conta o grao de información que ofrece en cada rexistro e o nivel de exhaustividade acadado (sen deixar de recoñecer que a exhaustividade total é practicamente imposible), penso que non é esaxerado afirmar que BILEGA constitúe, polo de agora, un recurso único no ámbito das linguas hispánicas.

Non obstante, as ferramentas deste tipo son, por definición, sempre mellorables e por esta razón, ademais de continuar co traballo de actualización retrospectiva e prospectiva, estamos a avaliar neste momento a posibilidade de introducir as seguintes modificacións ou novas implementacións que poderían contribuír a facer de BILEGA un recurso aínda máis útil:

- a) Reorganización e ampliación do tesouro de temas para ofrecer novas posibilidades de buscas cada vez máis precisas.

- b) Reorganización do tesouro de variedades de lingua co obxectivo de permitir nunha futura versión a inclusión de máis dun valor no campo correspondente.
- c) Diferenciación no campo PERÍODO entre as fases prerromances e a galego-portuguesa, que ata agora aparecían agrupadas baixo o valor ‘galego-portugués’.
- d) Conversión dos tesouros monolingües actuais en tesouros multilingües.
- e) Inclusión de traballos publicados na rede.
- f) Creación dunha versión de BILEGA en CD-ROM.

Como recurso en liña que trata de ofrecer un servizo de información permanentemente actualizada e de contribuír á presenza do galego na rede, BILEGA é un proxecto aberto que ten vocación de futuro na medida en que se manteñan as condicións que a fixeron viable e mentres sigamos a ter a percepción de que presta realmente ese servizo, como neste momento o testemuñan os cincocentos usuarios de vinte países que ten rexistrados.

## Referencias Bibliográficas

- BL 1978 = Comité International Permanent des Linguistes (1978): *Bibliographie linguistique de l'année 1975 et complément des années précédentes* = *Linguistic Bibliography for the Year 1975 and Supplement for Previous Years* (Utrecht / Anvers: Spectrum).
- BL 1989 = Comité International Permanent des Linguistes (1989): *Bibliographie linguistique de l'année 1987 et complément des années précédentes* = *Linguistic Bibliography for the Year 1987 and Supplement for Previous Years* (Dordrecht / Boston / London: Kluwer).
- Cepeda, I. Vilares (1995): *Bibliografía da Prosa Medieval em Língua Portuguesa: Subsídios* (Lisboa: Ministério da Cultura, Instituto da Biblioteca Nacional e do Livro).
- Freire, José Luis (1988) : “Galician”, *Comparative Romance Linguistics Newsletter*, 37/2: 80-87.
- García Gondar, F. (dir.) (1995): *Repertorio bibliográfico da lingüística galega: Desde os seus inicios ata 1994 inclusive* (Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro).
- Herrero Valeiro, Mário J. (1993): *Aproximação à análise do discurso sociolingüístico sobre o caso galego* (Memoria de Licenciatura, Universidade da Coruña, Facultade de Humanidades, inédita).
- Lanciani, G. / Tavani, G. (coords.) (1993): *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa* (Lisboa: Caminho).

Maia, C. de Azevedo (2002): “Dos textos escritos à história da língua”, en Head, B. F. / Teixeira, J. / Lemos, A. Sampaio / Barros, A. Leal de / Pereira, A. (orgs.): *História da Língua e História da Gramática: Actas do Encontro*: 231-249 (Braga: Universidade do Minho, Instituto de Estudos Humanísticos).

RB 1957 = Kuhn, A. (ed.) (1957): *Bibliographie, 1940-1950* (Tübingen: Max Niemeyer).

Regueira Fernández, X. L. (coord.) (1996): *Guía bibliográfica de lingüística galega* (Vigo: Xerais).

## Cambre, Pambre e outros topónimos en *-bre*

Juan J. Moralejo  
Universidade de Santiago de Compostela<sup>1</sup>

### Resumo:

No conxunto de topónimos hispano-célticos compostos con *-briga* (*-bria*, *-bra*, *-bre* ...) hai algúns anómalos polo fonema nasal *-m-* que parece cerrar o primeiro termo (por exemplo, *Conim-briga*, *Cam-bre* ...). Proponse aquí unha reinterpretación etimolóxica que corrixe esa anomalía: en *Coni-mbriga*, *Ca-mbre* ... non temos *-briga* 'altura > castro, vila', senón *-mbriga* 'marca, linde, territorio'.

### Palabras chave:

Linguas paleohispanas, toponimia céltica en *-briga*, *-mbriga*.

### Abstract:

Among the hispano-celtic toponyms with second term *-briga* (*-bria*, *-bra*, *-bre* ...) there are some anomalous items whose first term seems to end in a nasal phoneme *-m-* (*Conim-briga*, *Cam-bre* ...). We propose a new etymology in order to eliminate this formal anomaly: in *Coni-mbriga*, *Ca-mbre* ... we do not have *-briga* 'height > town', but *-mbriga* 'border, land'.

### Key words:

Palaeohispanic languages, celtic toponymy in *-briga*, *-mbriga*.

No mapa de Hispania hai unha notable cantidade de topónimos formados co lexe-  
ma *br̥īg-*, que pode ser raíz de termos simples (*Brigaecium*, *Brigantium*, *Brigantia*)  
e, sobre todo, pode ser segundo elemento de termos compostos (*Mirobriga*,  
Καὶ τὸ βριξ, *Aviliobris* ...); desde sempre coñécese a vinculación destes topónimos  
cos *celtas*, *celtíberos* e *célticos* de que falan as fontes literarias e sábese que *-briga*  
significa 'vila, cidade'; os nomes híbridos *Augustobriga*, *Flaviobriga*,  
*Caesarobriga*, etc. (cos seus paralelos doutras áreas célticas, *Augustodunum*,

<sup>1</sup> Estas notas de toponimia son do Proxecto de Investigación *Hidronimia Prerromana de Gallaecia*, sub-  
vencionado pola Xunta de Galicia (PGIDT99PXI20402A), en que traballo coa colaboración inestimable  
da Profª Titular Drª Mª Xosé García Blanco.

Nas citas bibliográficas atéñome ás siglas habituais en *L'Année Philologique* e máis na *Linguistic  
bibliography... / Bibliographie linguistique* ... (Dordrecht: Spectrum, 1948-).

*Caesarodunum*, etc. ) que romanos e indíxenas romanizados deron a vellas ou novas entidades de poboación certifican o que digo. Desde moito antes de que a Lingüística teña rigor en Historia e Comparación de linguas, tamén se sabe que o reparto de *-briga* se contrapón ó dos topónimos ibéricos, non indoeuropeos (S. e E. de Hispania), *Ilerda*, *Iluro*, *Iliturgi* ... en que se recoñece un primeiro termo *ili-*, *ilu-* (e outras variantes *ilti-*, *iltu-* ...) que tamén parece significar ‘vila, cidade’<sup>2</sup>

En Humboldt, *Prüfung der Untersuchungen über die Urbewohner Hispaniens vermittelt der Vaskischen Sprache* (Berlin 1821)<sup>3</sup> temos, seica, a primeira colleita e observación sistemática dos topónimos en *-briga*, pegada dunha poboación céltica dentro da unidade e do protagonismo (*vasco*-)ibérico que Humboldt afirmaba para Hispania. Os topónimos con segundo termo *-briga*, *-brix* ocuparon lugar importante na obra doutros estudiosos do celtismo hispano, por exemplo, D’Arbois (1893-1894) e, sobre todo, Untermann (1961), que con eles e outros materiais onomásticos delimitou a Hispania indoeuropeizada, en contraposición, mais tamén superposición, coa non indoeuropea dos topónimos ibéricos con *il(t)i-*, *il(t)u-* (*Ilirta* / *Ilerda*, etc.) e dos topónimos meridionais e sudoccidentais con sufixos (ou lexemas) *-ippo*, *-uba*, *-igi*, *-ucci* y *-urgi* (*Olisippo*, *Onuba*, *Astigi*, *Itucci*, *Aurgi* ...). No acopio e na interpretación de topónimos con *-briga* e demais variantes antigas, medievais e modernas destacan os estudos de Albertos (1990), Búa (2000), Búa / Lois (1995), Caro Baroja (1946, 1947, 1954), Menéndez Pidal (1952), Moralejo (1953), Untermann (2001) e Villar (1995a).

Na interpretación de *-briga* e das súas variantes tamén antigas *-brix*, *-bris* Humboldt non puido pasar de observar homofonías (non probatorias) con outros elementos indoeuropeos de significación igual ou semellante; hoxe é maioritaria a remisión a *IEW* 140 \**BHEREGH-* ‘hoch, erhaben’, \**BHERGHOS* ‘Berg’, *LIV* \**BHERGH-* ‘hoch werden, sich erheben’, raíz<sup>4</sup> que desde o seu grado cero ou ausencia de vocal, \**BH̥RGH-* evoluciona a *BR̥IG-*, con deaspiración dos fonemas oclusivos, \**bh-* > *b-*, \**-gh-* > *-g-*, e con vocalización \**-r-* > *-ri-*, dous feitos que encaixan plenamente no

<sup>2</sup> Nótase o contraste tipolóxico, orde *determinante + determinado* no indoeuropeo céltico *Miro-briga*, *Nemeto-briga*, fronte a *determinado + determinante* no ibérico, non indoeuropeo, *Ili-berris*, *Ili-turgi* (e no vasco *Etxe-berri*, *Lumbier* < \**Ilun-berri*). Véxase tamén que esa orde non indoeuropeo en “orixe” é a que hoxe temos nos románicos *Vilanova*, *Villanueva*, *Villeneuve* ... (¡orde *OTAN!*) fronte ó mantemento da orde indoeuropea nos xermánicos *Newcastle*, *Neuburg*, no eslavo *Novgorod* e no grego *Napoli* < *Νεάπολις* (¡orde *NATO!*).

<sup>3</sup> Hai traducións de F. Echebarría, *Primitivos pobladores de España y lengua vasca* (Madrid: Ed. Minotauro, 1959), e de R. Ortega, *Los primitivos habitantes de España: investigaciones con el auxilio de la lengua vasca* (Madrid: Ariban y Cía, 1879; reed., Madrid: Polifemo, 1990)

<sup>4</sup> Téñase en conta que a cita das raíces non esgota as súas variantes fono- e morfolóxicas, polo que a forma principal nos dicionarios pode non ser a antecedente directa da documentación que analizamos. O *LIV* ten fronte ó clásico *IEW* a vantaxe de incorporar a chamada ‘teoría laringal’ (notacións \**h*<sub>1</sub>, \**h*<sub>2</sub>, \**h*<sub>3</sub> para fonemas “larinagais” de documentación moi parcial, pero de gran rendemento en comparación e reconstrución).

que define o Céltico Común verbo das súas orixes e mais dos seus adláteres indoeuropeos. A significación orixinaria de ‘altura, elevación’ no terreo deriva facilmente á de ‘vila, cidade’ e, se fan falla probas, abonda con recordar que é un *castro*, a altura ben defendida, apta para habitación segura, e que quizais da mesma raíz, grao pleno *\*bhergh-*, temos o *Bergidum* > *O Bierzo*, ‘A Montaña’. Son dos que pensan que os nominativos de singular xa antigos *-briga*, *-bria*, *-brica*, *-brix*, *-bris* e as súas evolucións medievais e actuais *-bria*, *-bra*, *-bre*, *-be*, *-ve* (e outras solucións particulares, por exemplo, as que temos en *Setúbal*, *Sepúlveda* ...) pódense reducir a esa orixe única da que, por certo, ademais do céltico *-briga* (*-brix*, *-bris*), temos a toponimia xermánica con segundo termo *-burg*, *-borough* (*Magdeburg*, *Marlborough* ...). Recordemos tamén que o hispánico *-briga* contrasta co galo e británico *-dunum*, tamén ‘vila, castro’ (*Lugudunum*, *Camulodunum* ...), anque o tipo *-briga* tamén é extrahispánico, mentres *-dunum* é moi raro ou dubidoso en Hispania.

Mais cómpre termos presente que para as formas antigas en *-bris* (*Aviliobris*, *Λουδοβρίτζ* ...) e as súas continuacións medievais e modernas en *-bre*, *-be*, *-ve* (*Deixebre*, *Cortobe*, *O Grove*), temos, por exemplo en Monteagudo (1986) e en Búa / Lois (1995), outra alternativa etimolóxica, con remisión a *IEW* 1151.2 *\*WER-*, *erweitert* *\*WER-D-*, *\*WER-S-* ‘erhöhte Stelle (im Gelände oder in der Haut)’, ... cf. lat. *uarix* e *uerruca* como prominencias ou protuberancias na pel; en Búa / Lois (1995: 40) propónse un grao cero radical e sufixación *\*-ih<sub>2</sub>-*, é dicir, *\*WR-Ī-*, que con betacismo acaba sendo o nom. sg. *-bris* (cf. *Aviliobris*, *Bañobre*, *Castrove* ...)<sup>5</sup>. Distinta liña etimolóxica, pero a fin de contas a mesma liña semántica da elevación do terreo elixida como asentamento, fortificado ou non, de poboación; mais ningunha de esas dúas alternativas é ou parece aplicable ó monllo de topónimos que imos revisar.

No conxunto de topónimos en *-briga*, *-brix*, *-bris*, *-bria*, *-bre* etc. son minoría reducida os topónimos con fonema nasal *-m-* ante *-briga* e as súas variantes, mentres son maioría absoluta xa en data antiga os segmentables de forma clara con un primeiro elemento de final vocálico<sup>6</sup>. Que o primeiro termo do composto teña final

<sup>5</sup> Á posición de Búa / Lois adheriuse Untermann (2001: 193). Pero Búa (2000: 151) abandona a súa posición e admite a alternativa *IEW* 140 *\*BHEREGH-* ‘hoch, erhaben’, *\*BHĪRGH-* > *brīg-* tamén para *-bris*, *-bre* ... A posición de Búa / Lois (1995: 35) debe ser corrixida no seu dictame de que os actuais topónimos en *-bre* non teñen documentación medieval en *-bria* e, polo tanto, se exclúen da orixe *-brig-*. Nótese que o actual galego *Cambre*, portugués *Cambra*, asturiano *Calambre* en documentación medieval é *Calambria*, *Caambria*, *Caambraha*, *Caumbria*, *Kalumbria*, *Calamber*, *Calambre*; o actual *Pambre* foi medieval *Paambra*, que supón a variante *\*-BRIA* < *\*-BRIGA*; pero, na alternativa etimolóxica que agora presentamos, estes topónimos con *-m-* ante *-briga*, *-bria*, *-bris*, *-bre* non son totalmente decisorios porque a nosa opción para eles non é nin *\*-BRĪG-* nin *\*-WRĪ-*.

<sup>6</sup> Dun final vocálico ante *-briga* apártase *Perbrigam*, unha *mansio* que coñecemos soamente pola *Ravennatis Anonymi Cosmographia*; non podo negar ou emendar esa forma (¿síncopa recente de *-V-*?), pero si recordar con qué frecuencia dá esa *Cosmographia* formas pouco fiables. Roldán (1975: 257) supón que *Perbrigam* podería identificarse con *Ierabriga*.

vocálico encaixa plenamente nas regras da composición nominal indoeuropea: a vocal mais frecuente é a chamada *vocal temática*, de timbre alternante *e/o*, e non faltan os timbres *a, i, u* propios dos correspondentes *temas* morfolóxicos ou doutras orixes. O que se observa en *Nemeto-, Miro- Arco- Caeto- Avilio, Londo-*, etc. ante *-briga, -brix, -bris ...* ten abondoso paralelo nos compostos en que o segundo termo é *-dunum, -magos* e outros tipos característicos do ámbito céltico (*Eburodunum, Eburomagus, Eburobriga, Eburobrittium ...*)<sup>7</sup>. Nun resumo suficiente e que pode prescindir da minucia filolóxica<sup>8</sup> temos en *-briga* e o seu grupo:

1) *-V-briga*, con timbre *-o-*, *Arcobriga, Nemetobriga, Mirobriga ...*; con timbre *-a-*, *Arabriga; Ierabriga, Talabriga ...*; ademais, os híbridos *Augustobriga, Flaviobriga ...*; 2) *-V-brica*, con timbre *-o-*, *Abobrica*; con timbre *-a-*, *Ierabrica*; híbridos *Augustobrica, Augustabrica*. En *-brica* o gutural xordo *-c-* é mera grafía hipercorrecta fronte á tendencia a eliminar os fonemas oclusivos sonoros intervocálicos (cf. xa Βροτοβρία) e o seu paralelo de sonorizar os xordos (cf. sufixo *-(i)aeco > -(i)aego*). As variantes 1) e 2), coas súas evolucións xa antigas, medievais e modernas censadas en 3), 4) e 5), poden ser adaptacións ou *retematizacións* latinas do orixinario *\*BHRGH-S > -brix* a partir do ac. sg. *\*-BHRGH-M. > -brigam*.

3) *-V-briga, -V-brega* medievais ou actuais, *Alpuébrega ...*; 4) *-V-bria*, antigos e híbridos *Augustabria, Βροτοβρία*; medievais, *Caliabria*; modernos, *Sanabria ...*; 5) *-V-bra*, medieval *Anobra*, actual *Seabra ...*

6) *-V-bris, -V-brix, Κατόβριξ, Aviliobris*; abl. sg. *Ercoriobri, Letiobri*; co signario ibérico temos celtib. *nertobis* [= *nertobriχs*], celtib. *segobris* [*segobris*] abl. sg. celtib. *sekobirikeđ* [= *segobrigedđ*]; 7) *-V-bre, Alcabre, Deixebre, Pantiñobre ...*; 8) *-V-ve* o *-V-be, O Grove, Cortobe, Trobe ...* Nótese en 6) que a variante *-bris*, antecedente do medieval e moderno *-bre*, é xa antiga, xurdida por redución de *-brix (-ks)* a *-bris* no nominativo de singular e remodelación de toda a flexión como tema en *-i-*. As variantes actuais *-ve, -be* proceden de metátese (*\*MONTOBRE > Montrove*), ou de disimilación (*\*CASTROBRE > Castrove*, medieval *Talobre > Trobe*), ou de ambas (*\*OCROBRIS > medieval Ocobre, Ogovre > O Grove*).

Na documentación medieval e moderna segue a ser predominante o timbre *-o-* e as súas evolucións no final do primeiro termo do composto (*Baño-bre*, con ditongación o toledano *Alpué-brega ...*), pero tamén hai *-a-* (*Alca-bre, Sana-bria ...*) e non

<sup>7</sup> Prá regularidade do final vocálico nos primeiros termos de composto e as consecuencias na súa análise véxase que Untermann (1999: 185) ten por “absolutamente inverosímil” que o topónimo catalán *Besalú*, se procede de un *\*BESALDUNUM*, poida ser celta “dado que el primer componente *Besal-* no encuentra ningún apoyo en el léxico de las lenguas celtas, y dado que *todos los topónimos celtas con -dunum presentan una vocal delante de la d*” (A itálica é miña).

<sup>8</sup> Remítome a Roldán (1975), a Tovar *IL* e mais á *TIR*.



faltan outros timbres (*Deixe-bre, Alxi-bre, Alú-briga, Lu-bre ...*) que poden ser antigos ou tamén xa secundarios, debidos a asimilacións, disimilacións, adaptación do timbre vocálico ó punto de articulación dos fonemas consonánticos inmediatos, etc.

O timbre *-a-*, non escaso en exemplos xa antigos (*Arabriga, Talabriga, Sanabria, Ierabriga ...*), podería prestarse a discusións sobre xénese e evolución do vocalismo indoeuropeo (en concreto, “orixes” e mapas dos timbres *\*a* e *\*o*) e máis sobre estratificacións indoeuropeas en Hispania (por exemplo, consideración dos datos da hidronimia paleoeuropa, *alteinropäische Hydronymie* de Krahe (1954, 1962, 1964), e a veterana discusión sobre a celticidade de certos materiais lusitanos e galaicos fronte á celticidade obvia do celtibérico, coa consecuencia axiomática de que teñamos Onomástica híbrida.

En efecto, calquera que sexa o timbre vocálico que precede a *-briga* e variantes, hai que reparar en que os antigos *Augustobriga, Caesarobriga ...* e os actuais *Castrove, Sillobre ...* son híbridos que nos recordan a necesidade axiomática de que tamén nas formas integramente prerromanas se rexistren hibridacións que nos remonten mesmo ó preindoeuropeo, mais ou menos pasado pola peneira fónica e formal para o adaptar a bocas e pautas indoeuropeas<sup>9</sup>, e tal vez nos remonten tamén a estratos ou variantes dentro da indoeuropeización de Hispania. Polo tanto, ademais de dificultades e perplexidades étimo-semánticas, tamén posibles irregularidades ou imprevistos en Fono- e Morfoloxía<sup>10</sup>.

Fronte a esa maioría antiga, medieval e moderna, de final vocálico para o primeiro termo do composto, hai unhas poucas excepcións, reais ou aparentes, tamén antigas, medievais e modernas, que presentan o seu primeiro termo con final consonántico, nasal *-m-*. Empezarei por eliminar algunhas formas para as que considero outra liña etimolóxica ou que xustifican ben ese *-m-* final do seu primeiro termo:

1) o río *Lambre* (Ría de Betanzos C), medieval *Lambre, Lamber ...* recórdanos a Φλαουία Λαμβρίς de Ptolomeo 2.6.26, capital dos (xen. pl.) Βαιδύων, galaicos lucenses, poboación de difícil identificación coa *Lambriacam urbem* de Mela 3.10 (Tovar *IL* 3, T-95, C-254; *TIR* K-29: 63). Acho eu que Λαμβρίς / *Lambre* e o derivado *Lambriacam* pódense adscribir a *IEW* 660 \*LEG<sup>w</sup>H- ‘leicht in Bewegung und

<sup>9</sup> As palabras de Mela 3.15, *Cantabrorum aliquot populi amnesque sunt sed quorum nomina nostro ore concipi nequeant* (e textos similares de Estrabón e Plinio) non se aplicarán soamente ó que un heleno ou romano senten ante nomes *bárbaros* escuros e malsoantes. É axiomático que en todo contacto de linguas hai dificultade ou estrañeza dos falantes de unha ante formas da outra, coas inevitables alteracións e adaptacións nas formas que eses falantes incorporan ós seus usos.

<sup>10</sup> E sen esquecermos que algúns nomes en *-bre, -bra, etc.* poden ter etimoloxías que, pese ás aparencias, os exclúen do conxunto que agora tratamos. Véxase mais abaixo o que se di dos *Cambra* portugueses.

Gewicht' ... nasalisiert \*LENG<sup>w</sup>H-; \*LENG<sup>w</sup>HO- 'leicht, flink', LIV \*H<sub>1</sub>LENGH<sup>w</sup> 'sich mühelos bewegen', é dicir, á base \*H<sub>1</sub>LN<sup>g</sup>GH<sup>w</sup>-RI-, 'lixeiro, rápido' (cf. ἔλαφρός 'lixeiro' e o hidrónimo *Lambrus*, en Italia e ilírico segundo Krahe (1954: 121), coa observación de que, mentres \*-gh<sup>w</sup>- > -b- non ten bo encaixe no céltico, si o ten a evolución \*ŋ > am. Non argumento, simplemente constato, que a un río como o *Lambre* acaelle ben chamarse 'rápido, lixeiro'<sup>11</sup>.

2) o río *Tambre* (Ría de Noia C) (medieval *Tamaris*, *Tamar*, *Tamare*, *Tamar*) é o *Tamaris* de Mela 3.11 e o Ταμάρα de Ptolomeo 2.6.2, con parentela abundosa, o antigo *Tamesis* ou *Tamesa*, hoxe *Thames*, en cabeza. Por tanto, nada que ver con -briga e as súas variantes.

3) *Ombre* (Pontedeume, Brión, Culleredo C): o *Ombre* de Pontedeume na documentación medieval do mosteiro inmediato de Caaveiro é repetidamente *Anobre*, *Anovre*, *Ovre*, *Oovre*, polo que non hai dúbida de que estamos ante un topónimo con segundo elemento -bris > -bre e o elemento nasal que o precede é o intervocálico do primeiro termo ano-, nasal que se vai perder, pero nasalizando o vocal seguinte, en proceso absolutamente regular e frecuente na lingua galega, sen que importe que as grafas medievais *Ovre*, *Oovre* non fagan explícita esa nasalidade que si se fai hoxe en *Ombre*. Polo tanto, a segmentación *Om-bre* está xustificada e non é excepción á regra de que a -briga, -brix, -bris ten que os preceder fonema vocálico<sup>12</sup>.

4) O rioxano *Hambre* e outros *Hambre* (con h- reetimoloxizante), *Ambra* de Huesca, Cáceres, Guadalajara, etc. que recolle Prósper (2002: 105)<sup>13</sup> e que son do ámbito hidronímico, poida que sexa mellor integralos no conxunto hidronímico céltico documentado en varios *Ammer*, *Amper*, *Amber*, *Ambre*, etc. que Krahe (1964: 90) remite a *Ambra* (tamén *Ambris*, cf. *Tamara* / *Tamaris*). O conxunto pódese remitir a IEW 315.2 \*(ENE)BH-, \*NEBH-, \*EMBH-, \*M<sup>g</sup>BH- 'feucht, Wasser' ... coa base \*M<sup>g</sup>BH-R(O)- sufixada en \*M<sup>g</sup>BH-R-EH<sub>2</sub>- ou \*M<sup>g</sup>BH-R-iH<sub>2</sub>- Polo tanto, nada que ver con -briga, -brix, -bris.

<sup>11</sup> De *Lambre* e outras formas con etimoloxías que comportan fonemas labiovelares trato en "Labiovelares en material galaico e lusitano" (no prelo, para *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*).

<sup>12</sup> Cf. Ferreiro (1995: 125-130), Piel (1962), Moralejo (1977a).

O topónimo pontedeumés *Ombre* ten unha longa historia de desacertos académicos e non académicos: a homofonía con *hombre* e o andacio da castellanización a oito da toponimia galega teñen producido hipóteses académicas de que (*H*)*ombre* estea por un auténtico \**Home* que serve para argallar conexións con *Eume*. E a preguiza para lle dar un repaso ó tumbo de Caaveiro e recoñecer *Anobre* > *Ombre* tamén derivou a etimoloxías fantasiosas pró presunto par *Ombre* / *Eume*. As brochas *hinsidiosas* (véxase Catulo 84) dos celotes ortografistas do *h* seguen sen deixar en paz a *Ombre* na sinalización de estradas.

<sup>13</sup> Véxase tamén Villar (1995a: 158, n. 33) para outras formas non galaicas en -bre e problemáticas no seu encaixe no grupo en que estamos a falar.

Pasamos agora a revisar os poucos topónimos nos que a análise habitual nos dá un primeiro termo con final consonántico *-m-* que non parece compatible coas regras vixentes na composición nominal indoeuropea e céltica.

O punto de partida témolo na vella *Conimbriga*, que é hoxe Condeixa-a-Velha, pois a actual *Coimbra* é a súa refundación, despois da destrución polos suevos, na que foi *Aeminium*. Na documentación temos *Conimbriga*, *Conimbrica*, *Conembriga*, *Conimbria*, *Colimbria* ... cos derivados xen. sg. Κοιμβριγησίας, *Conimbriensis*, *Coimbriensis*, *Coimbrensis* ... e na documentación medieval *Conimbrianos*, *Colimbrianos* etc. –¿de repoboacións medievais ou mais ben xa antigos, debidos a refuxiados trala destrución polos suevos?– antecedentes dos actuais e repetidos *Cumbráns*, *Cumbraos*<sup>14</sup>. Fronte á maioría clara de *Conimbriga* e afíns temos *Coniumbrica* / *Coniumbriga* en Plinio 4.113 e unha lectura discutible *CONIVM[brig(ensis)]* en *CIL* 2, 5866; ademais, *CONIVMBRIG(ensium?)* en *CIL* 2, 432 puidera referirse a unha segunda *\*Coniumbriga*<sup>15</sup>.

A clara maioría de *Conimbriga* en data antiga fronte a *Coniumbriga* e mais o feito de que *Conimbriga* sexa a única forma antiga de que arrincan as formas medievais e modernas nos suxiren que nos raros *Coniumbriga* e *Coniumbrig(ensis)* a grafía *-iu-* poida representar unha realización labial do /i/ ante o nasal labial /m/, é dicir, unha realización /ii/ que acaba desprazada pola normal /i/<sup>16</sup>.

Verbo do que realmente importa, o nasal *-m-* (ante *-briga*, *-bra*, *-bre* ...), direi que non me parece convincente Blondin (1977: 149) en que poida ser epentético “devant la labiale *b* fortement articulée, en sorte que *-b-* et *-mb-* y sont en variation libre”. Tampouco non creo que *Conimbriga* poida proceder dun *\*CONENO-BRIGA* ou similar, con síncope de que resulta a secuencia *-mbr-* (Holder: 1102). Imponse a segmentación *Coni-mbriga*, que non será un caso illado, como axiña veremos<sup>17</sup>.

<sup>14</sup> Véxase Piel (1951). En Ponferrada LE hai un *Columbriano* que tal vez supoña unha *\*COLUMBRIGA* ou sexa remisible á nosa *Conimbriga*, pero tamén puidera ter orixes que non afectan ó noso tema.

<sup>15</sup> Para toda esta documentación e os seus problemas cf. Encarnação (1975), García (1991), Guerra (1999).

<sup>16</sup> O galaico *Calubrigen(sis)* pode ser exemplo da acción do labial *-b-* sobre o timbre (¿*\*a*, *\*o*?) do fonema vocal precedente. Véxanse as variantes medievais *Kalumbria*, *Caumbria* da *Calambria*, *Caambria*, actual *Cambra*, que logo revisaremos.

<sup>17</sup> A segmentación anómala *Conim-briga* foi observada pola práctica totalidade dos que se ocuparon dos topónimos con *-briga*, pero son poucos os que se detiveron nela, por exemplo, Piel (1977: 162) e Blondin (1977: 148).

Evidentemente, hei de contar coa posibilidade de que en última instancia o escuro para nós, preindoeuropeo ou non, sexa simplemente *\*CONIM-* e que non haxa máis que aceptalo e non discutir a análise tradicional de *Conimbriga* como composto con *-briga*. Esta mesma posibilidade podería estar nos outros topónimos con secuencia *-mbr-* que aquí revisamos.

Téñase en conta que xa desde Leite de Vasconcellos o estudo de *Conimbriga* / *Coniumbriga* estivo condicionado pola súa presunta relación cos Κυνήσιοι, Κύνητες, Κόνιοι, Κουνέιοι, *Conii* das fontes antigas (Tovar *IL* 2: 193, *TIR* J-29: 66) e a súa posible expansión desde Algarve e Alentejo ata máis arriba do Tejo, mais non houbo, seica, tal expansión e as hipóteses etimolóxicas baseadas nela perden moito da súa forza, ou toda<sup>18</sup>. Entre as hipóteses que relacionaron *Conimbriga* cos *Conios* cómpre destacar a de ver en *Coniumbriga* (Schmoll 1959: 32, Tovar *IL* 2: 194 e 260) un ‘agregado’ ou falso composto dos sustantivos *Conium* (xenitivo plural) e *\*briga*<sup>19</sup>, unha ‘dos conios cidade’, en paralelo a *Conistorgis* / *Conisturgium* do Algarve, nome de conexión mais clara, seica, cos *Conii*.

Hai outras propostas nas que a presunta relación de *Conimbriga* cos *Conii* e mais con *Conistorgis* quere dar a estos termos unha etimoloxía indoeuropea e, no marco de esquemas migracionistas ou invasiónistas da indoeuropeización de Hispania, detectar estratos pre- ou para-célticos de xentes ilirias, ambroilirias, ligures, etc. das que os *Conii* serían parte; pero todo eso hai tempo que devaluou e o que teña de realidade encaixa noutros modelos que non é momento de presentar<sup>20</sup>.

O que agora importa é que todo canto se fale nunha etimoloxía indoeuropea para *Conistorgis*, *Conisturgium* no seu segundo elemento ou en ambos, non pode esque-

<sup>18</sup> O segmento *Coni-* témolo tamén nos Κονίσκοι ou Κωνιακοί cántabros de que nos dá noticia Estrabón; ademais, o antropónimo *Conicodius*, que, anque documentado no Alentejo, non é de relación segura cos *Conii* e a súa cidade Κονίστοργις; outras referencias poderían ser o antropónimo *Conisovimus* en Holder (I, 1102) e o antropónimo *Coni-letus* en Schmidt (1957: 183).

<sup>19</sup> No celta hispano soamente temos *-briga* en composición ou derivados de *brig(a)-*, pero puido haber o substantivo simple *\*BRIGA* (cf. irl. *brí*, galés e bret. *bre* ‘outeiro’).

Se aceptamos o falso composto *Coniumbriga*, perde forza a obxección de Blondin (1977: 150) á rareza de que nun composto *-briga* teña como determinante un etnónimo. O composto regular sería *\*KON(YO)-BRIGA*.

<sup>20</sup> En Schmoll (1959: 32), “Zusammenrückung” *\*CONI(O)S \*TORGIS* > *Conistorgis*, con *-torgis*, ‘mercado, foro’, de ide. *\*TRG-*, cf. ilirio *Tergeste*, actual *Trieste*, eslavo *\*TERG-* ‘mercado’. Coa segmentación *Conis-torgis*, Tovar (1957), seguindo a Krahe (1955: 105), propón un *\*-DORGIS*, de *IEW* 254 *\*DHEREGH-* ‘festhalten, fest’, na liña semántica de ‘vila, castro (dos conios)’ como lugar naturalmente forte ou fortificado. Nesa mesma liña tamén poderíamos optar por un *\*-STORGIS*, de *IEW* 1022.1 *\*(S)TER-*, *\*(S)TERØ-*, *\*(S)TRĒ-* ‘starr, steif sein, starrer, fester Gegenstand ...’ [mellor, *\*(S)TER-*, *\*(S)TER-H-*, *\*(S)TR-EH-*], con alongamento gutural, *\*(S)TER-G-*, *\*(S)TR-EG-*; nótese que teríamos unha segmentación *Coni-storgis* que nos permitiría enlazar con *Coni-mbriga*.

Hai outras etimoloxías: para os *Conii* Blondin (1977: 152 e 156) pensa en ide. *\*KWON-* ‘can’, ou nunha base oronímica κ<sup>ω</sup>ν ‘éminence pierreuse’; para *Coni-* Búa (2000: 95) pensa en ide. *\*KOMYO-* > *\*KONYO-* ‘común’, pero, digo eu, esperaríamos *\*CONIO-BRIGA* ou, dentro da súa proposta, *\*CONIO-MBRIGA*, en paralelo a cómo se presentan as formas con sufixo *\*-yo-*, cf. *Medio-lanum*, *Novio-dunum*, *Blanio-brensis*, etc.

cer que, con *Isturgi*, *Iliturgi*, etc. forman un conxunto non indoeuropeo<sup>21</sup> en que cómpre segmentar *Conis-torgis* ou *Con-is-torgis*, e así faise mais problemática a súa relación formal, nunca probada, con *Conimbriga*, que non ten neses presuntos paralelos ningún apoio para se segmentar e analizar como *Conim-briga*.

En fin, para a única segmentación que me parece posible, *Coni-mbriga*, sigo a proposta etimolóxica de Búa (2000: 44 e 95): *-m(b)riga* < \*-MR̥G-EH<sub>2</sub>, de IEW 738 \*MEREG- ‘Rand, Grenze’, con epéntese de *-b-* na secuencia *-mr-*; véxase o coñecido escolio a Xuvenal, *brogae Galli agrum dicunt*, cf. irl. *mruig*, *bruig* ‘país, territorio’, lat. *margo*, got. *marka*, o noso xermanismo *marca*, *marcar*. A relación entre ‘límite’ e ‘territorio’ e os seus respectivos rendementos onomásticos non necesitan presentación e para o grao cero que necesitamos, \*-mr̥g- > *-m(b)rig-*, son ilustrativos o epíteto teonímico lusitano *Malu-mrico* (Búa 2000: 44) e a variación do étnico galo *Allobroges* (\*-M(B)ROG-) / *Allobriges* (con reduccción de *mbr* a *br*). Pero hai que ter en conta que no galo *Allobriges* e afíns puido haber influxo dos compostos con *brigo-* ‘forza, poder’ (de IEW 477 \*G<sup>w</sup>ERI-, nada que ver con *-briga* < \*BHR̥GH-) <sup>22</sup>, ademais de que non se pode desbotar o influxo do tipo *Sego-briga* (de \*BHR̥GH-) sobre o tipo de *Coni-mbriga* e demais formas que aquí revisamos. Deixo de lado qué poida significar o segmento *Coni-*.

A mesma proposta etimolóxica, un segundo termo *-m(b)riga* < \*-MR̥G-EH<sub>2</sub>, de IEW 738 \*MEREG- ‘Rand, Grenze’, se pode considerar para os topónimos *Calambre* (Tapia O), *Cambra* (Aveiro BL), *Cambra*, A (Ribeira C, Lugo LU, Mondariz PO), *Cambre* (Cambre, Carballo e Malpica C), *Combre* (Lourenzá LU), *Enxebre* (Salvaterra PO), *Oímbra* (Oímbra OU), *Pambre* (Palas LU, Ramirás OU), *Sembra* (Cee C), *Sesimbra* (Setúbal E) e *Tembra* (Brión C) <sup>23</sup>. Non podo facer propostas etimolóxicas seguras para tódolos primeiros termos deste conxunto de topónimos, pero creo que hai un par deles que suxiren e mesmo impoñen unha segmentación con segundo termo *-mbra*, *-mbre* que nos arreda do grupo *-briga*, *-brix*, *-bris*, *-bre* ... (de \*-BHR̥GH-) e mais tamén da alternativa, xa rexeitada, IEW 1151.2 \*WER-, *erweitert* \*WER-D-, \*WER-S- ‘erhöhte Stelle’, pero que nos leva a un segundo termo *-mbriga* < \*-MR̥G-EH<sub>2</sub>.

<sup>21</sup> A non indoeuropeidade deste material é a opinión tradicional e maioritaria con apoio bibliográfico enorme, cf. xa Untermann (1961). Que *Conistorgis* e o seu grupo son do indoeuropeo que entra temperán en Hispania e ten a súa maior densidade onomástica na área meridional é a nova posición de Villar (2000); véxanse en especial cap. 11 e 17.

<sup>22</sup> Véxase Schmidt (1957: 155-157).

<sup>23</sup> Deixo fóra *Vilachambre* (Baralla LU), que é un \**Villa Flammulae* (Moralejo (1977: 74). *Cambrelle* (Carballo C) parece antroponímico, pero non podo excluír que estea relacionado con *Cambre*, *Cambra*. Tamén deixo fóra o portugués *Cambres* (Lamego BA) porque o xa medieval *Cambres* apunta, seica, a outra orixe, véxase Fernandes (1999) e tamén deixo fóra *Gombra* (Vilanova PO), que é xermánico (Piel Kremer 1976: 160).

O topónimo portugués *Cambra*, medieval *Calambria*, *Caambria*, *Caambraha*, *Caumbria*, *Kalumbria*<sup>24</sup>, é equiparable ó asturiano *Calambre* (Tapia O), medieval *Calambre*, e mais ó galego *Cambre*, medieval *Calamber*, *Calambre*, *Calambria*<sup>25</sup>. No repaso dos repertorios onomásticos hispánicos (e tamén extrahispánicos) é fácil identificar un elemento *cala-* con *-l-* simple intervocálico que se perde no ámbito galaico ou se mantén como *-l-* fóra dese ámbito, mais tamén un *call(a)-* con fonema líquido xeminado que se conserva como *-l-* simple no ámbito galaico: o inventario podería ser maior, pero ímolo reducir ó *Cale* que está na base de *Portugal*; *\*Calabri(g)a*, deducible de *Calabriensis*, *Galebriensis*, e que tamén é medieval *Caliabria* (Tovar *IL* 2:255, Albertos 1990: 135); Ptol. 2.6.38 *Καλάδουον*, *ItAnt.* 422.5 *Caladuno*<sup>26</sup>; *Calagurris*, *Calagorra*, *Καλακορίνα*, *Καλαγορίνα*, actual *Calahorra*, con outras variantes e derivacións (Tovar *IL* 3 C-330, C-439, C-440; *TIR* K-30:75); *\*Calantica* (a deducir de dat. sg. *Calantice(n)si*) (Guerra 1999: 374); hai ademais dúas *Calubriga* galaicas, a deducir do étnico *Calubrigensis* (Albertos 1990:135), nas que o *-u-* poida que sexa secundario, acomodación de *\*-a-* (¿ou *\*-o-?*) ó fonema labial seguinte. No capítulo de *\*-ll-* > *-l-* mantido no ámbito galaico, temos, seica, *Callaecia* / *Gallaecia*<sup>27</sup> e o actual *Calavre* (Santarém R), ademais de que algunhas das formas de documentación soamente antiga e con grafía *-l-* puidesen ter realmente xeminada *-ll-*; hai ademais antropónimos como *Calaetus*, *Calatus*, *Calatius* ... (cf. Abascal: 103, 310).

Poida que para todos eses nomes estean en xogo orixes e conexións diferentes ou poida que para todos abonde cunha mesma raíz indoeuropea, mais o que agora cómpre salientar é o contraste de *\*CALA-BRI(G)-*, *Calia-bria*, *Calu-briga*, *Cala-vre* (todos eles de *\*KAL(L)A-BHRG-*, é dicir, do conxunto *-briga*) con *Cala-mbria*, *Cala-mbre*, *Ca-mbra*, *Ca-mbre*, nos que se impón *\*KALA-M(B)RG-*, é dicir, outra segmentación e outra etimoloxía no segundo termo.

Se todo o conxunto admite unha orixe única no seu primeiro termo, podemos pensar en *IEW* 523.1 *\*KAL-* ‘hart’, *\*KAL-NO*, *\*KL-NO-* ‘Schwiele, harte Haut’ (cf. os

<sup>24</sup> Cf. Silveira (1914); vexo en Silveira (1914: 121) que a *Cambra* (Viseu, BA) que recolle Villar (1995a: 158) non encaixa no grupo de *\*-BRIGA* porque a súa documentación medieval *Cambar*, *Camvar*, *Cambara* e os seus inmediatos hidrónimo *Cámbar* e topónimo *Cambarinho* apuntan noutras direccións etimolóxicas que tamén poden afectar a *Cambres* (Viseu, BA), med. *Cambares*, *Cambres*. Véxanse posibles paralelos cántabros en García Alonso (1995).

<sup>25</sup> A *Calambria* gala da *Tabula Peutingeriana* (Holder: I, 688) pode estar neste grupo ou pode ser composto coa base hidronímica *\*-MBHR-* que vimos antes.

<sup>26</sup> Cito esa forma con reservas verbo da súa segmentación e etimoloxización porque os topónimos con segundo termo *-dunum* son sempre sospeitosos en Hispania, cf. Guerra (1999) *s.u. Caladunus*. Na autorización desta e demais formas de toda esta restrá procuro evitar a palla farragosa, abonda coa citación que fago. En Holder (I, 685-706) hai moito material con *cal(l)-*, pero non todo da mesma orixe.

<sup>27</sup> Véxanse, Moralejo, J. (2000) e (2001).

*calos*, cast. *callos*), de presenza pancéltica abundante e tal vez relacionable con IEW 544.1 \*KEL-, \*KELÐ- ‘ragen, hoch (heben)’, KLN-IS ‘Hügel’, LIV 312 \*KELH- ‘aufragen, hochragen’ (cf. lat. *collis, ex-cellere* ¿cf. *Celtae*?), se a aspereza ou dureza no terreo ten conexión coa nota de elevación; ademais de que as dúas raíces anteriores poidan ser totalmente independentes, tampouco non se descarta por algúns autores unha orixe preindoeuropea, \*KARA / \*KALA ‘rocha > abrigo > fortificación’. Ó remate poderíamos ter unha \*CAL(L)A-BRIG- ‘vila ou castro forte, da altura, do outeiro’ ou ‘vila ou castro da rocha’ > *Caliabria, Calavre* ... fronte a unha \*CALA-MBRIG- ‘marca ou terreo forte, da altura, do outeiro’ ou ‘marca ou terreo da rocha’ > *Calambria, Calambre, Cambra, Cambre* ...

Temos ademais un *Combre*, que non sei se terá algunha relación certa co asturiano *Colombres* e que podería ser un \**colombris* (ou \**calombris*) con vocalismo *o* a contrastar co vocalismo *a* de *Cambre, Calambre, Calavre* ... un contraste que na documentación hispánica ten dado pe a discusión verbo de diferenciación de aportes na indoeuropeización. Pero o vocalismo *o* tamén podería ser secundario, de acomodación do fonema vocálico ó seu contexto consonántico (gutural e labial). Para a súa etimoloxía podemos pensar nas mesmas raíces que para *Cambre*.

No que portén a *Pambre*, medieval *Paambra* e *Pambre*, é tentador conxecturar perda de \*-*l*- intervocálico no primeiro termo \**pala-*, que podemos remitir a un conxunto tan atractivo como problemático de étimos e documentación: en primeiro lugar, o IEW 807 \*PELI-S, \*PEL-S- ‘Fels’; ademais os célticos LEIA A-29 *ail* ‘rocher, grosse pierre’, A-61 *all* ‘rocher, escarpement’ (cf. top. galo *Alesia* ‘La Roche’), e LEIA A-32 *aile* ‘barrière, défense, protection’, a comparar coas formas xermánicas asax. *faled*, dan. *fold* ‘curro’: nótese que do punto de partida ide. \**p* temos o resultado céltico de perda total de *p* fronte á *Lautverschiebung* xermánica (lei de Grimm) \**p*>*f*, mentres que no noso \**pala-* e afíns que logo imos ver mantense o \**p-*, cousa que é de longa e viva polémica no diagnóstico da celticidade dunha parte do material hispánico, en especial material lusitano e galaico<sup>28</sup>.

Tamén se mantivo o \**p* no celta lepónico *palam* ‘estela funeraria’, é dicir, unha especialización do xenérico ‘rocha, pedra’; unha especialización semellante pode habela no lat. *palatum* ou *palatus*, co derivado *palatare* productivo nas linguas románicas: o significado de *padal* ou *bóveda da boca* poida que arrinque do xenérico de *uberta* ou *peche* (*de pedra*), é dicir, a mesma liña de evolución semántica que se pode ver nos exemplos célticos e xermánicos nos que as *pedras* son o material co que se fan as *defensas* e os *curros*.

Outro paso adiante neste sarillo de hipóteses é que lat. *palatum* ou *palatus* parece ter moito que ver co orónimo *Palatium* e co seu derivado *palatinus*: Varrón, que

<sup>28</sup> Abonde con remitímonos a Villar (1995b) e a Untermann (1987).

fala dos *pastores Palatini* (LL 5.54), nos di que *eundem hunc locum [Palatium] a pecore dictum putant quidam* (LL.5.53)<sup>29</sup>. De este lat. *palatium*, posible ‘curro’, fai Best (1989: 339) comparanza co búlgaro medieval *polati* e moderno *poljati*, o ‘apsidal sheppy’ xa prehistórico en áreas indoeuropeas; adxuntamos as formas xermánicas xa citadas *faled*, *fold* ‘curro’ e as conclusións a que chegou Best (1989: 340) de que “\*PALATIOM may be considered to be the proto-Indo-European technical term to designate the apsidal shepherd’s house annex sheppy’.

En Galicia temos aínda vivos os comúns *pala* e *paleira* para significar cavidades na rocha que serven como refuxios do gando e dos pastores, e son termos con abundante rendemento (tamén en Portugal) en topónimos, hidrónimos e orónimos *Palas*, *A Pala*, *A Paleira*, *A Palela*, *Pala do Oso*, *río da Pala*, *Água da Pala ...* e outras formas que coa súa -l- actual esixen \*-ll- (o que temos, seica, no medieval *Palla Auria* relativa a Ourense no *Liber Fidei* bracarense, nº 11, ano 569); estas formas pódense derivar da raíz ampliada \*PAL-S-A<sup>30</sup>, mentres que no caso de \*PALA-M(B)RG- > *Paambra*, *Pambre* haberá que contar con \*PAL-A- para a perda de \*-l-. *Pambre* podería ser ‘marca ou terreo da rocha, do penedo’<sup>31</sup>.

*Paambra*, *O Pambre* é topónimo en Ramirás OU, pero en Antas de Ulla LU *Paambra*, *Pambre* é topónimo, orónimo e hidrónimo (afl. Ulla); ademais de que a nosa análise presupón que ambos *Pambre* teñen que se referir primariamente a entidades de poboación, a revisión dos textos medievais de Sobrado dos Monxes deixa claro que o uso hidronímico actual de *Pambre* é secundario e aplicable soamente a un treito do río (que é tamén *Ferreira* e *Merlán*, polas poboacións polas que pasa). Tanto para *O Pambre* de Ramirás OU como para *Pambre* de Antas LU tamén cabería pensar en IEW 798. 1 \*PEL- ... ‘gießen, fließen ...’, é dicir, en \*PALA-MBRIG- teríamos a ‘marca ou territorio do río’ (Arnoia e Ulloa, respectivamente). Esta opción ten a pequena eiva de que parece que na Gallaecia non hai outros exemplos de ese ide. \*PEL- ‘fluir’.

<sup>29</sup> O sentido de ‘residencia’, ‘pazo’ é serodio, debido a que no *Palatium* ou *Palatinum* estaba a residencia imperial. Ó *palatium* ‘curro’ dos pastores engádase que é *Pales* a *dea pastorum* e as súas festas *Palilia dicebantur* segundo Festo.

<sup>30</sup> Non se exclúen outras bases, por exemplo \*PAL-N-A-.

<sup>31</sup> Na documentación antiga temos *Trebopala* (¿topónimo? ¿teónimo? ¿outro tipo de nome?) na inscrición lusitana do Cabeço das Fráguas, o epíteto teonímico lusitano dat. sg. *Toudopalandaigae*, máis dunha vila *Pal(l)antia*, etc. Poderían encaixar tamén na hipótese de \*PAL(A)- como ‘rocha, penedo’ que pode evolucionar a ‘abrigo, refuxio’ e ‘curro’, pero teñen a alternativa da raíz IEW 786 \*PĀ- : Pð- ... ‘füttern, nähren, weiden, LIV 787 \*PEH<sub>2</sub> ‘hüten, weiden’, sufixada con \*-lo-. Teñase en conta que esta raíz é a que temos no léxico básico latino do gando e do seu coidado, *pāscō*, *pāstor*, *pābulum*, con paralelos noutras linguas indoeuropeas. Nótese que a idea de ‘protección’ está nas dúas liñas etimolóxicas (‘rocha’ e ‘pastor’) e que o significado de ‘rocha, penedo’, mesmo divinizado, encaixa ben no mundo cultural céltico.



Non é momento de discutilo, pero habería que lle dar unha axeitada a fondo ós moitísimos *Paços, Pazos, Paços, Pazós, Pacios, Palacios* ... da toponimia galega e portuguesa, xunto cos moitos *Palacio(s), Palazuelo(s)*, etc. que abundan noutras áreas da Hispania indoeuropea. Hai *Pazos, Pacios* e *Palacios* de máis como para os reducir todos ó latín e ó significado tardío, e tamén frecuente, que temos nos *pazos* de Oca, Mariñán, Brejoeira, etc.

Para os topónimos galegos *Enxembre, Sembra* e *Tembra* en principio pódese descartar que o grupo *-mbr-* xurda por síncope de vocal átono postónico e conseguíntese epéntese de *-b-* para facilitar a articulación do grupo *-mr-*, por exemplo, \*TÉMARA > \*TEMRA > *Tembra*, pero non podería propor un descarte absoluto dese proceso. Nótese que a sufixación átona *-ara, -aro* é abundante e estable na Onomástica galaica (*Guítara, Lóuzara, Azúmara, Tállara, Présaras, Ézaro, Láncara* ...) e non falta no léxico común (*cómaro, túzaro, pícaro* ...), pero *Tamaris* > *Tambre* contradí o que digo e puidera ser de aplicación ó inmediato *Tembra*. Ademais tampouco non se pode excluír que algunha de esas formas teña orixes moi diferentes das que agora nos ocupan.

No que portén ó galego *Oímbra*, medieval *Olimbria*<sup>32</sup>, e ó portugués *Sesimbra*, medieval *Sesimbria*, limítome a sinalar que os primeiros termos *Oli-*, *Sesi-* coinciden con *Coni-* (de *Conimbriga*) na súa vocal final *-i-*, que é frecuente na onomástica hispana tradicionalmente considerada non indoeuropea (por exemplo, *Sexi, Urci, Erbi*<sup>33</sup> ...; para *Sesimbra* parece haber outras conexións ou semellanzas na onomástica con *ses-*, *sis-* (a ceca ibérica *s.e.s.a.r.s.*, *Sisapo, Sisipo, Sisoraca*, etc. e tamén antropónimos<sup>34</sup>) pero este apontamento non é decisión expresa polo carácter híbrido de *Oímbra, Olimbria* e *Sesimbra, Sesimbria*, con primeiro termo non indoeuropeo.

E vou rematar coa obviedade de que a coincidencia de contextos fónicos e morfolóxicos entre os compostos con \**-BHRGH-* > *-briga* ‘altura > castro, vila’ (*Nemetobriga*) e os compostos con \**-M(B)RGH-* > *-mbriga* ‘linde, territorio’ (*Conimbriga*) fai que ambos teñan as mesmas variantes, é dicir, temos *-briga, -bria, -bra, -brix, -bris, -bre* e temos *-mbriga, -mbria, -mbra, (\*-MBRIX, \*-MBRIS), -mbre*. Madia leva, non se descartan cruces e influxos entre ambos tipos.

<sup>32</sup> A forma *Olisimpria* nun documento do mosteiro de Celanova é o típico floreo notarial suxerido pola ben coñecida *Olisip(po)na*, actual *Lisboa*.

<sup>33</sup> Exemplos en Villar (2000: cap. xv).

<sup>34</sup> Exemplos en Villar (2000: 342).

## Bibliografía

- Abascal, J. M. (1994): *Los nombres personales en las inscripciones latinas de Hispania* (Murcia: Universidad Complutense de Madrid, Universidad de Murcia, Universidad de Alicante).
- Albertos, M. L. (1990): “Los topónimos en *-briga* en Hispania”, *Veleia*, 7: 131-146.
- Arbois de Jubainville, H. d’ (1893 - 1894): “Les Celtes en Espagne”, *Revue Celtique*, 14: 357-395; 15: 1-61 e 160-173.
- Best, J. (1989): “Comparative Indo-European Linguistics and Archaeology”, *JIES*, 17: 335-340.
- Blondin, R. (1977): “Le toponyme Conimbriga”, *Conimbriga*, 16: 145-159.
- Búa, C. / Lois, S. (1995): “Los topónimos gallegos en *-bre* de origen prerromano”, *BN NF*, 29-30.1: 13-41.
- Búa, C. (2000): *Estudio lingüístico de la teonimia lusitano-gallega*. Tesis doctoral (inédita) (Universidad de Salamanca).
- Caro Baroja, J. (1946): *Los Pueblos de España: ensayo de Etnología*, I (Barcelona: Barna).
- Caro Baroja, J. (1947): “La geografía lingüística de la España antigua a la luz de la lectura de las inscripciones monetales”, *BRAE*, 26 (= *Sobre la lengua vasca y el vasco-iberismo*: 121-169; San Sebastián: Editorial Txertoa, 1979).
- Caro Baroja, J. (1954): “La escritura en la España prerromana”, en Menéndez Pidal, *Historia de España*, I. *España prerromana*, 3. *Etnología de los pueblos de Hispania*: 677-812 (Madrid: Espasa - Calpe).
- CIL, Corpus Inscriptionum Latinarum.*
- Encarnação, J. de (1975): *Divindades indígenas sob o domínio romano em Portugal. Subsídios para o seu estudo* (Lisboa: Imprensa Nacional - Casa da Moeda).
- Fernandes, A. de A. (1999): *Toponímia portuguesa. Exame a um dicionário* (Arouca, Associação para a defesa da cultura arouquense).
- Ferreiro, M. (1990): *Gramática histórica galega* (Santiago: Edicións Laiovento).
- García, J.M. (1991): *Religiões antigas de Portugal. Aditamentos e observações às ‘Religiões da Lusitânia’ de J. Leite de Vasconcelos. Fontes Epigráficas* (Lisboa, Imprensa Nacional - Casa da Moeda).
- García Alonso, J.L. (1995): “La contribución de la toponimia prerromana de la Península Ibérica al conocimiento de las lenguas paleohispánicas. Los nombres de los cántabros”, en Agud, A. / Fernández Delgado, J.A. / Ramos, A., *Las lenguas de corpus y sus problemas lingüísticos*: 55-67 (Salamanca: Ediciones Clásicas - Universidad de Salamanca).

- Guerra, A. (1999): *Povos e lugares pré-romanos do Ocidente peninsular. Disertación de Doutoramento* (iné dita) (Universidade de Lisboa).
- Holder, A. (1896-1907): *Alt-celtischer Sprachsatz* (Leipzig: Teubner Verlag).
- IEW, Pokorny, J. (1994) [1959]: *Indogermanisches Etymologisches Wörterbuch*, 2 vols. (Tübingen und Basel, Francke Verlag).
- Krahe, H. (1954): *Sprache und Vorzeit* (Heidelberg: Quelle & Meyer).
- Krahe, H. (1955): *Die Sprache der Illyrier*, I (Wiesbaden: Otto Harrassowitz),
- Krahe, H. (1962): “Die Struktur der alteuropäischen Hydronymie”, *AAWL*, 5: 286-348.
- Krahe, H. (1964): *Unsere Ältesten Flussnamen*. (Wiesbaden: Otto Harrassowitz).
- LEIA, Vendryes, J., *Lexique étymologique de l'irlandais ancien. Lettre A*, 1959. *Lettre B*, par les soins de E. Bachellery et P.-Y. Lambert, 1980. *Lettre C*, par les soins de E. Bachellery et P.-Y. Lambert, 1987. *Lettres MNOP. Lettres R-S*, 1974. *Lettres T-U*, par les soins de E. Bachellery et P.-Y. Lambert, 1978. (Dublin: Institute for Advanced Studies - Paris: Centre National de la Recherche Scientifique).
- LIV, Rix H (1998): *Lexikon der indogermanischen Verben. Die Wurzeln und ihre Primärstammbildungen. Unter Leitung von Helmut Rix und der Mitarbeit vieler anderer bearbeitet von Martin Kümmel, Thomas Zehnder, Reiner Lipp, Brigitte Schirmer*. (Wiesbaden: Ludwig Reichert Verlag).
- Menéndez Pidal, R. (1952): *Toponimia prerrománica hispana* (Madrid: Gredos).
- Monteagudo (1986):, “Toponimia Costera Coruñesa. De Estaca de Bares a Malpica”, *Actas do Colóquio “Santos Graça” de Etnografía Marítima 4. Póvoa de Varzim 1986*: 29-71.
- Moralejo, A. (1953): “Sobre los nombres toponímicos gallegos en -obre y sus afines”, en *Estudios dedicados a Menéndez Pidal III*: 135-157 (Madrid: CSIC) (= Moralejo 1977b: 49-83).
- Moralejo, A. (1977a): “Topónimos variables con nasal o sin ella: en -edo/a o -endo/a”, *Verba*, 4: 301-309 (= Moralejo 1977b: 341-354).
- Moralejo, A. (1977b): *Toponimia gallega y leonesa* (Santiago: Pico Sacro).
- Moralejo, J. (2000): “De griegos en Galicia”, en Alganza, M. / Camacho, J.M.: *Epieikeia, Homenaje al profesor Jesús Lens Tuero*: 327-358 (Granada: Athos-Pérgamos).
- Moralejo, J. (2001): “Gallaecia y sus etimologías”, en Domínguez, M. / Moralejo, J. / Puentes, J.M. / Vázquez, E.: *Sub luce florentis calami. Homenaje a Manuel C. Díaz y Díaz*: 92-115 (Santiago: Universidade de Santiago).

- Piel, J. M. (1951): “Miscelánea de toponimia peninsular”, *RPF*, 4: 197-227.
- Piel, J. M. (1962): Sobre a terminación *-endo (-indo)*, *-enda* na fito-toponimia galego-portuguesa”: *Actas do IX Congreso Internacional de Lingüística Românica. Universidade de Lisboa 1959*: 153-163 (Lisboa: Centro de Estudos Filológicos).
- Piel, J. M. (1977): “Sobre os topónimos *Conimbriga*, *Condeixa* e *Alcabideque*”, *Conimbriga*, 16: 161-165.
- Piel, J. M. / Kremer, D. (1976): *Hispano-gotisches Namenbuch* (Heidelberg: Carl Winter Universitätsverlag).
- Prósper, B. (2002): *Lenguas y religiones prerromanas del Occidente de la Península Ibérica* (Salamanca: Universidad de Salamanca).
- Roldán, J. M. (1975): *Itineraria Hispana, Fuentes antiguas para el estudio de las vías romanas de la Península Ibérica* (Valladolid: Departamento de Historia Antigua).
- Schmidt, K. H. (1957): “Die Komposition in gallischen Personennamen”, *ZCP*: 26, 33-301.
- Schmoll, U. (1959): *Die Sprachen der vorkeltischen Indogermanischen Hispaniens und das Keltiberische* (Wiesbaden: Otto Harrassowitz).
- Silveira, J. (1914): “Toponymia portuguesa (esboços)”, *Revista Lusitana*, 17: 114-134.
- TIR, Tabula Imperi Romani*, (Madrid, 1995 - 2002: IGN, CSIC, Ministerio de Cultura).
- Tovar, A. *IL, Iberische Landeskunde* 1-3 (1974, 1976 e 1989), (Baden-Baden, Valentin Koerner).
- Tovar, A. (1957): “Ilirios en España”, *BN*, 8.3: 278-280.
- Untermann, J. (1961): *Sprachräume und Sprachbewegungen im vorromischen Hispanien* (Wiesbaden: Otto Harrassowitz); versión española en *APL X*, 1963), versión portuguesa en *Revista de Guimarães LXXII*, 1962. A versión portuguesa é máis completa.
- Untermann, J. (1987): “Lusitanisch, Keltiberisch, Keltisch”, en Gorrochategui, J. / Melena, J. L. / Santos, J.: *Studia Palaeohispanica. Actas del IV Coloquio de Lenguas y Culturas Paleohispánicas (= Veleia 2-3)*: 57-76.
- Untermann, J. (1999): “Joan Coromines y la onomástica de la Hispania antigua”, en J. Solà: *L'obra de Joan Coromines. Cicle d'estudi i homenatge*: 183-192 (Sabadell: Fundació Caixa de Sabadell).
- Untermann, J. (2001): “La toponimia antigua como fuente de las lenguas hispano-celtas”, *Palaeohispanica*, 1: 187-212.

- Villar, F. (1995a): *Estudios de celtibérico y de toponimia prerromana* (Salamanca, Universidad de Salamanca).
- Villar, F. (1995b): *Los indoeuropeos y los orígenes de Europa* (Madrid: Editorial Gredos).
- Villar, F. (2000): *Indoeuropeos y no indoeuropeos en la Hispania prerromana* (Salamanca: Universidade de Salamanca).

---

## Algunhas propostas sobre as unidades, relacións e funcións sintácticas

---

Xoán C. Rábade Castiñeira  
I.E.S. Ramón Menéndez Pidal (A Coruña)

### Resumo:

Consciente da dificultade dos temas que se tratan neste traballo, tanto pola súa amplitude como polas controversias suscitadas no estudo da sintaxe moderna, pareceume adecuado tocar só algúns aspectos fundamentais que atinxen á problemática da fixación das unidades principais e os seus subtipos, así como á complexidade das relacións e funcións sintácticas que operan nesas unidades. O obxectivo non é, pois, elaborar un minitratado de sintaxe, aínda que considero que non está de máis identificar os tipos de relacións, de unidades e de funcións sintácticas con que imos traballar, como paso previo a calquera precisión.

### Palabras chave:

Cláusula, coordinación, frase, funcións sintácticas, interordinación, relacións sintácticas, unidades sintácticas, subordinación.

### Abstract:

*Being conscious of the difficulty regarding the topics which we deal with in this work, both for its wideness and for the controversies which when studying modern syntax, I thought convenient to study only a few basic aspects which affect the problem of defining the main units and its subtypes as well as the complexity of the syntactic relations and functions which work in these units. The aim is not, therefore, to elaborate a small volume on syntax, while I consider it is not completely out of the question to identify the syntactic relation types, units and functions which we are going to work, with as a step previous to any accuracy.*

### Key words:

*Clause, co-ordination, interordination, phrase, subordination, syntactic functions, syntactic relations, syntactic units.*

## 1. Tipos de relacións sintácticas xerais e estruturas correspondentes

Mulder (1977: 30-31) distingue tres tipos xerais de relacións sintácticas:

- *coordinación*: relación de independencia biunívoca (A é independente de B e B de A).

- *subordinación*: relación de dependencia unívoca (A depende de B e B non depende de A).
- *interordinación*: relación de dependencia biunívoca (A depende de B e B depende de A).

Tamén inclúe a *aposición* como relación case sintáctica, non constitucional, non gramatical, entre constituíntes equivalentes na función, que, como precisaremos máis adiante, non establecen unha relación diferente da coordinación ou da subordinación. O mesmo poderíamos afirmar da denominada *xustaposición*

Os dous primeiros tipos de relación son denominados *expansión* por Martinet (1960: 128-131), isto é, un elemento engadido ao enunciado que non modifica as funcións dos elementos preexistentes.

Os tipos de estruturas en que se inclúen as relacións anteriores serían:

- *endocéntrica*: aquela en que algún dos seus constituíntes inmediatos pode desempeñar a mesma función que realiza a construción completa.
- *exocéntrica*: aquela en que ningún dos seus constituíntes inmediatos poden desempeñar, cada un por si só, a mesma función que realiza a construción completa.

Segundo Rojo / Jiménez Juliá (1989: 100-105), as estruturas endocéntricas poden manter unha relación de subordinación ou de coordinación e as exocéntricas unha relación de interordinación. Con todo, parece máis adecuado considerar a existencia de tres e non de dous tipos de estruturas, que se corresponderían coas tres relacións indicadas:

- *endocéntrica*: estrutura nunha relación de subordinación en que só un constituínte pode desempeñar a mesma función que toda a construción (o elemento nuclear ou principal).
- *exocéntrica*: estrutura nunha relación de interordinación cuxos constituíntes son todos necesarios para desempeñar a función de toda a construción (perífrases, locucións, nexos e termos introducidos por eles, etc.).
- *policéntrica*: estrutura nunha relación de coordinación en que cada un dos constituíntes, independentemente, pode desempeñar a mesma función que a construción completa (véxase abaixo: *Quero un lapis e que caledes*).

Aínda que unha relación de subordinación implica sempre unha estrutura endocéntrica, podemos distinguir dous tipos de subordinación:

- *endóxena*: relación de subordinación en que o elemento subordinado actúa só sobre o núcleo da unidade sintáctica:

O mar *calmo* reflectía o ceo cincento (*calmo* elemento subordinado ao núcleo *mar*)

Acomodouse *felizmente* no sofá (*felizmente* elemento subordinado ao núcleo *acomodouse*)

- *exóxena*: relación de subordinación en que o elemento subordinado actúa sobre toda a unidade sintáctica:

O mar, *calmo e transparente*, reflectía o ceo cincento (*calmo e transparente* elemento subordinado á unidade *o mar*)

*Felizmente*, acomodouse no sofá (*felizmente* elemento subordinado á unidade *acomodouse no sofá*)

Unha *relación de subordinación* presupón unha *estrutura expansiva* formada por elementos *dependentes* en relación a outro, *teoricamente infinita* debido á recursividade da lingua. Os elementos, nuclear e subordinado, non son permutábeis nas funcións que desempeñan:

Vimos *casas de cores* / \*Vimos *de cores casas*

e o elemento principal non se pode conmutar por  $\emptyset$ , mais o subordinado si:

\*Vimos *de cores* / Vimos *casas*

porque a presenza dun elemento dependente exige á súa vez a presenza do elemento nuclear, mais non viceversa.

Unha *relación de interordinación* implica unha *estrutura non expansiva e finita* de dous ou máis elementos *interdependentes*. Os elementos non son permutábeis na súa función:

Díxome que *vas vir* / \*Díxome que *vir vas*

e ningún deles pode ser conmutado por  $\emptyset$ :

\*Díxome que *vas* / \*Díxome que *vir*

É claro que no primeiro caso o enunciado é gramatical só se o verbo *ir* ten significado de movemento, mais non co de prospectividade que é o que posúe a perífrase *vas vir*, onde o sentido de movemento de *vas* non existe.

Unha *relación de coordinación* encerra unha *estrutura expansiva* de carácter *aditivo*, *teoricamente infinita* polo propio carácter sumativo da estrutura. Os elementos son independentes e permutábeis nas funcións que desempeñan:

Quero *papel e lapis* / Quero *lapis e papel*



e, salvo motivos de concordancia exixida polo sintagma, un ou o outro elemento pode ser substituído por  $\emptyset$ :

Quero *papel e lapis*: Quero *lapis* / Quero *papel* (pero *Xoán e María* casaron:  
\**Xoán* casaron / \**María* casaron).

Esquemáticamente as características das relacións sintácticas polo tipo de estruturas que configuran, así como pola dependencia e conmutabilidade dos elementos funcionais, poden contemplarse no seguinte cadro:

		Coordenadas	Subordinadas	Interordinadas
Estrutura	Expansiva	+	+	-
	Finita	-	-	+
	Aditiva	+	-	-
Elementos	Dependentes	-	+	-
	Interdependentes	-	-	+
	Independentes	+	-	-
	Permutábeis	+	-	-
	Conmutábeis por $\emptyset$	+	+	-

Estas estruturas e relacións non se identifican necesariamente cun determinado tipo ou subtipo de unidades que veremos a seguir (palabra, frase, cláusula).

## 2. Tipo de unidades sintácticas xerais

Outra cuestión fundamental e previa a ter en conta é identificar e caracterizar os tipos de unidades con que imos traballar. Podemos consideralas atendendo a dous criterios: estrutura interna e grao de complexidade.

### 2.1. Tipos de unidades pola súa estrutura interna

A unidade mínima gramatical é o morfema. En principio consideramos morfema a unidade mínima de significado (lexemas, morfemas radicais de significado gramatical e afixos de carácter léxico ou gramatical: *libr-eir-o-s*, *est-a-s*) ou sen significado (“formantes”) pero con función paradigmática ou sintagmática (vogais temáticas e morfemas de xénero e número concordantes: *cant-a-r*, *cas-a*; *bonit-a-s*). Por tanto, podemos considerar tres tipos de unidades gramaticais mínimas ou morfemas, dependendo da súa función:

- significativa (*libr-eir-o-s*).
- paradigmática (*cant-a-r*).
- sintagmática, exixida pola concordancia (*bonit-a-s*, *est-a-s*).

Como se trata da unidade mínima, non se pode decompor en unidades gramaticais menores, polo que carecen de estrutura gramatical interna (significativa, paradigmática ou sintagmática), aínda que a poden ter de carácter fónico, nun plano lingüístico diferente.

Seguindo criterios estruturalistas, as unidades gramaticais superiores estarían constituídas por unha ou máis unidades inmediatamente inferiores. Se só hai unha unidade, esta é o elemento obrigatorio e nuclear. Se hai máis de unha, teríamos unha como elemento obrigatorio (ou máis nos casos de unidades interordinadas e coordenadas, como veremos abaixo) e as restantes como elementos subordinados. De maneira que dependendo da súa estrutura interna consideraríamos as seguintes unidades gramaticais superiores ao morfema:

- a *palabra*, formada por un ou varios morfemas, un deles nuclear (*ben*; *libr-eir-o-s*).
- a *frase*, constituída por unha ou varias palabras, unha delas nuclear (*libros*; *os libros brancos*).
- a *cláusula*, composta por unha ou varias frases, unha delas nuclear (*chove*; *chove todo o día*).

Como veremos máis abaixo, é discutíbel a existencia da unidade *oración* como superior á cláusula, formada por unha ou varias cláusulas (*Infelizmente, o resultado non foi o esperado*; *Non veu porque non quixo*).

En principio, imos deixar de lado a palabra para centrarnos nas outras dúas unidades, frase e cláusula, xa que a súa delimitación e organización interna, especialmente da última, foi sempre obxecto de estudo da sintaxe.

## 2.2. Tipos de unidades polo seu grao de complexidade

Van Hout (1973: 19) distingue dous tipos de unidades:

- *mínimas* (unidade que consta dun só elemento):

<i>Xoán</i> chegou onte	<i>El</i> fala
Comprou <i>pan</i>	É <i>branco</i>

Como se pode comprobar, os elementos únicos desas unidades mínimas son unidades inferiores: trátase de frases (*Xoán*, *el*, *pan*, *branco*) formadas por unha única palabra.

- *non mínimas* (unidade que consta de máis de un elemento):

Comprou *pan branco*

Neste exemplo tamén se pode comprobar que a unidade non mínima estaría formada por máis de unha unidade inferior, tratándose de unha frase (*pan branco*) formada por dúas palabras.

Rojo / Jiménez Juliá (1989: 105-107), partindo do principio de recursividade (propiedade que posúe a linguaxe de reproducirse até o infinito) formulado por Nique (1975: 26), distinguen as seguintes unidades:

- *simples*: aquelas que non conteñen no seu interior outras unidades do mesmo tipo. Ou definindo de maneira máis axeitada, por vía positiva: unidades constituídas exclusivamente por unidades inferiores. Os exemplos que víamos antes de unidades mínimas e non mínimas serían todos deste primeiro tipo.
- *complexas*: debido ao principio de recursividade, os elementos pertencentes ás unidades poden autodominarse directa ou indirectamente un número indefinido de veces. Isto é, poden ter como como constituíntes directos ou indirectos unidades do mesmo tipo. Así, en:

Un reloxo de esfera clásica

hai recursividade directa cunha frase (*esfera clásica*) dentro doutra frase (*un reloxo de esfera clásica*). E en:

Expuxémoslle a idea de que aquela reunión non resultaba procedente

a recursividade é indirecta cunha cláusula (*aquela reunión non resultaba procedente*) dentro dunha frase (*a idea de que aquela reunión non resultaba procedente*), que á súa vez forma parte doutra cláusula (*expuxémoslle a idea de aquela reunión non resultaba procedente*).

Unha unidade complexa é, por tanto, aquela que contén no seu interior, como elemento funcional (nos exemplos de acima como modificador, elemento subordinado), outras unidades do mesmo tipo ou mesmo superior (no segundo exemplo).

Ao lado das unidades complexas, Rojo (1978: 37-45) considera tamén as *unidades compostas*, basicamente as unidades coordinadas, sindéticas ou asindéticas. Con todo, o concepto de unidade composta vese superado por Jiménez Juliá (1987: 271-345). Este autor considera que o factor relevante para a existencia das construcións coordinativas é a identidade funcional, non a igualdade no tipo de unidade coordinada. Ou sexa, nunha relación de coordinación, os elementos coordinados poden ser unidades diversas, polo que se descarta a posibilidade de que sexan verdadeiras unidades compostas dun tipo determinado:

Quero un lapis e un papel

Quero un lapis e que caledes

Nos exemplos anteriores poderíamos considerar que *un lapis e un papel* é unha unidade (frase) composta. Pero no segundo exemplo poden verse dúas unidades diferentes –frase + cláusula–, polo que dificilmente podemos falar dunha determinada unidade composta, e si dunha *estrutura coordinada* que consta de dúas unidades diferentes que desempeñan, ambas conxuntamente ou cada unha por separado, unha determinada función sintáctica.

En todo caso, polo seu grao de complexidade, podemos considerar a existencia de estruturas expansivas, de tipo recursivo (en relación de subordinación) e aditivo (en relación de coordinación). Mentres as de carácter recursivo (unidades complexas) reproducen a mesma estrutura que as unidades simples cambiando só o rango das unidades que constitúen os elementos funcionais, as estruturas aditivas (coordenadas) teñen un comportamento diferente e, fronte aos exemplos vistos anteriormente, non teñen que constituír necesariamente un elemento funcional doutra unidade. Nestes casos, igual que as “cláusulas bipolares” a que aludiremos máis adiante, estaríamos máis, como veremos, no plano da gramática textual que da sintaxe. Con todo, é claro que estruturas lóxicas (coordenadas e “bipolares”) poden ser elementos funcionais doutras unidades (igual que os elementos incrustados dunha unidade complexa):

Quero *un lapis* = Quero *que caledes* = Quero *un lapis e un papel* = Quero *un lapis e que caledes* (Complemento Directo en todos os casos)

Luís é *pobre* = Luís é *pobre e honrado* = Luís é *pobre pero honrado* (Atributo en todos os casos)

### 3. Tipos de funcións sintácticas xerais

A pesar da complexidade de funcións que se estudan na sintaxe actual, coa súa diversa nomenclatura, tanto a nivel de frase (Núcleo, Modificador ou Adxacente, Determinante, Nominal, etc.) como de cláusula (Suxeito, Predicado, C. Directo, C. Indirecto, C. Circunstancial, C. Terminativo ou Suplemento, Predicativo, etc.), á vista dos tres tipos de relación que poden establecer as diferentes unidades sintácticas, parécenos adecuado considerar que, na realidade, non existen máis que os seguintes tipos de funcións sintácticas xerais:

- na relación de *subordinación*:

*núcleo* (ou *principal*) (só un elemento: *N* ou *P*)

*subordinado* (un ou varios elementos, con ou sen nexo: *S* ou *S<sub>1</sub>*, *S<sub>2</sub>*, etc.)

- na relación de *interordinación*:

*interordinado* (dous ou máis elementos, con ou sen nexo: *I<sub>1</sub>*, *I<sub>2</sub>*, *I<sub>3</sub>*, etc.)

- na relación de *coordinación*:

*coordenado* (dous ou máis elementos con nexo conxuntivo ou pausal: *C<sub>1</sub>*, *C<sub>2</sub>*, *C<sub>3</sub>*, etc.).

#### 3.1. Funcións na palabra

As unidades que desempeñan as funcións dentro da palabra son as inferiores a ela, os morfemas, na medida en que son as unidades morfolóxicas mínimas, aínda que

tamén, pola recursividade da lingua, outras palabras (palabras compostas). Os morfemas poden ser de tipo léxico, como o caso dos lexemas e afixos de carácter léxico:

*libro, libreiro*

ou gramatical, con función paradigmática ou sintagmática, entre os que estarían os radicais gramaticais, vogais temáticas e outros afixos de carácter gramatical:

*este, cantar, libros*

Por regra xeral o morfema radical desempeña a función nuclear ou principal e os afixos a subordinada. Nalgúns casos, o elemento nuclear semántico non ten por que coincidir co elemento nuclear sintáctico: en *libreiro* o elemento nuclear semántico é o sufixo *-eir(o)*, xa que o substantivo *libreiro* designa a persoa (que vende libros), concepto indicado polo sufixo. Con todo, do punto de vista sintáctico podemos considerar *libr-* o elemento nuclear, pois podemos reducir *libr(eir)o* a *libro*, pero non *(libr)eiro* a *\*eiro*.

### 3.2. Funcións na frase

Son as palabras o tipo de unidade que desempeña as funcións fundamentais dentro da frase:

*Os días felices*

aínda que, polo principio de recursividade aludido, pode haber frases ou mesmo cláusulas como elementos funcionais dunha frase, por exemplo, unha cláusula de relativo como Modificador do Núcleo.

Na frase podemos distinguir dúas das relacións xerais comentadas, a subordinación (entre o Modificador e o Núcleo):

*Viviu días felices*

e a interordinación (entre o Determinante e o Nominal):

*Viviu un día feliz*

Mais os problemas son máis complexos do que parecen a simple vista, polo que dedicaremos unha boa parte deste traballo á caracterización da frase, así como ao estudo das funcións desempeñadas polos seus elementos.

### 3.3. Funcións na cláusula

As unidades que constitúen os elementos funcionais da cláusula son fundamentalmente as frases, a pesar de que polo principio de recursividade poden ser tamén as cláusulas.

Debido a que non existe un criterio unánime ao considerar a cláusula como unidade bimembre polo que se refire aos elementos funcionais (Suxeito e Predicado interordinados) ou unimembre (o Núcleo do Predicado ou o Verbo, como elemento nuclear), e dado que as funcións da cláusula (C. Directo, C. Indirecto, C. Circ., etc.) están tradicionalmente definidas máis como funcións semánticas que sintácticas, nunha análise que pretenda considerar funcións sintácticas e non semánticas conviría precisar se os elementos funcionais como o Suxeito, C. Directo, Suplemento, etc. en relación ao Núcleo do Predicado son realmente interordinados (I<sub>i</sub>) ou realmente subordinados (S<sub>i</sub>). Pola complexidade do tema, tamén nos estenderemos nestas consideracións.

### 3.4. Funcións na “oración”

A ser considerada a oración a unidade sintáctica superior, o seu elemento nuclear estaría formado por unha cláusula e o outro elemento subordinaríase a ela:

Non veu *porque non quixo* *Infelizmente*, o resultado non foi o esperado

Os elementos marcados en *itálica* non están subordinados ao predicado da cláusula senón a toda a cláusula, pois en caso contrario sería un elemento funcional dela e non podería conformar nunca unha unidade superior. Trátase dun caso de subordinación exóxena, como explicábamos acima.

No caso de *infelizmente* e outros similares, o feito de ir entre pausas é fundamental:

Todo acabou, *felizmente*                      Todo acabou *felizmente*

No primeiro exemplo temos un elemento subordinado a toda a cláusula e no segundo ao predicado da cláusula, forma parte da cláusula. Se aplicamos a negación, esta inflúe no verbo, pero non en *felizmente* no primeiro caso, e en toda a cláusula, incluído *felizmente* (de maneira que non acabou de unha maneira feliz), no segundo:

Todo non acabou, *felizmente*                      Todo non acabou *felizmente*

Así mesmo, podemos comprobar que non é un elemento subordinado ao predicado no primeiro enunciado e si no segundo se formulamos unha pregunta do tipo:

– Como acabou todo?                      –\**Felizmente*  
– Como acabou todo?                      – *Felizmente*

Alén diso, tratase de elementos funcionais diferentes (e de diferente nivel) porque poden concorrer uns cos outros:

*Afortunadamente*, María non traballa *duramente*

Que os elementos marcados en *cursiva* son subordinados podemos comprobalo se os conmutamos por Ø:

*Non veu**O resultado non foi o esperado*

cosa que non se pode facer coa cláusula:

*\*Porque non quixo**\*Infelizmente*

En vista do anteriormente indicado, polo que di respecto ao primeiro exemplo (*Non veu porque non quixo*), é máis que discutíbel a relación de interordinación das “oracións bipolares” (as tradicionalmente chamadas “subordinadas adverbiais improprias”, incluíndo tamén as adversativas), teoría defendida por Rojo (1978: 103-108) e por Rojo / Jiménez Juliá (1989: 138-140). A bipolaridade é máis unha existencia lóxico-semántica que sintáctica (un efecto está provocado por unha causa, unha condición impónse a un elemento condicionado, etc.). Mesmo a existencia semántica é relativa, pois pode expresarse o efecto sen ter que manifestar a causa e viceversa. E parece obvio que sintacticamente estes dous elementos non se existen mutuamente senón que un deles, a cláusula introducida polo nexos, está subordinado ao outro.

Máis que configuradores de unidades superiores á cláusula, os elementos subordinados exógenos parecen elementos de cohesión textual, tanto no caso de elementos do tipo *infelizmente* e outros similares –*desgrazadamente, certamente, necesariamente, con certeza, sen dúbida...*–, como no dos nexos causais, consecutivos, concesivos, adversativos, condicionais, comparativos e, por suposto, os coordinativos, que non só ligan cláusulas, senón que mesmo poden comezar un parágrafo, conectándoo co anteriormente indicado. Trátase de nexos lóxicos cuxa función fundamental é manter a coherencia do texto.

En conclusión, consideramos que as estruturas e relacións configuradas por estes elementos deberían ser obxecto de estudo da gramática textual e non da sintaxe, de maneira que a unidade maior desta última sería a cláusula (simple ou complexa). Ficaría reservando o estudo doutras estruturas (copulativas, disxuntivas, causais, condicionais, etc.), relacións e funcións (subordinación exóxena) ao ámbito da gramática do texto.

Seguindo os criterios de Rojo, Álvarez / Regueira / Monteagudo (1986: 515) teñen en conta a oración como unidade superior á cláusula (basicamente as “compostas” e “bipolares”), mais tanto Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira (1988: 23-24) como Freixeiro Mato (2000: 627-628) consideran a cláusula a unidade superior, utilizando o termo *oración* como sinónimo de *enunciado*. Con todo, nestas dúas últimas gramáticas, inclúense dentro da sintaxe as “cláusulas compostas” e “cláusulas bipolares” (Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira 1988: 25; Freixeiro Mato 2000: 658-661), cando estas estruturas, non necesariamente de cláusula, pertencerían máis ben ao ámbito das conexións e relacións textuais, tal como explicaremos máis adiante.

## 4. A frase

### 4.1. A súa consideración na gramática tradicional

A gramática tradicional non ten en conta unha unidade sintáctica intermedia entre a *palabra* e *cláusula*. Alén diso, o sentido de *frase* é polisémico:

- é moi frecuente, mesmo na actualidade, a utilización de *frase* como sinónimo de *oración* (esta última tamén na concepción tradicional: enunciado con sentido completo), e mesmo como serie de oracións con sentido completo.
- tamén se ten entendido como locución (estrutura prepositiva), catalogándoa en base á función sintáctica que desempeñase nunha determinada cadea: a estrutura preposicional *de coidado* en *home de coidado* era entendida como *frase adxectiva*.
- así mesmo, fíxose uso deste termo no sentido de “dito”, no contexto do que se coñece habitualmente como “frases feitas”.

Gili Gaya (1973: 25-26) considera a frase como calquera grupo de palabras vinculadas por relacións sintácticas. Identifica *frase* con *sintagma*, entendendo este último como calquera tipo de unidade que establece unha relación sintagmática con outras. Ao non considerar a frase como unidade sintáctica entre palabra e oración, nunha análise con complexidade de elementos ten de botar man de expresións e funcións como “complemento do suxeito”, “complemento do complemento do suxeito”... Así, en:

*O home do abrigo de pel pasaba pola rúa*

o Suxeito é *o home*; *do abrigo* é Complemento do Suxeito e *de pel* é Complemento do Complemento do Suxeito.

Unha simple proba para constatar o errado desta concepción é o paso dunha cláusula de activa a pasiva:

Eu comprei *o coche do amigo da avoa* > *O coche do amigo da avoa* foi comprado por min

Como vemos, é toda a secuencia a que pasa a ocupar o lugar do suxeito. Por tanto é errónea unha análise na voz activa como C.D. + Compl.do C.D. + Compl. do Compl. do C.D.

A concepción de Bello (1982: 53-54) é máis próxima á que veremos de Rojo / Jiménez Juliá, sobre todo ao diferenciar catro tipos de frases endocéntricas: frase verbal [verbo + (modificador)], frase adverbial [adverbio + (modificador)], frase adxectiva [adxectivo + (modificador)] e frase substantiva [substantivo + (modificador)].



Mais tamén botou man dun segundo criterio de identificación e clasificación da frase, baseado na “función” que desempeñaría esa frase na cadea. Así, unha frase adxectiva debería desempeñar a función dun adxectivo, etc., o cal vai acarretar incoherencias: por exemplo, *de honor en un home de honor* sería unha frase adxectiva en relación ao segundo criterio (función), mais substantiva a respecto do primeiro (elemento nuclear = substantivo).

Ademais disto, Bello acuñou a etiqueta de “frase complementaria” para se referir a unha secuencia que non funcionase como ningunha categoría gramatical en concreto. Isto é, aí irían a parar todas as frases que se escapasen dos límites das xa indicadas, como no caso de:

A decisión foi tomada *polo goberno* (frase con preposición e función especial)

#### 4.2. Aproximación á consideración moderna da frase: fixación da terminoloxía

A *frase*, como termo que designa unha unidade sintáctica intermedia entre a palabra e a cláusula, é de consideración relativamente actual. Á hora de adaptar termos ingleses como “noun phrase” o lingüista francés Ruwet (1974: 144 e seguintes) encontrouse coa dificultade de que o termo francés máis próximo, *phrase*, viña a coincidir co que na gramática francesa –e española– se coñecía por *oración* (cláusula) ou con outras varias acepcións arriba comentadas. Por tanto, perante a incomodidade de usar *frase* por mor das confusións e contradicións que a súa adopción podía provocar, optou por recorrer ao termo *sintagma*. De aquí provén a tan estendida utilización de expresións como “sintagma nominal”, “sintagma preposicional”... na lingüística francesa e española das últimas décadas.

Mais, por evitar a confusión entre *frase* e *oración*, Ruwet caíu no erro de restrinxir o significado de *sintagma*, elemento dunha das célebres dicotomías de Saussure (1986: 207-213), en concreto a de *paradigma* e *sintagma*. O cal non deixa de ser unha triste operación cirúrxica aplicada ás teorías do pai da lingüística moderna por culpa da nomenclatura tradicional. Para non caermos nese erro, parece máis axeitado empregar o termo *frase*, reservando o de *sintagma* para nos referirmos á unidade lingüística representada por toda aquela agrupación de unidades gramaticais en que concorran as seguintes condicións ou particularidades:

- as unidades que forman o sintagma contraen entre si relacións gramaticais.
- o sintagma contrae, en tanto que parte, unha relación constitutiva e funcional única con respecto á unidade superior na cal se integra.
- o significado global dun sintagma é sempre superior á mera soma dos significados que fornecen individualmente os elementos que os constitúen.

Sintagma é, pois, un termo que pode ser aplicado a calquera unidade gramatical distinta de morfema. Por tanto, as palabras, frases e cláusulas son sintagmas, sempre que cumpriren o requisito de estar formadas por máis de un signo elemental, por máis de unha unidade.

Resumindo, pódese afirmar que non se dá unha relación biunívoca entre frase e sintagma, pois se ben toda frase (de máis de unha palabra) é sintagma, non todo sintagma é frase.

### 4.3. Aproximación á consideración moderna da frase: fixación do concepto. Tipos de frases

Segundo Rojo / Jiménez Juliá (1989: 96-100, 108-109) a gramática tradicional e en boa parte a estruturalista presenta dúas deficiencias básicas no tratamento das unidades gramaticais. Dunha parte, recoñeceu e illou un número insuficiente de tipos; doutra, os criterios utilizados para a súa definición combinan indiscriminadamente aspectos internos con factores externos, co cal as caracterizacións resultantes carecen con moita frecuencia da dose mínima de homoxeneidade exixíbel.

Como é sabido, a gramática tradicional centrábase na palabra. Era a unidade básica da análise, aínda que, por suposto, non a única, xa que ademais de palabras e clases de palabras, sempre se tivo en conta a existencia da oración (cláusula) e tamén os elementos constitutivos das palabras (as raíces e desinencias, empregando os termos tradicionais).

A respecto deste número insuficiente de unidades acabamos de ver por exemplo a crítica da análise de Gili Gaya.

Seguindo a Huttar (1973: 69-82), Rojo / Jiménez Juliá (1989: 69-82) afirman que, na análise das estruturas sintácticas, se debe considerar a existencia da frase, categoría que, situada na xerarquía das unidades, se encontra por riba do nivel da palabra e por baixo do da cláusula.

Canto á necesidade de non combinar aspectos internos con factores externos, considerando estes últimos, Rojo / Jiménez Juliá (1989: 96-100) propoñen chamar *enunciado* á cadea que posúa *autosuficiencia semántica* (sentido completo) e *independencia sintáctica*. Así, podemos distinguir entre enunciados e non enunciados.

Ser ou non enunciado depende de factores desvinculados da estrutura interna da cadea. En consecuencia, unha palabra, unha frase ou unha cláusula poden ser ou non enunciados. Por exemplo, a palabra (e frase):

*Rebaixas*

é un enunciado se o situarmos nun rótulo dun centro comercial, pois ten autosuficiencia semántica e independencia sintáctica, mais non as ten se formar parte dunha

cláusula, noutro contexto diferente, por exemplo nun título dun xornal, en que estaría integrada nunha unidade superior (frase, á súa vez dentro dunha cláusula):

*Mañá comezan as rebaixas*

Tamén a cláusula pode ser enunciado ou non. É enunciado en:

*Non te vexo desde aquí*

mais en:

*Sube á cadeira porque non te vexo desde aquí*

a cláusula *porque non te vexo desde aquí* non ten autosuficiencia semántica nin independencia sintáctica, de maneira que non é un enunciado.

Noutra dimensión está situada a escala de unidades gramaticais que se diferencian pola súa organización interior (estrutura interna): morfema, palabra, frase e cláusula, de menor a maior. E isto é o que interesa realmente á sintaxe estrutural e non que constitúan ou non enunciados.

Por outra parte, dado que para que exista a función de predicado é necesaria a presenza dun verbo, distínguese habitualmente entre unidades predicativas e non predicativas. Unha unidade predicativa é aquela que posúe un predicado, en tanto que unha unidade non predicativa non o posúe, en último termo, carece de verbo. Na gramática tradicional considérase que certos enunciados non predicativos (sen verbo)

*Can ladrador, pouco mordedor*

teñen un predicado nominal (*pouco mordedor*), porque se parte do criterio de considerar elementos sintácticos “elípticos”:

*Can ladrador (é) pouco mordedor*

Pero a elipse na análise sintáctica non ten sentido. As elipses existen a nivel de significado, pero nunha estrutura sintáctica o que se debe levar en conta é o que realmente hai, ou sexa, unha estrutura é tal polo que se expresa, non polo que supostamente falte. A consideración da elipse lévanos a unha sintaxe hipotética, virtual, non a unha sintaxe real. Unha estrutura sintáctica non é o que nos gustaría que fose, unha reconstrución ideal en que todo cadre, senón o que realmente configura a estrutura superficial, non a estrutura profunda. Alén diso, a reposición de elementos “elípticos” daría lugar a paradoxos. No seguinte exemplo:

*Comprou pan, leite e améndoas*

*pan, leite e améndoas* é un complemento formado por frases nominais, pero se “restituímos elementos elípticos”, converteremos frases coordinadas en cláusulas coordinadas:

\**Comprou pan, (comprou) leite e (comprou) améndoas*

Polo que acabamos de ver en relación ao enunciado, deberíamos falar de enunciados con predicado (con verbo) e sen predicado (sen verbo). Os enunciados con predicado, con verbo, teñen estrutura de cláusula:

*Can ladrador é pouco mordedor*

os enunciados sen verbo, non:

*Can ladrador, pouco mordedor*

Neste último caso son dúas frases xustapostas, a segunda subordinada exóxena da primeira.

Precisamente, para Alarcos Llorach (1994: 384-389), o concepto de frase lígase ao dun tipo de enunciado non predicativo (sen verbo), isto é, calquera tipo de secuencia independente sintacticamente e con significado completo que careza de predicado. A pesar de dita concepción, que parte dos criterios que aludíamos como externos, a estrutura interna destes enunciados coincide coa que considera Rojo estrutura de frase, que veremos máis profundamente a seguir.

Neste sentido, Alarcos considera dous tipos de frases:

- *unimembres* (interxeccións e similares, enunciados “elípticos”, etiquetas, rótulos e títulos):
  - simples (só unha palabra): *Ai!, Mágoa!, Obrigado!, Vaia!, Fóra!, Que?, Entrada, Saída, W.C.*
  - complexas (máis de unha palabra): *Ai de min!, Miña nai!, Boa noite, A estudar moito!, O que faltaba!, Doente eu?, Sempre en Galiza.*
- *bimembres* (membros xustapostos, membros unidos por conxunción, subst. + adx., subst. + prep. + subst.): *Ano de neves, ano de bens; Mentira o que dis; Todo o mundo na casa e ti fóra; Prohibida a entrada; A mao tempo, boa cara; A terra para quen a traballa.*

As bimembres poden levar, como se dunha cláusula se tratar, unha construción transposta que actúa de modificador da “frase bimembre”:

*Ai de vós, se vos pillo!*

*A terra para quen a traballa, aínda que o amo non o permita.*

Para Rojo / Jiménez Juliá (1989: 116-117), non existe un elemento funcional que vaia indefectiblemente unido á existencia de frase. Mais non consideran que este sexa un inconveniente técnico para a afirmación da existencia desta unidade. Ocorre simplemente que hai dous grupos de frases diferenciados entre si pola perenza a dous tipos xerais de estruturas gramaticais. A existencia destes dous grupos diferenciados impide a aparición dun elemento funcional constante en todas as fra-

ses. Eses dous grupos de frases son, para Rojo / Jiménez Juliá, as endocéntricas e as exocéntricas.

#### 4.3.1. Frases endocéntricas

Tal como vimos na parte introdutoria, o endocentrismo implica a existencia dun elemento obrigatorio, nuclear, e cabe a posibilidade dunha *relación de subordinación* entre os elementos que forman a frase, isto é, existe un núcleo e pode haber un ou máis elementos subordinados.

Dentro das *endocéntricas* Rojo / Jiménez Juliá (1989: 118-121) distinguen tres subtipos segundo a clase de palabra a que pertenza o elemento que funciona como núcleo: frase substantiva, frase adxectiva e frase adverbial.

Dado que o núcleo é o único elemento obrigatorio, pode haber frases formadas unicamente por este elemento –as que chamamos *mínimas* na introdución– do mesmo xeito que pode ser complexísima debido ao fenómeno da recursividade a que tamén aludíamos alí.

Antes de ver con detalle os diferentes tipos, chama a nosa atención que se distinga entre frase substantiva e adxectiva e que non se fale de frase pronominal ou verbal, para manter coherentemente tantas clases de frases como clases de palabras poidan desempeñar a función de núcleo.

##### Frase substantiva

Posúe como elemento funcional obrigatorio un *núcleo* que ten de ser un *substantivo*. Opcionalmente pode levar un *modificador*, función desempeñada por elementos ou cadea de elementos pertencentes a diferentes tipos e subtipos:

*Mesa branca / Mesa de madeira / Mesa que tiña tres pés*

##### Frase adxectiva

Formada por un *núcleo* que ten que ser un *adxectivo*. Opcionalmente pode ter un *modificador*:

*Fácil de conseguir*

Cando o modificador ten un significado de cuantificador, esa función adoita ser realizada por un adverbio, que pode coexistir, aínda que a outro nivel xerárquico, co modificador anterior:

*Moi fácil de conseguir*

Para Rojo / Jiménez Juliá (1989: 120), esta frase adxectiva estaría constituída por un núcleo, *moi fácil*, e un modificador dese núcleo, *de conseguir*; á súa vez, o

núcleo estaría constituído por un núcleo, *fácil*, e un modificador, *moi*. Talvez sería máis adecuado considerar a función de determinante –ou en todo caso, modificador– no caso de *moi*, dun nominal, *fácil de conseguir*; á súa vez formado por un núcleo, *fácil*, e modificador *de conseguir*.

### Frase adverbial

Ten como *núcleo* un *adverbio*. Tamén aquí, igual que na adxectiva, se poden encontrar os dous tipos de modificador compatíbeis en dous niveis diferentes da estrutura xerárquica da frase:

*Moi lonxe da cidade*

#### 4.3.2. Frases exocéntricas

Son construcións en que só pode haber dous constituíntes ao nivel máis alto e estes dous constituíntes exíxense mutuamente, de tal xeito que ningún deles por separado é quen de realizar a función de conxunto. Entre ambos os elementos existe, por tanto, unha relación de interordinación. Isto implica que non poidamos falar de funcións de núcleo e subordinado.

Dentro das exocéntricas Rojo / Jiménez Juliá (1989: 122-127) distinguen dous subtipos: frase preposicional e frase nominal.

### Frase preposicional

Está formada por un *director* (ou *relator*) e un *termo*. O director ten que ser obrigatoriamente unha preposición. Como termo poden funcionar cadeas pertencentes a moitos tipos diferentes de frase ou de cláusula:

Problemas *de moi difícil solución*

*Desde moi lonxe*

Trataron *de que quedasen*

Presume *de moi valente*

Parécenos que non se debería considerar a “frase preposicional”, xa que non é propio falar dun tipo de frase cando non é posíbel encontrar un núcleo. E o problema fundamental non é tanto a imposibilidade de encontrar un núcleo, como que, dado as posibilidades de que diferentes unidades poidan funcionar como termo (frases ou cláusulas, fundamentalmente), denominalas frases sexa realmente axeitado. Que tería realmente en común unha estrutura propiamente de frase como *Un vestido azul* con unha suposta “frase preposicional” do tipo *de que quedasen*?

Porén, Freixeiro Mato (2000: 626) ten en conta as “frases preposicionais”, mais tamén as “cláusulas preposicionais” (Freixeiro Mato 2000: 655-656), con que se salva en principio o problema.

De todos os xeitos parece máis adecuado falar de frases ou cláusulas introducidas ou rexidas por preposición, pois constitúen estruturas bastante heteroxéneas, con elementos diferentes fronte ás outras frases ou cláusulas, fundamentalmente pola presenza do propio nexo preposicional. Por tanto, hai certas *estruturas* de carácter *nexual* que estarían formadas por un *nexo* (preposición, conxunción ou locución do mesmo tipo) e mais un *termo*, que pode ser unha frase ou unha cláusula, construcións recursivas que se incorporan en unidades complexas, pero non “frases preposicionais” ou “cláusulas preposicionais” como tipos diferentes dos outros. Os nexos prepositivos e conxuntivos, como elementos transpositores permiten que unha unidade se incruste noutra do mesmo nivel ou inferior, pero non forman parte da unidade, senón que son externos a ela, e isto permite que entre relator e termo se estableza unha relación de interdependencia. Caso diferente é o dos nexos relativos, exclamativos e interrogativos (indirectos), en que o nexo ademais forma parte, como elemento funcional, da cláusula.

Non se nos escapa que a división tradicional entre nexos prepositivos e conxuntivos é bastante artificiosa. É certo que existen certas tendencias de comportamento funcional no sentido de que uns tenden a especializarse como introdutores de frases nominais ou cláusulas de infinitivo (os prepositivos):

Unha folla *de unha árbore*

O desexo *de te ver*

ou de cláusulas co verbo en forma modo-temporal (os conxuntivos):

Desexo *que veñas*

Con todo, isto non é tan rixido. Por un lado, as preposicións, como as conxuncións, introducen cláusulas, aínda que a forma verbal varíe. E por outro, algunhas conxuncións, tradicionalmente así consideradas, poden introducir tamén frases nominais:

Pobre *pero honrado*

como é o caso tamén das conxuncións comparativas:

Un home (duro) *como un carballo*

Un home máis alto *ca ti*

Na práctica, esta distinción, como dicíamos, é un tanto superflua. Sería preferíbel considerar as preposicións e as conxuncións como a mesma clase de palabras, os nexos que non desempeñan unha función dentro da unidade que introducen, fronte aos nexos que si a desempeñan, os pronominais ou adverbiais (relativos ou interrogativos e exclamativos indirectos). Que as conxuncións rara vez introduzan frases e case sempre cláusulas, ou que as preposicións dominen normalmente frases (aínda que tamén cláusulas de infinitivo), é unha cuestión de especialización funcional da mesma clase de palabras. Algo parecido acontece coa clase de palabras nome, en que podemos considerar unha certa tendencia á especialización en diferentes funcións das subclases nome substantivo e nome adxectivo.

En todo caso, unha característica que tamén é común a todos os nexos é que son marcas de subordinación (salvo, loxicamente os coordinativos copulativos e disxuntivos), a diferentes niveis, do elemento que introducen, e que están fortemente ligados ás características recursivas da lingua. De maneira que a función de *relator* ou *director* desempeñada polas preposicións debería ser utilizado para todos os nexos, así como o de *termo* para a unidade que introducen.

### Frase nominal

Para Rojo / Jiménez Juliá (1989: 125) son secuencias constituídas por un *determinante* e un *nominal*. Este último pode estar formado por unha frase ou por unha cláusula. A relación entre un e outro elemento funcional sería tamén a de interordinación:

<i>Os computadores</i>	<i>Estes computadores de 32 bits</i>
<i>Os que chegaron tarde</i>	<i>Aqueles do fondo</i>

Chámanos a atención que case todos os exemplos de determinantes das frase nominais proporcionados por Rojo / Jiménez Juliá (1989: 123-127) sexan artigos (determinados), para concluír ou xustificar a interordinación entre determinante e nominal. No último exemplo de demostrativo (*Aqueles do fondo*) este elemento (*Aqueles*) parece desempeñar a mesma función que todo o conxunto da frase ao ser conmutábel do fondo por  $\emptyset$ , polo que habería que falar propiamente dunha estrutura endocéntrica, non exocéntrica, que consta dun núcleo (*Aqueles*) e dun modificador (*do fondo*). Criterio similar é o empregado por Freixeiro Mato (2000: 626) referido á función nuclear do artigo no seguinte caso:

Dos tres lapis que tes aí dáme *o azul*

mesmo a pesar do carácter átono desta palabra, cuestión, aliás, secundaria.

Partindo do simple criterio da conmutación por  $\emptyset$ , a maioría dos determinantes, salvo o identificador indefinido *certo* ou os artigos determinados, poden ser o único elemento a que se pode reducir unha frase, mesmo aínda que ao seu lado poida aparecer un substantivo:

*Aquel rapaz do fondo* levantou a man – *Aquel* levantou a man (non: \**Rapaz do fondo* levantou a man)

Pero é sabido que a gramática tradicional di que “o pronome está (tamén sintacticamente?) en vez do nome”, polo que *aquel* “estaría en lugar de” *rapaz* na segunda cláusula. Nesta concepción subxace a idea discutíbel de que nas dúas cláusulas o demostrativo son dúas clases de palabras diferentes (“adxectivo determinativo” ou “determinante” –función subordinada– fronte a “pronome” –función nuclear–). De calquera maneira, a súa función sintáctica como determinante en moitos casos non é subordinada na medida en que non é un elemento prescindíbel.



No tocante aos artigos determinados cremos que non estaría moi descamiñada a súa consideración como variantes combinatorias (alomorfos) do pronome persoal de terceira persoa, quere dicir: diferentes variantes dunha mesma clase de palabra, especializadas en diferentes funcións. Isto está de acordo non só cunha perspectiva sincrónica senón tamén diacrónica (mesma orixe do artigo determinado e pronome persoal de terceira persoa). Esta cuestión parece máis que obvia ao observar a forma e os significados respectivos cando o determinante vai incluído nunha unidade con función de obxecto directo:

Coñezo *o* rapaz / Coñézo

E non digamos se o determinante é un artigo indeterminado, en que a súa identidade co identificador indefinido *un* é máis que manifesta:

Coñezo *un* rapaz / Coñezo *un*

Na revisión moderna das diferentes clases de palabras é positivo, por un lado, a consideración de que os adxectivos e os determinantes constitúan clases de palabras diferentes, fronte á gramática tradicional, en que os últimos eran unha subclase de adxectivos (determinativos). Por outro, tamén é adecuada a incorporación dos artigos dentro da clase de palabras dos determinantes, e non como clase á parte. Mais o que non parece tan positivo é a existencia dos determinantes como clase de palabras diferente da dos pronomes. En boa lóxica, o termo *determinante* debería ser aplicado como moito a un tipo de función sintáctica dentro da frase, e non a unha determinada clase de palabras. Atendendo á forma e ao significado (non á función, porque unha mesma unidade pode desempeñar diferentes funcións), os “determinantes” son a mesma clase de palabras que os pronomes. Por exemplo, o demostrativo *este* é sempre un pronome porque a forma e o significado son basicamente os mesmos –a flexión é a mesma e o seu carácter deíctico está sempre presente–, independentemente de cal sexa a súa función sintáctica.

Noutra orde de cousas, distinguir entre frases nominais e frases substantivas deixa sempre algúns frocos de imprecisión. A frase nominal é diferente da substantiva porque temos un determinante obrigatorio (interordinado co nominal) e é xa propiamente substantiva cando ese determinante non é obrigatorio? Isto é, en:

*Os computadores de 32 bits* son moi complexos

Vendeu *os computadores de 32 bits*

a primeira frase sería nominal porque os dous elementos están interordinados e a segunda substantiva porque podemos prescindir do determinante e reducila ao substantivo (Vendeu *computadores*), mesmo a pesar de que os componentes son os mesmos nas dúas frases?

Independentemente de casos puntuais, como por exemplo que certos pronomes estean especializados nun tipo determinado de función (como pode ser *certo*, sem-

pre determinante, que en todo caso non invalidaría o fondo da teoría), debería falar-se só de *Frases Nominais*. Os constituíntes destas serían un nome substantivo, un nome adxectivo ou un pronome (incluíndo neles os chamados “determinantes”). Ou sexa, as clases e subclases de palabras que poderíamos denominar globalmente como nominais e que teñen como trazo común a característica de poderen admitir flexión de xénero e número, considerando os artigos determinados variantes funcionais do pronome persoal de terceira persoa. E isto independentemente das relacións que se poidan establecer entre os seus elementos (subordinación ou interordinación). En todo caso serían unidades facilmente caracterizadas porque poderían ser reducidas a un elemento (pro)nominal en función nuclear, ou polo menos un deles sería dese tipo nunha relación de interordinación:

Comprei *libros* (*de música*)

Comprei *o que me pediches*

Por outra parte, aínda que Rojo non contempla a existencia da Frase Verbal, debería estar incluída dentro dos diferentes tipos, sendo relativamente endocéntrica, pois carecería sempre da posibilidade dun modificador e estaría sempre reducida ao elemento nuclear –sería sempre unha unidade mínima– cando constituída por unha forma verbal simples (*Virá*), e de carácter exocéntrico, cando constituída por unha perífrase, unha locución verbal ou unha estrutura atributiva de cópula + atributo (*Vai vir*, *Ter en conta*, *É grande*).

En conclusión, a frase caracterízase por constituír unha unidade superior á palabra e inferior á cláusula constituída por unha ou máis palabras. Se só hai unha, é o elemento nuclear. En caso de haber varias, unha delas é o elemento nuclear (a que pode ser reducida a frase) ou ben un elemento en relación de interdependencia con outro (determinante e nominal nalgunhas frases nominais, perífrases, locucións verbais ou cópula + atributo da frase verbal).

Por último, os tipos de frases reduciríanse a *frase nominal*, *adverbial* e *verbal*, incluíndo as *adxectivas* e as *substantivas* dentro da primeira e rexeitando a existencia de “frases preposicionais”.

#### 4.4. Determinación e modificación

Segundo a definición dos autores da *Nova gramática* (Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira 1988: 272), o *determinante* é o elemento que vai en posición prenuclear, actúa sintacticamente sobre o nominal (núcleo ou núcleo + modificador) dunha frase e non admite a presenza contigua doutro determinante. O *modificador* é o elemento que, en posición pre- ou posnuclear, actúa sintáctica e semanticamente sobre o núcleo ou nominal dunha frase e admite a presenza contigua doutro modificador. Con todo, para evitar a problemática de nomenclaturas e das funcións de determinante e modificador atribuídas a unhas clases de palabras en particular, o mellor sería, como xa apuntábamos, considerar simplemente as

funcións de núcleo, subordinado, interordinado e coordinado como únicas funcións posibles, independentemente da clase de palabra que poida desempeñar ditas funcións nos diferentes casos, pois unha unidade pode ter diferentes funcións e a mesma función pode estar desempeñada por diferentes unidades.

Seguindo as explicacións dadas, *este* funcionaría como determinante en:

*Este* rapaz

e como modificador en:

O rapaz *este*

*Outro* e *todo* funcionarían como determinantes en:

*Outro* día

*Todo* fenómeno

e como modificadores (non determinantes) en:

O (ou *Este*) *outro* día

*Todos* os (ou estes) fenómenos

sendo o determinante *o* ou *este* (para algúns habería dous determinantes nestes casos). E en:

*Aquelas nosas cinco primeiras experiencias frustradas*

*aquelas* é o determinante do nominal *nosas cinco primeiras experiencias frustradas*. *Experiencias* é o núcleo do nominal e os elementos restantes actuarían como modificadores: *frustradas* de *experiencias*; *primeiras* do nominal *experiencias frustradas*; *cinco* do nominal *primeiras experiencias frustradas* e *nosas* do nominal *cinco primeiras experiencias frustradas*.

A función de determinante pode ser levada a cabo por artigos, posesivos (cando non levan artigo), polo relativo *cuxo*, e por algúns demostrativos, numerais, indefinidos, interrogativos e exclamativos, que tal como indicamos, son todos eles diferentes tipos de pronomes.

Os modificadores, cando adxectivos, pódense mover, poden situarse diante ou despois do núcleo, e normalmente despois do determinante. A colocación nunha ou na outra posición pode dar lugar a diferenzas de significado, cuestión máis ben de índole semántica, que non é pertinente comentar, porque o cambio de posición non altera a súa función de modificadores. Os pronomes *ambos* ou *todo* considerámoslos modificadores que preceden aos determinantes, non outro determinante máis, pois coidamos que só pode haber un determinante, non máis, no nivel xerárquico máis alto. Esta colocación anticipada do modificador en relación ao determinante é rara, pois o máis frecuente é que o determinante sexa o primeiro elemento da frase nominal.

A función de modificación pode ser levada a cabo por un nome adxectivo (Home *feliz*), un nome substantivo (Rapaz *avogado*; Río *Lérez*), un pronome (“determinan-

te” demostrativo, posesivo, numeral ou indefinido: Onte viñeron os *nosos* amigos), e, precedidas de nexo, unha frase nominal (“frase preposicional” en Rojo, aínda que tamén pode ir precedida de conxunción: Banco *de madeira*; Forte *como un buxo*) ou unha cláusula (O home *que fuxiu*; As cousas *de que che falei*). No último exemplo temos unha estrutura subordinada nexual co director prepositivo *de* e un termo, *que che falei*; este, á súa vez, sería tamén unha estrutura nexual constituída por un director conxuntivo *que*, e un termo, neste caso, unha cláusula (*che falei*).

Segundo as focaxes máis habituais, as secuencias como *os libros*, *estes libros*, *moitos libros*, etc., teñen carácter endocéntrico, estando formadas por un núcleo, *libros*, e un elemento que realiza unha función habitualmente chamada adxectiva. Isto supón que o núcleo é o elemento imprescindíbel e o determinante, subordinado, non é obrigatorio:

Comprei *os libros*: Comprei *libros* / \*Comprei *os*

Casos como este indicarían que o substantivo é o subordinante, e por tanto o *núcleo*. Porén, como xa apuntábamos, a cuestión parece bastante máis complexa.

Baseándose sobre todo no emprego de artigos determinados en función de determinante, Rojo / Jiménez Juliá (1989: 124-125) afirman que en moi poucas ocasións é posíbel suprimir o determinante e que o normal é que a supresión deste leve consigo a agramaticalidade da secuencia. Nestes casos a construción sería exocéntrica e o substantivo non realizaría a función de núcleo porque formaría parte de un *nominal* en relación interdependente co *determinante*, tal como xa vimos na definición da frase nominal de Rojo / Jiménez Juliá.

Así mesmo afirma que é bastante máis difícil suprimir un determinante a unha secuencia que funciona como suxeito que a unha que realiza a función de C. D. En substantivos non contábeis é posíbel a aparición dun substantivo en singular sen determinante:

Aquí medra *trigo*

así como a ausencia de determinante en substantivos contábeis en plural:

Comprei *libros*.

Salvo nestes casos, o determinante xa non é tan facilmente suprimíbel. Aliás, o que realmente observamos na maior parte dos casos, se temos en conta o conxunto de todos os determinantes, é que estas frases poden ser reducidas ao propio determinante na forma pronominal correspondente:

Veu *este rapaz* = Veu *este* (mais: \*Veu *rapaz*)

Mesmo a supresión do substantivo precedido de artigo, permite o mantemento deste nunha construción gramatical, se admitirmos os artigos como variantes do pronome persoal de terceira persoa:

Comprei *o libro* = Compreino (mais: \*Comprei *libro*)

Todo isto non só reforza a tese da función non secundaria destes elementos, senón que pon tamén en cuestión a relación de interdependencia e do carácter exocéntrico da construción. Aliás, o carácter átono dos determinantes non é xustificación para non considerar unha función principal, pois os pronomes persoais átonos desempeñan a función nuclear dentro da súa frase nominal. É máis: constitúen por si propios unha frase nominal.

A función do determinante non é, maioritariamente, subordinada, función desempeñada habitualmente polo modificador, senón principal ou interordinada. A función subordinada só é posíbel nos poucos enunciados en que o nominal pode non levar determinante:

Aquí medra (*o*) trigo

Comprei (*os*) libros

casos menos numerosos, polo que non deixa de chamar a nosa atención a consideración por parte de Freixeiro Mato (2000: 625) da función exclusiva subordinada dos adxacentes, incluídos os determinantes, sen facer referencia a outras posibilidades no que atinxe a estes últimos.

#### 4.5. Modificación e comparación

Outra cuestión que queremos tocar, porque afecta á modificación dentro da frase, é a relación desta función coas estruturas comparativas.

Hai estruturas comparativas predicativas do tipo:

Traballou tanto *como* folgou

en que a estrutura comparativa (*como folgou*) presenta a propia dunha cláusula, sendo un elemento funcional en relación a outra estrutura de cláusula (*Traballou tanto*), mais non é un elemento funcional da frase, unidade que é a que nos interesa neste momento por ser a que estamos vendo.

As estruturas comparativas non predicativas como:

Pedro é máis alto *ca* ti

si que desempeñan a súa función dentro da frase, na mesma liña de análise que víamos no exemplo:

Luís é pobre *pero* honrado

sen termos que admitir necesariamente verbos “elípticos”, pois a elipse existe, como indicamos, só na estrutura profunda.

Así, podemos considerar o primeiro e o segundo termo da comparación como un elemento funcional da frase:

É unha casa *de máis madeira que* tixolo

É unha casa *máis ancha que* alta

ou ben só o segundo termo no mesmo sentido:

É unha casa de máis madeira *que tixolo*

Tanto nun caso como no outro parécenos que a función é claramente subordinada (sempre se poden conmutar os segmentos en cursiva por  $\emptyset$ ), polo que non estaría de máis a súa consideración como modificadores, seguindo a terminoloxía habitual.

#### 4.6. Modificación e aposición

Algo que está moi relacionado coa función subordinada de modificación é a *aposición*. Aínda que para algúns autores a aposición é un elemento que pode preceder a un núcleo ou que o pode seguir, sen ir entre pausas, normalmente enténdese por tal a secuencia que, indo entre pausas, vai despois dese núcleo. mais se non facemos esta matización, o abano de posibilidades de estruturas referidas ao termo aposición é moi amplo. En enunciados como:

O monte *Pedroso*

O rei *trovador*

A cidade *de Pontevedra*

O rei, *trovador portugués*, escribeu cantigas

A herba, *alta e fresca*, movíase co vento

os elementos en cursiva son todos casos de subordinación, ou sexa, son elementos que funcionan como modificadores, na medida en que son secundarios, exactamente igual que calquera nome adxectivo en función de modificador. Cremos que, caso de empregar o termo aposición, sería co fin de indicar unha relación diferente da coordinación, subordinación e interordinación, e, dentro da frase, unha función distinta da nuclear, da de determinante ou da de modificador.

Falar nos exemplos anteriores de aposición non ten sentido porque non se rexista unha relación ou función diferente da establecida por calquera modificador. Iso si, podemos afirmar que, cando os elementos van entre pausas (os exemplos da dereita), a función subordinada de modificación se realiza non sobre o núcleo da frase nominal, senón que actúa sobre toda a frase nominal (é un caso de subordinación exógena).

Se se acepta a existencia da “oración” como unidade superior á cláusula, habería que considerar os dous exemplos da dereita unidades superiores á frase, pero bastante diferentes das cláusulas, porque estas son unidades predicativas. Como no caso da “oración”, pensamos que son elementos externos á unidade que non configuran con esta outra unidade superior.

Segundo Taboada (1978: 336-337), a aposición ten que cumprir unha serie de requisitos, que agrupamos e clasificamos da seguinte maneira:

- a) conmutativos (demostran que é unha aposición, non outro tipo de relación):
- posibilidade de inversión da orde dos membros, sen alterar a estrutura e a función da relación.
  - ser conmutábel calquera dos dous elementos por  $\emptyset$  de forma que o resultante funcione como a relación completa, sen alterar as funcións e o significado xeral da cláusula.
- b) funcionais (indican a función e rango dos membros da aposición):
- os dous membros constitúen un elemento funcional único na cláusula.
  - situación destes no mesmo plano ou nivel xerárquico.
- c) semántico (non sintáctico, fronte aos anteriores, pero en último termo axuda a identificar esta relación):
- identidade semántica entre os dous membros.
- d) categorial:
- os dous membros de igual categoría: frases nominais.

De maneira que teríamos só aposición cando hai dous elementos (Taboada fala só de frases nominais), un situado entre pausas e introducido, polo menos un deles, por un determinante se vai con un nome común. Aínda que Taboada exemplifica con determinantes definidos e sempre con artigos determinados, pensamos que se pode incluír calquera determinante:

*París, a capital da Franza, é o centro da moda (ou: A capital da Franza, París...)*

pero en:

*París, capital da Franza, é o centro da moda*

a non presenza do determinante é fundamental, pois o segundo membro é modificador de *París*, como nos exemplos que víamos antes, xa que os elementos non se poden inverter:

*\*Capital da Franza, París...*

e só pode ser conmutábel por  $\emptyset$  o segundo elemento:

*París é o centro da moda*

pero non o primeiro:

*\*Capital da Franza é o centro da moda*

cousa que si acontece coa aposición no primeiro exemplo:

*A capital da Franza é o centro da moda*                      *París é o centro da moda*

Para nós, a existencia dun determinante en, polo menos, un dos elementos, aínda que as dúas unidades non sexan frases nominais ou o mesmo tipo de unidades, pode dar lugar a estruturas apositivas:

*Alí, no (ou nese) mesmo lugar, recoñecéronse*

Para iso, o que se teñen que cumprir son os outros requisitos, mais non é necesario o derradeiro (*d*).

A pesar de todo, e aínda que Taboada considera que unha construción apositiva é un tipo de “unidade composta” (termo e concepción hoxe superados), admite que é distinta da coordinación.

Así mesmo, Beceiro (1990) pensa que a aposición é unha relación distinta da coordinación e da subordinación, aínda que acabe admitindo que está máis perto da primeira que da segunda. O seu criterio parte dunha explicación meramente semántica, na medida en que unha aposición pode estar constituída por elementos que se inclúen (sería mellor aplicalo aos que se identifican: *Dáme un pedazo, un trozo*) mentres a coordinación non (*\*Dáme un pedazo e un trozo*). Mais isto débese non ao carácter da estrutura, senón ao significado das copulativas, xa que se se soma o significado de dous elementos, o lóxico é que cada un indique un significado diferente, e tamén das disxuntivas, pois se se dan varias opcións o propio é que non sexan sinónimas, fronte ás apositivas, onde se dá unha relación significativa de identificación, de sinonimia.

Coincidimos con esta autora en que a aposición ten de ter carácter reiterativo (mellor identificativo), pero non necesariamente explicativo non-restritivo. Véxase un exemplo claro en contra e que ela mesma cita: *Quero a casa, a da avoa*. Nel, o segundo elemento, *a da avoa*, ten carácter restritivo, alén de identificativo.

Na nosa opinión, as estruturas copulativas, disxuntivas e apositivas son sintacticamente do mesmo tipo, cumpren os requisitos sintácticos *–a*) e *b*)– que aplica Taboada (1978: 336-337) ás apositivas e que se poden aplicar realmente ás tres. Con efecto, salvo o apartado *c*), de carácter semántico, non sintáctico, que si diferenciaría o significado dunha construción apositiva do dunha coordinativa copulativa ou disxuntiva (a apositiva identifica, equivale a =; a coordinativa copulativa engade, equivale a +), se atendemos só aos requisitos de carácter meramente sintáctico *–a*) *Commutativos* e *b*) *Funcionais*– teremos que concluír que *unha relación apositiva é un tipo de coordinación*. De maneira que só deberíamos seguir considerando tres tipos xerais de relacións, como vimos: *coordinación*, *subordinación* e *interordinación* (a *xustaposición* é unha variante de coordinación ou de subordinación asindética), e dentro da coordinación, tres subtipos semánticos, non sintácticos, de coordinadas: *copulativa* (significado aditivo), *disxuntiva* (significado alternativo) e *apositiva* (significado identificativo).



Dito sexa de pasaxe que, en relación con esta clasificación, seguimos pensando, na liña de Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira (1988: 299) e ao contrario que Álvarez / Regueira / Monteagudo (1986: 526) e Freixeiro Mato (2000: 658-659), que non existen as coordenadas “distributivas”, senón que son coordenadas copulativas ou disxuntivas con nexo pausal e elementos anafóricos de carácter distributivo (pero non nexos) que relacionan as cláusulas.

## 5. Elementos funcionais da cláusula

### 5.1. Concepto de valencia e función nuclear do verbo

Tesnière (1969: 105-110, 238-260) considera que as palabras de tipo lexical (substantivos, adxectivos, verbos) poden implicar *lugares vacíos*. Por exemplo, algúns substantivos, como os que indican parentesco, implican un lugar vacío (pai *de alguén*), así como certos adxectivos (digno *de algo*); pero non todos (*mesa* non implica necesariamente un determinado lugar vacío).

A *valencia* é o número de lugares vacíos (*argumentos* ou *relata*) implicados polo significado do lexema. Aínda que a valencia se establece no nivel semántico, a relación de dependencia que establecen os elementos chamados *actantes* –nunha denominación máis tradicional serían un determinado tipo de *complementos*– deses lugares vacíos é propiamente sintáctica.

Dependendo do número de actantes posibles, os verbos poden ser:

- avalentes (sen lugares vacíos): *chover, nevar...*
- monovalentes (con un lugar vacío): *dormir, xesticular... (alguén)*
- bivalentes (con dous lugares vacíos): *comer, precisar... (alguén, algo / de algo)*
- trivalentes (con tres lugares vacíos): *dar, prometer... (alguén, algo, a alguén)*

Hai autores que falan de verbos tetravalentes (*traducir: alguén, algo, dun idioma, para outro*), pero talvez sexan propiamente trivalentes (no exemplo citado *dun idioma* é discutíbel que sexa exixido polo verbo).

Así mesmo, non se aplica o termo de valencia aos verbos que fan parte de estruturas verbais complexas en que os elementos desa estrutura, que funcionan conxuntamente como núcleo do predicado, establecen unha relación de interordinación, como é o caso dos *auxiliares* das perífrases, os *copulativos* e os verbos funcionais ou *operadores*.

Os predicados nominais dependen dos verbos copulativos *ser* (indica propiedades habituais, estábeis, inherentes ou esenciais) e *estar* (indica propiedades ocasionais,

temporais, non-inherentes ou non-esenciais). Alguns autores falan doutros verbos copulativos como variantes aspectuais dos dous anteriores: *tornarse* (de *ser*), *andar* e *ficar* (de *estar*), aínda que isto é máis discutíbel, como o caso do propio verbo *estar*.

A cuestión da auxiliaridade está aínda sen resolver e a maior parte dos gramáticos, salvo que se copien uns a outros, presentan diferentes criterios e número á hora de considerar as perífrases, a pesar de todos coincidiren nalgúnhas, por exemplo, nas aspectuais perfectivas con *ter* + participio.

Os operadores fan parte dunha estrutura ampliada cun substantivo deverbais co que forman unha locución verbal. Pertencen aos auxiliares porque o seu significado está gramaticalizado e o conxunto da estrutura é máis ou menos equivalente a un verbo simple. Os máis frecuentes son *facer*, *ter*, *pór* e *dar*: *facer* unha pregunta (= preguntar), *facer* alusión (= aludir); *ter* en consideración (= considerar), *ter* en conta (= contar con), *ter* dúbidas de (= dubidar de); *pór* á venda (= vender), *pór* en dúbida (= dubidar), *pór* en cuestión (= cuestionar), *pór* (ou colocar) unha pregunta (= preguntar); *dar* permiso (= permitir), *dar* autorización (= autorizar), *dar* apoio (= apoiar).

Para Tesnière o verbo, na súa función de predicado, ocupa a posición central na estrutura funcional da cláusula, ao revés do que considera a gramática tradicional e xerativa. O verbo asome a función central da cláusula (predicado) e determina a súa estrutura sintáctica e semanticamente. Así mesmo, determina os lugares vacíos e as propiedades morfosintácticas (as relevantes para o estudo sintáctico) e semánticas dos actantes que realizan eses lugares vacíos:

- propiedades morfosintácticas: presenza / ausencia de preposicións e colocación dos actantes sen marca preposicional (por ex., Suxeito + Verbo + C. Directo).
- propiedades sintácticas: diferentes posibilidades de pronominalización (O Pedro obedece á María: *El* obedece-*lle*; O Pedro recorre á María: *El* recorre á María) ou de ocorrencia de diferentes unidades permutábeis na mesma función (frase nominal / cláusula conxuntiva con verbo en forma modo-temporal / cláusula de Infinitivo).
- propiedades semántico-categoriais: restricións de selección pola natureza do verbo relativas ás clases semánticas (*espantarse de* exige un actante primario da clase dos nomes co trazo + *animado*).
- propiedades semántico-relacionais: funcións semánticas dos actantes na cláusula (*axente*: O Xoán escoita, *paciente*: O Xoán ouve, etc.).

## 5.2. Elementos funcionais tradicionais na cláusula. Actantes e circunstantes

As funcións na cláusula sempre foi un problema de difícil solución na gramática tradicional por partir de que as características morfosintácticas dun actante teñen que ter sempre determinados valores semántico-relacionais constantes.

A partir de Fillmore (1968: 1-91) considérase que as funcións sintácticas pertencen á estrutura superficial e as semántico-relacionais dos actantes a un nivel máis profundo.

Na gramática de casos estúdanse os “casos profundos” de Fillmore, as “relacións verbo-substantivo” de Chafe (1976: 162-185), as “funcións actanciais” de Heger (1974: 53-85) e os “significados sintácticos” de Danes (1968: 55-69). En cada unha das súas obras estes autores expoñen a súa visión das funcións *semánticas* dos actantes. Todos eles consideran o verbo como elemento nuclear da cláusula e a non correspondencia entre as formas sintácticas dos actantes e as categorías semánticas (funcións semánticas).

Por exemplo, Fillmore (1971: 35-56) presenta un sistema universal de casos ou funcións semánticas (categorías semánticas). A súa lista de casos é: *axente, instrumento, experienciador, obxecto, orixe, meta, lugar, beneficiario*. Outros proporcionan listas máis amplas.

Evidentemente, as funcións semánticas consideradas do punto de vista das áreas temáticas dependen do grao de abstracción e constitúen unha lista aberta. O máis destacábel para o noso traballo é que o mesmo caso (función semántica) pode abranxer varias formas sintácticas (tipos de elementos funcionais ou actantes). Por exemplo, o caso obxecto pode estar representado polas seguintes formas:

O Xoán ama a <i>María</i>	<i>María</i> é amada polo Xoán
O amor do Xoán <i>por María</i>	<i>María</i> , a <i>amada do Xoán</i>

Desta maneira, a unha mesma función semántica poden corresponder diferentes unidades lingüísticas ou elementos funcionais e diferentes funcións sintácticas. E viceversa, a unha mesma unidade lingüística ou elemento funcional e a unha mesma función sintáctica pode corresponder unha ou máis funcións semánticas: a función sintáctica de Suxeito tradicional pode corresponderlle a función semántica tanto de axente:

*O Xoán* corre

como a de paciente:

*A auga* ferve

*O Xoán* foi maltratado por todos

Tendo isto en conta, a caracterización dos elementos funcionais da cláusula (actantes) non atendería a criterios de contidos xerais (funcións semánticas), tal como se fai na gramática tradicional e en grande medida en todas as gramáticas galegas actuais, senón morfo-sintácticos: concordancia, orde de elementos na cláusula, posibilidades de pronominalización, nexos introdutores, ocorrencia de diferentes unidades na mesma función, relacións de dependencia ou interdependencia, etc.

Partindo destes criterios e da definición de actante que vimos no punto precedente, Busse / Vilela (1986: 35-41) establecen os seguintes tipos de actantes, que nós reenumeramos e situamos de maneira diferente:

- A<sub>1</sub> (equivalente ao Suxeito tradicional).
- A<sub>2</sub> (equivalente ao C. Directo tradicional).
- A<sub>3</sub> (equivalente ao C. Indirecto tradicional con preposición *a*).
- A<sub>4</sub> (equivalente ao Suplemento de Alarcos Llorach).
- A<sub>5</sub> (equivale ao C. Predicativo tradicional).
- A<sub>6</sub> (actante locativo): *Mora na Coruña, Encóntrase dentro da casa.*
- A<sub>7</sub> (actante temporal): *Adiaron a conferencia para Setembro.*
- A<sub>8</sub> (actante modal): *Comportouse ben.*
- A<sub>6-8b</sub> (actante situativo): aparece simultaneamente ou alternativamente con outros actantes de tipo locativo, temporal ou modal: *O accidente ocorreu no Xapón / onte / por negligencia / no Xapón onte por negligencia.*
- A<sub>9</sub> (actante direccional): *Vou á Coruña, Vén de Vigo.*
- A<sub>10</sub> (actante cuantitativo): *Pesou cinco quilos.*

Como se pode comprobar, estes 11 actantes (ou mellor 10, porque o A<sub>6-8b</sub> é o mesmo que A<sub>6</sub>, A<sub>7</sub> e A<sub>8</sub> ou unha combinación deles) correspóndense coas funcións da cláusula tradicionais: Suxeito, C. Directo, C. Indirecto, Suplemento ou C. Terminativo, C. Predicativo e con certos tipos de Complementos Circunstancias (dirección, lugar, tempo, modo e cantidade). O único que os diferencia, do punto de vista gramatical, é que os actantes están exixidos dalgunha maneira polo verbo, mentres os elementos funcionais tradicionais poden estar exixidos ou non.

O antedito non é unha cuestión banal nunha análise sintáctica, e dalgunha maneira xa se ten salientado en diferentes ocasións (Freixeiro Mato 2000: 647). O A<sub>3</sub> (Predicativo), na medida en que é rexido polo verbo e mantén unha relación de concordancia co A<sub>1</sub> (Suxeito) ou co A<sub>2</sub> (C. Directo), ocupa unha posición especial na cláusula. Non menos especial é a do A<sub>1</sub>, pois determina a concordancia co verbo e o xénero e número do atributo. Esta relación tan estreita levou a considerar Suxeito e Predicado como elementos dunha estrutura funcional “bimembre” pouco menos que interordinada. Pero a depen-

dencia morfolóxica do verbo a respecto do suxeito non implica que sexa sintáctica (cfr. a dependencia morfolóxica do participio da perífrase verbal en relación ao C. Directo: *Leva compradas algunhas lavadoras*). E así, os partidarios da tese da estrutura bimembre da cláusula acaban admitindo en determinados casos a existencia de estruturas “unimembres” ou supor continuamente suxeitos “elípticos”, que só existen na estrutura profunda do significado, pero non na estrutura sintáctica externa.

Na realidade, a ausencia obrigatoria de  $A_1$  con certos verbos (*chover*, *nevar...*; *haber*) e construcións (*Vívese ben aquí*), así como a súa rara presenza, salvo por motivos enfáticos, en cláusulas con verbos en primeira e segunda persoa do singular ou cando xa foi citado previamente, lévanos a concluír que a existencia do  $A_1$  é moi relativa e, do punto de vista semántico, constitúe un elemento meramente aclaratorio e informativo nesa función. É máis, na cláusula:

*A María pórtase ben*

o  $A_8$  (actante modal) é máis necesario –mesmo imprescindible– que o  $A_1$ : *Pórtase ben* é gramatical, pero *\*A María pórtase* non, salvo en contextos expresivos.

Aliás, os autores anteriormente aludidos diferencian entre:

– *actantes* (os que presupón o verbo):

*O Pedro dá un xoguete á Raquel*                      *A sesión durou toda a tarde*

– *circunstantes* (os que non presupón o verbo):

*O Pedro constrúe un xoguete á Raquel*                      *O pai traballou toda a tarde*

No segundo caso, *á Raquel* non é un actante, senón un circunstante, a pesar de ter a mesma función sintáctica tradicional nos dous exemplos (C. Indirecto) e de admitir en ambos os casos a pronominalización *lle*. Isto débese a que *dar* presupón tres actantes (*alguén*, *algo*, *a alguén*) e *construír* só dous (*alguén*, *algo*). Algo parecido acontece con *durar*; que presupón un actante  $A_{10}$  (cuantitativo), pero non *traballar*; de maneira que en relación a este, *toda a tarde* é un circunstante. De feito, os circunstantes que coinciden co C. Circunstancial tradicional poden ser tanto do mesmo tipo que os actantes (locativo, temporal, modal, direccional e cuantitativo), como de outro (causal, final, condicional, adversativo, concesivo, consecutivo, etc.), aínda que estes últimos circunstantes poden afectar a toda a cláusula e non só ao predicado, tal como vimos ao falar da “oración”. O instrumento é un circunstante afín aos actantes.

O *dativo posesivo*, (*in-*)*commodi*, *ético* (*de interese*) e *de solidariedade* son tamén circunstantes:

As mans trémennle (posesivo)

Procurei un apartamento *a / para un amigo* (*in-commodi*)

Non *me* pises a raia (ético)

Téñoche moito traballo que facer (*solidariedade*)

Mais resta unha cuestión fulcral por tratar. Os circunstantes parece que está claro que desempeñan unha función subordinada na medida en que non están exixidos polo verbo e se pode prescindir deles. Pero no caso dos actantes, até que punto e de que maneira son exixidos polo verbo? É claro que eses actantes sempre están exixidos dalgunha maneira polo verbo, pero en que plano? No semántico ou no sintáctico?

Digamos que os actantes están exixidos no plano semántico, pero non sempre no plano sintáctico. Poden ser facultativos, de maneira que podemos considerar estruturas sintácticas perfectamente gramaticais en que non aparecen eses actantes ou en que poden conmutarse por  $\emptyset$ . Neste caso terían a mesma función sintáctica que un circunstante, ou sexa, a de elemento subordinado. Vexamos algúns casos en que indicamos os elementos subordinados entre parénteses, indo os actantes en itálica e os circunstantes en letra redonda:

- (*María*) dorme (na súa casa)
- (*Xoán*) chegou (tarde)
- (*O Pedro*) comeu (*o primeiro prato*)
- (*O Pedro*) comprou (*unha bicicleta*) (*ao Xoán*)
- (*Os resultados*) convenceron (*os asistentes*) (*da boa situación económica*)

Hai actantes que son obrigatorios en case todos os contextos, de maneira que non se poden eliminar, pois a estrutura sintáctica resultante sería agramatical. Neste caso podemos considerar que o actante e o verbo manteñen unha relación de interordinación, non de subordinación:

- (*A sesión*) durou *toda a tarde*
- (*O Manuel*) emprestou *un libro* (*á Paula*)
- (*O goberno*) atribuíu *o crecemento económico á súa boa xestión*
- (*Eu*) preciso *de máis tempo* (para acabar o traballo)

Con todo, poden darse casos en que sexa posíbel a supresión dese actante que é obrigatorio na maioría dos contextos. Neste tipo de enunciados xa non é interordinado, senón subordinado. É o caso da supresión do actante nas respostas positivas formuladas coa repetición do verbo:

- Precisas *de diñeiro*?
- Preciso.

Noutros casos pode darse a elisión dun actante facultativo (recuperábel polo contexto) que pode concorrer con outra estrutura sen actante:

- (*O Pedro*) non ve (*a casa*) / (*O Pedro*) non ve (= “está cego”)
- (*O Pedro*) bebe (*auga*) / (*O Pedro*) bebe (= “é alcólico”)
- (*O Pedro*) perdeu (*diñeiro*) / (*O Pedro*) perdeu (= “foi o perdedor”)

Á parte do contexto, a elisión do actante pode darse en proverbios e na función metalingüística:

Quen con ferros mata (*a alguén*), con ferros morre  
 “Precisar” (*de algo*) é verbo que rexe a preposición “de”

Nalgúns casos un mesmo verbo precisa dun ou doutro actante obrigatoriamente para construír un enunciado gramatical:

(*Ti*) obrigáchesme                      (*Esta situación*) obriga a sacrificios

e noutros pode haber un actante facultativo (subordinado) que só pode aparecer se (está presente ou) se sobrentende outro. Así:

O Pedro comprou ao Xoán

é só gramatical se o contexto alude nun determinado lugar a un  $A_2$  (unha bicicleta) ou se *ao Xoán* é propiamente  $A_2$ , tendo o verbo *comprar* un valor figurado.

Como estamos a ver, a variación de significado do verbo, ás veces con valor figurado ou metafórico, pode facer variar a valencia e dar lugar a que un dos significados exixa obrigatoriamente un actante que o outro non ten. Con todo, convén esclarecer que se trataría de dúas palabras diferentes, ou sexa, dous significados distintos asociados a un mesmo significante, polo mesmo motivo que son tamén palabras diferentes dous significantes distintos que teñen un mesmo significado:

(*A María*) está a chorar / (*A María*) está a chorar *a morte do seu namorado*  
 (*Xoán*) traballa / (*Xoán*) traballa *a madeira*  
 (*Xoán*) desceu / (*Xoán*) desceu *a rúa*  
 (*O Pedro*) vive / (*O Pedro*) vive *en Londres*

Ás veces esa diferenza de significado obedece ao carácter de axente ou paciente do  $A_1$ :

(*A fonte*) secou / (*O calor*) secou (*a fonte*)  
 (*O vaso*) partiu / (*O Pedro*) partiu (*o vaso*)

Por outro lado hai que considerar tamén a posibilidade de elisións lexicalizadas de actantes obrigatorios:

Celebra todas as mañás (sobrentendendo: *misa*)

Algúns verbos poden admitir variación nos tipos de actantes, sendo a súa función nuns casos subordinada e noutros interordinada:

- $A_2$  /  $A_4$ : Espera (*alguén*) / Espera (*por alguén*), Comeu (*o pan*) / Comeu (*no pan*)
- diferentes  $A_4$ : Falar (*á irmá*) / Falar (*coa irmá*)
- $A_3$  /  $A_9$ : Enviou *unha carta* (*á nai*) / Enviou *unha carta* (*para a nai*)
- $A_2$  con  $A_5$  /  $A_3$  con  $A_2$ : (*Eu*) supúña *rica* / (*Eu*) supúña (*lle*) *unha grande fortuna*

### 5.3. Valencia e estrutura da frase nominal

Aínda que o que indicamos neste apartado debería figurar con maior propiedade dentro do estudo da frase que fixemos no punto 4, o feito de estudarmos o concepto de valencia na estrutura da cláusula lévanos a tratar, como unha especie de apén-dice, a valencia das frases nominais, que poden gardar estreitas relacións coas da cláusula.

Así como son unha minoría os casos de verbos avalentes fronte a mono-, bi- ou tri-valentes, os substantivos e os adxectivos son normalmente avalentes. Isto é o que explica que as posibilidades de complementación no nivel da cláusula sexan moito maiores e complexas que no da frase.

Con todo, hai tamén substantivos e adxectivos mono-, bi- e trivalentes. Dentro dos primeiros podemos citar, por exemplo, os nomes de parentesco (*pai* exige un lugar vacío ocupado por un actante rexido pola preposición *de*) ou, sobre todo, os deverbais e deaxectivais:

- A fuga da cadea* (= fugarse *dun* lugar)
- A venda de diamantes* (= vender *algo*)
- O convite aos alumnos* (= convidar *a* alguén)
- A visita do primeiro ministro á Franza* (= *alguén* visita *algo*)
- A riqueza da América en ouro* (= *algo* ou *alguén* é rico *en algo*)
- A aptitude do Francisco para facer metáforas* (= *alguén* é apto *para algo*)
- A compra de avións á América por Iberia* (= *alguén* compra *algo a* *alguén*)

Como se pode comprobar nos exemplos anteriores, pode variar o número de lugares vacíos exixidos polo substantivo.

Podemos concluír que, en xeral, a valencia dos substantivos deverbais corresponde ás dos verbos de que derivan e a dos substantivos deaxectivais á da estrutura atributiva.

A valencia dos adxectivos é análoga á dos substantivos:

- Un amigo desexoso de te ver*
- Un sabio domiciliado na Coruña*
- Unha lingua digna de mil primaveras máis*
- Un home ávido de ver cousas novas*
- Un home contente de que vaian as cousas ben*
- Unha proposta contraria á outra*
- Un edificio virado ao Sul*

Mais hai algo que diferencia o rango sintáctico dos actantes dos substantivos fronte aos dos adxectivos. Os primeiros parecen actantes facultativos, por tanto, elementos subordinados de que se pode prescindir:



A fuga (*da cadea*) foi á noite

A venda (*de diamantes*) resultou beneficiosa

A riqueza (*da América en ouro*) foi causa importante da súa colonización

A aptitude (*do Francisco para facer metáforas*) ficou patente

Con todo, aínda que os enunciados resulten gramaticais coa eliminación dos actantes, o contexto nalgúns casos ten que ser o suficientemente esclarecedor para permitir a eliminación.

Á súa vez, os adxectivos, pondo de parte que dependen dun substantivo, rexen actantes facultativos (subordinados), como no caso de:

Un home ávido (*de ver cousas novas*) percorreu toda a Galiza

Un home contente (*de que vaian as cousas ben*) fica máis tranquilo

ou obrigatorios (interordinados), como no caso dos deverbais que teñen a súa orixe en participios:

Un sabio domiciliado *na Coruña* compartiu connosco as súas experiencias

Un edificio virado *ao Sul* aproveita mellor a enerxía solar

Noutros casos, como víamos cos verbos, o adxectivo pode ter un significado e existir obrigatoriamente un actante e co outro significado ser avalente:

Unha lingua digna (= merecedora) *de mil primaveras máis* / Unha lingua digna (= nobre)

## 6. Conclusións

Polo que se refire ás funcións na frase, a do determinante rara vez é subordinada e máis habitualmente interordinada ou principal. Mesmo, como acabamos de ver, o modificador, que normalmente desempeña unha función subordinada tamén pode ser un elemento interordinado. Finalmente, os elementos funcionais da cláusula (os tradicionais Suxeito, C. Directo, etc.) unhas veces son subordinados ao núcleo do predicado e outras interordinado, polo que volvemos a reafirmarnos en que, independentemente do tipo de estrutura ou unidade sintáctica, só se deberían considerar as funcións de principal ou nuclear, subordinado, interordinado e coordinado.

En segundo lugar e coherentemente, só levaríamos en conta as relacións de coordinación, subordinación e interordinación, pois a “xustaposición” é unha variante asindética da coordinación ou subordinación e a aposición é un tipo de coordinación (en sentido lato, pode ser tamén un tipo de subordinación). As estruturas comparativas son sempre subordinadas.

E en terceiro lugar, as unidades sintácticas terían un rango gradativo (de menor a maior): morfema, palabra, frase e cláusula. Nas clases de palabras é pertinente a eliminación dos determinantes, xa que serían pronomes. Nos tipos de frases, considerar só a nominal (en que estarían incluídas as substantivas, adxectivas e nominais de Rojo), a adverbial e a verbal, non existindo como tal a “preposicional”. E a “oración” non constituiría unha unidade sintáctica superior á cláusula, pois a “bipolaridade”, a coordinación e a subordinación exóxena pasarían a ser competencia da gramática textual e non da sintaxe.

## Referencias bibliográficas

- Alarcos Llorach, E. (1994): *Gramática de la lengua española* (Madrid: Espasa Calpe).
- Álvarez, R. / Regueira, X. L. / Monteagudo, H. (1986): *Gramática galega* (Vigo: Galaxia).
- Beceiro Díaz, M. X. (1990): *Achegamento ás estruturas comparativas no galego moderno* Tese de Licenciatura inédita (Universidade de Santiago de Compostela).
- Bello, A. (1982): *Gramática de la lengua castellana* (Madrid: Edaf).
- Busse, W. / Vilela, M. (1986): *Gramática de valências* (Coimbra: Livraria Almedina).
- Chafe, W. L. (1970): *Significado y estructura de la lengua* (Barcelona: Planeta).
- Costa Casas, X. X. / González Refoxo, M. dos A. / Morán Fraga, C. C. / Rábade Castiñeira, X. C. (1988): *Nova gramática para a aprendizaxe da lingua* (A Coruña: Vía Láctea).
- Danes, F. (1968): “Some thoughts on the semantic structure of the sentence”, *Lingua*, 21: 55–69.
- Fillmore, C. J. (1968): “The case for case”, en Bach / Harms (eds.): *Universals in linguistic theory*, 1–91 (New York).
- Fillmore, C. J. (1971): “Some problems for case grammar”, en O’Brien, R. J. (ed.): *Linguistics: Development of the sixties. Viewpoint for the seventies*, 35–56 (Washington D. C.).
- Freixeiro Mato, X. R. (2000): *Gramática da lingua galega. II. Morfosintaxe* (Vigo: A Nosa Terra).
- Gili Gaya, S. (1973): *Curso superior de sintaxis española* (Barcelona: Bibliograf).
- Heger, K. (1974): *Teoría semántica. Hacia una semántica moderna* (Madrid: Ediciones Alcalá).

- Huttar, G. L. (1973): "On Distinguishing Clause and Sentence", *Linguistics*, 105: 69-82.
- Jiménez Juliá, T. (1987): "La construcción coordinativa en español", *Verba*, 14: 271-345.
- Martinet, A. (1970): *Éléments de linguistique générale* (París: Colin).
- Nique, C. (1975): *Introducción metódica a la gramática generativa* (Madrid: Cátedra).
- Mulder, J. W. F. (1977): "Postulats de la linguistique fonctionnelle axiomatique", *La Linguistique*, 13: 30-31.
- Rojo, G. (1978): *Cláusulas y oraciones*. Anexo 14 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Rojo, G. / Jiménez Juliá, T. (1989): *Fundamentos del análisis sintáctico funcional*. Anexo 2 de *Lalia* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Ruwet, N. (1974): *Introducción a la gramática generativa* (Madrid: Gredos).
- Saussure, F. de (1986): *Curso de lingüística geral* (Lisboa: Dom Quixote).
- Taboada, M. (1978): "Relacións sintácticas en el interior de la frase nominal: la aposición", *Verba*, 5: 315-340.
- Tesnière, L. (1969): *Éléments de syntaxe structurale* (París: Klincksieck).
- Van Hout, R. (1973): *Le syntagme nominal* (París: Didier).

---

**Rui Vasques, *Crónica de Santa Maria de Iria*. Estudo e edición de José Antonio Souto Cabo, Santiago de Compostela, Edicións do Castro (Cabido da S.A.M.I. Catedral / Seminario de Estudos Galegos), 2001, 284 pp.**

---

A oportunidade de reseñar unha obra literaria medieval ofrécenos a posibilidade de nos achegar ao período en que o galego foi lingua normal da Galiza na escrita desde mediados do século XIII, aínda que o documento máis antigo que posuímos sexa do 1175. Este documento viu a luz grazas ao inestimábel traballo do profesor José António Souto Cabo, especialista na edición de textos medievais. Nesta ocasión o investigador achéganos unha magnífica edición da *Crónica de Santa Maria de Íria*, obra de carácter historiográfico da autoría de Rui Vázquez, clérigo de Santa Vaia de Chacín (Mazaricos) que a escribiu entre o 23 de Abril de 1467 e o 29 de Marzo de 1468.

A *Crónica de Santa Maria de Iria* conta a historia da diocese de Iria, trasladada a Santiago con posterioridade, desde a súa criación até a consecución do arcebispado por Xelmírez, personaxe indisolubemente unido ao período de apoxeo da sociedade galega. Con todo, parecía que a intención inicial do relato era abranxer desde o comezo do mundo até o presente histórico de Rui Vázquez, que aparece nunha ruptura da linealidade cronolóxica. A motivación da obra é a recuperación da historia da antiga sé iriense e o seu traslado a Compostela co fin de manter o pagamento do Voto de Santiago, concedido por Ramiro I como ofrenda tras a vitoria na batalla de Clavijo (834), gañada por intervención do apóstolo.

O autor ten a vontade de que o seu escrito sexa o soporte da memoria da Igrexa de Iria que “he ja quasi perdida”, lembrando que foi o primeiro bispado para xustificar a concesión de privilexios por parte da nova sé compostelá. Neste percurso histórico nárrese como descubrimento do corpo do apóstolo Santiago en Galiza polo rei Afonso o Casto e o posterior traslado a Santiago de Compostela, manténdose a Igrexa de Iria como segunda sé. Tamén transparece a rivalidade entre a sé romana e a compostelá pola primacía como referentes do cristianismo occidental. Rui Vázquez é testemuña directa da conflictividade social da súa época, relatando a guerra irmandiña e as revoltas contra os bispos Rodrigo de Luna e Afonso de Fonseca. Cómpre salientar o aparente apoio eclesiástico de que fai eco o manuscrito á causa da Irmandade, cualificada de Santa, contra os excesos da nobreza.

O narrador parece deixar incompleto o texto a vulgar polo corte que se produce no arcebispado de Xelmírez. Talvez sexa debido á carencia de fontes posteriores ao mandato do arcebispo. O “Flos Santorum” está incompleto, se non for este o texto que foi editado. En todo o caso, fica cumprido o obxectivo que subxace na obra, a recuperación da memoria histórica da Igrexa de Iria para xustificar a concesión de privilexios da mesma nunha época en que debía encontrarse en decadencia. O propio testemuño do autor apunta que non crer no anterior bispado de Iria era habitual no seu tempo.

A relevancia histórica da *Crónica de Santa Maria de Iria* vén marcada por ser escrita nun período tardo-medieval en que se estaba comezando a introducir o emprego do castelán, acompañado dun importante número de altos cargos foráneos que usaban esta lingua nos seus escritos. Porén, até o século XVI a grande maioría da documentación redíxese en galego. O proceso de castelanización comeza nos estamentos máis altos da sociedade feudal galega, e de aí irase estendendo a outros sectores sociais. O arcebispado de Santiago será ocupado por bispos foráneos, e xa desde o século XIV a maioría da documentación da catedral está escrita en castelán. Un outro factor que axudou á introdución desta lingua foi o enfraquecemento da sociedade galega por causa da inxente conflitividade social que se materializou na Guerra Irmandiña. A asimilación do estamento nobiliar leva á consideración da lingua como estigma negativo para o mantemento do prestixio social.

No inicio da obra, o editor fai un esbozo das hipóteses existentes sobre a autoría e a data de realización da obra. O cóengo Antonio López Ferreiro atribuíu a elaboración desta obra a Jan Rodríguez do Padrón, rapidamente identificado con Juan Rodríguez del Padrón, autor da novela sentimental *Siervo libre de amor*, baseándose na existencia dun manuscrito seiscentista conservado na Biblioteca Apostólica Vaticana, que, segundo David Mackenzie, podería datar de 1444. Porén, o responsábel da presente edición resolve a favor do Rui Vázquez, que a realizou por petición do xuíz e cóengo Fernán Rodríguez de Leira. A súa proposta baséase simplemente na rubrica que fecha o texto orixinal, asinada polo crego de Chacín, que inclúe a data e o lugar da elaboración do manuscrito. O propio López Ferreiro puxo en dúbida a súa consideración inicial ao afirmar que a *Crónica* era unha obra sen pretensións literarias e non posuía o estilo esperado nun autor da altura de Juan Rodríguez del Padrón.

Esta obra foi editada anteriormente en dúas ocasións. Unha destas edicións foi publicada por Antonio López Ferreiro na revista *El Pensamiento Gallego* por entregas nos meses de Outubro a Decembro de 1888. A segunda edición desta obra foi a elaborada por Jesús Carro en 1951, publicada como Anejo V nos *Cuadernos de Estudios Gallegos* polo Instituto Padre Sarmiento. Esta lectura inclúe un aparato de variantes comparando a edición do cóengo compostelán e a copia da Biblioteca Nacional de Madrid. Souto Cabo considera que nesta última edición se acumula

un grande número de erros de lectura que, nalgúns casos, se deben a unha má interpretación da lectura do primeiro editor.

O manuscrito autógrafo foi resgatado do Arquivo da Catedral de Santiago. Con toda a probabilidade, este é o texto orixinal redixido por Rui Vázquez. O códice consiste en catorce folios encadernados no século XVIII que foron numerados con posterioridade á lectura de López Ferreiro. A existencia deste orixinal eliminou a necesidade de colación das tres copias coñecidas na actualidade, conservadas na Biblioteca Nacional de Madrid, Biblioteca da Universidade de Salamanca e Biblioteca Apostólica Vaticana. Así mesmo, o texto autógrafo permite unha recepción da obra conforme á proximidade de vontade do autor.

No que se refire aos criterios de edición, Souto Cabo fixa dúas lecturas do manuscrito: unha primeira lectura (PL) que compartilla moitos trazos do que é unha edición crítica, embora non estea realizada sobre a existencia dunha tradición textual diverxente, e unha segunda lectura (SL) en edición paleográfica. A PL é a que máis se aproxima aos usos gráficos modernos sen falsear a lingua do orixinal, ofrecendo unha nítida visión do texto ao lector actual. Confróntanse os datos do texto coas fontes latinas en que bebe a obra: *Cronicón Iriense*, *Liber Sancti Iacobi* ou *Códice Calistino e Historia Compostelana*. A SL respecta a integridade gráfica do texto evitando calquera omisión do que aparece no manuscrito. Ahamos que a dupla edición está motivada pola necesidade de ofrecer unha lectura da obra que se adecúe ás exixencias dun público diverso, ora interesado nunha lectura asequíbel do texto, ora en cuestións filolóxicas extrañeas dunha edición paleográfica ou diplomática.

Exprésase a intención de manter a integridade lingüística da obra evitando a modernización do texto e mantendo a heteroxeneidade gráfica que caracteriza os documentos galegos fronte aos portugueses; contaban estes cunha chancelaría real que funcionaba como centro uniformador das grafías. Nos criterios de edición da *Crónica* considérase fundamental a conservación de toda a información lingüística que ofrece o texto. Evítase, por tanto, a modernización gráfica do texto, práctica común na edición de textos medievais en Portugal.

Como se expón, detallada e criteriosamente no estudo realizado polo editor da *Crónica*, a lingua desta obra corresponde ao período final da lingua medieval, xa en pleno século XV. Nesta etapa prodúcese a conversión das africadas dentoalveolares [ts] e [dz] nas fricativas predorsodentais [s] e [z], primeiro paso cara á simplificación das sibilantes que levará ao modelo común actual [ʃ], [θ], [ç]. Outro aspecto que caracteriza o texto é a aparición de formas desnasaladas ou con desenvolvemento de consoante nasal: *beiçon*, *Bieito*, *cadeas*, *teer*, *poendo*, etc. Estas formas son resultado do progresivo desaparecemento das vogais nasais en galego e conviven no texto con solucións nasaladas: *bōas*, *cães*, *irmãos*, etc. Neste período

dáse tamén o fenómeno da crase vocálica representado fundamentalmente nas hipercorreccións (*maños, irmãoo, christaooos*) e na forma *virgen*< *virgee*<*VIRGI-NEM*.

Áchase no texto un grande número de castelanismos cuxa aparición é máis frecuente nesta época. Esta influencia aparece nas terminacións en *-IONEM* que recuperan o iode fronte á solución tradicional que o elimina (*hedificacion, passion, discusiones*). Afecta tamén a outras formas (*gracias, licencia, espacio*) procedentes das terminacións latinas *-TIUM, -TIAM*. Para a explicación destas formas non resulta satisfactoria a súa consideración como palabras cultas, que, sendo frecuentes nun texto de cuño eclesiástico, non superan a cantidade de léxico de orixe castelá: *almenas, arçobispo, cabildo, canpanas, canonigos, Castilla, dolor, donações, enemigos, envidia, fasta, geraçom, mercede, menester, peligro, obispo, sangue, etc.*

Obsérvase, ademais, unha tendencia dos verbos de segunda conxugación a cambiaren á terceira conxugación (*escribir*) que comezan a sistematizarse neste período e son explicábeis por unha máis que probábel interferencia da lingua de Castela. Porén, mantéñense as formas tradicionais en *dizer/dezer, sofrer, receber e viver*. A forma *trager* solución xeral nos textos medievais e a utilización do verbo *traer* “atraizoar” como evolución do latino *TRADERE*, eleva a sospeita de interferencia sobre a forma moderna *traer*.

En definitiva, a edición de José António Souto Cabo, cos correspondentes estudo introdutorio, glosario e reproducións fotográficas do manuscrito, é produto dun inxente labor ecdótico do editor, de que naceron dúas lecturas que cobren en conxunto as exixencias dun público lector amplo e especializado, asemade. Para alén da cualidade da edición e do excelente estudo de Souto Cabo, o valor desta crónica non reside no valor literario da mesma, nin na interpretación dos datos históricos, senón en ser a obra que fecha un fecundo período da nosa historia (literaria). *Crónica* achega datos interesantes sobre a etapa histórica que viviu Rui Vásquez, o enfrontamento entre sectores sociais que derivaron nunha violenta confrontación. A Guerra Irmandiña provoca un importante desgaste na sociedade galega que fica indefensa ante a política asimilista dos Reis Católicos e a superposición do idioma de Castela como lingua de prestixio.

*Francisco González Lousada*

---

**Duarte, I. M. / Barbosa, J. / Martos, S. / Hüsgen, T. (orgs.) (2002), *Encontro Comemorativo dos 25 Anos do Centro de Linguística da Universidade do Porto*, Centro de Linguística da Universidade de Porto, 2 volumes, 253 + 286 páxinas, 2 índices.**

---

Existe na actualidade unha serie de consideracións amplamente rexistradas na sociedade que di respecto do *status* dalgúns dos estudos superiores, que, na maior parte, non fan máis que perpetuaren unha imaxe preestabelecida e ademais arcaica, co fin de desprestixiaren aqueles campos do saber economicamente menos rendíbeis. Quen de nós non escoitou os comentarios dos que pensan que ser un filólogo non é máis que prepararse para nun futuro formar parte da ampla e heteroxénea –á vez que desvirtuada– familia dos literatos, en calquer das súas vertentes? Certamente, son poucos e así mesmo afortunados aqueles que, ao se decidiren na súa vocación filolóxico-lingüística, non reciberon miradas desacougadas ou estrañadas ao veren destragar unha máis que prodixiosa capacidade reflectiva ao servizo do que popularmente é coñecido como *polícia da lingua* en palabras de José Teixeira na comunicación “Linguística ... para poetas: o papel e as inter-relacións das Ciencias da Linguagem perante as outras ciencias” (vol. I, pp. 247-253), talvez un dos 38 artigos máis singulares dentro dos dous volumes que centrarán a nosa atención nestas páxinas.

Celebrado entre os días 24 e 26 de Novembro de 2001 na Facultade de Letras da Universidade do Porto, o *Encontro comemorativo dos 25 anos do Centro de Linguística da Universidade do Porto* naceu cun obxectivo ben determinado: servir como lugar de promulgación das novas investigacións que dentro do campo da lingüística se están a desenvolver. E, de feito, isto cúmprese nas trinta e oito comunicacións que os dous volumes propostos para o noso comentario nos presentan, aínda que foron máis de cincuenta os especialistas que ao longo dos tres días interviron ou tiveron presenza neste espazo de debate e que, por diversos motivos, non ven publicado o seu contributo. Deste xeito, lugares e encontros como os aquí relacionados serven para nos mantermos firmes nas nosas pretensións e vocacións filolóxicas ao comprobarmos que aínda nos fica moito por coñecer e por investigar, así como transmitir a idea de que o mundo lingüístico está en constante innovación e adaptación aos tempos que decorren apesar das consideracións a que tivemos que facer fronte.

Os dous volumes a que dedicamos as presentes páxinas ábrese cunha “Apresentação” (vol. I, pp. 5-6) onde os organizadores expresan os motivos que os



induciron á celebración do *Encontro* lingüístico na Universidade do Porto dando a coñecer, ademais, a estrutura da publicación que hoxe temos nas mans; seguidamente, Fátima Oliveira fai nunha breve “Introdução” (vol. I, pp. 7-8) un sistemático e conciso percurso pola historia e visitudes do Centro de Linguística ao longo dos xa máis de vinte e cinco anos da súa fundación na universidade portuense. Estes dous pequenos artigos, cuxa función principal é a de estableceren o marco representativo da publicación e das xornadas, veñen principalmente a incidir na idea da “xustificación” dos motivos principais que os levaron a cabo; mais, do noso punto de vista, encontros e obras como a aquí por nós reseñada “autoxustificanse” en si mesmos, dado o seu rigor científico e o valor para os que, coma nós, desfrutamos ao comprobarmos que non estamos sós no mundo e que a lingüística aínda ten moito que andar. Cada comunicación das que se presentaron e das 38 a que agora temos acceso por teren sido publicadas son máis un paso neste camiño cheo ás veces de incomodidades, e outras de satisfaccións, que é a filoloxía en xeral e a lingüística en particular. Dicemos incomodidades porque non sempre temos o apoio necesario para desenvolvermos e verquermonos de cheo nas nosas investigacións ao se consideraren inxusta e continuamente “inservíbeis” nunha época en que as novas tecnoloxías e as enxeñarias contan cos parabéns xerais; mais tamén dicemos satisfaccións porque o noso traballo, ese en que levamos tempo a loitar contra vento e maré, pode chegar *a priori* a un público medianamente amplo, ou cando menos, especialista.

Unha vez insinuados os contidos da obra nos dous pequenos artigos arriba mencionados, comeza o que se corresponde co cerne do *Encontro*, isto é, os trinta e oito relatorios que se reproducen nos dous volumes. Sen ánimo de criticarmos, só queremos pontualizar que achamos en falta unha certa organización interna nesta reprodución; e aclaramos: un tras outro séguense os artigos coa única orde establecida polo alfabeto en relación aos nomes dos comunicantes, sen anotaren os organizadores nen o lugar nen o día da respectiva exposición. Por outra parte, para facermos unha lectura máis continuada, cumpriría talvez unha agrupación baseada na temática, pois esta, alén de ser na maior parte dun grande interese, abranxe ademais a maior parte das disciplinas que polo xeral se integran na lingüística. Iso si, centrados na maior parte dos casos tomando como referencia o ámbito portugués, embora tamén existan referencias a outros idiomas como o francés, e, como se debería esperar, ao galego con tres comunicacións lidas por outros tres profesores do Departamento de Galego-portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña. Portanto, quen se quixer interesar polos estudos máis recentes dentro dos ámbitos da historia da lingua, da dialectoloxía do portugués, da morfoloxía do noso ámbito lingüístico, da semántica e mesmo da fonética e mais a pragmática ten nestes dous volumes un espazo de referencia.

Como acabamos de dicir, a maior parte das disciplinas integradas na Lingüística ten cabida nos diferentes contributos do *Encontro*. Dentro dos traballos que se

poden englobar na morfoloxía, destacan aqueles que fan referencia a diferentes aspectos gramaticais do galego, apresentados por Xoán Carlos Lagares (“Os problemas de concordancia de xénero na frase nominal”, vol. II, pp. 237-250) e Xosé Ramón Freixeiro Mato (“Sobre as perífrases verbais do galego (do século XIX á actualidade)”, vol. II, pp. 269-286), este compartillando referentes coa morfoloxía histórica. A eles engádeselles un outro traballo, da autoría de Xosé Manuel Sánchez Rei, que, partindo da clase pronominal comunmente coñecida como demostrativos, fai un bosquejo da aparición de novos vocábulos que teñen na súa orixe as formas deícticas demostrativas do noso idioma, isto é, das formas como *aquela*, *aquelou-triño*, *aquelar*, *daquela*, etc., centrándose para a súa exposición na lingua literaria do século XIX, que é, na maior parte dos casos, cando comezamos a ter os primeiros testemuños do seu uso (“O acrecentamento lexical a partir dos pronomes demostrativos en galego: principais resultados nos testemuños literarios do século XIX”, vol. II, pp. 251-258).

Alén destes tres autores, o groso das ponencias do *Encontro* teñen como principal referencia o portugués, nos seus variados aspectos. Son de destacar aqueles traballos que, ademais de nos presentaren as reflexións dos propios autores ou autoras sobre un determinado tema, nos serven para acharmos a importante e necesaria confluencia entre a lingüística e a filoloxía e mais as novas tecnoloxías; así, non é de estrañar a grande gama de especialistas de diferentes ámbitos profesionais que se dan cabida ao longo das comunicacións. Desta interrelación nace o feito de acharmos traballos que se centran, por pormos un exemplo, na dialectoloxía, como o “Contributo para o estudo da variação contextual e regional das vogais nasais do portugués europeu” (vol. II, pp. 5-18), cuxos responsábeis (António Teixeira e Francisco Vaz) proveñen do Instituto de Enxenharia Electrónica e Telemática de Aveiro. Doutro lado, merece salientarse a grande representación de estudiosos inseridos dentro do ámbito da lingüística computacional, que nos ofrecen os seus traballos a abranxeren desde a semántica (“A conversão em português, com particular incidência na construção de substantivos deadjectivais”, de Margarita Correia, vol. II, pp. 20-29) a propostas sobre os modelos de trascrición de textos orais (“Transcrição ortográfica de textos orais: problemas e perspectivas”, elaborado por Maria Celeste Ramilo e Tiago Freitas, vol. II, pp. 55-67). Sabemos que no noso país esta a se facer un labor moi importante nesta achega das novas tecnoloxías aplicadas á lingüística e á filoloxía, mais tamén somos sabedores de que esta interrelación é menor do que noutros espazos lingüísticos (tómese como exemplo o ámbito catalán), polo que traballos como o citado serven para nos daren unha mostra dos actuais camiños de investigación.

O rigor científico é, como podemos comprobar cunha lectura dos textos, moi grande, realidade constante ao longo das páxinas que conforman ambos os volumes, inclusive naqueles traballos que, por motivos xustificadas (aínda que evidentes), se

centran no debate terminolóxico que por veces tanto nos dá que falar (“A terminología do empréstimo lingüístico no português europeu: uma terminologia ambígua?”, de Ana Rebello de Andrade, vol. I, pp. 35-54; ou “A problemática de difusión e de intercâmbio da produción terminolóxica. Que solucións se perspectivam no contexto português?”, de Carla Sacadura Cabral e Paula Estrêla Lopes Mendes, vol. I, pp. 109-118). Mais tamén quen se aproximar destes dous tomos achará sen dúbida nengunha motivos para a reflexión en disciplinas tan esquecidas no noso país como a pragmática, de que destacamos o traballo de Clara Barros sobre a necesidade e utilidade da pragmática histórica (“Pragmática histórica: perspectivas de alargamento da metodoloxía de análise de textos medievais”, vol. I, pp. 131-139), ou campos como a lingüística cognitiva (“Polissemia: a chave de acceso ao sistema conceptual das línguas”, de María Clotilde Almeida, vol. II, pp. 69-81), os cais pasaron do fervor producido pola súa novidade a se asentaren como estudos completamente interesantes e renovadores. Porén, aquelas disciplinas lingüísticas e filolóxicas non tan novidasas como a dialectoloxía, a morfoloxía ou a semántica merecen tamén a atención dos estudiosos en diversos traballos dunha actualidade máis que salientábel.

Non xulgamos que a nosa recensión sexa o lugar axeitado para levantarmos acta de todas as comunicacións recollidas nos dous volumes do *Encontro Comemorativo dos 25 Anos do Centro de Lingüística da Universidade do Porto*. Mais si coidamos que a curiosidade que tentamos levantar é plenamente xustificada, e quen se acercar á presente obra corroborará estas nosas impresións. Só nos resta desexar que o labor deste tipo de encontros ou de revistas como a presente teñan o seu lugar nun mundo que como o da lingüística avanza cara a súa autorrenovación.

*Iván Méndez López*

---

**Giuseppe Tavani, *Arte de Trovar do Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa: Introdução, edición crítica e fac-símile*, Lisboa: Edições Colibri (Colección “Viator”, vol. 2), 1999, 56 pp.**

---

O professor Giuseppe Tavani, bem conhecido para os estudiosos da nossa poesia trovadoresca, oferece-nos neste pequeno livro uma leitura crítica do texto da breve *Arte de trovar* fragmentária com que se inicia o Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa.

A edição do texto vai precedida de uma introdução intitulada «A poética do cancionero da Biblioteca Nacional e as artes de trovar catalãs e provençais do século XIII e do início do XIV» (pp. 7-31), e do fac-símile das quatro páginas do manuscrito, algo reduzidas, a partir da reprodução fotográfica do códice feita em 1924, antes de que o cancionero saísse de Itália, e conservada na Biblioteca Nacional de Roma (“Sala Manoscritti 7A, Colocci Brancuti 1/1-3; *olim* 110.E.27, 1-3: pág. 30, nota 29).

O estudo introdutório de Tavani era já conhecido: reproduz com leves variações um trabalho apresentado pelo autor como comunicação no IV Congresso da Associação Hispânica de Literatura Medieval, celebrado em Lisboa em 1991, incluída logo nas correspondentes Actas («As Artes Poéticas hispânicas do século XIII e do início do XIV, na perspectiva das teorizações provençais», em: [VÁRIOS], *Literatura medieval: Actas do IV Congresso da Associação Hispânica de Literatura Medieval (Lisboa, 1-5 Outubro 1991)*; *Organização de Aires A. NASCIMENTO e Cristina ALMEIDA RIBEIRO*, Lisboa: Edições Cosmos, 1993, volume II, 376 pp., pp. 25-34). Por sua vez, este mesmo texto serviu de base para o artigo mais sintético «*Arte de Trovar*», do mesmo Tavani, no *Dicionário da literatura medieval galega e portuguesa* (Lisboa: Editorial Caminho, 1993, pp. 66-69).

Embora seja um estudo conhecido dos especialistas, foi muito oportuna a sua inclusão aqui, porque, além do mais, constitui uma excelente introdução ao texto: Tavani resume bem as características do pequeno tratado, fazendo notar tanto os seus méritos como as suas limitações em comparação com a tratadística poética da época.

Pode-se talvez discrepar de algum dos juízos aí formulados. Por exemplo, Tavani ressalta “a impressão de superficialidade, e de trabalho feito à pressa” (pág. 17). Mas talvez esta apreciação resulte algo injusta. Da obra falta-nos uma grande parte (difícil de calcular, mas poderia bem ser quase outro tanto como o que possuímos);

e isto pode já dar-nos uma impressão inexacta do conjunto. Na verdade, os pontos que correspondia tratar na parte conservada estão formulados sinteticamente –mais bem que superficialmente–, e o plano geral reflecte uma sistematização que parece ter sido bem meditada e estabelecida previamente, articulada em títulos subdivididos em capítulos, com marcada intenção didáctica.

Vista essa sistematização, podemos até conjecturar com algum fundamento como poderia estar estruturada a parte perdida.

Assim, o título terceiro, do qual conservamos só os capítulos 4-9, trata sobre os géneros: do que se diz no capítulo quarto (primeiro da parte conservada) podemos deduzir que, dos três capítulos que faltam neste título, um tinha que tratar sobre as cantigas de amor e outro sobre as cantigas de amigo: seriam possivelmente os capítulos segundo e terceiro; e então o primeiro seria um capítulo preliminar ou introdutório (como acontece no título sexto), que anunciaria que neste título se ia tratar dos diversos géneros de cantigas.

Dado que o tratadista faz referência à distinção de cantigas de mestria e cantigas de refrão como assunto já visto, podemos talvez deduzir que o título segundo estava dedicado aos aspectos formais das cantigas. Então o título primeiro trataria sobre os aspectos mais genéricos da poesia: versos e estrofes. Assim acontece também normalmente nos tratados da poesia latina medieval.

Tavani sugere que o tratado se ocupa da «cantiga de vilãos» –à qual dedica um capítulo: o oitavo do título terceiro– sem que no *corpus* da nossa poesia trovadoresca exista nenhuma amostra desse tipo de composição:

o anónimo autor da *Poética* portuguesa leva a sua ânsia classificatória até o ponto de criar, ou pelo menos demarcar o género (ou se quisermos, o subgénero) da cantiga de vilão *in absentia*, isto é, apesar de não haver sequer um exemplar deste tipo de composição nos cancioneiros galego-portugueses, onde, como vimos, tudo se resolve na citação de dois versos de uma cantiga não bem identificada –embora presumivelmente bem conhecida na época– da qual João de Gaia aproveitou o refrão para a sua cantiga: esta, aliás, não é “de vilão”, mas “de seguir”, como se depreende da segunda das rubricas alegadas (pp. 13-14).

A dificuldade com que nos encontramos para estabelecer se no nosso *corpus* trovadoresco existem ou não «cantigas de vilãos» é que não sabemos exactamente que era o que o autor entendia por esse tipo de composição. É lástima que esse capítulo se encontre tão corrompido no ms. que não nos permite sacar muito em claro.

Porém, tendo em conta que da «cantiga de vilãos» procedem as posteriores denominações de *vil(l)ancete* / *vil(l)ancico*, talvez possamos supor que ambas as fór-

mulas (“cantiga de vilãos” e *vil(l)ancete / vil(l)ancico*) designavam substancialmente o mesmo tipo de cantigas. Do *vil(l)ancete / vil(l)ancico* já se têm indicado as características: trata-se de cantigas tradicionais, de origem popular e anónima, geralmente breves e de estrutura singela, com propensão para a repetição paralelística e com rima preferentemente assoante.

Ora, esta descrição (prescindindo naturalmente da característica do anonimato) poderia aplicar-se sem grande violência a muitas das cantigas de amigo; isto é, às chamadas por vezes “cantigas paralelísticas” (denominação esta não totalmente satisfatória, pois o paralelismo é um fenómeno muito mais amplo na nossa poesia trovadoresca).

Assim, da composição que é citada como «cantiga de vilãos» dá-se-nos este texto (do qual falarei mais abaixo), que deve de corresponder à estrofe inicial:

A pé dũa torre,  
baila corpo probe:  
*vedes o cós, aí cavaleiro!*

Não deixa de chamar a atenção a semelhança temática e estrutural dessa estrofe com o começo da cantiga de Martim Codax «Eno sagrado, em Vigo» (*Ba* 1283, *V* [889], *R* [6]):

Eno sagrado, em Vigo,  
bailava corpo velido:  
*amor hei!*

Apesar da diferença na medida silábica dos versos entre as duas composições, a estrutura fundamental é idêntica: fórmula rimática ]aaB[, com rimas assoantes.

Seria, pois, possível que o autor do tratado ao falar das «cantigas de vilãos» tivesse em mente esse tipo de composições, que imitavam na sua estrutura as cantigas populares? É, afinal, a já velha discussão de em que medida a poesia trovadoresca deu cabimento dentro de si à poesia popular tradicional, que devemos supor existiu sempre e em todas as partes.

Ao ocupar-se da «cantiga de vilãos» aí citada, Tavani oferece a sua leitura da passagem que acima editei como “baila corpo probe” e uma nova interpretação (pág. 13): lê “baila corpo a rolos”, e explica em nota:

A minha proposta de leitura procede da consideração que deve tratar-se do corpo de um enforcado, que –suspenso no ar– dá evidentemente voltas sobre si mesmo; nos dicionários galegos encontro a expressão “a rolos” no sentido de ‘aos tombos, dando voltas, rolando’.

Mas as dificuldades que esta interpretação suscita são várias.

A expressão *a rolos* deve de ser recente e secundária. Por exemplo, na minha fala nativa, no norte da Galiza, não se diz *a rolos* mas *a arrollo*, que já recolhia o dicionário da Academia Galega (1913-1928): “*aarollo*: loc. adv. Rodando. Loc. *Ir aarollo*: ir rodando. *Caer aarollo*: caer rodando, caer dando vueltas sobre si mismo. *Botarse aarollo*: echarse ó arrojar-se rodando por algún declive. *Levar aarollo*: llevar ó conducir alguna cosa rodando, ó dando vueltas sobre si misma”. Talvez seja esta a forma primitiva da expressão: um deverbais de *arrolar*, do mesmo modo que *a arrastro* com respeito ao verbo *arrastrar*.

O mais importante, porém, é que tanto uma como outra expressão (isto é, tanto *arrollo* como *a rolos*) se referem a um movimento realizado rolando directamente sobre o chão, e não seria normal aplicá-las nem ao baile nem menos ainda aos giros de um enforcado suspenso no ar. A expressão *a pee de* indica igualmente proximidade à base de algo elevado: de uma torre, de um monte, etc.: “E entraron a vila per forza, e mataron os mouros, senom os que se colherom ao alcácer. [...] E combaterom o alcácer, e tolherom-lhe [a] água de ùa fonte mui bõa que nacia *a pee de ùa torre*” (*Crónica Geral*: veja-se para o substancial do texto –que transcrevo, como os outros textos citados aqui, segundo critérios algo diferentes–, a ed. Lorenzo, cap. 535: pág. 784, linhas 6-9); “e Sam Basilh’ *a pé d’ua serra* / saiu a el por xe lh’ homilhar” (*Cantigas de Santa Maria*: veja-se a ed. Mettmann 15.27-28); “passarom a serra de noite e pousarom *a pee del[a]* [ms. *delle*] porque nom fossem descubertos” (*Crónica Geral*: ed. Lorenzo, cap. 269: pág. 419, linhas 2-3).

De resto, quer parecer-me que essa interpretação encerraria uma atitude algo cruel a respeito de um morto, mesmo de um enforcado: talvez não fosse impossível, sobretudo em tom humorístico, mas de qualquer modo não parece provável essa crueldade numa cantiga popular. Por outra parte, nem o baile nem talvez o *cós* teriam muito sentido aí.

Mais natural parece interpretar a cantiga como referindo-se ao que à primeira vista parece descrever: o baile de uma rapariga ao pé da torre de um castelo, observada por um cavaleiro desde o alto.

A estrutura da cantiga de Joám de Gaia, visto tratar-se de uma cantiga de seguir, como nos adverte a rubrica (“Esta cantiga seguiu Joám de Gaia per aquela de cima, de vilãos”), deve de ser idêntica à da «cantiga de vilãos» seguida, para que o novo texto poético se possa adaptar sem dificuldade à melodia pré-existente. Isto implica que a nova composição deve conservar 1) a mesma medida silábica e 2) a mesma distribuição de rimas.

Partindo, pois, do texto da cantiga de Joám de Gaia podemos estabelecer qual era a estrutura da «cantiga de vilãos» seguida: devia possuir:

- 1) a mesma medida silábica: portanto, versos paroxítonos de 5 e, no refrão, de 8 sílabas;
- 2) a mesma distribuição de rimas: portanto, rimas paroxítonas com a fórmula rimática ]aaB[.

Quer dizer que o verso segundo deve rimar com a palavra rimante *torre* do verso primeiro; e as lições dos mss. (*corpo probe B, corpo piobo V*) levam-nos naturalmente a ler *probe*, variante popular de *pobre* bem documentada na poesia trovadoresca.

O sintagma “corpo probe” assume então pleno sentido: a rapariga vai em *cós*, sem manto, porque é pobre e não dispõe das peças de roupa mais custosas; deste modo, no baile tornam-se mais perceptíveis para um eventual observador as linhas do seu corpo, nomeadamente do peito.

Sem abandonar ainda a introdução, convém fazermos uma breve alusão ao nome “Lopo Liáns” (pág. 15) que Tavani dá ao trovador (Dom) Lopo Lias.

A leitura *Liáns* (ou a equivalente *Liãs*) foi proposta por Pellegrini em 1969 e aceiteada por vários autores depois. Nos cancioneiros aparece o apelido umas vezes como *Lias* e outras como o que parece ser *Liãs*; mas esta segunda forma deve seguramente interpretar-se como uma transcrição errada de *Lias* (com acento agudo sobre o *i*). Com efeito, *Lias* (com tonicidade na sílaba inicial: /’li-as/) é apelido bem documentado na época medieval na Galiza, e ainda hoje vivo. Por exemplo, um Fernám Lias documenta-se nos anos 1272, 1273, 1287 e 1290, precisamente na comarca de Orzelhom, que achamos também citada nas cantigas de Dom Lopo Lias; por outra parte, um Dom Joám Lias aparece citado em documento redigido em Caldas de Reis em 1286 (“de Dona Mecia Núñez e de Dom Joám Lias, seu marido”). O nome da actual freguesia galega *Liáns*, com o qual Pellegrini sugeria identificar o apelido do trovador, deve proceder de LINALES ‘terrenos dedicados ao cultivo do linho’ (como o próximo topónimo *Feáns* procede de FENALES ‘campos de feno’), e na época trovadoresca tinha que ser *Liães*, não ainda *Liáns*. De resto, *Lias* aparece na documentação medieval como variante do antropónimo comum *Elias*, com a aférese de *e-* inicial que vemos noutros casos: nas mesmas cantigas trovadorescas achamos (*Sam*) *Leuter* ‘(Santo) Eleutério’, e na língua popular temos ainda hoje formas como *limento* ‘elemento’, *liminar* ‘eliminar’, etc. O apelido *Lias* é efectivamente um patronímico, e não importa que não possua o sufixo patronímico característico *-z*, pois desde tempos medievais aparecem também em função de apelidos patronímicos os mesmos nomes de batismo (originalmente precedidos da preposição *de*, indicando paternidade): nos próprios textos trovadorescos temos, por exemplo, “Martim *Marcos*” (1667.1) ou “Mari *Mateu*” (1593.1,6R).



Passando à edição da *Arte de Trovar*, já se sabe que num texto com as características do nosso (conservado fragmentariamente, por um único manuscrito, como obra anónima e acéfala, copiado por amanuenses alheios à nossa língua e por isso com numerosos erros de cópia) os problemas ecdóticos são abundantes. Algumas passagens suscitam dúvidas que os editores se esforçaram por esclarecer, mas não em todas de modo que possa considerar-se safistactório. O texto foi editado completo anteriormente várias vezes: em ordem cronológica, por Molteni (1880), Teófilo Braga (1881), Monaci (1886), Elza Pacheco (1947), Elza Pacheco e José Pedro Machado (1949), e Jean-Marie D’Heur (1975).

A edição de D’Heur (que se apresentava em duas versões par a par: paleográfica e crítica, ambas com abundante aparato de notas) é a mais rica, e conserva ainda todo o seu valor. Tavani remete para ela repetidamente para ulteriores informações bibliográficas e de variantes textuais, aqui reduzidas ao imprescindível. Mas ao mesmo tempo declara modestamente “intentar uma nova transcrição da *Arte de Trovar*, com a (secreta) esperança de melhorar, ao menos em alguns lugares, as leituras” oferecidas pelos anteriores editores. E, com efeito, penso que nalguns passos difíceis consegue apresentar novas leituras que, se não absolutamente seguras, parecem ter mais a seu favor que as precedentes. Por citar só um exemplo, a leitura *caçorria* no cap. 6.2 (sobre o *cacefetom*) tem todas as probabilidades de ser a correcta (o ms. diz *cacoiría*, melhor que *cacoiriã*, pois o traço que no ms. parece um til sobre o *a* final deve de corresponder a um acento agudo sobre o *i* precedente), embora o seu significado não seja talvez ‘zombaria’, como Tavani sugere em nota, mas mais ou menos sinónimo de *lixo*, que se deduz tanto do significado mais comum do vocábulo na época medieval como do contexto: “é tanto come palavra fea, e sãa mal na boca, e algũas vezes tange em ela *caçorria* ou lixo, que nom convém de seer metudo em bõa cantiga”.

O primeiro problema que se põe a qualquer editor deste tratado é o do título: dado que no ms. se apresenta acéfalo e sem título, é preciso assignar-lhe um nome. Como se vê, Tavani decidiu-se por *Arte de trovar* (como já fora adoptado por Pacheco, Machado e D’Heur, e pelo mesmo Tavani no *Dicionário dantes* citado), mas na introdução, começando pelo seu título, também antes citado, usa repetidamente o de *Poética* (que fora o título usado por Teófilo Braga e por Monaci).

Na transcrição do texto, Tavani prescindiu de assinalar a divisão de linhas no ms., seguramente com o fim de o tornar mais legível e natural, o que é uma opção perfeitamente defendível. No entanto, tratando-se de um ms. único, a divisão de linhas permite a sua numeração sucessiva para todo o tratado, tal como fez D’Heur, o que nos proporciona um sistema de partição interna do texto em unidades breves que facilitará as referências, nomeadamente para localização exacta de vocábulos em inventários ou em análises de carácter léxico.

No que diz respeito aos critérios de transcrição há um ponto que se pode prestar a discussão: a simplificação sistemática das vogais duplas. Se é verdade que já nos manuscritos trovadorescos, e especialmente nos textos dos últimos trovadores, aparece ocasionalmente alguma geminação vocálica anti-etimológica (do tipo de *maao* < lat. MALUM ‘mau’, ou *māao* < lat. MANUM ‘mão’, ou similares) —o que delata que nos meados do século XIV já deixava sentir a sua força a tendência, seguramente antiga, a simplificar os hiatos de vogais duplas—, também o é que na época trovadoresca a duplicação vocálica corresponde ainda, na grande maioria dos casos, à etimologia e à história do vocábulo em foco (e, ademais, normalmente está confirmada pela métrica). Isto é o que acontece também na *Arte de trovar*: a grande maioria de ocorrências de vogais duplas é de natureza etimológica, o que deve de ser indício de que pelo menos a tendência predominante na língua era ainda a conservação da duplicidade vocálica. Eis os vocábulos afectados:

*algũu* indef. m. s. (5.1: linha 169; 5.1: l. 169) e *algũus* indef. m. pl. (3.5: l. 22; 4.2: l. 112; 6.1: l. 204; 6.3: l. 218) e *ũu* (3.7: l. 40; 3.7: l. 46; 3.7: l. 48; 3.9: l. 58; 4.4: l. 143; 5.1: l. 165; 6.3: l. 222) < lat. (ALIC)UNUM, (ALIC)UNOS.

*fñida* s. f. (3.7: l. 46; 4.3: l. 129; 4.4: l. 136; 4.4: l. 137; 4.4: l. 139; 4.4: l. 144; 4.5: l. 153; 4.6: l. 160) e *fñidas* (3.7: l. 48; 4.4: l. 133) < lat. FINIRE.

*meesmo* (3.9: l. 63; 3.9: l. 71; 3.9: l. 77; 3.9: l. 79), *meesmos* (4.1: l. 103), *meemas* (3.9: l. 80; 3.9: l. 83) < lat. METIPSIMUM.

*meestria* s. f. (3.5: l. 21; 3.7: l. 44; 4.1: l. 104; 4.1: l. 90; 4.2: l. 112; 4.2: l. 118; 4.3: l. 124; 4.4: l. 139) < lat. MAGISTRUM.

*moor* compar. (4.2: l. 112; 4.2: l. 118) < *maor* < lat. MAIOREM.

*seer* vrb. (3.7: l. 44; 4.1: l. 104; 4.1: l. 107; 4.1: l. 109; 4.1: l. 95; 4.1: l. 96; 4.1: l. 98; 4.2: l. 118; 4.3: l. 124; 4.5: l. 146; 4.6: l. 160; 6.2: l. 210), *seerám* (3.5: l. 27) < lat. SEDERE.

*viir* vrb. (5.1: l. 165) < lat. VENIRE.

*voontade* s. f. (4.4: l. 143) < lat. VOLUNTATEM.

Nesses casos Tavani oferece sistematicamente leituras com vogais simples: *algum*, *alguns*, *fñda*, *mesmo*, *mestria*, etc. Mas é uma decisão que ele adoptou com plena consciência, claro está, e que, embora discutível, se deve considerar plenamente legítima.

Poderiam assinalar-se outras eventuais discrepâncias dessa natureza, mas todas de pormenor e talvez inevitáveis num trabalho deste género, onde o editor se vê mui-

tas vezes obrigado a escolher entre duas ou mais alternativas problemáticas. Nada disso pode, porém, interpretar-se como demérito: a edição de Tavani é magnífica, como todos os seus trabalhos.

*José-Martinho Montero Santalha*

---

**Mário Vilela, *Metáforas do Nosso Tempo*, 2002, Coimbra,  
Livraria Almedina**

---

É común que os resultados da investigación ou mesmo os produtos da reflexión científica individual cheguen a se materializar baixo formas máis ou menos convencionais tonsoradas en artigos publicados nas actas de congresos, nos libros de homenaxe, etc. E resulta bastante habitual, así mesmo, que á súa consulta por parte do público interesado se lle adicione unha pequena dificultade consistente en recadar toda esa información dispersa cal unhas illas no oceano editorial. Como é obvio, isto faise máis evidente cando se quer manexar a bibliografía dun único autor ou autora, xa que é frecuente que a eventual persoa interesada teña de procurar eses artigos ou traballos en varios sitios, perdendo algo de tempo en xuntar todas as referencias con que desexa traballar. Mais, felizmente, ocorre tamén cunha certa frecuencia que, nun momento dado, diversas colaboracións da mesma autoría se compendian e se editan nunha única obra, o que facilita con moito a súa consulta por se non teren de conseguir acudindo ás distintas publicacións en que foron inicialmente editadas. Doutra parte, este tipo de colectáneas tamén torna máis doado achegármonos á(s) liña(s) de traballo desenvolvida(s) por ese autor ou autora, ou ao(s) tema(s) que centran a súa reflexión científica.

En tais circunstancias é que se acha o libro a que dedicamos estas páxinas, *Metáforas do Nosso Tempo*, compilación de artigos do coñecido lingüista da Facultade de Letras do Porto Mário Vilela. Parabéns, portanto, polos traballos coleccionados (“Semântica do ‘lugar comum’”, pp. 19-41; “Limites e ‘performances’, da Semântica Cognitiva”, pp. 43-61; “A metáfora na instauração da linguagem: teoria e aplicação”, pp. 63-104; “Ter metáforas à flor da pele (ou outra forma de ‘ter nervos’)”, pp. 105-125; “A metáfora ou a força categorizadora da língua”, pp. 127-137; “Do ‘campo lexical’ à explicação cognitiva: *risco e perigo*”, pp. 139-167; “As expressões idiomáticas na língua e no discurso”, pp. 169-221; “Estereótipo e os estereótipos na língua portuguesa actual”, pp. 223-248; “*O Seguro morreu de velho e Dona Prudência foi-lhe ao enterro*: contributo para uma abordagem cognitiva”, pp. 249-272; “Corrupção, clientelismo, cabritismo, boy(sismo) ou alguns dos estereótipos do nosso tempo”, pp. 273-301; “O ensino da língua na encruzilhada das normas”, pp. 303-335; “Dicionário ensino da língua materna: léxico e texto”, pp. 337-348; “A tradução como mediadora dos estereótipos”, pp. 349-370; “A tradução da multiculturalidade”, pp. 371-384). A estes artigos hai que lles acrecentar os correspondentes “Abstracts” (pp. 385-396), un “Índice de autores” (pp. 397-400) e, finalmente, un “Índice” xeral, así como tamén unhas “Palavras introdutórias” (pp. 7-18), en que se nos preludian os temas que van ser desenvolvidos ao longo do libro.

Precisamente ese capítulo preliminar comeza a ponderar a importancia da *palabra* como fenómeno do ser humano, e faino cunha formosa citación de Almada Negreiros, de que extraímos o seguinte fragmento:

Cada palabra é un pedaço do universo. Um pedaço que faz falta ao universo. Todas as palavras juntas formam o Universo.

Desde logo non teñen perda estas reflexións de Almada no sentido de entederen a “palabra” como un elemento conformador do mundo sensíbel. A esta citación pre-ludial acaille sobremaneira unha outra, neste caso do poeta chairego Manuel María, que, talvez polos mesmos motivos do que a de Almada Negreiros para a obra de Mário Vilela, tamén serve como introdución ao traballo de Ferreiro (1997):

E se deixamos morrer unha palabra  
o universo inteiro  
dóese de orfandade e desamparo.

A palabra, en consecuencia, como eixo que é capaz de estruturar o mundo sensíbel. A palabra, pois, como vidro poliprismático con que se contempla o universo. Sobre esta consideración habemos falar máis abaixo ao comentarmos a liña investigadora que preside os catorce contributos. Mais anteriormente parabenizábase a circunstancia de todos estes traballos se acharen reunidos, e isto podería ser interpretado como que o mérito principal da obra que estamos a comentar consiste no facto de se editaren en conxunto e non, contrastivamente, nos centros de interese que motivaron a publicación de todos eles. E esta, desde logo, non é a nosa intención: ao valor da oportunidade de teren sido compilados pola dinámica Livraria Almedina súmanselles outros dous tipos de valorización, desde logo máis relevantes, como son, en primeiro lugar, os temas que se tratan, e, en segundo lugar, un constante labor de revisión por parte do autor, que fai que entre os máis dos artigos publicados pola primeira vez e estes que agora aquí apresentamos se observen modificacións, ampliacións ou revisións; non estamos diante, por tanto, dunha simples “segunda edición” dun determinado número de traballos, mais dunha súa “segunda edición revista e acrecentada”, actualizada e contrastada.

No entanto, recensionarmos unha obra que contén traballos varios pode resultar, ás veces, algo máis conflituoso do que comentarmos un libro convencionalmente dividido en capítulos. Doutro lado, lexendarmos cada un dos artigos compilados nas *Metáforas do Nosso Tempo*, aínda que só fose moito brevemente, produciría, do noso punto de vista, unha recensión (inusualmente) longa de máis, e ese obxec-tivo non nos parece acaído para as presentes páxinas. Así as cousas, e sen preten-dermos lateralizar todos e cada un dos contributos coleccionados, imos centrar o noso interese nuns cantos aspectos.

O primeiro deles a que queremos facer referencia é o marco teórico en que se engloban os máis dos traballos compilados, isto é, a Lingüística Cognitiva. Esta corrente, que entende a linguaxe como parte dun sistema de coñecemento que abranxe a percepción, as diferentes emocións, a categorización, os distintos mecanismos de abstracción, o razoamento, etc., non é invulgar na cena internacional, como é o caso dos estudos portugueses (véxase Silva 2001, Vilela / Oliveira 1999, etc.), españois<sup>1</sup> (Inchaurreal / Vázquez 1998, Cuenca / Hilferty 1999), etc., mais que na Galiza, debido a causas histórico-políticas de sobra coñecidas que fixeron demorar a reflexión gramatical catro séculos, non conta, de momento, co suceso que tivo, e que en certa medida está a ter, nos países do noso contorno. A xénese da nova corrente é comunmente asociada a unha evolución da semántica xenerativa, e en especial ás figuras de George Lakoff e Ronald Langacker, autores que en 1987 publican, respectivamente, *Women, Fire and Dangerous Things* e *Foundations of Cognitive Grammar: Theoretical Prerequisites*. No que se refere á súa acollida nas universidades portuguesas, convén apuntarmos que a introdución desta nova focaxe no país viciño é en grande parte responsabilidade do profesor Mário Vilela, quen xa, hai uns anos, tamén principiou en Portugal os estudos para a lingua portuguesa elaborados desde a Teoría da Valencia (véxase Busse / Vilela 1986); estoutra corrente, desde a publicación en 1959 dos *Éléments de Syntaxe Structurelle* de Lucien Tesnière, auténtico punto de partida desa escola, foi sofrendo continuas revisións e xerou un dos marcos teóricos de máis suceso a nivel europeo, sobretudo na Alemaña, onde goza dunha notoria implantación mercé ao traballo investigador de Gerd Wotjak (continuador de Helbig, Brinkmann, Schenkel, etc.).

Sendo a metáfora un dos temas máis estudados pola Lingüística Cognitiva, non é de estrañar que varios artigos desta nova obra de Vilela, como tivemos ocasión de expor máis arriba ao citarmos os títulos, se orienten nesa liña de investigación, liña que abranxe o mesmo título, *Metáforas do Nosso Tempo*, xa de seu metafórico ao servir tanto para aludir á actualidade de tal corrente de investigación canto para referenciar fenómenos do portugués presentes na lingua moderna. O autor é consciente da centralidade da análise da metáfora e refere nas “palabras introdutórias” a súa importancia no namoro lingüístico entre a concreción e a abstracción:

Compreende-se o porquê da importância da metáfora: o jogo entre o concreto e o abstracto envolve quase tudo. O mundo sensível serve de ponto de partida para a abstracção: é maior o número das coisas que não vemos e não palpamos, do que aquelas que tocamos com a vista ou com o corpo (Vilela 2002: 7-8).

---

<sup>1</sup> Mesmo existe no estado español unha *Asociación Española de Lingüística Cognitiva* que dispón de web propio (<http://www.um.es/~lincoing>).

A metáfora é un fenómeno tan presente na linguaxe humana e tan usual que, como se indica en Cuenca / Hilferty (1999: 98), en ocasións non é posíbel identificármola no propio discurso. E non cabe dúbida de que o seu éxito, coas súas subsecuentes implicacións, como pode ser o alargamento no plano do significado, está detrás de moitas ampliacións semánticas producidas no galego contemporáneo nos séculos XIX e XX, como *cerna*, ‘corazón ou parte interior da madeira’, que pasa a significar tamén ‘esencia íntima de algo ou de alguén’; cal *espallar*, ‘estender a palla nos labores do campo’, que incorpora o máis xenérico de ‘estender’; ou aínda *ceibar*, inicialmente ‘soltar o gado’, que ve adicionado o valor de ‘libertar’ (un país, unha persoa), etc. Todas estas palabras demostraron unha singular rendibilidade na lingua literaria, especialmente na do século anterior, e algunhas delas, segundo xa foi exposto noutro lugar (véxase Freixeiro Mato / Sanmartín Rei / Sánchez Rei [no prelo]: “Ampliacións semánticas e preferencias vocabulares”), comezan xa no XIX a súa particular e exitosa viaxe polos textos dos nosos clásicos modernos.

Máis unha cuestión que desexaríamos salientar de *Metáforas do Nosso Tempo* é o facto de os artigos compilados non estaren centrados única e exclusivamente na variedade padrón do portugués europeu, senón que os fenómenos analisados, sendo todos englobábeis baixo o epígrafe relacional de ‘portugués’, abranxen igualmente outras variedades xeográficas para alén do estándar lisboeta. É o caso, por exemplo, do traballo “Corrupção, clientelismo, cabritismo, boy(sismo) ou algúns dos estereótipos do noso tempo”, que, a tratar cuestións léxico-semánticas do portugués de Europa, se refere en ocasións ao de Mozambique. Como se torna obvio de imaxinarmos, a cuestión da variedade americana do portugués está tamén presente na obra, contemplada desde o ensino e aprendizaje da lingua (“O ensino da língua na encruzilhada das normas”). Nese artigo Mário Vilela confronta as dúas modalidades lingüísticas centrándose nomeadamente na componente lexical, embora haxa tamén apartados específicos en que se analisan novas formas de construcións diatéticas de certo suceso no Brasil, a sempre recorrente posición dos pronomes átonos, a función destes como complementos, etc.; o autor, que se baseou en *corpora* orais e escritos, concluí a cuestionar a distinción clásica entre correcto e incorrecto, xa que “tem de ser novamente aferida: o ‘uso’ também tem o seu peso na definição da norma” (p. 334).

Un dos asuntos a que dedica Vilela a súa atención neste mesmo traballo sobre as variedades americana e europea do portugués é a “mudança de regências” dos verbos e dalgúns nomes adxectivos que transparece nos dous países lusófonos (pp. 327-328). Através dos exemplos que expón o profesor do Porto tírase que o uso non sanciona a mesma partícula preposicional como introdutora do cuarto actante (A4) en Portugal e no Brasil, o que nalgún caso vén subliñar máis unha similitude entre o galego e portugués brasileiro: o verbo *precisar*, por exemplo, preférese na Galiza construído cun A2 (*Precísote*), aínda que a estruturación con A4 é tamén posíbel

mais talvez menos produtiva (*Preciso de ti*); no país americano é observábel a mesma tendencia, ao paso que en Portugal o uso se ten decantado pola construción con A4 (*precisar de*). Desde unha perspectiva galega tamén se poderían acrecentar para o comentario construcións como *tirar / tirar con, sachar / sachar en, mallar / mallar en*, etc., e, así mesmo, desde un prisma lusitano, xa que se detectan igualmente, aínda que non nas proporcións de rendibilidade con que se encontran no país, adscritas a falares rexionais ou populares: Lapa (1984: 269), por exemplo, asínalas como “conhecido da linguagem popular” un caso como “Comia no presunto como um danado”, a que engade:

A preposição *em* exprime tamén aquí o alvoroço, o pressuroso interese dedicado ao acto. Donde é lícito concluir que muitas das innovacións apontadas por nós como sendo obra de literatos têm raíces profundas na linguagem do povo.

Á semellanza de Manuel Rodrigues Lapa, Buescu (1984: 116) rexista o fenómeno nalgunhas falas da Beira, concretamente en Monsanto, onde, deixando de lado outros elementos prepositivos con similares funcións, volta a aparecer *em*; a estudiosa coméntao deste xeito:

Manifesta-se, no emprego das preposições, no falar de Monsanto, uma tendência analítica muito marcada, usando-as quando a linguagem normal as distingue, regendo mesmo o complemento de certos verbos transitivos: “Agarrou no pão”.

Por outra banda, non escapan á análise de Vilela os problemas que implica a tradución, xa que aparecen tamén tratados: “A tradução como mediadora dos estereótipos” ou aínda “A tradução da multiculturalidade”. Nunha sociedade como a actual, en que a necesidade de falar e de entender varios idiomas é imprescindible, é igualmente fundamental a reflexión sobre as dificultades que conleva pasar unha lingua para outra. Este complexo proceso, se contemplado como unha simple conversión de A en B, adoita deixar polo camiño todo o que contribuí para a identificación da sociedade que emprega o idioma de partida, e esquece, con frecuencia, conceptos tan emblemáticos como a culturalidade ou mesmo a historicidade colectiva que transparece na utilización da lingua. E non só xorden os problemas na dimensión sincrónica, mais tamén na histórica: as sociedades mudan e, paralelamente aos homes e mulleres, tamén se altera o idioma; xa o afirma o profesor do Porto cando indica que “os símbolos colectivos continúan a ser (re)criados, modelados, modificados, influenciados pola organización e polo discurso social” (p. 371).

Sobre este particular, o estudo dos proverbios e das fraseoloxías, outro dos aspectos que se encontran desenvolvidos na obra, serve aquí como un dos exemplos máis evidentes do conflituoso que pode resultar en ocasións verter dunha lingua para



outra todos eses recursos lingüísticos e culturais que se achan na sociedade. No caso galego, para alén dos xa case convencionais tipos de españolización que se encontran enumerados nos manuais dos escolinos (fonética e fonolóxica, morfolóxica, sintáctica, semántica e lexical), nen todos presentes nas mesmas proporcións, habería que falar así mesmo de castelanización “proverbial” e das frases feitas. Todo ese ricaz conxunto de textos tradicionais e populares, transmitido de xeración en xeración, é asemade beliscado polo castelán. A relación entre lingua e sociedade faise aquí, outravolta, evidente: non só resulta o idioma pruído por un outro, mais tamén o propio colectivo social; dito con outras palabras, non se españoliza unicamente o galego, senón que se alienan a respeito de si propios a mesma nación e os seus sinais de identidade.

Como síntese final destas reflexións sobre as *Metáforas do Nosso Tempo*, quereríamos, aínda a risco de sermos repetitivos, parabenizar a oportunidade de contarmos con diversos artigos de Mário Vilela coleccionados na mesma obra e revisitados desde a súa primeira publicación. Mais, igualmente, desexaríamos subliñar a súa utilidade para todo o sistema lingüístico galego-portugués quer no seu conxunto, quer nas súas variantes europeas, americana, africana e mesmo asiática. A lingua non corresponde unicamente a unha súa variedade común, mais debaixo dela subxace toda unha riqueza de diversidade comunicativa de carácter diatópico, de variacionismo social, de mudanza diacrónica. Entendido así, é claro que através dun idioma e das palabras que o conforman, parafraseándonos Almada Negreiros, pode comprenderse o universo; reducido, porén, a un único modelo lingüístico, mingua tamén a capacidade expresiva do colectivo humano que o emprega e diminui, pois, o potencial expresivo das persoas.

Xosé Manuel Sánchez Rei  
sanrei@udc.es

## Referencias bibliográficas

- Buescu, M. L. Carvalho (1984) [1958]: *Monsanto. Etnografía e Linguagem* (Lisboa: Presença).
- Busse, / Vilela, M. (1986): *Gramática de Valências* (Coimbra: Almedina).
- Cuenca, M. J. / Hilferty, J. (1999): *Introducción a la lingüística cognitiva* (Barcelona: Ariel).

- Ferreiro, M. (1997): *Gramática histórica galega*. Vol. II. *Lexicoloxía* (Santiago de Compostela: Laivento).
- Freixeiro Mato, X. R. / Sanmartín Rei, G. / Sánchez Rei, X. M. (no prelo): *A lingua literaria galega no século XIX* (A Coruña).
- Inchaurrealde, C. / Vázquez, I. (eds.) (1998): *Una introducción cognitiva al lenguaje y la lingüística* (Zaragoza: Mira Editores).
- Lapa, M. Rodrigues (1984) [s.d.]: *Estilística da Língua Portuguesa* (Coimbra: Coimbra Editora).
- Silva, A. Soares da (org.) (2001): *Linguagem e Cognição. A Perspectiva da Linguística Cognitiva* (Braga: Associação Portuguesa de Linguística / Universidade Católica Portuguesa / Faculdade de Filosofia de Braga).
- Vilela, M. (2002): *Metáforas do Nosso Tempo* (Coimbra: Livraria Almedina).
- Vilela, M. / Silva, F. (orgs.) (1999): *Actas do 1º Encontro Internacional de Linguística Cognitiva (Porto, 29/30-5-98)* (Porto: Faculdade de Letras do Porto).